

OS DISCURSOS PARLAMENTARIOS DE
MANUEL FRAGA IRIBARNE

CUARTA LEGISLATURA
1993-1997



COLECCIÓN PARLAMENTO DE GALICIA



Manuel Fraga Iribarne (Vilalba, 1922–Madrid, 2012). Catedrático e doutor en Dereito e Ciencias Políticas e Económicas. Letrado das Cortes e diplomático de carreira. Figura clave na historia de España pola súa longa e intensa traxectoria política. Ministro de Información e Turismo (1962-69) e embaixador en Londres (1973-75). Á morte de Franco formou parte do primeiro goberno da Monarquía como vicepresidente segundo e ministro da Gobernación. Foi un dos pais e redactores da Constitución Española de 1978. Fundador de Alianza Popular en 1977, logo refundada en 1989 como Partido Popular. Deputado en Cortes entre 1977 e 1987, xefe da oposición aos primeiros gobernos socialistas de Felipe González. Tamén estivo no Parlamento Europeo (1987-1989) antes de volver a Galicia. Presidente da Xunta en catro lexislaturas consecutivas con maiorías absolutas (1990-2005). E terminou a súa carreira política como senador autonómico desde 2006.

OS DISCURSOS PARLAMENTARIOS DE
MANUEL FRAGA IRIBARNE
CUARTA LEGISLATURA
1993-1997



COLECCIÓN PARLAMENTO DE GALICIA

*Todos os textos de Manuel Fraga Iribarne foron recollidos
do Diario de Sesións do Parlamento de Galicia, tal e como
foron transcritos orixinariamente*

EDITA:

Parlamento de Galicia. Colección «Discursos parlamentarios» © 2015

FOTOGRAFÍAS:

Arquivo do Parlamento de Galicia

ISBN: 978-84-7836-108-3

Índice

7 A MODO DE PRESENTACIÓN

11 PRESENTACIÓN DO PERSONAXE

13 O forte impulso no galeguismo integrador

Bieito Rubido

17 CUARTA LEXISLATURA 1993-1997

19 **Proposta de candidato a presidente da Xunta de Galicia, presentación do seu programa de goberno e elección, de conformidade co disposto no artigo 15.3 do Estatuto de Autonomía.**

29 de novembro de 1993

79 **Discurso da xura do cargo e toma de posesión de Manuel Fraga Iribarne como presidente da Xunta no Salón dos Reis do Parlamento da Galicia.**

10 de decembro de 1993

- 83** Comparecencia do presidente da Xunta de Galicia para informar sobre as razóns da crise aberta coa demisión do conselleiro de Industria e Comercio, Juan Fernández, a iniciativa do grupo dos Socialistas de Galicia.

10 de maio de 1994

- 89** Comparecencia do presidente da Xunta de Galicia para informar e debater respecto da situación política da Comunidade Autónoma de Galicia.

20 de setembro de 1994

- 131** Comparecencia do presidente da Xunta de Galicia para informar e debater respecto da situación política da Comunidade Autónoma de Galicia.

10 Outubro de 1995

- 163** Comparecencia do presidente da Xunta de Galicia para explica-los motivos das remodelacións feitas no seu goberno e as súas consecuencias políticas, a iniciativa dunha quinta parte dos membros da cámara pertencentes ó grupo parlamentario dos Socialistas de Galicia.

18 de xuño de 1996

- 173** Comparecencia do presidente da Xunta de Galicia para informar e debater respecto da situación política da Comunidade Autónoma de Galicia.

8 de outubro de 1996

A MODO DE PRESENTACIÓN

«Discursos Parlamentarios» é unha colección que nace coa intención de compilar, dunha forma ordenada, rigorosa e ben estruturada, as principais intervencións dos presidentes da Xunta ante o Parlamento de Galicia ao longo da nosa historia máis recente.

Os programas de goberno e as tomas de posesión, as análises do estado da autonomía e as comparecencias informativas cruciais dos distintos presidentes ante os xenuínos representantes do pobo galego son textos moi relevantes, de fonda significación, cuxa edición sinxela resulta plenamente xustificada polo seu grande interese político, documental e sociolóxico.

Todas e cada unha destas intervencións en momentos especiais da vida galega constitúen pezas mestras da súa pegada de goberno, que o pouso do tempo convida a ler con máis pausa e detemento para a súa mellor comprensión e valoración, na súa xusta medida. Os textos aquí incluídos preséntanse perfectamente enmarcados, tanto nos seus datos coma nos seus enunciados, e tamén se corresponden cos léxicos orixinais.

Estes «Discursos Parlamentarios» non están destinados a historiadores e eruditos, aínda que tamén, senón que son uns libros de fácil lectura para todos aqueles que sintan curiosidade ou teñan interese polo noso pasado máis recente.

Recompila este volume os discursos parlamentarios do presidente Fraga na IV Lexislatura do Parlamento de Galicia (1993-1997). Manuel Fraga logrou en 1993 un triunfo electoral histórico, facéndose acredor dun amplísimo respaldo social derivado dun liderado e unha xestión incuestionables coas que conseguira, en expresión popular, situar Galicia no mapa. Non só revalidou a súa primeira maioría absoluta senón que acadou un teito electoral de 43 deputados, resultado ata entón inimaxinable.

Durante os mandatos de Fraga Galicia foi obxecto dunha profunda transformación que rachou para sempre o seu tradicional illamento físico e político. Esa apertura ao exterior foi posible a través da execución de autoestradas, autovías, dotacións educativas e sanitarias e a mellora da electrificación, das redes de telecomunicacións ou do solo empresarial, por citar só uns poucos exemplos, pero tamén con propostas teóricas coherentes que alentaron e contribuíron a desenvolver e consolidar o Estado das Autonomías desde unha óptica innovadora e de selo galego.

Materializadas nuns casos e pendentes de facelo noutros, é o certo que propostas como a Administración única, a reforma do Senado, a Conferencia de Presidentes ou a participación das rexións en Europa puxeron o foco sobre Galicia, como o lector terá ocasión de comprobar nestas páxinas.

Os que tivemos ocasión de traballar con Manuel Fraga sabemos da súa paixón pola política, pero tamén polos libros: foi un autor prolífico que durante a súa vida publicou máis de 90 títulos, e tamén un lector incansable. Estou convencido, por iso, de que a edición dun libro destas características non só constitúe unha achega interesante para un mellor coñecemento da historia da política galega senón tamén unhas das mellores homenaxes posibles ao seu protagonista.

Dentro da abundante e meritoria bibliografía que impulsou o Parlamento de Galicia ao longo da súa historia, faltaba unha colección coma esta que agora incorporamos aos nosos fondos para poñer en valor uns textos cruciais.

Tamén en homenaxe e recoñecemento aos restantes presidentes galegos, Xerardo Fernández Albor, Fernando González Laxe, Emilio Pérez Touriño e Alberto Núñez Feijóo, naceu esta colección de «**Discursos Parlamentarios**», cuxa presentación me satisfai e me enche de orgullo moi especialmente.

Miguel Ángel Santalices Vieira
Presidente do Parlamento de Galicia


PRESENTACIÓN DO PERSONAXE


O FORTE IMPULSO NO GALEGUISMO INTEGRADOR

Bieito Rubido

No seu segundo mandato á fronte da Xunta, aflorou o Fraga máis autonomista. Tras unha contundente vitoria nas eleccións celebradas o 18 de outubro de 1993, onde obtivo máis do 50 % dos sufraxios emitidos, Manuel Fraga dispúxose a avanzar no galeguismo integrador, que non foi especialmente ben interpretado en Madrid.

O presidente galego fixera a orixinal e creativa proposta da administración única na súa primeira lexislatura. Agora quería avanzar nesa idea e propoñía un gran pacto de Estado para mellorar o modelo autonómico. Aínda que o líder popular rexeitaba as propostas de Jordi Pujol sobre a potenciación das autonomías, si quería que a Xunta participase nos Consellos de Goberno da Unión Europea. Dalgunha maneira, quería que o seu Goberno tivese relacións exteriores, emulando así a vascos e cataláns.





Fraga propuso no comenzo do seu segundo mandato un pacto de Estado para mellorar o modelo autonómico.

Como non podía ser doutra maneira, a irrefreable febre viaxeira do presidente galego non se fixo esperar. Así, foron moitas as viaxes a Latinoamérica, onde sempre lograba entrevistas ao máis alto nivel. Pero para viaxe, a que protagonizou en setembro do 96, onde en apenas dous días Manuel Fraga logrou entrevistarse cun total de trece ministros do Goberno central e co seu entón presidente, José María Aznar. Deste partiron palabras de loanza para a xestión de Fraga á fronte da Xunta. A partir de aquí, a Xunta de Manuel Fraga é o referente na política autonómica de toda España. Estreábase así un tempo de cordialidade entre o Goberno central e o autonómico galego. A chegada de Aznar á Moncloa supuxo un empuxe a algúns dos proxectos estrela, que tiveron en Fraga o seu maior valedor.

Foi tamén esta lexislatura a dun novo intento de ETA de asasinar o gran patrón da dereita. A obsesión dos etarras por matar o presidente da Xunta foi unha constante da banda terrorista, a pesar de que os seus distintos intentos remataron sempre en fracaso. Un deses fracasos foi a desarticulación do comando Galicia pola Garda Civil de Pontevedra en pleno mes de xullo do 96.

Como dicíamos ao principio, esta foi a lexislatura do empeño de Fraga por profundar nos trazos galeguistas da súa xestión. Especial impulso mereceu o seu afán por galeguizar a educación. Non alcanzou os obxectivos propostos polo seu Gabinete, entre outras razóns pola forte oposición dunha parte dos pais dos alumnos e da presión que o seu propio partido exercía desde Madrid.

Foi tamén o segundo e gran impulso das infraestruturas, que supuxeron para Galicia unha modernización e unha posta ao día no que vén sendo a débeda histórica desta esquina do Noroeste.

Estamos xa, por tanto, ante un Manuel Fraga máis maduro, máis comprometido ca nunca con Galicia, máis consciente da singularidade das súas raíces e disposto a facer historia coa súa presidencia. Cumpría así con aquela frase de Winston Churchill segundo a cal toda a vida de Manuel Fraga fora unha preparación para ser presidente da Xunta de Galicia.

1993-1997
CUARTA
LEXISLATURA

PROPOSTA DE CANDIDATO A PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA, PRESENTACIÓN DO SEU PROGRAMA DE GOBERNO E ELECCIÓN, DE CONFORMIDADE CO DISPOSTO NO ARTIGO 15.3 DO ESTATUTO DE AUTONOMÍA

29 de novembro de 1993

Señor presidente, señoras e señores deputados:

Tras moitos anos dedicados á vida pública, con extensa práctica do discurso académico, diplomático, electoral e parlamentario, coido que non vou sorprender a ninguén confesando inxenuamente que me atopo neste intre coa mesma preocupación de acertar có máis inexperto dos principiantes.

Marco Tulio Cicerón expresaba o mesmo concepto de respecto e responsabilidade ó dicir aquilo de *partim timori verecundia*. Trala xenerosa acollida do corpo electoral de Galicia ás nosas propostas é tal a sensación de gratitude e responsabilidade ante o noso pobo que non hai palabras suficientes para expresala debidamente. Unha vez máis, «os bos e xenerosos» son eles, as mulleres e os homes da nosa Galicia. Por iso, ante todo, permítanme que lles pida a Deus e ó apóstolo Santiago forzas, ánimo e prudencia para poder, dalgún xeito, corresponder á abraiante confianza do noso pobo.

E a vós, os seus lexítimos representantes, suplicovos comprensión e benevolencia coas palabras inevitablemente longas que vou pronunciar en cumprimento das previsións estatutarias para expoñer nesta Cámara o programa popular de goberno e solicitar respecto do mesmo a vosa aprobación e o voso apoio para a investidura, que solicito de novo, como presidente da Xunta de Galicia.

Pola vontade maioritaria do pobo galego, que estou seguro de que van transmitir fielmente os deputados que representan a esa maioría neste Parlamento, veño –digo– solicitar unha nova investidura como presidente de Galicia.

As súas señorías e todo o pobo galego teñen dereito a agardar que lles fale dos traballos que teño pensado suscitar na miña calidade de presidente.

A miña primeira tarefa vai consistir en utilizar tódalas miñas capacidades e a autoridade moral que me confire un apoio popular tan notorio para que cada día sexamos máis os galegos comprometidos cun proxecto político para o que, aínda sendo meu e do meu partido, quixera contar con todos, porque é un proxecto que non ten máis obxectivo ca Galicia, a súa prosperidade e o seu benestar. Ese proxecto non o podo acometer só por moito que me estimule e me potencie o apoio impresionante destes 763.839 galegos. Ningún presidente só pode. Debemos tentalo xuntos, cantos máis mellor. Non será doado, sabémolo ben, non será todo o rápido que quixesemos, pero podémolo facer co noso compromiso, a nosa creatividade, a nosa diversidade e a nosa forza. Eu pídolles a tódolos galegos que se unan a nós no esforzo para que Galicia avance cada día.

A miña segunda tarefa vai se-la defensa dos nosos sinais de identidade propios como pobo, como país; das nosas tradicións; da nosa lingua; dos nosos símbolos, oficiais ou non, pero non para constituírmonos nunha sociedade pechada, inexorablemente en retroceso, senón para traballarmos como unha sociedade aberta no noso propio desenvolvemento, como unha peza harmónica do Estado español, da Unión Europea, en solidariedade con tódolos pobos da propia comunidade internacional que en tantos lugares coñece a presenza das xentes da nosa terra. E, xustamente no momento en que o mundo se volveu transnacional en tantas maneiras, a xente necesita definirse en termos que poida comprender; precisa unha comunidade xeográfica, lingüística, relixiosa e cultural que poida ver e, como xa se dixo con razón utilizando un vello clixé, poida abranguer cos brazos.

A miña terceira tarefa será, como non podía ser menos, procura-la mellor xestión dos servizos que presta a nosa Comunidade e da-lo maior impulso ós seus sectores productivos. Pero quero que quede moi claro que, sendo a

miña preocupación básica o aumento da riqueza da nosa terra e a súa xusta distribución, o que máis move a nosa ambición é que ese é un medio imprescindible para mellora-la situación dos nenos, dos anciáns, das mulleres, dos enfermos, dos que se ocupan dos traballos máis duros, dos mariñeiros e, en xeral, de tódolos cidadáns que se atopan, polas razóns que sexan, en peores condicións cós demais.

E temos que queimar etapas. Fixérono outros e podémolo facer nós. Na pasada lexislatura penso que sentámo-las bases: impulso ás autovías coa Mese-ta, Plan de estradas, extensión do servizo telefónico, electrificación rural, rede do gas, impulso á concentración parcelaria, saneamento e mellora xenética do gando, loita contra os incendios forestais, recuperación da riqueza pesqueira, parques empresariais, Xacobeo 93, etc.

Imos agora continua-la tarefa co impulso renovado, co que nos dan ese máis de 760.00 galegos.

As próximas décadas, segundo nos avisan os pensadores máis lúcidos, suscitarán esixencias sen precedentes ó valor, á imaxinación e tamén ó liderato político. Esixiranlles unha alta competencia ós gobernos e serán esixencias que virán tanto do exterior coma do interior.

No exterior cumprirán novas ideas e unha radical innovación nas relacións entre os estados-nación, as unidades supranacionais e as comunidades ou rexións autónomas. Témo-lo propósito de seguir nese debate, como o estamos a facer dentro de España e nos foros europeos, nos que conseguimos unha presenza e un respecto dos que non todos gozan.

No interior hai unha necesidade igualmente esixente e urxente para facer máis eficaz o noso goberno. Propóñome continuar e remata-lo máis axiña posible a reforma administrativa emprendida, pero para min ese non é un punto de chegada, é un punto de partida. E imos da-los tres pasos que esixen máis ca nunca os difíciles retos que temos por diante: deixamento das cousas que non funcionan; concentración das cousas que funcionan –imos facer máis daquelas cousas que demostraron ter éxito– e análise dos medios éxitos e medios fracasos, tamén para facer máis do que pode chegar ó éxito e menos do que tende ó fracaso. Sobre isto van recibir instrucións inmediatas os conselleiros que van forma-lo novo Goberno.

A Administración é o maior patrón dos traballadores de servizos e a nosa produtividade está lonxe de se-la necesaria. Eu coincido co que vén de escribir recentemente unha persoa da máxima autoridade nestas materias: o único camiño para mellora-la produtividade destes traballadores, traballadores do

saber e dos servicios, que son a maioría dos nosos funcionarios, é a asociación con eles. Non funciona absolutamente nada máis. A organización moderna non pode ser unha organización de xefe e subordinado, ten que se organizar como un equipo de asociados. Os xerentes destas organizacións teñen que ter unha considerable autoridade, pero o seu traballo non é mandar, é dirixir. Os traballadores teñen que ter asumido que terán que adquirir novos saberes cada catro o cinco anos ou, pola contra, quedarán desfasados.

Na sociedade na que estamos, a educación terá que impregnar cada vez máis a sociedade enteira. As empresas, as organizacións administrativas e as entidades non lucrativas teñen que se converter en institucións onde se aprende e se ensina. As estruturas educativas teñen que traballar cada vez máis con patróns e organizacións patronais. Os xaponeses saen da escola sabendo estudar, persistir e aprender. En Estados Unidos os patróns –empresas, gobernos, forzas armadas– gastan xa case tantos cartos en formar empregados adultos como gasta o país nas súas escolas normais e educa-los mozos.

O señor Delors vén de dicir: «Na Comunidade Económica Europea, agora Unión Europea, estase destinando o 85 % dos gastos en desemprego á protección e só o 15 % á formación. Debería ser ó revés».

Todo isto ímolo buscar cada vez máis con maior paixón, e na medida das nosas posibilidades imos animar e apoia-lo investimento no saber e nos recursos humanos, en instalacións productivas nas empresas e en infraestruturas. Este foi o segredo de tódolos éxitos económicos do último medio século en Xapón, en Alemaña e nos famosos catro tigres do Pacífico –Corea do Sur, Hong-Kong, Singapur e Taiwan–: crear un contorno económico no que poida medra-la economía, co que se consiga a capacidade de adaptarse e de cambiar rapidamente para que esta non deixe de ser competitiva. En Galicia temos tamén casos asombrosos, empresas líderes en sectores moi dinámicos, pero que lle deben máis ó xenio creador dos seus fundadores ca ó clima económico existente. Se creamos ese clima os exemplos poderanse multiplicar.

Ó final, quero acentua-lo que considero como principal. A política non ten que ser forzosamente só unha arte do posible –conxecturas, cálculos, tramas e manobras pragmáticas–, pode e debe ser tamén a arte do imposible, é dicir, de facer cambiar para ben a cada un de nós e ó mundo. E do que estou convencido –téño o dito ben de veces– é de que a fonte de tódolos fenómenos de crise que nos rodean é a crise moral da sociedade, e ningunha das nosas crises, desde a económica á ecolóxica, podemos resolvela doutro xeito se non é superando esa crise moral; é dicir, superando esa ideoloxía decadente das

autoatencións egoístas e da renuncia ós grandes ideais de xusticia, liberdade e progreso para todos.

Galicia no mundo

Toda proposta política ten que se realizar desde unha análise da situación. Permítanme que o intente brevemente, desde a perspectiva mundial, no plano europeo, no ámbito de España e, por suposto, na nosa Comunidade Autónoma. Todo isto vainos levar ó recoñecemento dunha situación complexa, difícil e inestable, chea de desafíos para calquera acción de goberno.

O mundo do último decenio do século XX. Toda historia é dinámica, pero non cómpre moito esforzo intelectual para advertir que vivimos un cambio de época, un período de cambio acelerado.

Non é o lugar nin dispoñemos de tempo suficiente para facer unha análise pormenorizada de todo o que pasa no mundo –conflictos crueis, nacionalismos exarcerbados, odios tribais, miseria no medio da abundancia–, pero coido que deben ser recordadas unhas cantas notas de actualidade. En primeiro lugar, vivimos nun mundo cada vez máis globalizado e interdependente, é imposible ignoralo; mercamos bens e produtos de países arredados; pes-camos en mares afastados; temos galegos traballando nas Antípodas; recibimos turistas do mundo enteiro. É, polo mesmo, inútil ignoralo con exposicións simplistas; só se pode hacer política desde a realidade, iso si, para melloralala no posible e para obter desta o mellor para o noso pobo.

A lexislatura que agora comenza coincide coa entrada en vigor do Tratado da Unión Europea, e é neste marco onde Galicia, como rexión de España e de Europa, debe suscita-lo seu ser e o seu deber ser como proxecto de desenvolvemento socioeconómico desde o orgullo da súa autoidentificación como pobo.

Malia as turbulencias da recente historia de Maastricht, e logo das complicacións da súa ratificación, é certo que o esencial do tratado entrou en vigor.

O día 29 de outubro reuniuse en Bruxelas un consello europeo ou cumio especial. Neste, aprobouse unha declaración na que se dicía: «**Actualmente o importante é darlle vida ó Tratado da Unión. Ofrécenos un novo marco de referencia e novos instrumentos para acadar-nos os nosos obxectivos permanentes: seguridade, prosperidade e solidariedade. Ofrécenos novos medios ó servizo da nosa ambición: unha Unión Europea forte, coherente e responsable que sexa un polo de estabilidade e de atracción no noso continente e en todo o mundo**».

E dirixíndose ós cidadáns europeos o mesmo consello dixo: «**Teñen que saber tamén que a Unión Europea lles axudará a afrontar os cambios industriais e sociais, os desafíos exteriores e varios dos grandes problemas da nosa sociedade, en primeiro lugar, o desemprego.**»

É verdade que o texto do tratado non recolle tódalas esperanzas que se puxeran nel e é tamén certo que, xa elaborado o seu texto durante a ratificación, como dicía antes, viu recortado o seu alcance. A pesar de todo, Maastricht supón un progreso na construción europea, á que quere aportar maior prosperidade económica, maior ambición de cara ó exterior, maior eficacia e máis democracia.

Á maior prosperidade correspóndelle a continuación a posta en marcha do gran mercado interior establecido xa a partir do comezo de 1993. Á maior ambición de cara ó exterior, a introducción da política exterior e da seguridade común. Á maior eficacia, as modificacións dunha serie de procedementos de decisión. E, por último, á maior democracia, un maior papel na intervención do Parlamento no procedemento lexislativo e no xogo institucional. E tamén unha novidade importante coa creación do Comité das Rexións.

Temos que admitir, señorías, que nos pasados dez anos a chamada «construción europea» deu pasos decisivos. Dun lado, a posta en marcha da Acta única, do outro, a entrada en vigor do mercado interior e, finalmente, o Tratado de Maastricht, son elementos de referencia neste proceso de luces e sombras cara á Europa do ano 2000 á que nos diriximos, ás veces con apresuramentos tecnocráticos e outras con reticencias estadísticas de vello cuño. Pero, malia esa valoración positiva *prima facie*, Europa é hoxe a redoma na que se decantan en particular moitos dos problemas nos que se debate o mundo. Conviría, pois, unhas breves reflexións ó respecto.

Existe unha certa unanimidade na apreciación dun cambio profundo do funcionamento da economía internacional. Os compoñentes do mesmo, nunha apresurada sistematización, son os seguintes: a internacionalización da produción, a globalización dos mercados, a deslocalización de actividades, as crises das formas tradicionais de valoración da actividade económica, o protagonismo dos países do Terceiro mundo e da Europa do leste, a revisión do Estado de benestar como obxectivo social.

Non os vou entreter co desenvolvemento destas ideas por aquilo de *res ipsa loquitor*, pero hai recentes acontecementos que convén salientar no medio desas tendencias. Así, por citar algúns:

Os acordos alcanzados na Ronda Uruguai do GATT confirman a tendencia á globalización dos mercados de mercadorías e, aínda que non se estenda a

determinados servicios, cómpre recoñecer que os acordos neste punto significan unha liberalización certa respecto da situación anterior, aínda que –como veremos logo– os seus efectos teñen que se compensar en termos equitativos e solidarios.

A ratificación pola Cámara de representantes dos Estados Unidos do Tratado de libre comercio é outro exemplo importante e significativo desta corrente inexorable de liberalización do mercado mundial.

Un resultado de todas aquelas forzas socioeconómicas é a maior mobilidade dos investimentos productivos. A deslocalización da produción en plantas situadas en diferentes países e cunha sofisticada combinación de provedores especializados, ás veces sen correspondencia con segmentos do proceso de produción localizado nun determinado país, fai máis difícil a fixación dunha estratexia de industrialización autónoma e suscita a necesidade da utilización de mecanismos de fomento flexibles e axeitados á habilidade manifestada polas empresas á hora de localiza-los procesos de produción.

Con isto quérese alertar sobre o mantemento de políticas baseadas no apoio financeiro, mediante a participación do capital social ou simplemente outorgando axudas ó investimento, a iniciativas que, atraídas por alternativas de asociacións máis rendibles e atractivas financeiramente, abandonan os proxectos antes da súa conclusión, de xeito que a maior liberdade de localización das empresas é unha fonte de negocio adicional para estas sen prexuício das arcas públicas.

Desenvolvementos tecnolóxicos

A aplicación dos desenvolvementos tecnolóxicos ós procesos de produción e de comunicación veu altera-lo concepto mesmo de valor da produción. Fronte á importancia do traballo directo, materializado nun produto, a incorporación de activos inmateriais en forma de calidade, diversificación de produción, de deseño nos procesos de produción e do mesmo produto, as formas de xestión e comercialización pasaron a ocupar un papel central básico en calquera estratexia de expansión empresarial e desenvolvemento rexional. A formación de empresarios, a cualificación de técnicos e a innovación son eixes de actuación prioritarios nestes momentos.

Estas actuacións, no caso de Galicia, teñen que ter dúas direccións fundamentais. En primeiro lugar, cara ó fornecemento do tecido económico existente. Non se deben propiciar nin apoiar procesos da reestruturación empresarial e económica en xeral sen ter esgotadas as vías de mantemento da actividade

fortalecida cos elementos de mellora das condicións de competitividade. Só a inviabilidade contrastada do proxecto empresarial ou as necesidades dos programas de modernización poden xustifica-la asunción de determinados custos sociais, nunca a falta de capacidade e a inexistencia de mecanismos de apoio para afrontar-lo sempre arriscado exercicio de responsabilidade que é a modernización das empresas e o mantemento dos empregos.

Acepta-lo reto anterior é, ademais de conveniente nunha estratexia de crecemento, necesario ante a imposibilidade real de competir nun mundo no que o compoñente do custo da man de obra está sometido a fortes tensións.

Por un lado, cada vez son máis numerosos os países en desenvolvemento que seguindo os pasos dos pequenos estados devanditos do sueste asiático se incorporan ó mercado internacional a partir da especialización en producións intensivas e man de obra, e que non só afectan a producións tradicionais –calzados, téxtiles ou mobles–, senón tamén a aparellos electrónicos, a produción de elementos e artigos de lecer e deporte, de gran demanda nas economías desenvolvidas.

Por outro, o desmantelamento dos réximes comunistas incorporou ó mercado mundial unha importante masa de traballadores cualificados, con hábitos laborais axeitados ás tecnoloxías avanzadas e con niveis salariais comparativamente moi baixos, de xeito que está a contribuír ó agravamento das condicións laborais e de produción en sectores de alta mobilidade xeográfica. Isto obriga á reflexión sobre os incentivos ó investimento nas economías industrializadas.

Non é posible acudir a medidas proteccionistas que, á parte da súa probada ineficacia, serían dificilmente defendibles por motivos económicos, senón que tampouco se poden bloquea-las posibilidades de desenvolvemento que a activa participación do comercio e os investimentos internacionais ofrecen a estas sociedades. A alternativa non é outra que a revalorización dos factores propios de localización e de produción, obxectivo que ten que ser asumido de forma consciente por tódolos protagonistas sociais por riba de calquera diferenza, en tanto que non son intereses dun grupo os que están en xogo, senón os intereses xerais da Comunidade de Galicia. Se houbo circunstancias da historia que puideron xustifica-la emigración das nosas xentes, temos que evitar que se reproduzan.

No momento presente, as tendencias anteriores concretáronse nunha profunda crise económica. As manifestacións desta crise comparten os aspectos tradicionais de tódalas crises, fundamentalmente o desemprego e un suave

proceso deflacionista. A caída do investimento, se ben é certo que se está a producir nas economías máis industrializadas, non o é tanto se nos referimos ós países latinoamericanos, asiáticos e do leste de Europa.

Un aspecto importante da crise é o seu impacto desigual segundo as economías. Neste sentido pódese afirmar que as expectativas de cada economía están en función da habilidade amosada na consolidación dun activo de seu, sexa a capacidade de aforro e financeira, o desenvolvemento tecnolóxico ou o custo da man de obra. A saída da crise está máis próxima, precisamente, no aproveitamento dese activo fronte ós demais que non lograron a antedita especialización ou, se o fixeron, foi como consecuencia de decisións relativamente artificiosas, como o endebedamento, a captación de investimentos pouco integrados no sistema de produción propio ou o mantemento do tipo de cambio das moedas nacionais e reais.

A crise ten notas propias en tanto que se produciu nun contexto tendencial moi diferente a calquera outra experiencia histórica. Estas notas son: a existencia de foros de cooperación económica supranacional, a incapacidade dos estados nacionais para fixar marcos estables de regulación económica, o impacto sobre niveis de benestar con repercusións culturais, a reconsideración do emprego como variable económica.

A existencia de foros de cooperación económica é un elemento que despexa o risco da adopción de políticas proteccionistas, que, ademais de ir en contra das tendencias xa consolidadas na economía internacional, terían o risco de agrava-la crise.

Ós foros herdados da Segunda Guerra Mundial, que seguen a te-lo principal protagonismo na coordinación e definición das políticas económicas do Fondo Monetario Internacional e do GATT, principalmente, viñéronse incorporar outros como o Grupo do SET e, sobre todo, as iniciativas de integración rexional. A crise, malia os agoireiros, non paralizou a marcha cara á Unión Europea e tampouco o Tratado de libre comercio entre Canadá, Estados Unidos e México. Ademais, outras iniciativas, como as do Grupo de Río ou o relanzamento da integración entre os países do istmo centroamericano ou a peculiar integración do Xapón cos seus veciños do continente asiático, confirman que a cooperación internacional vai mante-la vitalidade suficiente como para servir de apoio á reconstrucción da economía internacional.

Respecto do anterior cómpre recordar que se ben a creación de áreas de integración rexional foi interpretada como mecanismo de defensa fronte a movementos semellantes da competencia, todo semella indicar que non son

senón estadios previos nun proceso imparabile cara a unha maior liberalización da economía mundial.

Galicia é unha rexión activa dentro do proceso de unificación europea, xa que logo, debe afronta-lo seu futuro económico asumindo este dobre reto: por un lado, a adaptación ás esixencias da creación do mercado único e da unión económica e monetaria; polo outro, aproveitar esta experiencia para participar no conxunto económico mundial. Non se deben aceptar posicións acomodaticias no seo dunha Unión Europea que necesariamente ten que compensa-las rexións menos favorecidas, senón aproveita-los instrumentos de dinamización económica, de formación profesional, de innovación tecnolóxica e tamén de apoio á atracción de investimentos para consolidar e fortalece-las bases do crecemento sostido a longo prazo.

A crise puxo de relevo a incapacidade dos estados nacionais para fixar marcos estables de regulación económica. Os límites económicos e sociais á presión fiscal e o sostemento do Estado de benestar, ademais das repercusións perversas da actividade financeira do Estado sobre a iniciativa privada, están actuando coma un axustador que paraliza a posta en marcha de iniciativas públicas de relanzamento económico.

Ademais, a internacionalización da economía non permite delimitar con claridade o ámbito de actuación das medidas aplicadas. Un descenso nun imposto pode chegar a beneficiar máis ó competidor internacional có produtor nacional. Unha rebaixa dos tipos de interese pode alentar máis investimento noutras economías ca na propia.

Todo isto lévanos ó necesario trasfego da actuación económica directa do sector público ó sector privado, correspondéndolle a aquel o papel de fortalecedor e de dinamizador das iniciativas privadas. Cómpre abandona-lo primeiro plano do protagonismo, malia a súa rendibilidade política inmediata, para ocupar un posto máis parecido ó do apuntador da escena.

Non se debe ocultar que tamén as limitacións financeiras empuxan e fan máis aconsellable este segundo papel. Apoia-la asunción de riscos e a cooperación entre os diferentes axentes económicos permite unha utilización máis eficiente dos escasos recursos dispoñibles ó reduci-lo risco e ó diversifica-las actuacións.

Tralo dito, queda claro que o reto do futuro ten un importante impacto cultural. A modificación da valoración do papel do sector público, os límites financeiros, a consideración da economía da rexión como unha parte integrada nun conxunto máis amplo que non permite situacións de excepcionalidade

esixen o cambio de actitude social. As posicións pechadas, proteccionistas, teñen que dar paso a posicións abertas e máis arriscadas. A confianza nun Estado benefactor débese substituír pola confianza na capacidade da sociedade para seguir adiante.

As dificultades de xeración de emprego están motivando unha reflexión verbo das alternativas que a transformación dos sectores productivos lle esixen ó funcionamento dos mercados de traballo e ás relacións laborais. Mergullámonos nunha polémica sobre a conveniencia ou non de repartir-lo traballo dispoñible. De partirmos da consideración de que o fundamento da riqueza dunha economía está na capacidade de traballo das súas xentes, está claro que acepta-la redución do tempo de traballo non é outra cousa que renunciar á xeración de riqueza. Teremos que lle prestar atención prioritaria á xeración de emprego, do contrario podemos chegar a fomentar situacións de conformidade social e política, que, se ben poden ser atractivas a curto prazo, non son solucións a longo prazo.

A alternativa non está en como distribuí-lo traballo dispoñible, senón en como aumenta-lo traballo que se poida distribuír. Neste senso, a única acción posible no contexto e na conxuntura na que nos atopamos non é outra que a mellora da produtividade, a calidade, a competitividade, o aumento da capacidade de xeración de valor engadido nos procesos de produción.

Se ben esta reflexión excede con moito a área comunitaria, é de especial aplicación dentro dela con matices propios, en tanto que xa non é posible hoxe o modelo funcional de construción europea, optándose, despois de Maastricht, a unha aproximación máis política cara ó futuro.

Está claro que o apoio social ó proxecto europeo veu decaendo ante a gravidade da crise e a dureza das medidas de estabilización cristalizadas nos chamados «programas de converxencia». Non é menos claro que as políticas presupostarias expansivas non son, a estas alturas, facilmente dixeribles.

Finalmente, tanto os compoñentes estruturais e cíclicos do paro no noso contorno coma a propia redefinición dos obxectivos e instrumentos do Estado de benestar son novos elementos de reflexión xurídico-política e social que reclaman para a acción pública e privada un lugar de encontro que conecte eficacia e equidade no actual cadro recesivo a escala planetaria.

Pero, doutra parte, a idea de «Europa-fortaleza» tampouco é a solución do futuro, por moito que nos desacougue, e nos alporice ás veces, a agresiva actitude de terceiros países que fan insostible a custosa loita pola competitividade interna, cando funcionan aqueles con modelos sociais simplemente insostibles desde a nosa mentalidade occidental.

De aí que, á marxe de análises técnicas de maior finura, teñamos que camiñar nos próximos anos nun contexto difícil. En primeiro lugar, porque esixirá a coordinación a nivel macro das políticas económicas nacionais que prioricen a creación de emprego e a saída da crise. En segundo lugar, porque haberá que arbitrar mecanismos correctores para que os custos do axuste se repartan entre estados e rexións con criterios de solidariedade.

Galicia no medio do remuíño

Saben as súas señorías que o Consello Europeo de Copenhague, de xuño pasado, lle deu mandato á Comisión para presentar no próximo mes de decembro un *Libro branco sobre crecemento, competitividade e emprego*. Na versión parcial que agora circula –pendente do informe de cada Estado membro– establécense as liñas mestras de actuación, que pasan pola reforma do mercado de traballo, o esforzo investidor en infraestruturas, o aproveitamento do potencial de creación de emprego do sector servizos, unha especial atención á investigación e ó desenvolvemento, apoio ás PEME, entre outras importantes medidas.

Sen entrar na valoración das diferentes análises sobre as datas probables de recuperación da economía, o feito certo é que, antes ou despois, se volverá coñecer unha época de relanzamento económico. O desafío está en crear as condicións nas que unha economía coma a de Galicia poida aproveitá-la conxuntura favorable e, sobre todo, poida crear un sistema suficientemente forte para que ante o tamén inevitable –digamos– constipado da economía internacional, este non se converta en pneumonía para nós. Cómpre, pois, establecer unhas liñas claras de actuación coherentes co contexto descrito.

Esta aposta esixe a adopción dunha política industrial activa. Tras uns anos de elevada intensidade na dotación de infraestruturas, especialmente no transporte terrestre, que creou un marco o suficientemente atractivo como para que nel se desenvolvan proxectos de produción e que naturalmente ten que ser continuado, a ampliación da base productiva é o principal reto do novo Goberno de Galicia. Só así se xerarán novos postos de traballo e se asegurará o sostemento da actividade económica en xeral.

A economía galega –repito– coñeceu un importante esforzo de modernización das súas estruturas productivas, non exento dun custo social, pero que nestes momentos permite identificar un conxunto de sectores económicos e empresariais como potencialmente fortes perante a competencia europea e internacional. Cabo destes, é innegable que existen outros cunha capacidade

de reactivación moi limitada, sexa pola debilidade das estruturas empresariais, sexa pola intensidade da competencia ou pola necesaria aceptación de normas emanadas da Comunidade Europea.

Ante esta situación, a estratexia a seguir ten que se-la de fortalece-los sectores con potencialidade de futuro, só así se consolidará a súa continuidade de xeito que poidan servir de apoio a novas iniciativas.

Esta opción non indica que se vaian abandonar á súa sorte os sectores máis febles, senón que, ademais de mante-los sistemas correspondentes de minoración dos custos sociais que todo proceso de reestructuración soporta, cómpre ser selectivos en canto ós apoios especiais prestados, polo custo de oportunidade que o mal aproveitamento dos recursos públicos representa para o conxunto da sociedade. A combinación da satisfacción das urxencias do presente e das apostas polo futuro ten que se apoiar nos elementos máis sólidos da economía de Galicia, é dicir, nos sectores e nas empresas de maior garantía.

Xa se sinalaron os destinatarios prioritarios da actuación pública: as empresas e sectores de maior futuro. O obxectivo último é a revalorización do espazo económico galego no contexto español e comunitario, no sentido de ser un punto de referencia na localización de novos investimentos. A aposta pasa por incrementa-la presenza de Galicia nas institucións e foros internacionais, públicos e privados, e por crea-lo ambiente axeitado ós novos investimentos. Son evidentes os logros xa alcanzados en relación coa presenza institucional. Manteremos esa presenza e a nosa capacidade de iniciativa e trataremos de mellora-la calidade das nosas propostas.

En relación coa creación dun ambiente axeitado para o investimento, cómpre empezar recoñecendo que o principal factor é o dinamismo empresarial. Neste sentido, hai que prestar apoio ós procesos de internacionalización das empresas de Galicia e á presenza de empresarios galegos en feiras, exposicións, etc., nos que se establecen os necesarios contactos e, sobre todo, se impulsará a política de fomento, da que os seus alicerces xa se estableceron.

Á creación dese humus socioeconómico sobre o que aniñe e se consolide o investimento productivo terán que contribuír, desde a corresponsabilidade política e social, todos e cada un dos axentes, públicos e privados, actantes no noso territorio, desde a propia acción sectorial e horizontal da Xunta ata as institucións financeiras, desde o empresariado ata os sindicatos, e, por suposto, coa autorización efectiva da coordinación interadministrativa e o aproveitamento responsable das marxes utilizables na Unión Europea.

Un plan de competitividade

Sen dúbida, un plan de competitividade para a nosa terra é a resultante de moitos vectores, uns económicos, en canto resulten acertadas as eleccións de gasto, e outros financeiros, en canto se optimice a coordinación pública co sector financeiro privado, pero mobilizar tódalas iniciativas posibles para a creación da riqueza e o emprego esixe –volvo dicilo–, sobre todo, un cambio cultural.

A ese cambio cultural chamámoslle «competitividade», pero, enténdase ben, non é competitividade senón *dumping social* a practicada por certos países lindantes á Unión Europea, de xeito que sería ineficaz, e, desde logo, inxenua, a pretensión de avanzar cara á mellora do noso sistema productivo en Europa sen reivindicar á vez, ante Madrid e Bruxelas, unha actitude solidaria no tratamento comunitario dos problemas sectoriais e territoriais ante os tremendos custos sociais que se van sufrir a curto prazo no camiño cara á desexable liberalización xeral da economía.

A Unión Europea non pode desatende-los seus desafíos internos de reaxuste territorial e sectorial por moitos que sexan os problemas inducidos polo derrubamento do Leste e pola liberalización do comercio internacional. Pola mesma razón, aínda que o Estado de benestar estea en crise, non se pode admitir, sen máis contraprestacións reequilibradoras, o darwinismo social imposto pola competencia internacional pola vía dos custos laborais.

Pero a exposición teórica relativa á mellora da competitividade adoita bater na práctica cunha serie de atrancos que, no caso concreto da economía española, e en particular na de Galicia, son de dous tipos diferentes. Uns, *ad intra*, de carácter interno á empresa, outros, *ad extra*, é dicir, do contorno. Entre os primeiros estarían desde o tamaño ata o esquema organizativo e tecnolóxico, entre os segundos desde o custo dos factores ata as grandes políticas do contorno: monetaria, cambiaria, fiscal, laboral, etc.

A industria establécese e concéntrase onde hai boas comunicacións e infraestruturas, onde exista dinámica empresarial progresiva, onde se produza primordialmente a chegada da innovación.

A política industrial do Goberno xirará ó redor dos obxectivos de potenciación das actividades que optimicen a utilización dos recursos materiais e enerxéticos galegos, promoción de empresas que sumen maior valor engadido ós produtos que elaboran, promoción de sectores preferentes que fagan máis diverso o conxunto subsectorial, apoio a localizacións preferentes, fomento do desenvolvemento tecnolóxico e empresarial da pequena e mediana industria. Evidentemente, apoio e defensa dos sectores de futuro que neste

momento son de transcendencia para o sector industrial galego, non só pola súa aportación ó PIB galego senón polo volume de emprego que conteñen e polos efectos que inducen, dado que os sectores maduros ou sofren unha profunda reestructuración tecnolóxica e empresarial ou estarán abocados a desaparecer, e todo isto dentro dunha política global de calidade e diversificación da produción.

En definitiva, constitúen obxectivos prioritarios o darlle ó sector industrial unha orientación endóxena activa e vigorosa, aproveitando as potencialidades propias, sen renunciar, polo tanto, a mellora-las nosas vantaxes competitivas tradicionais nos mercados internacionais, que é algo máis có contorno comunitario agora familiar, e todo iso de xeito que xere un mellor artellamento intersectorial e desenvolva un mercado intracomunitario; potenciar un desenvolvemento espacial máis homoxéneo do sector, mantendo e relanzando os núcleos desenvolvidos e os sectores ubicados nestes; apoiar en profundidade as PEME, e fomentar e impulsa-la investigación aplicada e a diversificación da produción con vocación exportadora.

Nesta orientación xeral Galicia conta con sectores de carácter estratéxico, como o téxtil, artes gráficas, automóbil, rocas ornamentais, naval e metal mecánico, etc., potenciándose programas dirixidos á procura de novos procesos tecnolóxicos susceptibles de implantación industrial, apoio ás actividades de mellora da calidade da produción e de normalización e homologación, así como as encamiñadas á procura de masas críticas que permitan establecer competencias reais, fortalecer accións que posibiliten posuír centros de I+D do tipo dos que realmente se están a producir en Europa e accións permanentes encamiñadas á procura de interaccións, tanto na investigación coma na transferencia da tecnoloxía e da formación e capacitación profesional, tanto nos centros de formación coma na propia empresa. A asunción por Galicia das competencias en materia de formación ocupacional posibilitará a concreción desta política e a súa conversión nun elemento estratéxico de desenvolvemento.

Para acadalo serán prioritarias as medidas que permitan a explotación óptima dos recursos endóxenos co peche do ciclo productivo, aproveitándose deste xeito unha boa parte dos efectos multiplicadores inducidos e o valor engadido xerado por estes.

Cómpre ter en conta, así mesmo, que a presenza nos mercados internacionais dun determinado produto non se fundamente só no seu poder competitivo, é preciso, ademais, promove-la súa venda, e iso require o deseño e a posta en

práctica dunha política de promoción comercial exterior, da que o seu deseño terá que se levar a cabo co máximo realismo e a súa posta en práctica terá que se apoiar naqueles instrumentos de promoción que desen mostras de eficacia noutras experiencias deste tipo, sexan rexionais ou nacionais.

Con todo, os resultados do Plan de competitividade serán máis favorables se a política industrial que se vai desenvolver en Galicia vai acompañada no plan nacional por unha política económica orientada á redución dos custos de produción das empresas –salariais, financeiros, fiscais, etc.–, ó tempo que se avanza da forma máis decidida cara á tan desexada, por ser necesaria, flexibilización laboral, que non se fará en contra dos traballadores, senón ó seu favor.

Finalmente, a política industrial de Galicia que imos desenvolver nos próximos anos, ademais de potencia-los sectores tradicionais, terá que establecer, cando menos, as bases para a introducción e potenciación dos denominados «sectores do futuro»: biomecánica, láser, óptica, novos materiais, etc., para o que se fai necesaria unha aposta decidida pola innovación tecnolóxica. Os parques tecnolóxicos existentes na rexión deben constituí-lo axeitado viveiro para que este tipo de sectores inicie o seu desenvolvemento ou consolide os avances realizados ata o momento sen deixarse cegar polas altas tecnoloxías, e buscando, pola contra, as que resulten inmediatamente axeitadas ó noso presente e futuro próximo.

En calquera caso, unha mensaxe é clara: en tódalas fronteas temos que persegui-la competitividade, a calidade, a formación, a promoción, pero non se pode facer todo á vez, señorías, e moito menos cando as restricións financeiras que nos agardan nos esixen, como nunca, o exercicio da responsabilidade na elección eficiente do gasto.

A Galicia cómprelle ter unha industria eficiente e competitiva, porque de acordo coas súas potencialidades pódela ter, porque é o instrumento preciso para acadar un alto nivel de emprego e calidade de vida, porque a rendibilidade que ocasiona é máis alta cá lograda noutros sectores productivos e porque é a base da competitividade e o soporte do sector servizos. Porque a exhibición e a análise dos sectores industriais considerados estratéxicos ou preferentes na nosa Comunidade Autónoma representa a liña de actuación na que se está a materializa-lo modelo de desenvolvemento de Galicia, que nos pode levar, no horizonte do ano 2000, a acadar un nivel de ocupación industrial do 25% da poboación activa, utilizando as potencialidades que desde o punto de vista dos recursos nos permitan lograr un tecido industrial consolidado, vertebrado

e coordinado, impulsando os centros de infraestrutura tecnolóxica, así como a celebración de programas concertados ou convenios cos organismos da Administración central dedicados á actuación no eido industrial, IMPI e CDTI.

Convencidos de que a artesanía forma parte do patrimonio cultural da nosa Comunidade Autónoma e de que representa un recurso económico que ten unha importancia destacada en Galicia, cunhas cinco mil persoas que se dedican a algún tipo de actividade artesanal, gracias a que teñen, nalgúns casos, ingresos complementarios doutras actividades espaxadas no sector primario, fundamentalmente, como un dos obxectivos máis salientables en materia de artesanía para a próxima lexislatura estableceranse as normas reguladoras para acreditar a calidade dos produtos artesanais coa creación do distintivo e o outorgamento das certificacións de calidade para a súa identificación no mercado, creándose o Rexistro de Calidade Artesanal, no que se inscribirán tódolos artesanais e talleres artesanais que obteñan a certificación de calidade.

Dispoñendo xa dun marco regulador axeitado queremos, desde a Xunta, aplica-lo deseño e as novas formas á produción artesanal, sen perde-lo seu valor tradicional, cultural e creativo.

A creación do Centro Galego de Artesanía e do Deseño vén ser unha realidade que, ademais de atender as necesidades formativas do sector, acollerá tódalas manifestacións e actividades que amosan o variado mundo da creación artesá e, ó mesmo tempo, contribuirá a preservar os servizos tradicionais populares e, sobre todo, aqueles que están a piques de desaparecer.

Turismo de calidade

En turismo levamos aplicado na anterior lexislatura o primeiro programa de desenvolvemento turístico de Galicia cun esquema coherente de política turística. Os seus obxectivos básicos foron o turismo de calidade e a diversificación da oferta, e ámbolos dous mereceron a resposta coincidente do investimento privado: nos catro anos produciuse un aumento de 8.462 prazas hoteleiras, é dicir, máis do 51,09 % respecto das existentes en 1989, cun investimento total de 27.000 millóns de pesetas, sen precedentes na historia do turismo galego. Galicia ocupa hoxe o sétimo lugar entre as comunidades autónomas en capacidade hoteleira.

Correlativamente coa hostelería convencional, emprendéronse programas de turismo alternativo: turismo rural e náutico, deportes de natureza, congresos e convencións, e en todos eles conseguíronse uns resultados cunha cuantificación que non lles vou relatar por ser ben coñecida. O cuadrenio

saldouse cun Ano Xacobeo que bateu tódalas marcas históricas de afluencia de peregrinos e turistas.

A escala universal, segundo as previsións para 1994, do World Travel and Turist Council, o sector de viaxes e turismo aportará 204 millóns de empregos: un de cada nove no mundo; máis do 10 % do PNB global; xerará 3,4 billóns de dólares e uns investimentos de 613.000 millóns de dólares –estas últimas cifras referidas a 1991–. Xa hoxe este sector constitúe a maior industria mundial e as expectativas son de que o seu PNB se duplicará no ano 2005, o investimento aumentará nun 80 % e o emprego nun 30 %.

Existe, polo tanto, no turismo, un potencial certo de desenvolvemento económico no que Galicia está agora en condicións de obter unha cota de mercado. As profundas transformacións da demanda ofrécennos oportunidades que o mercado dos anos sesenta e setenta non permitiu. Basicamente, o cambio consistiu na segmentación da demanda, e a esta cómpre que se lle responda coa diversificación da oferta.

A evolución máis recente dos gustos e esixencias do viaxeiro así como a inminente liberalización e abaratamento do transporte aéreo confirmannos na necesidade de prosegui-la nosa estratexia de diversificación. O reto é organiza-lo ocio e darlle contido creando as ofertas que o turista está a demandar e que o mercado español non está a subministrar no número e variedade necesarios. Polo tanto, esta insuficiencia do mercado de oferta aconséllanos un profundamento nas seguintes liñas de actuación xa iniciadas:

1^a Tendo en conta que a paisaxe é un valor en alza nas apetencias do visitante, do concepto de turismo rural –entendido como oferta de aloxamento con certos complementos– ten que se pasar ó de turismo verde, que integra o turismo rural, os deportes da natureza, os espacios temáticos e as mostras de cultura popular. É con esta filosofía como nós suscitamos toda unha serie de actuacións, desde o Plan director de sendeirismos ata a creación dun espazo paisaxístico cultural evocador da Fisterra, nun mundo no que xa non quedan fisterras.

2^a Desde hai catro anos o mercado está a confirma-la nosa análise de que os deportes teñen «gancho turístico» para transformarse en produtos de alto valor engadido. Propoñémonos, por conseguinte, acomete-la creación de novos amarres para embarcacións, impulsar novos campos de golf e explotar turisticamente a caza e a pesca. Trátase de actividades que atraen unha clientela de alto poder adquisitivo, que acode onde existen as instalacións adecuadas.

- 3ª O termalismo e a súa forma moderna de turismo de saúde constitúen outra motivación importante. Tamén aquí iniciamos actuacións mellorando a oferta terapéutica e a calidade dos aloxamentos, e continuaremos nesta vía.
- 4ª Por suposto que o renovado interese pola comunicación cultural ofrece novas oportunidades para o turismo nun país como Galicia, que conta cun patrimonio artístico de primeira orde en cidades e tamén espallado no medio rural, proseguindo a creación e potenciación de novos itinerarios, como os das capitais do Antigo Reino de Galicia e a Ribeira Sacra, ademais de facer rendible sobre o Camiño de Santiago o impacto do Ano Xacobeo.
- 5ª A promoción de congresos e convencións, que son tamén manifestacións da gama máis alta do turismo de calidade, e que está a render tan excelentes resultados, proseguirase con maior intensidade e sofisticación no deseño da oferta.
- 6ª Verbo destas accións que en gran parte supoñen un correctivo da estacionalidade insistiremos, por suposto, na oferta estacional por excelencia: a do turismo de praia, elemento esencial e tradicional da nosa oferta.
- 7ª Finalmente, a formación de recursos humanos, clave no turismo, virá asegurada polo novo Centro Superior de Hostelería, xunto cos demais centros de formación xa existentes. Propóñome avanzar decididamente nun sector que figura xa entre os máis expansivos e de maior dimensión económica e que constitúe un dinámico factor de modernización de Galicia.

Desenvolvemento agrario e forestal

En canto á agricultura e ó sector forestal, parécenos oportuno facer algunhas consideracións previas para dar conta da nova política que nos propoñemos emprender ó redor do mundo agrario.

O campo en Galicia está ó remate dunha longa etapa de transición. Somos actores na transformación dun sistema agrícola total, que era o existente hai décadas no noso agro e que informaba cultural e economicamente toda unha forma ou modo de vida, a un novo sistema rural. Nel coexisten bisbarras en moi distinto estadio económico, desde as máis avanzadas, onde a actividade agraria ten unha pequena incidencia na economía, ás máis deprimidas, aínda que con alta dependencia das transferencias de rendas. En calquera caso, no

conxunto comezan a xurdi-las complexidades organizativas e a diferenciación social que caracterizan os países máis modernos.

A agricultura, como forma de manexo en exclusiva do territorio, deixa cada día novos espazos libres para outros usos non estritamente agrarios. Sendo antes a actividade principal, practicamente en exclusiva, da poboación rural, coas incorporacións das actuais tecnoloxías e con novos modelos organizativos precisa progresivamente de menos man de obra. Faise, así, necesario emprender innovacións que ofrezan ocupación con novas profesións ás xeracións futuras.

Pola súa banda, o sector forestal, organizado ata agora para facer un aproveitamento do monte como espazo marxinal da agricultura, hai que o converter nun sistema con estruturas e lóxica propias para facer fronte, nun mercado aberto, ós sistemas forestais avanzados de terceiros países, que son as alternativas fronte ó noso.

Temos que ofrecer solucións tanto para o novo sistema rural que se está a conformar coma para as empresas que aproveitan os seus recursos. Para esta complexa armazón de intereses de tan diversa índole queremos:

Acadar unhas estruturas competitivas en tódalas cadeas económicas sectoriais, desde as explotacións ós sistemas de comercialización, incluída a industria alimentaria e forestal.

Proporcionar unha calidade de vida, status social e benestar axeitados ás sociedades rurais, para as que emprego, renda familiar, novas formas de relación social e dotación, tanto de equipos urbanos coma de servizos sociais, son a nosa preocupación fundamental.

Aproveita-los bens e servizos que producen, así como transferir mellorados ás xeracións futuras os recursos naturais que nos tocou administrar, facendo, en todo caso, un manexo e unha xestión axeitada dos ecosistemas tanto agrícolas coma forestais.

Esta triple dimensión ou ámbitos do sistema rural establecen diferentes planos de acción, para cada un deles expoñemos obxectivos propios e metas políticas diferenciadas, coordinadas e sen contradición interna.

Na súa dimensión económica, a agricultura moderna converteuse nun sector cunha lóxica semellante á dos sectores industriais e de servizos, perdendo a visión agrocéntrica. O noso programa de goberno asume, en consecuencia, este postulado, o que implica unha perspectiva finalista para articular produción e procesos de transformación co mercado.

Na súa dimensión social, asumimos conscientemente que nos procesos de modernización das sociedades relativamente atrasadas se produce,

inexorablemente, unha redución da poboación activa do sector, polo que articularemos accións de apoio que facilitarán o proceso, tal como o veu facendo en décadas a política agraria europea.

Nunha sociedade en rápido proceso de concentración urbana, os obxectivos de conservación de recursos contemplámoslos prestando unha atención preferente ós procesos derivados da desertización humana e á necesidade de acadar unha ocupación equilibrada do medio, conseguindo unha crecente actividade social dos espazos rurais deixados pola agricultura.

En consecuencia, propoñemos desenvolve-la nosa actividade de goberno para estes ámbitos baixo tres liñas principais de actuación:

- 1ª A planificación comarcalizada e flexible de usos do territorio rural, unha dotación dos equipamentos básicos dos núcleos de poboación e o manexo das actividades terciarias como un factor importante de desenvolvemento das áreas de montaña.
- 2ª A modernización do sector agrario, para conformar un sistema alimentario vigoroso e puxante.
- 3ª A actualización e a transformación da silvicultura para acadar un sector forestal competitivo.

a) Modernización do sector agrario:

O noso programa de goberno propón trata-lo tema alimentario como o núcleo central da política agraria para esta lexislatura, xa que o consideramos como o máis estratéxico na actualidade para promover un desenvolvemento consistente e para acadar os máis altos valores engadidos coas novas actividades productivas. Sobre el centraremos as accións a implementar para todo o sector, no que a industria alimentaria, as redes de distribución, as empresas familiares, a investigación aplicada, a formación profesional e demais servizos sectoriais terán que axeitar as súas actividades e relacións internas para contribuír á transformación e á modernización acelerada dos sistemas productivos.

Desde este marco xeral, o noso programa de goberno presenta un tratamento específico e diferencial para aqueles subsectores que se están a conformar con entidade suficiente para representar un papel significativo no comercio dos produtos alimentarios, isto é, para a pataca, o viño, os cultivos de horta, a froita, as carnes de vacún, o porcino, as aves e produción de ovos, e moi singularmente para o sector lácteo, unha das columnas vertebrais da economía agraria galega.

Por isto, parece obrigado, cando menos, facer para el unha breve e específica referencia. A súa defensa e mellora, baseada no incremento da competitividade

das explotacións, constitúe unha prioridade indiscutible da nosa política agraria. Esta mellora, xunto coa concentración da industria leiteira, son obxectivos ineludibles do noso programa de goberno co fin de garanti-la estabilidade e o futuro de todo o sector agrario e do sistema alimentario.

Feito xa con éxito o saneamento gandeiro, temos que emprende-la súa consolidación a través de dúas accións principais:

A primeira consiste en acadar unhas 20.000 explotacións cun mínimo de 75.000 litros de produción de leite por ano, cantidade necesaria para unha explotación viable. Está xa deseñado un Plan de adecuación leiteira (Palga), a desenvolver nun prazo de seis anos con este obxectivo. A través da redistribución interna rexional, o acceso prioritario á reserva nacional e á captación suplementaria en Bruxelas propoñemos acada-la cota suficiente para Galicia, coa finalidade de non ver limitadas as posibilidades de crecemento.

A segunda é acadar unha industria leiteira forte, competitiva e integrada, para o que xa temos posto os primeiros alicerces cunha solidez sobresaliente ó agrupar nun grupo lácteo de base cooperativa algunhas das empresas transformadoras.

Para este subsector e para os demais alimentarios, temos proposto a dotación dalgúns instrumentos novos que consideramos de influencia estratéxica: o Instituto Lácteo Galego, como ente dinamizador e promotor da reestructuración subsectorial, e o Instituto de Tecnoloxía Alimentaria, como ente para introduci-las innovacións que se precisarán nos novos procesos industriais e para face-la extensión e formación tecnolóxica profesional que será requirida.

De igual xeito, os centros de investigación aplicada actuais deberán integrarse nos subsectores productivos privados e desenvolver tarefas semellantes nas súas áreas respectivas.

b) Un sector forestal competitivo:

O monte en Galicia precisa de rotundos procesos de transformación e de novos modelos de xestión para que poida cumprir coas demandas actuais que a sociedade lle pide e para que realmente se poida desenvolver sobre o mesmo unha industria transformadora competitiva e con suficientes valores engadidos que compensen o esforzo investidor que se está a facer nel.

Coa aprobación por esta Cámara do Plan forestal de Galicia, no que se acadou un consenso parlamentario e de opinión pública sen precedentes, temos un modelo para o futuro que debemos acadar progresivamente segundo a dispoñibilidade que teñamos de recursos.

Hai máis dun millón de hectáreas como territorio de actuación e como protagonistas –e esta é unha das principais cuestións para articular nesta lexislatura–, cando menos, medio millón de propiedades particulares e preto de tres mil comunidades de veciños que precisan, certamente, unha urxente institucionalización para administrar regularizadamente e sen conflitos os seus montes. Para uns e outros queremos ofertar un horizonte estable, uns modelos de xestión axustados ós seus intereses e facilidades para facer investimentos nos seus montes con garantías de futuro.

A industria forestal de primeira transformación, por natureza fornecedora de produtos homoxéneos, moi semellantes ós doutras orixes xeográficas, está sumida na actualidade nunha profunda crise debido a un proceso de readaptación reestructural no caso dos serradoiros e ó afundimento do mercado en tableiros e pasta de papel. Unhas e outros precisan acadar, ante todo, a través das economías de escala, melloras de proceso e provisión de materias primas axeitadas e cunha alta competitividade, ofrecendo un mellor precio e, coma en calquera outro sector, produtos de condición industrial. Pero tamén, a partir deste punto, e segundo as súas particularidades, deberán facer, ou ben unha integración vertical cos demais escalóns transformadores, pechando círculos de produción –como é obrigado reseñar na pasta de celulosa e de papel–, e incluso coas redes de distribución minorista para incorporar máis valores engadidos, ou ben promover integracións horizontais para conseguir dimensións empresariais suficientes coa finalidade de gañar posicións na oferta de semielaborados cara á negociación e ó mercado.

A industria da madeira de bens de equipo ou de produtos de consumo, pola súa banda, deberá te-la diversificación, a máxima calidade e o mellor deseño para atender unha ampla gama de segmentos do mercado, introducirse en novas áreas xeográficas e rendibiliza-los investimentos rexionais que se fan na silvicultura.

Neste sentido, crearemos nesta lexislatura o Centro Técnico da Madeira, como ente para desenvolve-las tecnoloxías destes recursos e a formación dos profesionais máis especializados. Este centro deberá ter, coma no caso dos outros institutos de investigación aplicada, unha alta participación do sector privado no deseño e seguimento do seu labor.

Nova lexislación pesqueira

A política deste Goberno en materia de pesca caracterizouse pola énfase posta na cobertura dos baleiros lexislativos como a planificación e os serios e decididos intentos de ordenación do sector.

A actividade lexislativa foi intensa. Aprobáronse tres leis e unha grande cantidade de decretos que adaptaron a lexislación galega ás esixencias da política común de pesca, o que posibilitará o acceso ós fondos comunitarios.

Non cabe pensar, na nova lexislatura, nunha actividade lexislativa semellante, e a énfase tense que poñer en obte-lo progresivo cumprimento das normas que foron entrando en vigor nestes anos, facendo nelas as modificacións pertinentes a medida que a experiencia e o seguimento sobre este grao de cumprimento o aconsellan. A nova lexislatura ten que ser, pois, de execución e perfeccionamento.

A Lei de pesca de Galicia intentou recoller nun texto único as competencias na materia outorgadas polo Estatuto de autonomía de Galicia. A lei foi recorrida en parte perante o Tribunal Constitucional e agárdase a sentenza, que aclarará definitivamente cales son non só as competencias pesqueiras de Galicia, senón o reparto competencial adecuado entre o Goberno central e as comunidades autónomas contemplado na Constitución.

Con iso xa se contaba, e ese era un dos fins da lei. Pero hai partes moi importantes que non foron recorridas e que atinxen ó corpo da ordenación pesqueira e á xestión dos fondos destinados para o efecto. Neste sentido, queda un importante labor negociador co Goberno central, coa finalidade de tratar con outras comunidades autónomas con idénticos títulos competenciais o adecuado traspaso de fondos, coherente, ademais, co novo regulamento comunitario estrutural da pesca, o IFOP, que prevé unha importante rexionalización de fondos.

A Lei de confrarías foi un paso esencial no fomento do asociacionismo no sector. Partimos da base de que en Galicia existen dúas realidades no mundo asociativo da pesca. Por unha parte, hai unhas asociacións sectoriais que son líderes no mundo e en Europa; o seu impacto en asociacións europeas como Europeche é innegable. Pero xunto a estas conviven as formas asociativas propias do sector de baixura, que empregan a preto de vinte mil tripulantes, dos que a súa representación principal –e case diríamos que exclusiva– é a confraría. É este sector o que está máis necesitado de vertebración e estruturación.

A lei aprobada polo Parlamento de Galicia permítelles ás confrarías transformarse en organizacións de produtores se acadan uns mínimos requiridos. Con todo, coa lexislación non basta, e cómpre propicia-lo saneamento económico destas entidades.

Para iso será mester adoptar, logo da negociación e intercambio de opinións coas confrarías, as recomendacións do *Libro branco sobre as confrarías*,

recentemente elaborado. Simultaneamente, haberá que estimulalas para que poidan estar en condicións de aplicar na súa totalidade a política de mercados prevista nos regulamentos comunitarios.

A comercialización adecuada da nosa produción acompañarase de medidas presupostarias realistas que partan da capacidade do propio sector para asumir estes retos.

A protección dos nosos recursos ten que seguir a se-lo obxectivo principal da política de Galicia, e non por esa aseveración absurda que ás veces se fai de que «se lle dá máis importancia ó peixe que ó pescador». En absoluto. Precisamente pola importancia que ten o pescador na nosa política, temos que defende-lo recurso do que vive.

Hai que partir da base de que a recuperación dos recursos é unha cuestión de varios anos; algunhas das medidas que se toman hoxe terán a súa plena repercusión algúns anos máis tarde. Pero ademais vivimos nun mundo competitivo e aberto. Se as materias primas non son abundantes non poderemos competir en precio-cantidade coas que veñen doutras zonas de Europa, e mesmo doutras partes do mundo. De nada serve te-la flota tecnoloxicamente máis avanzada se o recurso que se pesca é escaso; as contas non darán.

Tamén cómpre abandona-la vella crenza de que máis barcos equivalen a moitas máis capturas. En situacións de sobrepesca como as que vivimos isto non é así, e moitos barcos significan recursos cada vez máis escasos e, polo tanto, menor rendibilidade nas explotacións e maior desemprego. Por iso hai que acometer, simultaneamente, a protección dos recursos, a planificación do tamaño óptimo da flota e a súa renovación.

Cómpre impulsa-lo relanzamento da construción naval, pero con planificación e previsión. Comezamos xa pola renovación da flota do Gran Sol, porque é a que ten que asumir un reto máis inminente e porque ten moi claro o seu marco xurídico de atribución de dereitos de pesca, así como o seu tamaño potencial.

A esta deberíalle segui-la flota de arrastre de litoral e aqueloutras que actúan sobre os recursos da plataforma galega. Pero para iso é preciso, tal e como temos reclamado desde o Plan de ordenación dos recursos, unha lei estatal de pesca que atribúa os dereitos e a estabilidade relativa das comunidades autónomas respecto dos recursos estatais. Galicia non pode reducir flota se non se permite a acumulación de dereitos de maneira clara.

Cómpre, igualmente, impulsa-la acuicultura de forma realista intentando sa-near e consolida-las empresas que existen na actualidade.

No marisqueo é imprescindible continuar avanzando no proceso de profesionalización, establecendo límites adecuados de acceso á explotación. Este límite é absolutamente necesario se se desexa un bo aproveitamento económico deste tipo de recursos e a xeración de emprego. Para iso, o asociacionismo e a potenciación das confrarías baixo mellores formas de funcionamento e xestión son indispensables.

Continuarase, así mesmo, coa recuperación daquelas áreas marisqueiras que se poidan poñer en produción. Hoxe, Os Lombos do Ulla, que quedaron completamente improductivos, volven ser explotados, símbolo esperanzador de que os traballos de rexeneración emprendidos comezan a dar os seus froitos. Hai que levar a termo ese proxecto, así como os que están previstos noutras áreas.

Política de emprego

Calquera que sexa o punto de vista que se adopte para contempla-lo mercado de traballo durante a presente década lévanos á conclusión de que o problema xeral co que nos atopamos é a alta taxa de desemprego, que afecta, en maior ou menor medida, a tódolos países do noso contorno. Isto é así porque diversas tendencias latentes no mercado laboral fan difícil a desaparición dos desequilibrios actuais, ó mesmo tempo que o cambio tecnolóxico esixe cada vez cualificacións máis elevadas e dificulta a recolocación dos traballadores que perderon o seu emprego anterior.

Con todo, esta imaxe non reflicte por completo o que acontece no mercado de traballo, xa que habería que destaca-los demandantes do primeiro emprego, principalmente, xente nova e mulleres, que aínda non accederon ó mundo productivo e que están fortemente afectados polo paro.

O paro, en xeral, e o que afecta á xente nova e mulleres en particular, representa un problema estrutural permanente que non se pode abordar illadamente e, menos aínda, desde un teito competencial limitado en aspectos básicos tales como a contratación, fiscalidade e outros.

Partindo destes límites competenciais que obrigan a reclamar outras actuacións complementarias da Administración central e aceptando que non existen formulas máxicas para combate-lo desemprego, o Goberno de Galicia loitará sen descanso para erradica-lo desequilibrio social que este produce, e para iso desenvolverá dous eixes fundamentais na súa política de emprego: a formación profesional e ocupacional e o Plan de emprego xuvenil.

a) Formación profesional e ocupacional:

Conscientes da importancia das ensinanzas de formación profesional, do Goberno da Xunta de Galicia fixéronse, desde o primeiro momento e con resultados altamente positivos, tódolos esforzos para logra-la acreditación e o recoñecemento social deste nivel educativo creando –esa foi unha das miñas primeiras decisións– unha dirección xeral específica na Consellería de Educación e Ordenación Universitaria. Só unha formación profesional vinculada ás realidades laborais do seu contorno está chamada a ter un futuro prometedor para Galicia.

Non debemos esquecer que unha boa parte dos éxitos que se conseguiron no desenvolvemento da actual formación profesional se lles debe recoñecer ós empresarios galegos que veñen prestando o seu apoio para que a formación das rapazas e rapaces sexa moito máis completa e en contacto co mundo real do traballo.

Na lexislatura que agora se inicia propoñemos darlles ós estudos de formación profesional os medios precisos para facilita-la integración dos mozos no mundo laboral, obxectivo fundamental do Plan de emprego xuvenil –o que este Goberno promove como prioritario–, e actualiza-la formación dos traballadores que precisen dunha reciclaxe para adaptarse máis ás modificacións que o avance das tecnoloxías imprime nos procesos productivos. Diante do exposto faise necesario chegar a unha adecuada coordinación coas distintas ofertas da formación profesional ocupacional. Esta coordinación constitúe a clave de bóveda de todo o sistema de formación para o traballo.

A asunción das competencias en materia de formación ocupacional pon en mans de Galicia tódolos instrumentos para lograr esta coordinación e permitirá facer efectiva unha formación axeitada ás necesidades de Galicia, constituíndo un elemento substancial para facer efectiva unha política de desenvolvemento industrial e de potenciación dos sectores estratéxicos de Galicia.

Neste marco crearase o Instituto de Novas Profesións, que terá como funcións a prospección das necesidades de formación e o deseño das ensinanzas das profesións emerxentes.

b) Plan de emprego xuvenil:

Atendendo ás dificultades dos mozos para incorporarse ó mundo productivo, que se traducen nunha taxa de desemprego moi superior á media, e á problemática social que xera esta situación, o Goberno desenvolverá o Plan de emprego xuvenil, do que as súas liñas básicas xa foron aprobadas e que constituirá un dos obxectivos prioritarios da lexislatura.

Este plan, dentro do marco da política económica global que xa teño expresado, potenciará as accións dirixidas para que o sistema productivo xere os empregos necesarios para absorber a demanda de traballo, singularmente dos nosos mozos. Isto permitirá coordinar e reforzar actuacións dispersas e poñer en marcha medidas innovadoras dirixidas a reducir as dificultades específicas que a xente nova ten á hora de acceder ó emprego.

O plan acometerá un conxunto coherente de medidas que irán desde a formación e a orientación profesional ata o fomento da contratación, pasando pola promoción do autoemprego, a economía social e outras accións complementarias de información e asesoramento.

Políticas de apoio:

a) Investigación científica e técnica:

Na sociedade moderna postindustrial non é posible o desenvolvemento económico sen unha investigación de calidade que posibilite tanto o perfeccionamento de procesos productivos coma o deseño de novos produtos adecuados ás necesidades e ás demandas do mercado.

A potenciación da investigación universitaria, a súa focalización nos sectores estratéxicos de Galicia e o fomento e impulso á investigación das empresas impulsaranse a través do Plan galego de investigación e desenvolvemento tecnolóxico, que, dentro do marco da Lei de fomento da investigación e do desenvolvemento tecnolóxico de Galicia, constituirá o eixe que fará posible o avance da innovación e desenvolvemento tecnolóxico, a subseguinte incidencia na capacidade competitiva dos sectores productivos e a formación de novos científicos e investigadores.

b) As infraestruturas, camiño de futuro para Galicia:

O nivel de desenvolvemento da nosa terra atópase aínda lonxe do dos países europeos máis avanzados, e isto é así, entre outras razóns, porque as nosas infraestruturas aínda son escasas e en moitos casos deficientes.

Nestas circunstancias, agravadas, sen dúbida, pola nova situación europea e o mercado único, os próximos e inmediatos anos deben ter para o noso país outra prioridade incuestionable: continuar o esforzo de mellora e desenvolvemento das infraestruturas.

Seguir acumulando atrasos neste campo significa hipotecar a nosa capacidade competitiva, cando está demostrado que a indiscutible correlación entre o crecemento da produtividade dun país e os seus investimentos en

infraestructuras e equipamentos é cada vez máis un factor determinante para a localización de novas actividades productivas e para a xeración de economías externas para as empresas.

Tendo en conta isto, na pasada lexislatura púxose en marcha un modelo de planificación integral das infraestructuras situando como obxectivos prioritarios: acadar un maior crecemento global da competitividade para o noso sistema productivo, reforza-la integración económica e social, conseguir un maior equilibrio entre as distintas zonas do noso territorio e respecta-lo medio natural.

Estradas e infraestructuras

Se tódalas infraestructuras son necesarias, as viarias teñen un papel preponderante adquirido pola importancia do sector de transportes da nosa economía.


O Goberno galego realizou nos últimos anos importantes e evidentes avances neste sentido, reflectindo a súa actuación nun instrumento: o Plan de estradas de Galicia.

Este plan, aprobado polo Goberno galego en 1991 e en execución desde o principio da lexislatura, prevé un investimento duns 274.000 millóns de pesetas en dez anos, unha cifra que supón multiplicar por catro os investimentos realizados nesta materia, en Galicia, en semellante período de tempo; é dicir, desde que existe a Comunidade Autónoma como tal.

O plan contempla unha serie de vías de alta capacidade: a autoestrada A Coruña-Carballo, o corredor Ferrol-San Sadurniño, o corredor Monforte-Lalín, a vía rápida Padrón-Ribeira, a vía rápida do Salnés, a vía rápida do Morrazo e a vía rápida do Val Miñor. As actuacións abranguen 240 km, cun investimento de 44.075 millóns de pesetas. Agás as dúas últimas vías rápidas do Morrazo e Val Miñor, que están en fase de proxecto, o resto está executado ou en execución.

A rede primaria básica, incluída no plan, está constituída por tres tipos de eixes que permiten vertebrar-la totalidade do territorio galego: costeiros, norte-sur e leste-oeste. As actuacións abranguen 693 km, cun investimento de 71.968 millóns de pesetas, dos que 579 km se atopan executados ou en execución e 114 km en proxecto.

A rede primaria complementaria supón a actuación sobre 457 km de rede, cun investimento de 90.000 millóns de pesetas, e permitirá a conexión das cabeceiras comarcais dos núcleos de poboación importantes. Actualmente, están en execución ou xa rematados 326 km e 231 km en proxecto ou estudio.





Manuel Fraga avogou por un galeguismo tolerante e construtivo no seu programa de investidura como presidente da Xunta de Galicia por segunda vez despois dunha victoria inapelable.

Desde a óptica económico-social, este investimento representa un incremento da renda nacional de 578.000 millóns de pesetas e supón a creación duns catro mil postos de traballo directos anuais no período de vixencia do plan.

Ademais deste importante esforzo económico do Goberno galego, que permitirá vertebrar axeitadamente o interior de Galicia, os accesos rápidos á Meseta e a Europa quedarán resolto gracias ó convenio que se asinou o 28 de novembro de 1991 coa Administración central do Estado, que prevé a construción de dúas novas autovías, das que xa foron contratados varios tramos.

A política de infraestruturas deseñada permitirá situa-lo noso país na órbita que por historia e por situación lle corresponde.

Obras hidráulicas:

Cómpre continua-lo labor en materia de abastecemento e saneamento desenvolvendo o Plan hidrolóxico das concas de Galicia costa e o Plan de infraestructuras hidráulicas das concas intercomunitarias de Galicia.

E é preciso culmina-lo enorme esforzo que fixemos no Plan de saneamento das rías galegas, con especial atención ás de Vigo, Pontevedra, Arousa, A Coruña, Ares e Ferrol, que culminará as súas máis importantes realizacións en 1996.

Portos:

Polo que respecta ás infraestructuras portuarias, prestaráselle atención a modernizar e incrementa-las instalacións portuarias; mellora-las comunicacións terrestres dos portos; mellora-las relacións entre os portos e os núcleos urbanos, coidando especialmente o urbanismo das zonas de contacto e a adecuación para actividades turísticas, recreativas e deportivas, e prestar atención á conservación e ó respecto do medio natural.

En definitiva, as accións infraestructurais e de equipamento contéplanse no Plan de portos da Comunidade Autónoma e enfócanse de cara a potencia-lo sector da pesca –de vital importancia para Galicia, como dixemos–, o comercial –separando as súas actividades das da pesca–, o turístico-náutico e a interrelación portos-zonas urbanas e vías de comunicación galegas.

O Goberno galego considera imprescindible a transferencia dos portos galegos de interese xeral ou, en todo caso, a corresponsabilización na xestión, coa finalidade de que poidan desempeña-la función estratéxica que lles corresponde como unha das principais canles de comunicación con Europa e América.

Electrificación rural:

Nos tres anos de desenvolvemento do Plan Mega investíronse 33.000 millóns de pesetas, cunha aportación dos presupostos da Xunta de Galicia de 12.850 millóns de pesetas, co que a calidade de servizos de distribución de enerxía eléctrica está a mellorar substancialmente. O obxectivo é mante-lo plan ata o seu total cumprimento, en principio previsto para 1994; o que non será posible polo incumprimento da Administración central, que prometeu oficialmente dotar a este plan con 15.500 millóns de pesetas a través das subvencións do Ministerio de Industria e Enerxía e do financiamento a cargo do sistema eléctrico, vía marco legal estable.

Con todo, o plan é tan absolutamente prioritario para Galicia que, con ou sen aportación da Administración central –que, naturalmente, imos reclamar intensamente–, se rematará nesta lexislatura, facendo un esforzo, se fose necesario, presupostario extraordinario por riba do previsto para cubri-la non aportación do sistema eléctrico, independentemente de que sigamos reclamando estas aportacións, ó igual que Galicia é solidaria co resto de España en materia de enerxía.

Gas natural:

Co outorgamento de concesións a Enagas, a Gas Galicia, SDG, S.A., e a outras empresas por parte da Xunta de Galicia e a concesión da planta de regasificación de Ferrol por parte do Ministerio de Industria e enerxía a Enagas, cos terreos adquiridos, estase en vías de ultimar este gran proxecto estratéxico para Galicia. Axiña se iniciarán as obras da planta de Ferrol; están xa iniciadas as obras en Lugo e estarano en breve en Vigo e Santiago para a distribución de gas canalizado para uso doméstico e comercial. Preténdese que os cidadáns destas cidades dispoñan deste servizo en 1994, e o gas natural estará en Galicia nos próximos dous anos para a súa implantación nas sete maiores cidades e no seu contorno.

Para lograr unha máis rápida implantación e unha maior extensión da infraestrutura do gas, as actuacións da Xunta de Galicia centraranse en:

1. Subvención ós ramais de Lugo e Ourense ata o seu inicio de rendibilidade e subvención á extensión da rede a áreas non previstas na primeira fase –as sete maiores cidades e o seu contorno– que non acaden niveis de rendibilidade. Estas subvencións serán recuperables en función da rendibilidade real.

2. Mante-la participación do 35 % no capital de Gas Galicia, acudindo ás ampliacións de capital necesarias para cubri-lo 40 % do investimento previsto de 12.000 millóns de pesetas.
3. Realización de estudos de viabilidade na totalidade das empresas de Galicia con importantes consumos enerxéticos para a súa adaptación ó gas natural, incluíndo a implantación da coxeración para mellora-la súa competitividade.
4. A instalación de ciclos mesturados en centrais térmicas e a substitución de combustible por gas natural, que permitirán unha mellora do medio ambiente e unha maior capacidade de xeración de enerxía eléctrica.

Telecomunicacións:

O ambicioso Plan de telecomunicacións emprendido en 1991 terá continuidade nesta lexislatura coa implantación, cando menos, dos 107.000 novos teléfonos no rural previstos no Plan de telefonía rural en decembro de 1994; a finalización en 1996 do Plan de telefonía móbil rural, que pon este servizo á disposición dos profesionais que prestan servizos esenciais á Comunidade, e a subvención ó sector hosteleiro de equipos de telecomunicacións, coa cobertura total radioeléctrica para a Radio e a Televisión autonómicas, o equipamento para a transmisión de voz e datos a través da dotación á Xunta de Galicia dunha rede propia de telecomunicacións para un mellor e máis económico servizo ó administrado, así como a implantación da rede *trunking* como unha rede propia de Galicia de enorme utilidade no futuro.

Os resultados e o seguimento destes plans, así como a situación das infraestruturas de telecomunicacións en Galicia e o seu desenvolvemento futuro, concretizaranse no *Libro branco das telecomunicacións en Galicia*, que verá a luz en 1994.

Aínda, Galicia estará dotada nesta lexislatura dunha malla de fibra óptica que cubra os núcleos de poboación superiores a 5.000 habitantes, aproveitando para a súa instalación as infraestruturas do Plan Mega e do Plan de gasificación para diminuí-los custos. Esta rede permitirá a prestación de servizos avanzados de telecomunicación.

Solo empresarial:

En materia de solo empresarial, propoñémonos continua-lo labor de dotación de solo empresarial ou terciario que se iniciou hai tres anos, desenvolvendo

o Plan de solo empresarial de Galicia, que contempla a execución de 96 parques empresariais, dos que 68 terán que se rematar a finais de 1995.

Na pasada lexislatura rematáronse ou están en execución 12 parques: cinco deles na provincia da Coruña, tres en Lugo, un en Ourense e tres na provincia de Pontevedra.

Durante 1994 inauguráranse outros 32 parques empresariais: cinco na Coruña, nove en Lugo, dez en Ourense e, por último, oito en Pontevedra.

Galicia tamén vai contar nesta lexislatura con dous parques ofimáticos situados nas dúas grandes áreas metropolitanas da Coruña e Vigo.

Este conxunto de actuacións en materia de solo empresarial vai permitir que Galicia conte no horizonte de 1995 con 31 millóns de metros cadrados de solo acondicionado para acoller actividades empresariais.

Educación e formación

Estamos a traballar para mellora-la calidade da educación. Neste eido é central, aínda que non exclusiva, a actuación coa nosa xuventude. É oportuno ocuparse da rede de centros, dos proxectos curriculares, da formación permanente do profesorado, da innovación educativa...; cuestións estas que son obxecto das nosas inquietudes. Pero facer isto supón ás veces un exercicio de responsabilidade política, tendo en conta, xunto ó valor estratéxico da formación humana, as tendencias demográficas e tamén as restricións presupostarias que inevitablemente afronta e afrontará nos próximos anos o sector público en xeral e a nosa Comunidade Autónoma en particular.

Pero hai un aspecto ou novo horizonte que queremos abordar con decisión. Este novo horizonte podemos resumilo nunha frase: que a formación dos centros se imbrique productivamente na sociedade.

Na Galicia de hoxe cremos que a educación é posible durante toda a vida dunha persoa, que non se limita ós primeiros anos, etapa na que é obrigatoria, xa que educar é esperta-la facultade do discernimento para permitir que o ser humano poida facer unha elección xuiciosa entre as oportunidades que lle xurdan ó longo da súa vida. Neste sentido, educar e formar son obxectivos prioritarios da nosa actividade e levámola a cabo procurando manter unha visión global, humanista e integradora da educación, na que acadan especial relevancia os valores medioambientais, non sexistas e a conciencia e a transcendencia social da cultura do lecer e do consumo.

Falando xa de xeito máis concreto: na vindeira lexislatura conseguiremos mellorar e racionalizar aínda máis os servizos complementarios, como o

transporte escolar e os comedores, e dotarémo-los centros dos equipamentos didácticos e profesores para poder atender as novas especialidades recollidas na nova lei educativa.

Así, tendo en conta que no presente curso conseguímo-la escolarización de 15.510 nenos de 3 anos, non podemos menos que seguir coa progresiva implantación deste segundo ciclo da educación infantil para lograr a escolarización total daqueles nenos de 3 anos dos que os seus pais así o desexen. Así mesmo, buscarémo-la colaboración con institucións e entidades públicas e privadas para implantar o primeiro ciclo da educación infantil, que vai desde cero ós tres anos.

Continuarase a implantar de xeito xeneralizado a nova educación primaria que substitúa á educación xeral básica, salientando o que é unha novidade neste nivel: a introducción dos idiomas estranxeiros, da educación física e das ensinanzas da música, coa finalidade de poñer as nosas rapazas e rapaces nun nivel de competitividade paralelo ó dos seus compañeiros doutros países europeos; competitividade humana que é para a vida tamén.

No desenvolvemento da educación é fundamental o labor do profesorado, por iso lle dedicaremos especial atención á súa formación, promovendo a súa participación nos cursos desenvolvidos nos plans anuais de formación e coa concesión de axudas individuais e das licencias por estudos. Avanzarase tamén na creación de novos centros de formación de profesorado e na diversificación das axudas para potenciar unha mellor formación científica e pedagóxica.

Nos próximos anos a progresiva implantación xeneralizada da ensinanza secundaria e dos novos bacharelatos obrigará igualmente a ampliar a rede de centros, mellorar as instalacións dos centros existentes –talleres de tecnoloxía, aulas de música...– e a ampliar os cadros de persoal do profesorado para impartir as novas ensinanzas –música, tecnoloxía, economía...–, sen esquecer a mellora dos servizos dos centros.

Así, unha tarefa importante nos vindeiros anos vai ser o traballo para fixar, como xa se ten feito cos de educación infantil, educación primaria e educación secundaria, o deseño curricular das materias do bacharelato, as secuenciacións e a elaboración de unidades didácticas e materiais de apoio das diferentes materias –destaco que xa se ten feito nos outros ciclos–. Así mesmo, estas novas ensinanzas obrigarán a unha reciclaxe do profesorado en exercicio, por entender que toda posibilidade de reforma e mellora do sistema ten que pasar necesariamente pola oportunidade de formación das profesoras e dos profesores.

No nivel da ensinanza universitaria é de obrigada referencia o grande esforzo presupostario –que hai que ser claros, está neste momento no 0,8 % do PIB galego, moi por riba do nivel medio español– que fixo o Goberno da Xunta para, trala segregación da Universidade de Santiago de Compostela, conseguí-lo asentamento de dúas novas universidades, como son as da Coruña e Vigo, e os seus respectivos campus, ás que se lles dedicou especial atención na anterior lexislatura, dado que a situación na que se atopaban trala segregación distaba moito do que hoxe representan xa no conxunto do sistema universitario de Galicia.

Queremos para Galicia unha universidade de calidade, identificada dentro do sistema universitario e definida con autonomía dentro do marco legal establecido. Para isto, o Goberno asumiu dinamicamente o Plan de financiamento, orientándoo cunha filosofía específica para os investimentos, a creación de servizos e a investigación e docencia, de xeito que estamos corrixindo os desequilibrios cos que partiron os campus na súa orixe e atallando as disfuncionalidades derivadas dos axustes dos plans ás circunstancias concretas e reais de cada ano.

Neste nivel de educación insistirase, por parte do Goberno, na mellora non só das institucións universitarias, senón tamén dos seus docentes e das súas oportunidades investigadoras, sen esquecer-la mellora da calidade da oferta de postos escolares para tódolos galegos e galegas que teñen capacidade e vocación universitaria.

Apoio á familia

O Goberno vai impulsar unha decidida política de apoio á familia como unidade básica da sociedade e garantía do desenvolvemento e benestar das persoas.

Nesta lexislatura, que comenza co Ano Internacional da Familia –así designado polas Nacións Unidas–, desenvolverase un plan integral de apoio a esta venerable institución, que se impulsará a través dunha comisión delegada da Xunta de Galicia e que terá como grandes eixes de actuación: promove-la autonomía familiar concretando medidas de apoio á familia, posibilita-la compatibilidade entre familia e traballo, apoio especial ás familias menos favorecidas e proposta de medidas ó Goberno central, nas áreas da súa competencia, en canto que a política familiar é unha política de Estado.

É preciso unha concienciación da sociedade e un esforzo de todos a prol dunha real e efectiva política de apoio á familia, non só pola súa función

esencial na sociedade, senón tamén como instrumento axeitado para inverte-la tendencia da evolución demográfica, ben fraca hoxe e ben preocupante, da nosa Comunidade e que constitúe a principal ameaza –penso eu– para o futuro de Galicia como pobo.

No marco da política familiar, quero dedicarles unha atención especial ós seguintes colectivos que requiren estratexias singulares:

a) Infancia:

O obxectivo específico é desenvolver un sistema público de protección á infancia en Galicia que persiga, entre outros, os seguintes obxectivos:

Incidir nas situacións de risco, favorecendo o desenvolvemento de programas e recursos que actúen na liña de protección.

Proporcionarlles ós menores, en situación de dificultades sociais, os medios necesarios para o seu desenvolvemento integral, fortalecendo a capacidade das familias para atender-los seus fillos de maneira satisfactoria.

Contribuír a unha xestión máis racional dos recursos existentes, mediante a ordenación e integración de tódolos programas.

Conciencia-la sociedade sobre a problemática do menor e potencia-la responsabilidade e a resposta colectiva.

Establecer unha cooperación eficaz cos axentes sociais e coordina-las actuacións das distintas administracións.

b) Xuventude:

Resulta obvio afirmar que o futuro dun país está na súa xuventude. Para conseguilo grande obxectivo da integración e participación efectiva da xuventude na vida política, social, económica, cultural e laboral que recolle o artigo 48 da Constitución española é preciso unha acción global de goberno que coordine as políticas de tódalas áreas da Administración.

Ademais do Plan de emprego xuvenil xa mencionado, desenvolveranse as seguintes accións:

Creación dunha rede de centros de información xuvenil, ben propios ou concertados.

Propiciarase a participación dos mozos nos programas culturais e educativos, promovendo para iso a realización de convenios con entidades financeiras, universidades, medios de comunicación, etc.

O lecer, o tempo libre da mocidade, segue a ser un obxectivo prioritario de acción. Para iso seguirase a traballar na formación de monitores, animadores e

directores xuvenís, optimizándose o nivel de funcionamento e ocupación da importante rede de acampamentos, albergues, campos de traballo e residencias con que conta a Xunta de Galicia. Pontenciarase a creación e desenvolvemento das escolas de tempo libre, e seguiranse a organizar viaxes turístico-culturais para a xuventude.

Se queremos que Galicia, desde a súa personalidade, teña algo que dicir e que aportar na construción europea é fundamental fomenta-la realización de intercambios bilaterais e multilaterais con países do noso contorno e con aqueles outros nos que a presenza galega é importante, co fin de permitirlle á xuventude de Galicia establecer contacto con outras persoas, así como coñecer outros xeitos de vivir e outras culturas.

c) Muller:

O obxectivo da acción de goberno é facer desde o seu ámbito de responsabilidade todo o preciso para conseguirla plena igualdade da muller co home nunha sociedade harmónica.

Como liñas básicas de actuación están: promover unha maior participación social da muller, favorecer-la súa integración laboral, a promoción especial da muller traballadora e a proposta de medidas ó Goberno central para facer efectiva unha política máis xusta e solidaria para a muller.

d) A terceira idade:

Continuando o esforzo da lexislatura, que, entre outros logros, permitiu pasar de 1.226 prazas na rede pública de centros e servizos sociais para a terceira idade en 1989 a máis de 2.400 prazas en 1993, levarase a cabo na próxima lexislatura un plan autonómico para a terceira idade como medio de proporcionarlles ós nosos maiores os medios suficientes que lles permitan gozar dunha atención social, persoal e permanente que evite o illamento e o desarraigamento, posibilitando a participación plena na vida familiar, cultural, económica e social.

Rexeitamos de cheo a consideración da terceira idade como unha carga financeira e social; pola contra, defendemos que a plena integración dos maiores contribúe positivamente a resolver moitas carencias e permite o mellor uso dos recursos dispoñíbles.

As necesidades socioasistenciais dos maiores trátanse dun modo integral, como unha política específica, á vez que integradora, da vellez. Neste contexto potenciaranse as seguintes accións:

Aprobación da lei pola que se estableza o estatuto das persoas maiores na Comunidade Autónoma galega.

Programas destinados a favorece-lo mantemento do ancián no seu medio (axuda a domicilio, acollemento familiar, creación de centros de día, telealarma domiciliaria, atención alimentaria, estadias temporais, apoio á familia, axudas técnicas individuais, etc).

Programas de vivendas propias mellorando o acceso ás mesmas e a súa habitabilidade, e os de acollementos alternativos mediante a creación de pisos tutelados, apartamentos vixiados e vivendas compartidas.

e) Minusválidos:

Creación de centros ocupacionais comarcais para minusválidos psíquicos que traten de «habilitar profesionalmente» as persoas ás que o seu grao de minusvalía lles impida a incorporación ó mundo do traballo e actúen como axentes de socialización mediante o desenvolvemento de programas que permitan unha maior autonomía posible e a promoción de tódalas capacidades que fagan viable a incorporación do minusválido á vida social.

Creación de centros para minusválidos gravemente afectados pola profundidade da súa diminución e que non se poidan integrar en centros ocupacionais.

Favorece-la integración dos minusválidos a tódolos niveis, ademais de evita-lo illamento persoal e fomenta-la participación das persoas con minusvalías no seu medio sociocultural.

Establecemento do marco legal para potencia-las medidas destinadas á eliminación dos atrancos arquitectónicos urbanísticos, do transporte e da comunicación que dificulten ou impidan a participación dos minusválidos na sociedade.

Puxemos en marcha, por primeira vez, unha política deportiva de carácter global, adaptada ó proxecto modernizador deseñado pola Xunta para toda Galicia e orientada cara a un esforzo común pola vertebración e desenvolvemento integral da nosa Comunidade Autónoma.

Para iso intentamos conxuga-las facetas técnicas e específicas do deportivo, cunha visión global de Galicia, respectando a nosa propia realidade e escoitando a tódolos axentes deportivos involucrados no feito deportivo galego.

O rigor e a seriedade desa planificación deportiva, levada esta a cabo a través da coordinación do esforzo investidor de tódalas institucións, foron decisivos para superar en solitario –e, por certo, sen a solidariedade do Goberno central– o atraso deportivo ó que Galicia fora relegada.

Imos seguir apostando por mante-los maiores niveis de oferta de instalacións deportivas para a poboación galega e a máxima cobertura dos usuarios e deportistas, facilitando o acceso doutros grupos e integrando deporte e saúde e deporte e terceira idade, e prestaremos unha especial atención á xestión e rendibilidade dos equipamentos creados, sempre con criterios de total profesionalidade, co único obxectivo de facer un deporte de todos e para tódolos galegos.

O Plan director de infraestruturas, xa en marcha, terá en conta novas variables, como a dimensión xeográfica dos municipios, o seu sistema de asentamentos, a estrutura de idades e outras circunstancias que inciden sobre a posibilidade de facer deporte. Ademais, imos valora-la posición de cada concello nun contexto comarcal.

Debemos profundar todos xuntos no modelo deportivo e de xestión que rendibiliza o noso esforzo investidor; para iso, a lei galega do deporte suporá o instrumento necesario que delimite o ámbito de competencias e as canles a seguir polas institucións públicas e privadas, para seguir facendo do deporte galego unha das bandeiras de progreso de toda a sociedade.

A prioridade sanitaria

A política sanitaria de Galicia, de plena responsabilidade da Xunta desde que en 1991 se produce a transferencia dos servicios do Insalud á nosa Comunidade, mereceu do meu Goberno, como non podía ser menos, na lexislatura que acaba de rematar, unha atención prioritaria. Non é cousa de cansar neste intre ás súas señorías cun relato de feitos, polo demais coñecidos, que acreditarían o que veño dicir. Sendo eu e o meu partido conscientes de que tamén neste sector, mesmo sendo moito o realizado, aínda é moito o que queda por facer, e que Galicia, con dotacións humanas e materiais, segue en conxunto por baixo da media nacional, non imos deixar de insistir –con ocasión ou sen ela, e máis se se nos ofrece, como fixo a señora ministra de Sanidade– en acurta-lo prazo previsto para achega-la aportación do Estado á que temos dereito segundo a nosa poboación protexida.

Convirán comigo as súas señorías en que, aínda sendo así as cousas e estando claro para todos que unha boa sanidade é un ben público irrenunciable, queda aberto ante ese grande obxectivo todo un abano de accións para acadalo. A propia evolución do concepto de ben público, o seu tratamento efectivo e as propias restriccións presupostarias invítannos a un exercicio de imaxinación para canalizar con eficiencia e eficacia as enormes contías de gasto que unha desexable atención sanitaria merece.

Aínda persisten en Galicia, como en tódalas partes importantes, problemas de saúde ou xorden con forza outros novos como a sida ou as drogodependencias. Os galegos viven cada día máis e mellor, pero un número significativo deles morre prematuramente ou presenta importantes secuelas como consecuencia de enfermidades hoxe en día potencialmente evitables. Moitos médicos e centros de saúde dan unha asistencia admirable, pero non tódolos concellos de Galicia dispoñen por igual dunha atención primaria de calidade. Os nosos hospitais teñen todos un bo nivel e algúns –destacados en transplantes de ril, de corazón ou de médula– figuran entre os mellores de España, pero temos lagoas para o adecuado e puntual tratamento de patoloxías oncolóxicas e cardiovasculares. Algunhas comarcas aínda están afastadas dabondo do seu centro hospitalario, e a masificación e outros problemas de funcionamento da nosa rede sanitaria tradúcense aínda en longas esperas para intervencións cirúrxicas, consultas ou probas diagnósticas e outras molestias ou deficiencias que reducen a calidade do servizo que se lles presta ós galegos.

Eu e o meu Goberno propoñémonos continuar na actuación decidida en todos estes campos ó servizo da saúde dos galegos.

O cancro ocasiona a cuarta parte das mortes e algo máis dos anos potenciais de vida perdida por debaixo dos 65 anos.

O Goberno propónse potenciar ó máximo os servizos de oncoloxía en Galicia. Rematarase no menor tempo posible a instalación dos aceleradores lineais xa proxectados na Coruña e dotarase doutra instalación de aceleradores lineais xa proxectada no Hospital do Meixoeiro de Vigo, no Centro Oncolóxico da Coruña e no Hospital Xeral de Galicia, en Santiago. Ó mesmo tempo, continuarase, coa maior dilixencia, co Programa de detección precoz do cancro de mama e de loita contra o tabaco –responsable este de máis do 80 % das mortes por cancro de pulmón–, que se desenvolve en colaboración coa Asociación Española contra o Cancro. O cancro de colon e o de colo uterino serán tamén obxecto de programas especiais.

As enfermidades cardiovasculares, as drogodependencias, a sida e a hepatitis B, a tuberculose e tódolos demais problemas –ata dezasete– que o Plan de saúde considera prioritarios, e coa énfase que nel se pon nos aspectos da prevención de enfermidades e da promoción da saúde, merecerán tamén unha atención especial.

O meu Goberno propónse, igualmente, completa-las infraestructuras sanitarias de Galicia, concluíndo a construción de centros de saúde e rematando

todo isto nesta lexislatura: as obras dos hospitais de Santiago de Compostela, do Barbanza, do Salnés e da Costa da Morte.

Proponse, así mesmo, avanzar significativamente na implantación do novo modelo de atención primaria, de xeito que sexan cada día máis os municipios de Galicia que dispoñan de médicos con presenza continua nos centros de saúde, con programas de prevención e promoción da saúde, con atención materno-infantil e asistencia social e, cada vez máis, tamén, as cabeceiras de comarca que dispoñan de servizos de Odontoloxía, Fisioterapia, Saúde Mental e Orientación Familiar. A atención de Urgencias disporá, cada vez máis, de presenza médica permanente no propio municipio ou en puntos non moi afastados da poboación e con teléfono de chamada gratuita para obter unha visita ó enfermo necesitado ou o transporte sanitario cando así o requira.

En relación cos hospitais, o Goberno que me propoño establecer, ademais do que xa se dixo sobre a oncoloxía, propónse completa-lo dispositivo de cirurxía cardíaca cun novo servizo desta natureza en Vigo e continuar na liña de melloras dos seus medios humanos e materiais e de achegamento dos especialistas ós cidadáns nalgúns cabeceiras de comarca. Unha cada vez máis forte vinculación dos hospitais e os centros de atención primaria da súa área será un obxectivo permanente.

A difícil situación económica pola que atravesamos o país e a imposible renuncia a mellora-la calidade dos servizos que lles ofrecemos ós cidadáns, e incluso a atender necesidades obxectivables e que, de momento, non están satisfeitas, fai conxunturalmente apremiante o que viña sendo xa unha necesidade estrutural imposta polo crecemento dos gastos sanitarios, a de chegar ó teito da capacidade productiva dos recursos existentes e velar ó máximo pola eficiencia de calquera novo investimento.

O primeiro que imos facer é poñer baixo unha mesma e directa responsabilidade a sanidade e os servizos sociais. A Comunidade Autónoma herdou do Estado, nos seus respectivos procesos de transferencias, redes independentes de sanidade e de servizos sociais. Penso, sen embargo, que estas dúas redes son complementarias e deben de traballar conxuntamente na prestación de servizos ós cidadáns, e aínda máis en Galicia, onde un dos colectivos que máis se pode beneficiar desta medida pola súa maior frecuentación dos servizos sanitarios e necesidade de atención social é a poboación maior de 64 anos, en continuo ascenso.

Do mesmo xeito, esta coordinación beneficiará a outros colectivos, como os minusválidos, que van ver mellora-las súas prestacións asistenciais.

Pola mesma orde de consideracións pedimos, unha vez máis, a transferencia dos servizos sanitarios do ISM –cuestión, ademais, implícita nas nosas demandas de Administración única– e pedimos facilidades, que non temos, para un aproveitamento máis coordinado dos medios dese instituto sen agardar á transferencia.

En definitiva, 1) ampla capacidade de elección por parte do cidadán, que inclúa tamén a oferta privada, 2) novo modelo de atención primaria, 3) autonomía de xestión, por parte das institucións, coa mellora nos procesos de xestión aproveitando os últimos avances informáticos, 4) fórmulas alternativas á hospitalización convencional: hospitais de día, cirurxía menor e ambulatoria, centros de longa estancia, residencias asistidas, etc., son os catro piares dese proxecto de reforma dos servizos sanitarios, progresivo e profundo a un tempo, no que estamos empeñados, dentro dos principios básicos que deseña a nosa Constitución de universalidade da asistencia, o financiamento público e a solidariedade.

A universalización da tarxeta sanitaria, coa maior liberdade de elección de médico, que vai permiti-la intensificación dos programas de formación continuada dos profesionais, o diálogo cos propios profesionais e as súas organizacións representativas con participación de todos eles e a colaboración cidadá propiciada por unha boa información e educación sanitaria serán outros tantos medios para acadalos nosos obxectivos.

As novas leis de saúde mental, de drogodependencias e, en xeral, de sanidade, que sucesivamente, sen présa pero sen pausa, propoñémonos remitir a este Parlamento para a súa discusión e eventual aprobación, deberán se-lo marco que defina axeitadamente o noso modelo sanitario e que impulse definitivamente os nosos ambiciosos proxectos e iniciativas en orde a conseguir que Galicia dispoña dos servizos sanitarios e sociais que merece.

Vivenda e solo residencial

O desenvolvemento do Plan cuadrienal de vivenda e solo 1992-1995 centrará a maior parte das actuacións neste terreo.

Tendo en conta que as vivendas de promoción pública constitúen o instrumento máis axeitado para dar resposta ás necesidades dos cidadáns máis desfavorecidos socialmente, reforzase o papel do Instituto Galego da Vivenda e Solo como promotor e órgano que xestionará a obtención de solo residencial para construír este tipo de vivendas, mediante a sinatura de convenios cos concellos.

Polo que se refire ás vivendas de promoción privada, aproveitaranse ó máximo as características do sector, incluídas as cooperativas e o fenómeno da autoconstrucción, para converte-la Administración autonómica no gran dinamizador da actividade inmobiliaria en Galicia.

Tamén se potenciará a rehabilitación urbana e a rehabilitación do medio rural, así como a colaboración ofrecida ós concellos para os programas de in-fravivenda e chabolismo.

Outro dos cometidos será a preparación de solo residencial, base do desenvolvemento de novos plans de vivenda e que permitirá a posta no mercado de soares a un prezo razoable, evitando as accións especulativas. Estas actuacións de solo residencial centraranse fundamentalmente nos concellos con poboación superior ós 25.000 habitantes e nas áreas de influencia das sete grandes cidades de Galicia, mediante a sinatura de convenios cos gobernos locais para a cesión de solo. No resto dos concellos actuarase, polo xeral, adquirindo os terreos directamente, sempre e cando exista unha clara xustificación. O Parlamento alegrarase de saber que, con Valencia, somos, por declaración oficial de Madrid, a primeira das comunidades españolas na execución dos plans de vivenda.

Unha das aspiracións básicas dos cidadáns é a de sentirse protexidos en situacións nas que a súa vida ou os seus bens están ameazados dalgún dano.

Para dar resposta a esta aspiración, o Goberno galego na pasada lexislatura, e a partir de mínimos, creou unha infraestrutura de protección civil na que destacarémo-lo servicio SOS-Galicia, que, ademais de atender miles de chamadas en solicitude de axuda, gracias á súa dilixencia na mobilización de medios, salvou a vida a moitas persoas. A ampliación da capacidade de resposta e o reforzamento dos medios técnicos de comunicación e de información será un dos obxectivos prioritarios nesta lexislatura.

O proverbial sentimento de solidariedade do pobo galego nas desgracias dos demais supuxo que miles de persoas traballen de forma desinteresada a prol dos seus semellantes, para axudalos en situación de emerxencia. Felicito a eses voluntarios exemplares. Este potencial humano, coordinado cos corpos profesionais, está permitindo a implantación do Plan territorial de protección civil da Comunidade Autónoma de Galicia, co que se establecerá a estratexia axeitada para afrontar todo tipo de risco.

A partir do plan territorial, os plans sectoriais –moitos deles xa en marcha– perfeccionarán o sistema, destacando os plans municipais que permitirán a

potenciación dos servizos municipais de protección civil, verdadeiras avanzadiñas nas actuacións para lles facer fronte ás emerxencias. Estes servizos municipais recibirán axudas técnicas e económicas da Xunta, establecéndose os correspondentes convenios de colaboración.

En canto ó salvamento marítimo, que o avance fose incuestionable non debe permitir baixa-la garda. Queda aínda un importante labor de mentalización en canto ó uso de sistemas de seguridade por parte dos mariñeiros, polo que se seguirán a efectuar tódolos labores de formación e divulgación necesarios.

Dentro das posibilidades presupostarias, por outra parte, continuarase a dotación e mellora dos medios empregados nas tarefas de salvamento e proseguirase igualmente a loita nos foros internacionais adecuados, en orde a lograr unha normativa sobre tráfico marítimo que aumente e garanta a seguridade nas nosas costas.

A estabilidade do modelo

A nosa acción de goberno estará presidida por un galeguismo constructivo, comprensivo da realidade española e europea e aberto ás novas correntes culturais; un galeguismo que procure que na idea española e europea teña cada vez máis forza o feito galego; un galeguismo aberto e tolerante, que cultive as nosas raíces e saiba incorpora-lo novo; un galeguismo, en fin, popular, que recolla as tradicións humanistas, defenda a iniciativa privada e rexeite o dirixismo, porque o poder político debe facilita-lo desenvolvemento do home, da sociedade e da economía, preservando ó mesmo tempo a liberdade individual.

Na nosa intención está o logra-la necesaria estabilidade do modelo autonómico, unha estabilidade que terá que xirar sobre tres premisas fundamentais: a fidelidade institucional, a definición do mapa competencial e a reivindicación de lugares de encontro institucionais onde as autonomías discutan problemas en común e enraícen a súa solidariedade.

Trátase de abandonar posturas que poñan periodicamente en cuestión a unidade básica do Estado, creando inquedanzas, tensións e liortas que enraizan a convivencia política, porque a democracia española é posible gracias, entre outras cousas, a un sistema de autonomías que arranxe o secular problema das nacionalidades e rexións, e a Autonomía galega é unha consecuencia da democracia española, é o resultado da pertenza do noso país a unha España libre, plural e europea.

E, enraizado neste concepto de lealdade e de fidelidade institucional, débese profundar no desenvolvemento dunha racional definición do mapa competencial actual, tomando como punto de referencia a proposta que foi presentada nesta mesma Cámara.

Trátase de que as autonomías asuman competencias administrativas que hoxe están duplicadas, coa conseguinte confusión e carestía que iso supón. O proxecto que se apoia no artigo 150 da Constitución non busca desposuí-lo Estado das súas competencias, senón racionaliza-lo seu exercicio levándoas ó plano autonómico, provincial ou municipal. O dereito constitucional comparado recolle a experiencia de varias nacións de natureza federal –caso de Alemaña, por exemplo–, nas que o Estado federal actúa nos estados federados sen necesidade de contar cunha administración periférica de seu.

Polo tanto, esta fórmula é perfectamente constitucional, está avalada por outras experiencias foráneas, constitúe un desenvolvemento lóxico do actual Estado autonómico e fomenta a corresponsabilización das rexións nas cuestións de ámbito nacional.

Por outra parte, a idea dunha Administración única ten un complemento necesario e imprescindible na conversión do Senado nunha Cámara de debate territorial e na posta en marcha dun foro permanente de encontro dos presidentes autonómicos.

Trátase de estabiliza-la organización territorial do Estado eliminando o permanente regateo competencial, aforrando burocracia, evitando preitos e recursos e intensificando a solidariedade e a comunicación entre os pobos españois. É unha iniciativa responsable que tenta supera-lo continuo parcheo cun esquema que podería ter unha longa e fructífera vixencia.

Cun galeguismo moderno e constructivo –como o que propoñía hai poucos días o noso presidente–, cun marco constitucional e administrativo axeitado que permita ordena-los nosos asuntos aquí e influír nas decisións que se forxen en Madrid ou Bruxelas, e, sobre todo, coa confianza en nós mesmos, o país galego contará coas condicións máis favorables para acada-la prosperidade e o desenvolvemento.

O financiamento das comunidades autónomas é unha das materias pendentes no desenvolvemento do Estado das autonomías. Se ben é xusto recoñecer que no establecemento do mapa autonómico e na súa consolidación se conseguiron logros significativos en espazos de tempo relativamente curtos, non se avanzou á mesma velocidade en materia de financiamento.

O financiamento do sector público español nunca se deseñou desde unha perspectiva de conxunto, fóronse dando solucións illadas en cada momento, pero sen unha perspectiva globalizadora na que se defina cara a onde se quere ir en materia de financiamento.

É aínda hoxe o día no que se descoñece, por unha parte, e como xa levo apuntado, o modelo ó que se pretende chegar, e, pola outra, e non menos importante, o volume de recursos que necesita cada Comunidade Autónoma para a prestación dos servizos públicos, que é o tema clave.

Non cabe dúbida, sen embargo, que nesta materia se teñen dado pasos, e tralo desaxuste do modelo financeiro das comunidades autónomas acordado en 1986, chegouse ó acordo mellorado en 1992, no que se produciron avances, aínda que o modelo continuou adoeendo dunha presentación –como digo– globalizadora de futuro.

Quedaban pendentes neste acordo cuestións tan importantes como a solidariedade ou a autonomía financeira, cuestión esta última sobre a que se tratou de chegar a un acordo que, como noutras ocasións, non respondía a unha presentación globalizadora senón á necesidade inmediata de responder ás reivindicacións financeiras dalgunhas comunidades autónomas por razóns políticas inmediatas.

Así, a proposta da Administración central de participación nun tramo territorializado do IRPF é máis unha ilusión óptica ca un incremento real da corresponsabilidade verdadeira das comunidades. É unha proposta artificiosa que, envolta nun vocábulo chamativo, encerra un principio contra o que non se pode estar en desacordo, mais non lles proporciona maiores graos de responsabilidade ás comunidades autónomas na obtención dos recursos que precisan para xestionar os servizos públicos, senón que, máis ben, proporcionan recursos adicionais, sen que se saiba ata o de agora se estes son ou non suficientes para a prestación destes servizos.

Galicia non podía estar de acordo, e así o puxo de manifesto co seu voto en contra no seo do Consello de Política Económica e Social, cunha fórmula que non incrementa en absoluto a autonomía financeira ou a corresponsabilidade fiscal, xa que a xestión e a capacidade normativa seguen a estar en mans totalmente da Administración central.

Á marxe da dubidosa legalidade –e mesmo diríamos que constitucionalidade– da fórmula adoptada, ráchase cualitativamente o modelo, esquecendo, ademais, os aspectos da solidariedade.

O acordo recollía, sen embargo, un apartado que si temos que considerar positivo e que veu sendo reivindicado precisamente sempre por esta Comunidade desde hai anos: a elaboración dun libro branco sobre o custo de prestar servicios, cuestión, para nós, anterior a calquera outra no deseño dun modelo de financiamento.

Cómpre, ante todo, coñecer canto custa prestar servicios similares en cada territorio, e este volume de recursos estará determinado polo número de usuarios destes servicios, así como polas peculiaridades propias de cada Comunidade —espallamento da súa poboación, insularidade, zonas de montaña, etc.—, que determinan o custo de cada servicio.

Entendemos que só unha vez coñecido este custo é o momento de deseñalo modelo para financialo e, desde logo, para nós é preferible que as comunidades recaden os recursos que necesitan a que dependan das transferencias desde a Facenda central. É dicir, somos firmes partidarios, non xa só da corresponsabilidade, senón da plena autonomía financeira, pero iso esixe presentacións rigorosas, repousadas, e non remedios de urxencia, e todas sobre o principio publicamente aceptable da solidariedade.

Isto, que é así para as comunidades autónomas, tamén serve —quero ser claro— para o financiamento das corporacións locais. É dicir, ou se reconsidera o financiamento de todo o pobo español, de feito que o deseño sexa coherente e compatible nos seus diferentes niveis: central, autonómico e local, ou seguiremos a poñer parches de urxencia que, de ningún xeito, solucionan os problemas de fondo do financiamento, tema clave para a estabilidade constitucional.

Chegados a este punto, considero que haberá que reconsidera-la distribución de competencias destes tres niveis de facenda ós que me refiro, facendo plenamente efectivo o principio de subsidiariedade, recoñecido na nosa normativa básica e no dereito europeo vixente e, ó mesmo tempo, evitando duplicacións custosas e innecesarias.

Só desde unha perspectiva integrada do financiamento público cabe, pois, revisar tanto o financiamento autonómico coma o da facenda local. Ou se opta pola autonomía financeira e a responsabilidade, ou acabaremos caendo nas tutelas. A dinámica do gasto público non pode nin debe desenvolverse á marxe dos controles políticos que garantan a súa responsabilidade, a súa oportunidade e a súa eficacia.

Polo tanto, desde Galicia, desde esta nosa Comunidade Autónoma, seguiremos reivindicando e traballando para lograr un deseño global do financiamento

autonómico no que se respecten os principios de suficiencia, autonomía e solidariedade que posibiliten un modelo estable e coherente.

Polo que se refire ás corporacións locais, cómpre potencia-las asociacións de diverso tipo entre estas facendas co obxecto de mellora-la prestación dos seus servizos e reduci-los custos medios por usuario. Asociación e coordinación da facenda local son as dúas áreas nas que as comunidades autónomas teñen unha importante responsabilidade, niso estamos a traballar, e podo dicir que nuns meses presentaremos ante esta Cámara un proxecto de lei regulando as relacións entre as distintas facendas territoriais de Galicia. É un terreo importante, onde as comunidades autónomas teñen moito que facer malia as limitacións que introduciu a lexislación estatal neste terreo.

Tamén esta lexislatura comeza coa posta en marcha do Comité das Rexións, previsto no Tratado da Unión Europea. Permítanme as súas señorías unhas breves reflexións ó respecto.

A primeira é que a súa creación revela a crecente penetración do feito rexional na realidade política e económica da Comunidade/Unión Europea.

Na realización das súas funcións, as institucións europeas, enténdase o Parlamento –que moi pronto terá eleccións, e quero recordar unha vez máis aquí que son eleccións importantes–, o Consello e a Comisión, estarán asistidas por un Comité das Rexións con funcións consultivas. O Tratado de Maastricht crea, pois, un novo órgano de natureza rexional. Esta é unha novidade importante, é a primeira vez que un corpo desa natureza aparece na estrutura das institucións europeas. O seu precedente inmediato era un Comité Consultivo das Rexións e dos Poderes Locais, do que me honrei en formar parte ata hoxe, creado pola Dirección Xeral de Política Rexional, e do que as súas opinións pouco transcendían ó conxunto do proceso lexislativo comunitario. O novo Comité das Rexións si é, pola contra, un novo órgano para dar expresión ós intereses rexionais no conxunto da Unión Europea.

Hai unha serie de ámbitos enumerados expresamente no tratado sobre os que non se pode aprobar lexislación comunitaria sen previa consulta ó Comité das Rexións. Estes ámbitos son: a política rexional e todo o que se refire ós fondos estruturais; as chamadas redes transeuropeas (transportes e telecomunicacións), tan importantes para Galicia; a promoción da cultura; a promoción da educación, e saúde pública.

Desde agora mesmo quero anuncia-lo meu propósito de traballar seriamente nunha decidida presenza xunto con tódalas comunidades no Comité das Rexións. Coido que a nosa presenza nel vai enriquecer unha relación

de dobre sentido ó permitir facer chegar mellor as opinións e os intereses de Galicia a Bruxelas e tamén nos vai permitir ver de máis preto e con maior detención as posicións da Comunidade Europea sobre moi variados temas. As dúas cousas son positivas e as dúas van requirir un esforzo saudable.

Esta presenza de Galicia no Comité das Rexións europeas vai, polo demais, no mesmo sentido que outras novidades que se anuncian. O desenvolvemento do Estado das autonomías vai chegar a unha nova fase durante esta lexislatura do noso Parlamento. Xa me teño referido ó libro branco que inclúe a reforma do Senado, á Conferencia dos Presidentes das Comunidades Autónomas, ó Consello Económico e Social, á Administración única e á participación das rexións na Unión Europea que faremos público moi pronto. Practicamente todos estes puntos relaciónanse cos traballos que lle agardan ó Comité das Rexións e os cambios que apuntan van na mesma dirección. Haberá, polo tanto, unha sinerxía que axudará a avanzar e a face-las cousas ben e a un ritmo razoable.

Autoidentificación cultural

Galicia como pobo aséntase nun sentimento comunitario coherente que fai que un conxunto social se defina e autoidentifique a través da lingua, as crenzas, os costumes e as maneiras de vivir e se desenvolva como un todo unitario diferenciador, pero non necesariamente enfrontado a outros conxuntos sociais, senón colaborador e solidario.

A identidade colectiva nace dun fondo sentimento de pertenza a unha comunidade e baséase na liberdade de elección dun espacio que se define por unhas características históricas, lingüísticas e culturais concretas.

Como dixo o noso recordado amigo Ramón Piñeiro no acto da constitución do Consello da Cultura Galega: «**Toda comunidade humana dotada de personalidade colectiva e de conciencia viva da súa identidade sentirá a necesidade de expresalo mediante unha creación cultural xenuína**». E engade: «**Un pobo verdadeiro ten necesidade de dar resposta creadora, orixinal, ás esixencias que lle veñen impostas polo medio e polo tempo no que vivimos**».

Non temos dúbida de que na nosa Galicia se dá, como en poucos lugares, «a unidade do pobo e do país», da paisaxe e da sociedade que o humanizou. O condicionamento do medio natural empuxounos sempre ó espaxamento da poboación en pequenos núcleos, ó tempo que determinou unha dualidade cultural, mariñeira e campesiña; aquela máis aberta e dinámica, esta máis estática e conservadora sobre si mesma.

Aínda que Castelao contrapón tradición e historia, consideramos que a cultura galega é un exemplo maxistral de acumulación e enriquecemento a través de diversas fases, pero sen ningunha ruptura fundamental.

Romanización, cristianización, medievo, rexurdimento, todo se sostén e encaixa. Murguía, hai máis dun século, advertíanos de que «**moi poucos pobos coma o galego souberon conservar a través dos tempos máis pura e máis constante a súa fisionomía**».

Se nos podemos chamar galegos é porque posuímos unha cultura de noso que nos identifica, nos marca e nos singulariza con respecto ós demais pobos do noso contorno. A nosa historia como pobo remóntase á noite dos tempos e baséase na lingua –o noso medio natural de comunicación e no que expresámo-los sentimentos máis fondos–, e nas diversas manifestacións culturais que nos enriquecen. Lingua, música, arte, teatro, baile..., estas son algunhas das principais características que conforman a esencia do ser mesmo de Galicia.

Non quixeramos avanzar máis sen facer referencia especialmente á consolidación e normalización da lingua propia, a galega. Este é o feito fundamental, cerne e esencia do noso proceso cultural: o galego falouse, fálase e falarase en Galicia e noutras terras, e certamente en calquera lugar no que se atopen galegos. Foi a cultura tradicional galega, ligada ó ritmo das sazóns, das colleitas e das sementeiras, a que sostivo durante séculos o idioma galego, que nos define peculiar e xenuinamente.

Está claro, pois, que en galego temos que sentir e pensar se queremos ser considerados na Europa dos pobos e no mundo. Por iso andamos a procurar, por tódolos medios, que os galegos coñezan e dominen a súa propia lingua, que a usen sen complexos –nin de inferioridade nin de superioridade–, sen afán de confrontación, senón máis ben con orgullo e con espírito de acadar cadaquén a súa propia realización como persoa e como galego.

O aumento importante no orzamento dedicado á potenciación e extensión da lingua galega permítenos agora establecer novos enfoques e intensificar outros proxectos cara ó noso ideal de bilingüismo digno co que se impulsa a capacidade de comunicación do noso pobo.

Nesta lexislatura seguiremos a traballar con renovados ánimos tendo como base tres liñas de actuación: formación, sensibilización e investigación. Intensificaranse as accións formativas non só no interior da nosa terra, senón –como xa se fai– tamén no exterior, onde o galego está a ter unha presenza cada vez máis ampla no mundo social e cultural.

Desde o punto de vista estritamente cultural, Galicia ten que facerse presente en Europa traballando en varias direccións. A experiencia destes anos debe axudar ós poderes públicos que interveñen no campo cultural a situarse nun novo marco de referencia que, aínda que cambiante, se caracteriza pola ampliación da dimensión territorial dos mercados e das expectativas de intercambio e consumo. Deste xeito, facilitarase a elaboración de novas políticas culturais e o deseño de novas estratexias de produción e difusión cultural que contribúan a facer de Galicia un país culturalmente vivo e activo.

Promoveranse, xa que logo, as actuacións culturais nos máis lugares de Galicia que sexa posible mediante a extensión dos circuitos culturais a tódolos concellos de Galicia que queiran participar na súa organización e financiamento, experiencia positiva que implica máis plenamente ós municipios e ós seus responsables na satisfacción das necesidades culturais dos cidadáns ós que serven.

Para facer posible a produción cultural e a súa difusión poñeranse en marcha gradualmente centros como o Centro de Arte Contemporánea de Galicia, xa inaugurado, e o Centro Superior Bibliográfico de Galicia. Ó mesmo tempo, intensificarase a política de construción de espazos polivalentes –casas da cultura, centros xuvenís e centros da terceira idade– naqueles concellos que así o necesiten, integrando deste xeito distintos grupos sociais e de idade nun proxecto común e optimizando os recursos públicos ata conseguir que ningún núcleo de Galicia non teña un espazo no que dar resposta ás arelas culturais e de lecer do pobo.

Consideramos importante manter informados ós distintos profesionais e ó público galego do resto de España, para isto crearanse bases de datos de recursos culturais que recollerán o amplo abano de creadores, axentes culturais, actividades, espazos, etc. O acceso a esta información poderá facerse a través dos puntos de información cultural e do videotex. Por outra parte, de cara ó interior, a Televisión de Galicia e a Radio Galega informarán das máis importantes actividades culturais e outras que teñan lugar en Galicia. A actualización do mapa cultural de Galicia aportaranos información sobre a situación do mercado cultural galego, así como sobre o compromiso das distintas institucións neste mercado. Son precisos estes datos se queremos realizar unha avaliación pormenorizada do funcionamento e actuación dos distintos axentes e institucións na diversidade dos sectores tradicionalmente considerados culturais.

Non se pode configurar unha acertada política de conservación, restauración, rehabilitación e protección do patrimonio cultural galego sen enmarcarse dentro dunha estratexia do proceso de «autoidentificación do pobo galego». Por iso, para unha nacionalidade histórica como Galicia e para un Goberno coma o noso, que entende a autoidentificación como unha razón de ser da mesma, adquire unha prioritaria e vital importancia o que se vén chamar «a posta en valor do noso patrimonio cultural», que foi resistindo gracias ó traballo das antigas comisións de monumentos dos tempos de López Cuevillas, Ferro, Xocas, Chamoso Lamas, Filgueira Valverde...

Por tal motivo, unha segunda fase da nosa acción de goberno nas áreas do patrimonio cultural ten que ser forzosamente continuadora, partindo das altas cotas de sensibilidade e comprensión do significado do noso patrimonio cultural acadadas por mor das tres etapas do proxecto «Galicia no tempo», a potenciación en intensidade e extensión do inventario do patrimonio cultural moble e inmobile, a apertura do Museo de Terra Santa en Santiago de Compostela, o recoñecemento do Museo do Pobo Galego como cabeceira e sintetizador de toda a nosa cultura antropolóxica e etnográfica, e a restauración de elementos significativos do noso patrimonio arquitectónico, e pronto comeza a publicación das actas do Antigo Reino de Galicia, primeiro símbolo eficaz histórico da nosa Autonomía.

Vertebración do territorio

Antes fíxose referencia, cando se falou de infraestructuras, á necesidade de acadar un maior equilibrio entre as distintas zonas do territorio, nun contexto de planificación integral.

O futuro do desenvolvemento das rexións estase a enfocar cada vez máis cara a unha valoración das iniciativas locais e do papel dos recursos humanos. A antiga dicotomía entre o urbano e o rural deu paso a unha formulación sinérxica na que o sistema de cidades e o desenvolvemento rural, lonxe de calquera exclusión innecesaria, ten que formar un todo unitario –xa non hai murallas–, a potenciación do cal permitirá acadar ese maior equilibrio territorial e a cohesión social que resulta cada vez máis necesaria. Ó mesmo tempo, conseguírase un reforzamento das nosas vantaxes comparativas e unha afirmación das nosas singularidades.

Baixo esta perspectiva, o desenvolvemento das nosas comarcas e a dinamización das iniciativas locais constitúe unha estratexia profundamente arraigada na natureza xeográfica e social da nosa Comunidade Autónoma.

a) O desenvolvemento comarcal e local

Existe, ademais, na maioría das rexións europeas, unha demanda crecente orientada á elaboración de plans de desenvolvemento integrado que artellen as políticas de desenvolvemento local coas de medio ambiente e ordenación do territorio, segundo un procedemento de coordinación horizontal e vertical das iniciativas, que permita –á súa vez– unha asignación máis eficiente dos escasos recursos financeiros dispoñibles, que tan importante é nunha etapa de restricción económica coma a actual.

Estes eran xa os principios inspiradores do Plan de desenvolvemento comarcal de Galicia, que deseñamos e experimentamos coa posta en marcha de catro comarcas piloto, e que agora se están a aplicar a outras dezaseis. Son xa, polo tanto, vinte as comarcas que constituímos e nas que estamos a traballar, aplicando un modelo innovador que xa ten suscitado o interese noutras comunidades autónomas e no Consello de Europa.

É certo que isto xa supón un avance nunha das materias pendentes que tiña Galicia, como é a comarcalización, pero non estamos máis que no comezo porque na próxima lexislatura estenderémo-lo proxecto a todo o territorio de Galicia.

Naturalmente que non pretendemos crear unha nova e innecesaria estrutura administrativa, senón que concibímo-la comarca nun sentido moderno, é dicir, coma unha estratexia territorial para reduci-los desequilibrios existentes, desenvolve-lo noso potencial endógeno, mellorar zonas deprimidas do interior ou da costa –que as hai– e protexe-lo medio ambiente; todo iso nun marco de coordinación e cooperación entre as distintas administracións e para deixar, en definitiva, ó futuro, unha Galicia mellor.

É evidente que esta experiencia, ó ser pioneira, produciu resultados desiguais, con importantes avances nalgunhas comarcas e con perfís máis borrosos noutras, pero é esa experiencia, precisamente, a que nos pon en disposición de aproximarnos ós obxectivos expresados.

Hoxe todo o mundo sabe que o desenvolvemento se consegue, ademais de con infraestruturas, equipamento e con políticas sectoriais –imprescindibles en todo caso–, cunha política activa que sirva para dinamizar desde dentro e desde abaixo os factores locais de desenvolvemento e equilibra-las terras.

Todo o mundo sabe tamén do papel clave do sistema de cidades no desenvolvemento socioeconómico dos contornos. E, máis alá do noso contorno rexional, mirando á nosa veciña terra lusitana, desexo subliña-lo noso interese en profundar nunha estratexia territorial e sectorial de cooperación cos nosos veciños do

outro lado do Miño, desde o profundo respecto á soberanía dos respectivos estados da nosa Península Ibérica e aproveitando os recursos comunitarios para tales fins.

Para iso, na seguinte lexislatura, a culminación do modelo levará á implantación de novos instrumentos de acción territorial; en particular, á creación dunha rede de oficinas de desenvolvemento comarcal que, coordinadamente coas corporacións locais, as deputacións e a Xunta de Galicia, a través dun órgano específico, posibiliten incrementa-la participación dos axentes públicos e privados e a posta en marcha dos procesos de dinamización interna que sexan convenientes para xerar novas iniciativas emprendedoras.

b) Potenciación dos nosos concellos:

A potenciación dos concellos de Galicia será un dos obxectivos prioritarios da lexislatura. Se o desenvolvemento local é importante, tamén o é conseguir que as nosas corporacións locais poidan cumprilas funcións e servizos que lles cómpren, de acordo coa nosa Comunidade.

Por iso, na lexislatura, desenvolveremos un conxunto de accións dirixidas a mellora-la súa eficacia, apoiando a informatización integral dos seus servizos, prestándolles asistencia técnica a nivel de consultas, asesoramento sobre mellora de procedementos e normalización de documentos, formación especializada na Escola Galega de Administración Pública e formación selectiva para os policía locais.

Non ignoran as súas señorías que endexamais o financiamento do sector público se ten deseñado desde unha perspectiva de conxunto. O financiamento do Estado, das comunidades autónomas, das facendas locais –como antes dicía– tratáronse como pezas separables, susceptibles de solucións illadas. Este grande erro condiciona *ab initio* a harmonía entre competencias e financiamento nos diversos estratos do sector público, sexa rexional ou local.

De aí, o interese en avanzar cara á efectividade do principio de subsidiariedade como norte para a distribución de competencias e reconsiderar á vez, coherentemente, o financiamento desde unha visión integradora ou, o que é o mesmo, máis recursos e máis autonomía só é compatible con máis responsabilidade.

Dentro desa visión de conxunto, e desde a nosa sensibilidade cara ós problemas económicos e financeiros dos nosos concellos, estamos dispostos a andar polo mesmo camiño, a Xunta e as corporacións locais, o longo treito que aínda queda para resolver en profundidade tan complexos problemas.

Cómpre tamén que reflexionemos sobre os procesos de segregación municipal para evitar que nunha dinámica de atomización non teñan os concellos nin a dimensión nin os recursos mínimos para prestar eficazmente os servizos básicos esenciais. E é preciso, igualmente, reforza-los mecanismos de coordinación e consenso, que teñen como obxectivo os plans de desenvolvemento comarcal, que constitúen o instrumento idóneo.

A Administración pública

Cumpridos os obxectivos que tiñamos marcados na lexislatura anterior de regularización da función pública e informatización da Administración, esta nova lexislatura terá como obxectivo neste eido aproveitar ese enorme esforzo e conseguir realmente que a Administración autonómica cumpra a súa función de servizo ós cidadáns co máis alto grao de eficacia e eficiencia.

Hoxe, a nosa Administración é a única en España que foi quen de facer transparente o seu funcionamento para os cidadáns e tamén a única que converteu en realidade o principio de *ventanilla única*. Hoxe calquera cidadán pode saber quen ten realmente o seu expediente e quen e cando interveu na súa tramitación.

Pero isto non é o final do camiño, senón o comezo dun novo modelo de administración:

A informatización, partindo dun conxunto de funcionarios profesionais e cualificados, ten que nos servir para reduci-los medios de tramitación e darlle unha resposta máis áxil ó cidadán.

A Administración debe, nun proceso continuo, revisa-los seus procedementos para simplificalos e utilizar tódalas técnicas modernas para evitarlles molestias innecesarias ós cidadáns.

Transparencia, eficacia e atención ó cidadán son os nosos obxectivos; posibles grazas ó esforzo feito na lexislatura anterior e que deben converter á Administración galega en líder das administracións autonómicas e situarse ó nivel das mellores administracións europeas.

O profundo cambio tecnolóxico que está a experimenta-la Administración autonómica vai esixir tamén unha reestructuración da distribución do persoal ó servizo da Administración para axustar esta distribución ás necesidades reais dos servizos. Esta reestructuración esixirá un profundo diálogo coas organizacións sindicais e levará necesariamente aparellada a mobilidade funcional con respecto absoluto ós dereitos económicos, medidas que terán que se complementar con outras que garantan, á vez que os dereitos lexítimos

do funcionariado, a necesaria adecuación da Administración ás necesidades reais e á introducción da avaliación ó rendemento como expresión do principio de que a Administración ten que ter en conta a tódolos niveis a eficacia e a eficiencia do persoal ó seu servicio.

A natureza foi certamente pródiga con Galicia; montes, bosques, vales, ríos, costas, rías e praias integráronse nunha terra de inigualable beleza, a terra nai, coa que tódolos galegos se senten intimamente vinculados. Pero a explotación dos recursos naturais, as actividades productivas e o acelerado consumo ocasionaron impactos e xeraron efectos negativos.

Para evitar que se sigan orixinando estes efectos e para recupera-la desexada calidade, a política ambiental do Goberno galego fundamentarase en tres obxectivos: a protección, a restauración e a utilización sostida dos recursos.

O obxectivo da protección lograse mediante accións concretas: a promulgación da Lei de protección do medio ambiente, a esixencia das avaliacións dos impactos ambientais de tódalas actividades, a imposición de medidas correctoras, a creación do corpo de inspectores ambientais e o réxime sancionador por incumprimento da normativa ambiental.

A restauración da calidade do noso medio ambiente suporá o desenvolvemento de plans elaborados e xa iniciados na anterior lexislatura: os plans de residuos de todo tipo, que recollen a súa reciclaxe, reutilización e eliminación; o Plan de abastecemento e depuración de augas residuais; os de restauración das explotacións mineiras, dos ríos e da riqueza cinexética e piscícola; o Plan de defensa contra os incendios forestais, cuns resultados modélicos, e a implantación do Plan forestal.

Co terceiro obxectivo, a utilización sostida, conseguírase compatibiliza-lo aproveitamento dos recursos co goce ordenado dos mesmos. Ademais dos aproveitamentos productivos, terán especial importancia os de carácter recreativo e educativo.

O sendeirismo, o montañismo, as aulas da natureza, a caza, a pesca e tantas outras actividades no medio natural permitirán un goce que se deberá acompañar dun labor educativo, co que se conseguirá un maior coñecemento da natureza, un maior aprecio dos seus valores e, consecuentemente, un desexo de conservación imprescindible para logra-la colaboración de toda a poboación.

A Galicia exterior

A experiencia obtida na lexislatura anterior permitiunos valora-la eficacia duns plans e programas executados neses catro anos de intensa actividade, co

referendo necesario e oportuno, en última instancia outorgado polos destinatarios destas liñas de actuación coa súa exemplar participación electoral.

Estamos xa entrando nun novo período, importante para a Galicia do exterior porque tamén tería que se converter en etapa consolidadora de programas e accións coas súas atencións especiais dirixidas cara á terceira idade e a xuventude, con actuacións singulares no amplo eido socioasistencial, no da cultura e da formación, e no das infraestructuras das nosas institucións, hoxe auténticas embaixadas de Galicia, ademais de punto de encontro dos galegos que residen en máis de trinta países de catro continentes.

A resposta recibida non só avala unha xestión, senón que nos impulsa a profundar nas nosas accións a prol dos galegos residentes no exterior e a intensificalas:

Configurando definitivamente os nosos centros, institucións e sociedades, comunidades descentralizadas de xestión cultural, socioeconómica, formativa e incluso administrativa no nivel que procede e a intensidade de relación que os asuntos esixan.

Reafirmando a presenza e perfeccionando a imaxe de Galicia no exterior, coidando preferentemente aspectos económicos, empresariais e culturais.

Atendendo preferentemente ós aspectos socioasistenciais dos que é beneficiaria, con case que total exclusividade, a comunidade de galegos residentes en Hispanoamérica, área xeográfica onde a idade dos nosos emigrantes supera, nunha alta porcentaxe, a idade media de 70 anos e dos que tantos –hai que dicir– son as débedas da Galicia do interior.

Promovendo novas accións para os mozos descendentes de galegos, tanto nos aspectos culturais e recreativos coma nos de formación e axudas especificamente dirixidas a eles en aplicación dos respectivos plans e programas e da lexislación correspondente.

Fortalecendo a unidade de xestión social co fin de atender as demandas que se suscitan con intensidade crecente en temas preferentemente persoais desde as nosas comunidades no exterior.

Perfeccionando un programa de información no que se recollan criterios obxectivos e concretos de difusión, na Galicia do exterior, da nosa cultura, dos nosos proxectos e realizacións, así como das accións promovidas e impulsadas en e desde as nosas comunidades.

Seguiremos estando en contacto directo coas nosas comunidades nos seus lugares de residencia, sexa cal fose a área xeográfica e país de adopción, informando das nosas actuacións e da xestión de goberno, presentando a

imaxe máis actual e verdadeira da nosa terra e fomentando as súas propias asociacións, mesmo internacionais.

Como síntese, comprométome neste solemne acto –co Goberno que se forme, se así o decide o Parlamento– a ofrecer toda a nosa ilusión e esforzo, a nosa tenacidade e a nosa intelixencia en vigoriza-los nosos programas de actuación dirixidos á Galicia do exterior, reafirmando e fortalecendo a nosa inalterable galegitude a través dos principios de unidade e universalidade que caracterizan o noso pobo baixo a idea permanente de constituí-la Galicia do futuro coa participación de tódolos galegos calquera que sexa o seu lugar de residencia, traballo e convivencia.

E remato, señor presidente e señoras e señores deputados.

Ó solicitar ó Parlamento de Galicia, nos termos previstos no artigo 15 do noso Estatuto, a aprobación do programa de goberno, que tiveron a honra de presentarlles sinteticamente no nome do Grupo Popular, e a investidura do presidente da Xunta, son consciente de asumir unha seria responsabilidade perante este Parlamento e perante o pobo galego ó que representamos. No medio da crise do noso momento histórico quixera ofrecerlles un razoable optimismo, o mesmo que resplandece na máis fermosa e a máis galega das oracións, a salve de san Pedro de Mezonzo, que se alza á esperanza desde este val de bágoas, desde o rexeitamento radical de calquera actitude negativa, rexeitando, coma Rubén Darío, a mensaxe aquela de que hai que abomina-la boca que predí desgracias eternas ou calquera tentación tremendista ou suicida. Lonxe de calquera tentación de sono, o sono do cansazo covarde ou da utopía doada, buscaremos desde o lexítimo orgullo de ser galegos, da conciencia da rexeneración posible, a decisión motivada de facerlles fronte a tódolos desafíos, xuntos e solidarios nunha tarefa responsable de goberno e administración ó servizo de Galicia e de tódolos galegos, os de aquí e os de acolá, os que son e os que van vir. Niso comprometémo-la nosa entrega total e a nosa cordial invitación á participación de todos.

Sei que alguén poderá pensar que nalgún momento desta, inevitablemente, longa exposición –e por iso me escuso– puidemos mestura-las arelas coa realidade do posible. Sen ilusión nada se pode facer, e todo é posible cando un pobo unido e decidido loita por iso.

Moitas grazas.

DISCURSO DA XURA DO CARGO E TOMA DE POSESIÓN DE MANUEL FRAGA IRIBARNE COMO PRESIDENTE DA XUNTA NO SALÓN DOS REIS DO PARLAMENTO DA GALICIA¹

10 de decembro de 1993

Señor presidente do Parlamento galego, señor ministro das Administracións Públicas, señor delegado do Goberno en Galicia, señor alcalde de Santiago, señoras e señores deputados, señoras e señores: señoras e señores deputados, señoras e señores:

Perante o Parlamento de Galicia, recibo con humildade, gratitude e decisión responsable este segundo mandato á fronte da Xunta de Galicia. Comprometo tódalas miñas capacidades e todo o meu esforzo para o cumprimento do que veño de xurar, ampliandoo a calquera xeito de servir a Galicia e ós galegos; e, por suposto, a facelo non en contra de ninguén, senón de modo activamente solidario con tódolos españois, na unión dos europeos e de toda a humanidade que en todas partes recolle ós galegos.

Galicia é unha terra fermosa e chea de posibilidades, pero o seu mérito maior reside na laboriosidade dos nosos homes e mulleres, este pobo é para min indivisible, e ó seu servizo poño o meu traballo e a miña ilusión.

Agradezco profundamente a los votantes este privilegio que generosamente me han dado; gratitud que es aún mayor para todos los que se esforzaron por hacer posible este momento y para tantas personas que se han dignado a acompañarnos hoy en este Finisterre de España, en esta punta de Europa. Para todos, mi esperanza cordial de no defraudarles en su generosa confianza.

Graciñas a todos, e que Deus e o Apóstolo nos axuden para o mellor servizo da Patria.

1. Manuel Fraga combinou o galego e o castelán neste breve discurso.



Jerónimo Saavedra, ministro das Administracións Públicas, foi o representante do Goberno central na toma de posesión de Fraga como presidente da Xunta no Parlamento de Galicia.



Xunto a Fraga encabezaron o acto, de esquerda a dereita, Domingo García Sabell, delegado do Goberno en Galicia; Victorino Núñez, presidente da Cámara, e Xerardo Estévez, alcalde de Santiago de Compostela.

COMPARECENCIA DO PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA PARA INFORMAR SOBRE AS RAZÓNS DA CRISE ABERTA COA DEMISIÓN DO CONSELLEIRO DE INDUSTRIA E COMERCIO, JUAN FERNÁNDEZ, A INICIATIVA DO GRUPO DOS SOCIALISTAS DE GALICIA

10 de maio de 1994

Señor presidente, señoras e señores deputados:

Comparezco con moito gusto, a petición do Grupo dos Socialistas de Galicia, aínda que podería ter dúbida de que a proposición maior, é dicir, que se producise unha crise na Xunta de Galicia, fose exacta. Crise existe cando nun goberno de coalición un dos partidos decide abandona-la maioría; crise pode darse se dentro do partido con maioría –como é o caso desta lexislatura– algúns dos seus membros decidisen votar en contra ou pasar ó Grupo Mixto; ou crise existe no caso de que o cambio fose acompañado dalgún fracaso total na política ou algo semellante. Ningún deses casos se dá; dáse a aplicación pura e estricta do artigo 16 punto 3 do Estatuto de Autonomía de Galicia, que di que os vicepresidentes e os conselleiros serán nomeados e destituídos polo presidente; é dicir, que se o presidente ten maioría, como é o caso, noméaos e destitúeos libremente e, por certo, como saben os señores deputados, é o único decreto que non pasa mesmo por Consello, díctao baixo a súa exclusiva responsabilidade o presidente da Xunta de Galicia.

Puidera dicirse: ben, pero é que se está usando ou se usou iso demasiado frecuentemente e empeza a haber dúbidas de que iso teña algunha estabilidade, pero non é o caso. Se hai algo que sexa típico da Xunta da pasada lexislatura –e polo de agora desta– é xustamente unha seriedade, unha continuidade e un aproveitamento da experiencia. Na pasada lexislatura non houbo máis cambios có do conselleiro de Sanidade, cando despois da transferencia do Sergas, que supuxo un cambio moi importante de orde administrativa, se considerou que a súa brillante xestión como conselleiro de Agricultura e a súa vella experiencia en temas de sanidade –a do señor Romay Beccaría– aconsellaba o seu nomeamento. Isto deu lugar ó nomeamento do novo conselleiro de Agricultura. E cando houbo eleccións municipais, tomouse para unha grande cidade galega o nome dun dos conselleiros, Manuel Pérez, que foi substituído polo seu secretario xeral.

Na segunda lexislatura, a pesar de que houbo unha pequena restructuración baseada en todo o que parece se-la conveniencia das administracións autonómicas e en pontencia-los temas de familia, muller e xuventude –da potenciación e da conxunción de Interior e Xusticia non vou falar, porque agora mesmo podemos ver que se fai a outros niveis–, houbo dous cambios: o do antigo conselleiro de Cultura e o de Traballo, que pasaron a outras funcións. En definitiva, que seguiu o principio de continuidade, que é base, por certo, da nosa doutrina política e administrativa.

Poi ben, houbo unha substitución, a de Juan Fernández, que foi durante máis de catro anos –e volveirei sobre isto– un gran conselleiro de Industria. Presentoume o pasado luns, 23 de abril, unha carta autógrafa na que me pedía o cambio por razóns persoais. Iso era o que dicía a carta e o que eu mencionei oficialmente, sabendo que el se ía explicar a continuación.

Persoal e verbalmente engadiu que estaba xa farto que de vez en cando houbese alusións malévolas de cara a el –como recetemente se produciu noutro debate– e que desexaba aforrarle agora ó Partido Popular de Galicia e ó seu presidente –que o nomeara– unha nova discusión pública sobre unha presunta ou posible incompatibilidade entre os seus haberes de conselleiro e a súa pensión de mariño de reserva.

A min pareceume que, a primeira vista, destes razoamentos e da súa absoluta decisión, debía acepta-la dimisión. Dedicamos tres día a repasa-los asuntos pendentes, o que fixo, por certo, con gran coraxe, porque o mesmo mércores estivemos despachando asuntos tan importantes como os de Unicar e outros, e aquel mesmo día produciuse a aceptación da dimisión, que se fixo pública o xoves 28. Informei dela primeiro ó Consello e despois á prensa,

e canto dixen ata agora foi confirmado por Juan Fernández na rolda de prensa que el convocou uns minutos despois.

Só teño que engadir, primeiro –frente a outros comentarios que se fixeron– que foi unha decisión libre, que non foi inspirada ni presionada por ninguén e que estivo baseada na decisión do propio señor Fernández, o noso compañeiro. En segundo lugar, quero insistir en que non houbo ningunha razón política. Nós temos, como é obvio, unha maioría clara e, por outra parte, os famosos temas que ás veces se deron, de discusións en torno ó Partido Popular de Ferrol, foran resoltos polo mesmo meses antes presentando a súa demisión e dando paso ó nomeamento dunha xestora que vai convocar un próximo congreso dentro de seis meses.

Ningún outro asunto nin ningunha outra cuestión influiron para nada na decisión, despois dunha xestión especialmente eficaz, brillante e chea de coraxe que eu publicamente lle quero recoñecer.

Baixo o seu mandato púxose en marcha o Plan de mellora eléctrica de Galicia, que supón o final dunha longuíssima situación, na cal, sendo grandes produtores e explotadores de enerxía, non a faciamos chegar como agora debidamente ós últimos currunchos do país; o Plan de telecomunicacións e o Plan de telefonía rural, que constitúen outro paso esencial para a defensa do noso campo e, sobre todo, dos nosos labregos; o Plan de gasificación que, cheo de espiñas e dificultades, foi levado con grande habilidade e con grande tenacidade e o Plan Galicia Calidade, que contribuíu enormemente ó prestixio dos nosos produtos e ó aumento das nosas explotacións.

A introducción de novas tecnoloxías, que é o camiño do futuro, sobre todo en canto ó parque de Ourense, deu pasos moi importantes e o traballo relativo ó artesanado galego e a promoción do deseño son cuestións igualmente importantes para o futuro.

O Plan especial para a comarca de Ferrol-As Pontes é, naturalmente, outro dos temas importantes, como as prospeccións petrolíferas a punto de comenzar e outros, forman parte dunha xestión excepcional, pero non producida en tempos doados; foron tempos de crise, nos cales, moitas industrias xa establecidas pasaron e pasan por dificultades.

Teño que dicir que a experiencia dun técnico perfectamente preparado, nun home con experiencia na empresa pública e na privada, cunha capacidade absolutamente excepcional de diálogo, o mesmo coas empresas ca cos sindicatos, evidentemente constitúe unha xestión que quero loar de novo, lamentando que teña que ter fin.



Juan Fernández, conselleiro de Industria e Comercio, no medio da imaxe entre deputados do PP, presentou a súa renuncia en abril de 1994.



O mesmo luns seguinte procederase ó nomeamento do actual conselleiro, señor Couceiro, a quen dou a benvida ante este Parlamento. O seu currículo é perfecto, de alta cualificación técnica, de experiencia de empresas –en dúas Xestur en dúas provincias– de paso por organismos de importancia –o Instituto Galego de Vivenda e Solo e agora a posta en marcha do Plan de emprego xuvenil– en el poñémo-las mellores esperanzas. Segue, pois, a continuidade, o equipo e a responsabilidade. Polo tanto, nin hai crise nin hai que esperar ningunhas outras novas.

Si quero dicir –e con iso remato a miña primeira intervención– que se vai modifica-lo Decreto 227/1990, en canto ó rexistro de bens e actividades dos conselleiros e outros altos cargos. Á vista da experiencia, definitivamente non caeremos nese caso, nesa posible incompatibilidade que, por certo, nunca fixo secreto dela o señor Fernández, que declarou os seus ingresos a Facenda. Vanse facer dous rexistros –posiblemente no próximo Consello da Xunta– un de bens e outro de actividades, facendo preceptivo un pronunciamento de oficio da Inspección de servicios sobre posibles incompatibilidades, co cal esa experiencia será recollida para bens.

Moitas gracias, señor presidente, e moitas grazas, señores deputados.

COMPARECENCIA DO PRESIDENTE DA XUNTA PARA INFORMAR E DEBATER RESPECTO DA SITUACIÓN POLÍTICA DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA

20 de setembro de 1994

Señor presidente, señorías:

Cumprindo o previsto na Lei da Xunta e do seu Presidente, comparezo ante esta Cámara para dar conta do estado da Autonomía e para que a través do correspondente debate poidamos, entre todos, fixa-la situación e posición da nosa Comunidade Autónoma, tanto na súa relación co exterior, con respecto ás demais comunidades, ó Goberno central e á Unión Europea, como en relación cos nosos propios equilibrios internos e coa nosa capacidade de mellora-la cohesión social da nosa Autonomía e o noso desenvolvemento económico e social.

O momento histórico que estamos a vivir e os novos equilibrios que se debuxan esíxennos a todos unha fonda reflexión sobre a situación actual e o futuro do Estado das autonomías.

É obvio que Galicia ten que actuar dentro dun marco xeral, marco que hoxe en día esixe unha fonda redefinición para potencia-lo espírito do título VIII da

Constitución española e lograr un desenvolvemento harmónico e xusto do noso Estatuto de autonomía.

Por iso coido necesario presentar ante este Parlamento propostas básicas que, ó xuício do meu Goberno, lle poidan dar ese impulso imprescindible ó noso sistema institucional para lograr que as nacionalidades e as rexións que constitúen España se sintan potenciadas e tratadas xustamente. Lograr, en definitiva, que a diversidade cultural, lingüística e económica teñan un punto de encontro común: a nación española, crisol no que se integra a nosa propia personalidade e que, ó mesmo tempo, defende a nosa propia diversidade nun marco de solidariedade e xusticia.

Á expresión destas propostas, para as que por adiantado pido o voto favorable desta Cámara cando se traduzan en resolución, dedicarei a primeira parte da miña intervención.

Desenvolvemento harmónico

As arelas de autonomía e os intentos por conseguir un reparto territorial do poder político que consiga unha integración sen fisuras entre unidade e diversidade responden á pluralidade de realidades culturais, lingüísticas, xeográficas e socioeconómicas que constitúen España. Pluralidade de fondas raíces que na Constitución española de 1978 atopou un tratamento basicamente axeitado. Nela atopamos un equilibrado xogo entre os conceptos de unidade e descentralización política.

En efecto, ela mesma fundaméntase na indisoluble unidade da nación, para o cal é imprescindible un poder central naquelas funcións que máis xenuinamente lle corresponden (política exterior, defensa, ordenación xeral da economía, bases do sistema fiscal, da seguridade social, etc.), pero, así mesmo, apúntase xa no seu preámbulo e recoñécese no artigo 2 o dereito á autonomía das nacionalidades e rexións españolas, garantíndose –sub-liño– a solidariedade entre todas elas.

A referencia que a disposición transitoria segunda fai ós «territorios que no pasado plebiscitaron afirmativamente proxectos de estatutos de autonomía» permitiu unha vía máis rápida para aqueles que no momento constituínte manifestaban con antecedentes históricos, e de xeito máis claro, a súa vontade de autogoberno (Galicia, País Vasco e Cataluña), pero sen que se lles negase esa vía a aquelas rexións que superasen os difíciles requisitos do artigo 151 da Constitución e sen que isto significase que a aquelas que se beneficiasen do proceso autonómico mediante o camiño máis pausado do artigo 143 se lles impuxese un teito final máis baixo.

Por outra banda, neses primeiros momentos aínda non estaba clara a xeneralización do mapa autonómico, configurándose a senda autonómica como unha opción libre que, finalmente, tódolos territorios acabarían por percorrer.

Deste xeito, abríase un proceso de transcendencia singular que, pola súa natureza, implica un axuste dinámico e continuado, pero sen rupturas traumáticas.

Foi inevitable unha pugna entre o poder central, remiso a ceder esferas competenciais que xa non lle eran propias, e os poderes autonómicos (en especial os das comunidades chamadas históricas, entre as que se atopaba Galicia), dispostos a faceren vale-lo recoñecemento daquilo que entendían que lexitimamente lles correspondía. Foron inevitables, así mesmo, disfuncións administrativas derivadas de duplicidades e solapamentos competenciais, ó que acompañou, en non poucas ocasións, unha considerable descoordinación na xestión diaria das distintas administracións actuantes nun mesmo marco xeográfico.

A este panorama veuse suma-la nova perspectiva que a integración na Comunidade Europea aporta ó deseño do Estado das autonomías, no que as comunidades autónomas verán como as decisións comunitarias inciden de cheo na súa esfera propia de poder político. O Estado verase tentado a reasumir facultades xa descentralizadas con motivo da dimensión internacional da política europea e non amosará a suficiente sensibilidade para tomar en consideración os puntos de vista autonómicos á hora de configura-la posición española nos foros europeos.

Mención á parte merece un dos vicios que viñeron adulterando a práctica política do sistema: a absoluta prevalencia da bilateralidade sobre a multilateralidade participativa no eido das relacións entre as comunidades autónomas e o Estado. As consecuencias disto son de todos coñecidas: imposición dunha dialéctica na que sae gañando, case sempre, o que máis capacidade de presión exerce ou o máis próximo politicamente ó partido que goberna no centro. Nun momento no que a desaparición dunha maioría absoluta condiciona a dinámica parlamentaria, isto percíbese xa con toda claridade.

Os anos percorridos e os novos acontecementos políticos, tanto nacionais (desaparición da absoluta socialista) como europeos (Tratado da Unión Europea), fan do momento presente un auténtico limiar histórico que impón o exame á luz dos principios constitucionais do ata aquí edificado, co fin de estruturar mecanismos que consigan dar solidez, estabilidade e coherencia ó sistema.

Trátase de escoller entre dúas opcións: ou a pugna constante e o desequilibrio provocado por situación de privilexio no marco dunha improvisación permanente e conxuntural ou ben avanzar, dunha vez por todas, no desenvolvemento

máximo das posibilidades que o noso ordenamento xurídico nos outorga para configurar un modelo estable nun sentido responsable, autonomista e solidario.

Por desgracia, creo non equivocarme cando afirmo que o primeiro modelo (o da improvisación, a pugna e o desequilibrio) conduciría máis tarde ou máis cedo á crise do sistema, que quedaría, por falta de transparencia e claridade, baixo sospeita de agachar discriminacións e privilexios e incentivar presións e coaccións dunha ou doutra parte segundo a conxuntura política do momento.

Un autonomista convencido non pode por menos de ver con preocupación que as cousas poidan evolucionar por ese camiño; a ninguén se lle escapa que as posibilidades de que agromen aquí e acolá reaccións de desconfianza cara ó sistema de descentralización política que os pobos de España se outorgaron serán cada vez maiores. Como tampouco pode ver con satisfacción como unha máis que posible escalada de reivindicacións, estimulada por agravios comparativos, poida chegar a colapsa-la estrutura institucional e levala cara a un camiño sen saída onde, ó final, sairíamos perdendo todos.

A solución, así pois, virá necesariamente da man, penso, da segunda opción devandita, isto é, a revitalización dos principios constitucionais de autonomía, solidariedade e participación como informadores da estruturación de canles transparentes para unha relación estable e leal entre o centro e a periferia, e, así mesmo, entre as diferentes comunidades autónomas. Esa é a única maneira de garanti-la pervivencia futura do pacto constituínte no que atinxe á distribución territorial do poder.

Deste xeito, débense crea-las condicións para que o Estado non se sinta inclinado a aproveita-la ambigüidade e flexibilidade de certas fórmulas («intere-se xeral», «bases») ou a oportunidade de certos procesos transcendentais na construción europea para arrogar un poder que xa é das comunidades autónomas por mandato constitucional e estatutario, e moito menos utilízalo dun xeito arbitrario a prol de quen máis conveña segundo a conxuntura, debendo, pola súa parte, as nacionalidades e rexións de absterse de accións reivindicativas que, indo alén do seu lexítimo dereito ó autogoberno, poñan en perigo a solidariedade económica e a unión política.

Galicia non aceptará xamais o sentido daquelas voces, e moito menos daquelas prácticas, que consideran que existen dúas autonomías de primeira categoría postergando a tódalas demais. Non entende, por exemplo, que entrementes se axiliza significativamente o traspaso de competencias en materia de orde pública a prol de Cataluña, o Estado se negue a adscribir a Galicia as unidades de inspección de xogo da Coruña e Pontevedra, nunha materia,

o xogo, na que, por certo, temos competencia exclusiva. Non entende que un ministro de Economía negocie os orzamentos cun presidente dunha comunidade autónoma ignorando os demais. A Comunidade Autónoma de Galicia proclama que, tanto polo procedemento que lle correspondeu para acadala súa autonomía como polo teito competencial que poida gozar, ten exactamente o mesmo rango que Cataluña e o País Vasco, polos que teño –claro é– un máximo respecto e afecto. Pero é máis, o que Galicia pide para si mesma como Comunidade Autónoma non llelo nega ás outras dezaseis.

A Galicia vaille moito na preservación do Estado das autonomía; non en van foron moitos os galegos de ben que ó longo da historia entregaron as súas vidas na loita pacífica por conquistar unhas cotas razoables de autogoberno. Non en van, así mesmo, o pobo galego soubo conserva-los seus sinais de identidade como país sen rupturismos nin separatismos con respecto ó conxunto da nación española. A ver se precisamente por buscarmos unha vía para as nosas arelas de autonomía compatibles coa solidariedade e unidade co resto dos pobos de España nos vemos postergados e afastados. É por isto polo que a Xunta de Galicia, nun intento por renova-lo espírito de consenso que presidiu a transición política, quere presentar perante este Parlamento a súa proposta de desenvolvemento e consolidación do Estado das autonomía, co fin de estruturalos mecanismos institucionais necesarios para que a autonomía, a solidariedade e a participación atopen un marco axeitado e estable de realización.

Tal proposta estrutúrase en catro apartados:

- 1ª Un proceso controlado e medido de reforma constitucional para facer do Senado o que a Constitución quixo que fose, pero que non acertou a culminar: unha cámara de representación territorial.
- 2ª O cumprimento do mandato do artigo 131 da Constitución, de xeito que se constituía un Consello Económico e Social no que teñan participación activa, como di expresamente o apartado 2, as comunidades autónomas.
- 3ª Unha conferencia composta polos presidentes das comunidades autónomas e o presidente do Goberno do Estado, que constituía o enganche na cúspide dos mecanismos de cooperación e diálogo entre os poderes territoriais e o poder central, coordinando, ademais, as xa existentes ou por crear conferencias sectoriais.
- 4ª A articulación dunha normativa legal que garanta a participación activa e eficaz das comunidades autónomas na política estatal no ámbito comunitario.

A reforma do senado

As tres realidades nas que se realiza politicamente o Estado español: comunidades autónomas, poder central e Unión Europea, precisan dunha integración harmónica, para a cal o principio de participación é un instrumento fundamental. A lóxica máis elemental ensínanos que para a elaboración de políticas xustas na ordenación dos nosos sectores productivos, das nosas infraestruturas, na configuración das bases do noso ordenamento xurídico-administrativo, na determinación dos criterios de reparto dos fondos de solidariedade, etc., debe terse en conta o criterio dos poderes territoriais.

En tódolos países de estrutura composta ou descentralizada existe un foro que desenvolve o labor de aunar a vontade das partes no todo, de maneira que a vontade común estea informada en todo momento pola sensibilidade plural que por debaixo dela subxace. Este é un requisito ineludible en calquera estado composto que sexa verdadeiramente tal.

Non obstante, no que a España respecta, atopámonos con que, malia a declaración do artigo 69 da Constitución, que define o Senado como Cámara de representación territorial, a potestade lexislativa que posúe é superflua e, no mellor dos casos, subordinada.

Por outra banda, o sistema de selección de senadores, primando absolutamente a circunscripción electoral provincial, fai que se reproduzan as correlacións de forzas do Congreso e que o senador se sinta máis vinculado ó seu grupo partidario-ideolóxico có seu territorio de procedencia.

A nosa Cámara alta vén sendo así unha instancia vacua que rara vez foi quen de introducir no proceso lexislativo algo máis ca un aporte meramente técnico, complementario ou adicional. Non nos pode estrañar, xa que logo, que non sexan poucos os que vexan nesta Cámara un factor distorsionador que leva consigo demoras temporais e dispendios económicos inútiles.

Se se analiza de vagar o articulado que a nosa Lei de leis lle dedica, obsérvase claramente un contraste entre o que a Constitución pretende como liña de principio e o que despois se plasma en cada un dos preceptos. As dificultades e incertidumes que se vivían na transición política –por certo, aínda non houbera tempo de organizar, como era lóxico, as autonomías– sen dúbida explican este fenómeno, xa que naquel intre nin sequera estaba claro que se ía producir unha xeneralización do mapa autonómico.

Por iso penso que non teñen xustificación os que temen unha reforma constitucional tan mínima como a que imos expoñer por facer periga-lo consenso que tantos esforzos custou conseguir no proceso constituinte. Trátase de

deseñar unha reforma que, primeiro, deixe o texto da nosa norma suprema o máis intacto posible, e, segundo, que sexa, por suposto, unha reforma conforme en todo punto co espírito da Constitución, e, xustamente, para realiza-lo que propoñemos.

Pola contra, o que ó meu entender si adultera tal espírito son as prácticas espurias e as graves eivas que coa reforma se pretenden evitar: o déficit integrador dos intereses das diferentes comunidades autónomas, as marxinações inadmisibles en investimentos e infraestruturas –e diso en Galicia sabemos bastante pese ós esforzos do Goberno galego, que evitaron carencias maiores–, o abuso das relacións bilaterais fronte á necesaria multilateralidade, os favoritismos a favor das rexións da mesma color política ou en beneficio dos que fan da súa forza política moeda de cambio, a utilización polo poder central da normación básica para recortar e invadir competencias que lles corresponden ou lles poderían corresponder ás autonomías, a maior axilidade en ceder transferencias en favor das comunidades, digamos, «amigas» ou o esgallamento do poder financeiro en contra do principio de solidariedade mediante mecanismos que pouco teñen que ver coa corresponsabilidade fiscal e coa autonomía financeira.

Por iso as razóns de prudencia e moderación que se esgrimen para evitar retoca-la nosa Carta magna deberían, en troques, motivar todo o contrario. A miña experiencia de moitos anos confirma que as pequenas reformas deben facerse antes de que o deterioro sexa tal que impida unha adaptación mesurada da amazón política-xurídica.

A última reforma regulamentaria do Senado puxo de manifesto que tódalas forzas políticas alí presentes consideran necesario abrílles canles de participación ás comunidades autónomas e dotalas dun maior protagonismo, de maneira que con boa vontade hai bases para confiar nun acordo amplo.

A reforma regulamentaria devandita foi útil pero insuficiente. A creación da Comisión Xeral das Comunidades Autónomas, aínda que outorga un certo eco ás inquedanzas destas, carece de funcións lexislativas e a súa eficacia será limitada.

Unha reforma só será satisfactoria se se dota o Senado dunha especialización funcional con protagonismo real no proceso lexislativo e se se modifica a súa composición incrementando significativamente a presenza do nivel autonómico, pero a vía regulamentaria, obviamente, nunca poderá ter ese alcance. Deste xeito, e cos condicionantes expostos de desenvolver e non traiciona-lo espírito constitucional, así como o de altera-lo menos posible a dicción literal do texto, a Xunta de Galicia propón:

a) Reestructura-la representación territorial como segue:

- 1ª Reduci-lo número de senadores que haxa que elixir por cada provincia de catro a tres. Así como reduci-lo número dos que lles corresponden ás illas maiores de tres a dous e mante-lo número de senadores das outras illas ou agrupacións.
- 2ª Eleva-lo número de senadores designados polas comunidades autónomas ata un total do dobre das provincias que compoñen a Comunidade, manténdose o senador por cada millón de habitantes.
- 3ª Constituír cada un dos presidentes das comunidades autónomas en senadores.

Os senadores de designación autonómica deberán ser membros da asemblea lexislativa da comunidade respectiva e deberán ser elixidos por ela.

Con isto conseguiríase, entre outras cousas, incrementa-la representación de nivel autonómico dun xeito significativo, garanti-la presenza conxunta dos principios esenciais nas modernas democracias federais: a representación territorial e a orixe democrática do poder político, e, finalmente, dotar de liñas de comunicación fluídas entre as sensibilidade políticas dos parlamentos autonómicos e a cámara de representación territorial.

Respecto da especialización funcional do Senado, a Xunta de Galicia propón:

b) Que o Consello de Ministros teña que enviar ó Senado, para que o procedemento lexislativo se inicie nesta Cámara, determinados proxectos de lei definidos consonte encaixen nunha serie de materias. Verbo destas, así mesmo, o Senado terá a iniciativa lexislativa. Vexamos cales serían:

- 1º A planificación da actividade económica xeral e/ou a efectividade do principio de solidariedade nos termos previstos nos artigos 131 e 138.2 respectivamente. Recóllese este dobre suposto porque a competencia exclusiva do Estado verbo das bases e da coordinación da planificación xeral da actividade económica ten unha enorme forza expansiva que frecuentemente pon en perigo a competencia autonómica no que atinxe á ordenación económica do seu territorio. Ámbalas competencias están chamadas obxectiva e necesariamente a ser concorrentes. ¿Que mellor, xa que logo, de cara a esa concorrencia, que a participación do sentir das rexións na elaboración das grandes liñas da política económica, como está previsto, repítolles, expresamente no artigo 131.2 da Constitución? ¿E que mellor para garantirlles ás Comunidades Autónomas o seu ámbito de ordenación propio?

Non se esqueza, ademais, que a ordenación económica xeral, por mandato constitucional, deberá ir encamiñada á harmonización e ó equilibrio do desenvolvemento rexional e a propiciar unha máis xusta distribución da riqueza tamén no plano territorial. Deste xeito, a participación das comunidades autónomas neste terreo resulta conveniente e ata imprescindible.

- 2º A segunda materia competencia do Senado deberá se-la lexislación básica que a favor do Estado se recolle no artigo 149. As razóns son obvias: é xustamente a dialéctica bases-desenvolvemento a que máis conflictividade ten suscitado nas relacións centro-periferia. Galicia considera que na configuración da lexislación básica é posible regular con máis sensibilidade autonomista. Cuestión da máxima importancia, pois a lexislación autonómica deberá integrarse na regulación global dunha materia dun xeito coherente. Ademais, evitárase así que a lexislación estatal sexa uniformadora alí onde a Comunidade Autónoma debe ter unha esfera suficiente para desenvolve-las opcións propias derivadas das súas peculiaridades ou intereses específicos.

Unidos a este suposto inclúense na reforma proposta outros que non responden ó esquema lexislación básica ou lexislación de desenvolvemento, senón que a súa selección deriva da importancia capital que para todos e cada un dos territorios ten a regulación estatal de determinados recursos naturais como os tan delicados hoxe en día dos aproveitamentos hidráulicos, e, finalmente, inclúense, así mesmo, outros nos que a propia natureza das cousas fai ou fará que as administracións autonómicas corran co peso da xestión consonte os principios defendidos na proposta da Administración única feita pola Xunta de Galicia (estou pensando no patrimonio, museos, arquivos, bibliotecas, etc.).

- 3º O terceiro gran sector de materias é triple: aqueles proxectos de lei ós que se refiren os números 1 e 3 do artigo 150 da Constitución, así como os proxectos de lei orgánica previstos no número 2 do mesmo artigo. Trátase, no suposto do 150.1, da delegación lexislativa en materia competencia do Estado, mecanismo pouco utilizado que permitiría habilitar unha ou varias comunidades autónomas para o dictado de novas normas.

O artigo 150.2 dá a posibilidade de que o Estado transfira ou delegue facultades de titularidade estatal. Este artigo debe chegar a ter unha

operatividade singular, pois permitiría algo perfectamente normal nos sistemas federais ou, en xeral, de estados compostos nos que o aparello administrativo dos poderes territoriais executa, ademais de políticas propias, moitas directrices do poder central, evitándose duplicidades, descoordinacións e gastos innecesarios. Lémbrense de que a proposta da Administración única ten como eixe o artigo 150.2, precisamente.

Respecto do artigo 150.3 contemplamos aquí un mecanismo de enorme transcendencia a través do cal o Estado pode acomete-la harmonización de disposicións normativas das comunidades autónomas. A importancia e mesmo a gravidade deste suposto, que sempre ha de ter un carácter excepcional, esixe a intervención relevante da cámara de representación territorial.

- 4º O cuarto suposto que se recolle como materia na que o Senado ha de asumir un especial protagonismo será, por razóns incontestables, a aprobación e reforma dos estatutos de autonomía.
- 5º O quinto será a mesma declaración de interese xeral. Tal cualificación é un título habilitante para a autoatribución de competencias por parte do Estado en prexuízo do que en principio lle correspondería á Comunidade Autónoma. A utilización desta declaración como un mecanismo para burla-la distribución de competencias é un perigo patente que esixe a intervención das comunidades autónomas na fixación dos criterios que lles sirvan de base. Así mesmo, na medida en que tal declaración supón que as obras sexan sufragadas polo Estado podería conducir a discriminacións e favoritismos que deben ser evitados.
- 6º A derradeira materia sobre a que versará a que denominamos como especialización funcional do Senado será a referida a aqueles tratados internacionais que supoñan cesión de competencias constitucionais ou estatutarias. Este tipo de tratados, dos que os sucesivos convenios que fundamentan a construción europea son un bo exemplo, inciden nos ámbitos autonómicos de poder, polo que é evidente o interese que esta materia ten para a cámara de representación territorial.

Vallan estas pinceladas para darlle cumprida conta a este Parlamento da reforma que se pretende. Sobre este e sobre os demais temas que vou tratar xa se lles entregaron ós grupos parlamentarios propostas formais, escritas e con texto. Nelas inclúense, por suposto, os procedementos para levar a bo termo o iter lexislativo, os detalles do cal aforro nesta exposición para non perde-la atención sobre o fundamental.

O consello económico e social

Entro, pois, xa de cheo, no segundo gran apartado da proposta que estamos presentando. Trátase de dar cumprimento ó mandato do artigo 131 da Constitución dando entrada á participación –hoxe negada– das comunidades autónomas no Consello Económico e Social, unha institución que terá pouco que ver coa que neste momento existe a nivel estatal e que, por suposto, acaba de ser regulada como lei orgánica en desenvolvemento da Constitución.

O recoñecemento da autonomía das nacionalidades e rexións, e moi especialmente o principio de solidariedade entre todas elas, esixe un papel activo das comunidades autónomas no deseño das políticas estatais no eido económico. Políticas que, no marco do modelo de Estado social e de dereito, responderán a un concepto amplo e flexible de planificación económica respectuoso coa liberdade de mercado, e políticas que non poden descoñecer a articulación de competencias en materia económica das que deriva a necesidade de estruturar mecanismos institucionais de participación económica.

Os que facemos da unidade do Estado e do dereito á autonomía unha soa crenza temos moi presente que a integración entre os diferentes pobos que configuran a comunidade nacional depende en grande medida da cohesión económica existente entre as diferentes rexións. Os agravios comparativos, as marxinacións, as concentracións de investimentos en determinadas zonas co esquecemento doutras, son sempre, a medio prazo, factores de desestabilización, á parte de seren intrinsecamente inxustos. Cómpre, polo tanto, darlle un carácter estable á colaboración entre tódalas comunidades autónomas e o Estado central.

Isto, que, como ten repetido ata a saciedade o Tribunal Constitucional, está implícito na estrutura do sistema, ten no artigo 131 da Constitución un instrumento utilísimo que está virxe na súa aplicación. No seu apartado 2 prevese a creación dun consello destinado a colaborar nos proxectos de planificación da actividade económica xeral segundo as previsións subministradas polas comunidades autónomas.

A marxinación das comunidades autónomas no proceso planificador da Administración central, do que un instrumento básico, por certo, son os orzamentos, e non se pode tolerar por máis tempo. En Galicia non se entende, por exemplo, por que o tren de alta velocidade Madrid-Sevilla vén esixido por un superior interese xeral, o que xustifica unha enorme contía investidora entrementes aquí; pola contra, temos que loitar porque non se nos reduzan as liñas férreas de comunicación. Como tampouco é aceptable que todo o Plan

director de infraestructuras 1993-2003 fose elaborado sen o concurso das comunidades autónomas, cando están en xogo, coas medidas nel contempladas, enormes cantidades en investimentos e o futuro do equilibrio territorial.

A Xunta de Galicia non se limita a denunciar, senón que quere contribuír a articular respostas coherentes e con vocación de permanencia para repararlas eivas expostas. Por iso propón a imbricación das comunidades autónomas no proceso planificador a través dunha dobre formulación: a reforma orgánica e funcional do Senado, antes exposta, e, agora, a reforma do actual Consello Económico e Social, creado por Lei non orgánica do 17 de xuño de 1991, mediante a redacción dunha nova que deberá conter as seguintes previsións:

- 1ª O Consello debe asumir as funcións consultivas en relación coa planificación económica, entendida como o labor de dirección, impulso, coordinación e harmonización por parte do Estado.
- 2ª Na composición do Consello debe existir unha representación das comunidades autónomas, integrada por un membro do Consello de Goberno de cada unha delas, e un experto proposto por aquelas. Tal representación deberá estar presente en todos e cada un dos órganos (Pleno, Comisión Permanente, comisións de traballo...) que existan no Consello.
- 3ª Os informes do Consello en materia socioeconómica terán carácter preceptivo.
- 4ª Se o criterio do Goberno non coincidise co do Consello, este comunicarlle a aquel as razóns da discrepancia, debidamente fundadas.
- 5ª O Consello poderá, por propia iniciativa, elaborar informes e estudos relacionados co grao de equilibrio do desenvolvemento rexional.
- 6ª O Consello deberá elaborar anualmente unha memoria na que expoña as súas consideracións á luz, especialmente, dos artigos 2, 131.1 e 138 da Constitución.

A conferencia de presidentes

Como xa apuntamos ó longo deste discurso, o Estado e as comunidades autónomas veñen sometidos a un deber xeral de colaboración intrínseco na estrutura do Estado composto que deseña a Constitución. Este deber de colaboración non crea ningunha competencia a favor do Estado nin pode ser utilizado para limitar indebidamente as competencias autonómicas, pero si vincula as diversas instancias político-administrativas a prestarse cooperación e asistencia mutua para un mellor e máis eficaz exercicio das competencias de cada unha.

Unha das maneiras de materializar esta operación é xa o funcionamento dalgunhas –non todas– conferencias sectoriais, que integran tanto os representantes das comunidades autónomas coma os responsables dos diferentes departamentos ministeriais. Un dos defectos de base, sen embargo, que se detecta ó examina-lo resultado destes mecanismos é, ó meu entender, a falta dun referente sistemático que as insira nun contexto máis amplo e globalizado. Neste sentido, creo que tales conferencias precisarían dun enganche na cúspide.

Non se entendan, polo tanto, as miñas palabras como unha descualificación global das conferencias sectoriais. A Xunta de Galicia estima positiva a súa existencia, participa sempre nelas considerando que a celebración das súas reunións deberá de ter un carácter máis periódico e máis estable.

A nova Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común recolle esta idea, pero dunha forma non plenamente satisfactoria. Que se plasmase nunha lei coma esta a necesidade da información recíproca e o intercambio de pareceres debe merecer tódolos eloxios. De tódolos xeitos, algún paso máis podería e pode ser dado. Considero que debería establecerse unha regulación que lle outorgase carácter periódico a estas conferencias e que abrise a posibilidade de que se constituísen con carácter extraordinario se o solicitase un número determinado de conselleiros autonómicos. Na elaboración da orde do día os representantes autonómicos deberán ter un papel efectivo. Pero aínda así estaríamos sufrindo unha carencia fundamental, pois as conferencias sectoriais non poden abranguer máis que un sector illado da acción pública e quedarían sen aborda-los grandes temas que atinxen á globalidade dos intereses xerais. É preciso, xa que logo, supera-lo degraio devandito constituíndo un foro de cooperación ó máis alto nivel: unha Conferencia de presidentes de comunidades autónomas e o presidente do Goberno de España.

Non se trata de invadi-las competencias que lle corresponden ó Executivo do Estado, pero que dúbida cabe de que, en temas fundamentais que a todos nos afectan, é utilísimo e case imprescindible que o Goberno poida contrastar opinións e valoracións cos altos dignatarios autonómicos. Agora ben, non con este ou aquel segundo o que conxunturalmente conveña por mor de intereses cativos e partidistas, senón con todos e dunha maneira regular, transparente e normalizada.

Moito se melloraría en coherencia e coordinación se estas conferencias de presidentes puidesen se-la fonte de importantes acordos que imprimisen novos pulos e unha maior solidez á política nacional. Así pois, propónse a redacción dun texto legal plasmado nos seguintes precisos temas:

- 1º Créase unha Conferencia de presidentes formada polos presidentes dos consellos de Goberno das comunidades autónomas, ademais do presidente do Goberno do Estado, que a presidirá, actuando de secretario o ministro da Presidencia. Os membros poderán asistir acompañados do persoal que coiden conveniente.
- 2º A Conferencia terá carácter deliberante, tomará os seus acordos en determinados casos por unanimidade, reuníndose semestralmente ou a petición dun tercio dos seus membros na sede que se fixe para a xuntanza.
- 3º A Conferencia debaterá cuestións xerais de interese común que non correspondan a órganos creados pola lei para esta finalidade, e coordinará as conferencias sectoriais.
- 4º A Conferencia emitirá o seu parecer verbo dos proxectos normativos da Unión Europea e designará os representantes autonómicos nas comisións interadministrativas para os asuntos económicos relacionados coa Unión Europea e de seguimento e coordinación das actuacións relacionadas coa defensa do Estado español perante o Tribunal de Xusticia das comunidades europeas, hoxe Unión Europea.
- 5º A Conferencia elaborará o seu propio regulamento.

A participación na unión europea

A proposta de desenvolvemento e consolidación do Estado das autonomías que estamos formulando non podía deixar de abordar un aspecto de importancia decisiva como é o da participación das comunidades autónomas na construción europea.

Estamos asistindo a un proceso que, con maiores ou menores dificultades, leva consigo a asunción de competencias e atribucións a prol das institucións europeas, que pertencían, segundo o reparto constitucional, ben ó Estado central, ben ás comunidades autónomas. Se isto xa era así na anterior Comunidade Económica Europea, moito máis o será en relación coa recén nada, pero que é inevitable que siga progresando, Unión Europea.

É ineludible, polo tanto, redefini-lo actual modelo de relacións Unión Europea-Estado-comunidades autónomas, modelo que dificilmente merece tal nome, pois hoxe caracterízase pola improvisación e a maxinación dos poderes autonómicos na configuración da vontade estatal perante os órganos comunitarios.

A cesión de cotas de soberanía a prol das institucións europeas non supón *de iure* nin debe supoñer *de facto* unha reasunción de competencias por

parte do poder central, o que agravaría o famoso déficit democrático. Faise necesario tamén, nesta perspectiva, estruturar mecanismos garantidores de que a presenza do Estado español en Europa sexa congruente co sistema autonómico. E isto nas súas dúas vertentes, é dicir, no procedemento interno de formación da vontade do Estado *ad extra* como na fase de execución da normativa comunitaria *ad intra*.

Con respecto á vía descendente, o Estado non pode utiliza-los asuntos europeos como coartada para recuperar facultades normativas e de xestión que doutro modo, consonte o reparto constitucional de poderes, xamais lle corresponderían. Mais o certo é que xa se viu tentado a iso, tendo o Tribunal Constitucional que poñe-las cousas no seu sitio en máis dunha ocasión. A proposta de Administración Única podería chegar a ser, neste sentido, un bo antídoto contra este tipo de inclinacións recentralizadoras, xa que suporía que, con carácter xeral, a instancia de execución fose da Administración autonómica naquelas materias nas que, en virtude das súas competencias, xa vén desenvolvendo un nivel importante de funcións.

Non me cansarei de repetir que os temas europeos non son relacións internacionais no sentido tradicional do termo, por iso defendo o que a estas alturas xa deba ser de meridiana claridade para todos: que o recoñecemento constitucional do dereito á autonomía das rexións e nacionalidades que integran España debe te-la súa tradución no papel do Estado español na esfera europea, así como na execución das políticas deseñadas nese chanzo. Do contrario, estaríamos ante o que me atrevería a cualificar de auténtica fraude á Constitución.

Neste eido, a colaboración entre a Administración central e a autonómica resultou, polo de agora, insatisfactoria. Os proxectos de convenio dos ministros Pons e Almunia non fructificaron por diversas razóns, entre as que cabe cita-la de non seren o suficientemente avanzados. De feito, hoxe non queda máis foro institucional que faga efectiva esta colaboración que a Conferencia Sectorial para Asuntos Comunitarios Europeos, que se reúne pouco.

O baleiro é grave, xa que as comunidades autónomas vense afectadas nas súas esferas propias pola acción comunitaria, polo que deben participar no proceso de formación da vontade estatal, como é propio dun Estado composto. Isto, sen dúbida, tamén contribuiría a unha mellor e máis correcta execución do ordenamento comunitario.

Son moitas as resolucións do Parlamento europeo e do Consello de Europa que instan a un maior protagonismo rexional, e son significativos tamén os

esforzos realizados por outros estados europeos descentralizados neste sentido. É inútil, pois, que en España sigamos pechando os ollos a esta clara necesidade.

O que propoñemos aquí é que a acción europea do Estado traduza a distribución constitucional de competencias que a Constitución recoñece e garante. Isto implica unha información fluída entre as diferentes administracións, a participación activa das comunidades autónomas na definición da posición do Estado nos procedementos normativos, unha presenza real e efectiva de representantes de nivel autonómico nos comités e grupos de traballo da Comisión e, sobre todo, do Consello e unha cooperación procesual nas accións xudiciais que substancien perante o Tribunal de Xusticia europeo.

Nin que dicir ten que, neste transcendental e delicadísimo ámbito, os mecanismos deben funcionar no marco dunha escrupulosa lealdade constitucional, o que implica o respecto ó papel irrenunciable que lle corresponde ó Estado como suxeito da integración europea. Non se pretende unha suplantación do Estado, cousa que, ademais, non encaixaría no ordenamento xurídico comunitario, senón que a súa natureza composta de Estado descentralizado politicamente non se falsee na esfera europea. Unha vez máis teremos que lembrar que a lealdade constitucional xoga en dúas direccións, das comunidades autónomas cara ó poder central, isto é certo, pero tamén do poder central cara ás comunidades autónomas.

Estou convencido de que entrementes a participación dos poderes territoriais non se instrumente mediante unha norma estatal con rango de lei, seguiremos mergullados na improvisación sen que se albisquen doutro xeito solucións transparentes e estables.

Así pois, a Xunta de Galicia propugna a aprobación dunha lei reguladora da participación das comunidades autónomas no proceso de formación e execución da vontade do Estado na Unión Europea que necesariamente deberá conte-las seguintes previsións:

1º O Goberno da nación informará ás comunidades autónomas, con antelación suficiente, dos proxectos normativos (dereito derivado) da Unión Europea que sexan do seu interese, podendo as comunidades autónomas formula-las observacións que consideren pertinentes.

2º Os proxectos normativos da Unión Europea que afecten ás competencias lexislativas das comunidades autónomas rexeranse polas seguintes regras:

a) O Goberno enviará o proxecto co seu parecer á Conferencia de presidentes, que emitirá o seu.

- b) Se o criterio da Conferencia non coincidise co do Goberno, este comunicaralles a aquelas as razóns da discrepancia debidamente fundadas.

Ata aquí trataríanse de crear canles de información mutua, como condición elemental dunha colaboración eficaz.

- 3º As comunidades autónomas poderán designar un delegado perante a representación permanente de España na Unión Europea, como órgano de contacto, información e relación.

Os delegados autonómicos que representen ás comunidades afectadas polo proxecto europeo nas súas competencias lexislativas, ata un máximo de dous, incorporaríanse á delegación española en calidade de asesores-observadores e tamén ós comités de asesoramento da Comisión e do Consello.

Desta forma, as autonomías estarían presentes nos foros de negociación, discusión e preparación das decisións do Consello e na supervisión das competencias de execución. Foros tan importantes e decisivos como o Comité de representantes permanentes (Coreper). A súa intervención na formación inicial da vontade comunitaria tamén se articulará mediante a presenza autonómica nos comités consultivos da Comisión, que debe consultalos de forma obrigatoria.

Limitar estes supostos de participación a deter competencias exclusivas sería unha fonte de discordias e practicamente a marxinação das comunidades autónomas nas cuestións europeas. A participación da Autonomía debe incardinarse unicamente na súa capacidade lexislativa, que é a que lle permite integrar na súa política xeral as decisións comunitarias.

O criterio para determinar que comunidades deberán enviar observadores establecerase a prol daquelas que posúan un interese de importancia relevante no sector afectado –pensemos, por exemplo, a pesca no sur de Galicia– e, ó mesmo tempo, significativo no contexto nacional.

Non se exclúe a posibilidade, de carácter excepcional, de que a mesma representación do Estado, sobre a base dos criterios anteriores, a asuma un conselleiro e Goberno autonómico no seo do Consello de Ministros, ben entendido que a súa presenza sería en calidade de representante do Estado español. Así está establecido xa en Alemaña e en Bélxica.

- 4º As comunidades autónomas, cando as accións ou omisións dos órganos da Unión Europea afecten ás súas competencias lexislativas, poderán coadxuvar ó exercicio de accións xudiciais co Goberno central perante o Tribunal de Xusticia, quedando a salvo a responsabilidade do Estado e sempre que iso sexa posible e non se opoñan outras comunidades.
- 5º Prevese a creación dunha Oficina xestora de asuntos europeos dentro da Misión permanente de España en Bruxelas, á que poderán adscribirse as oficinas xestoras autonómicas ou equivalentes de asuntos europeos das diferentes comunidades, co fin de facer máis eficaz e coherente a xestión dos asuntos das súas competencias perante os órganos da Unión Europea.
- 6º Á Comisión interministerial de asuntos económicos relacionados coa Unión Europea poderán incorporarse dous representantes autonómicos que designará a Conferencia de presidentes.

Como tema de singular importancia para as comunidades autónomas como Galicia, esta Comisión será competente para establecer as grandes liñas de programación relativas ós Fondos Estructurais e ó Fondo de Cohesión, por mor de garanti-la coherencia e a equidade do cofinanciamento comunitario, tanto nos aspectos territoriais como sectoriais económico-financeiros.

É este un aspecto clave. Se no ámbito nacional as desigualdades interrexionais son grandes, no ámbito europeo son abismais. Cómpre que as administracións españolas saibamos utilizar os instrumentos de solidariedade que outorga o ordenamento europeo dun xeito adecuado e xusto.

- 7º Poderanse incorporar representantes autonómicos á Comisión de seguimento e coordinación das actuacións relacionadas coa defensa do Estado español perante o Tribunal de Xusticia europeo.

En definitiva, o Estado deberá favorecer e apoiar a participación das comunidades autónomas, en materias da súa competencia, en tódalas instancias europeas e da propia Administración central que realicen actividades relacionadas coa Unión Europea, sen máis límites que os derivados do ordenamento constitucional e do dereito comunitario.

Galicia en 1994

No contexto interno, e nesta segunda parte da miña intervención, referireime á situación de Galicia neste ano, xa que as eleccións de outubro de 1993

supuxeron o máis eficaz e claro xuicio sobre a acción do Goberno, tanto no último ano, como na totalidade da lexislatura anterior.

O respaldo do pobo galego á acción do Goberno foi tamén un voto de confianza ó programa de lexislatura exposto polo Partido Popular de Galicia.

Os nove meses transcorridos desde a toma de posesión do novo Goberno permitiron ir poñendo en pé este programa no contexto dunha Galicia que comeza a rexurdir e a desenvolve-las súas potencialidades.

Como anexos –repito– á miña intervención ante esta Cámara únense, ademais dos textos que detallan as propostas que formulei sobre as reformas do Senado, o Consello Económico e Social, a Conferencia de presidentes das comunidades autónomas e da Unión Europea e unha análise pormenorizada da acción do Goberno nestes primeiros meses de lexislatura, dividida en catro grandes apartados: infraestructuras e marco físico; creación de riqueza e emprego; mellora da sociedade galega, e as institucións, que –repito– estarán a disposición dos señores deputados, polo conducto dos grupos parlamentarios, inmediatamente que remate a miña intervención, a síntese dos cales intentarei desenvolver a continuación.

Infraestructuras e marco físico


O orzamento para 1994 esixiu para Galicia, ó igual que para as demais comunidades autónomas, un exercicio de realismo. A dificultade do Goberno central para xestionar adecuadamente a crise económica e as esixencias do Tratado de Maastricht obrigaron a unha desaceleración no ritmo de crecemento do noso orzamento.

Cunha clara contención do custo corrente non ligado á prestación dos servizos sociais e cunha limitación deste último á posta en funcionamento dos novos servizos, a política orzamentaria foi orientada ó mantemento do investimento público ós mesmos niveis có ano anterior.

O obxectivo no campo das infraestructuras foi o de ir rematando os grandes plans iniciados na lexislatura anterior.

Destacarei, no que se refire ó Plan autonómico de estradas, o remate de 92 km. nas vías de alta capacidade e a iniciación de obras noutros 13 km, o remate na rede primaria e complementaria de 131 km e o comezo de obra noutros 140 km, así como obras diversas en materia de conservación e reforzo de firmes.

Quero destaca-lo concurso de execución das autoestradas A Coruña-Carballo e Vigo-Baiona. Non vacilei á hora de toma-la decisión de sacar a licitación estas obras para a súa posta en marcha mediante a cooperación entre



O presidente Fraga criticou duramente no seu discurso sobre o estado da Autonomía a política discriminatoria do Goberno de Felipe González con Galicia. Ao final do debate, os maiores acordos producíronse en temas sanitarios, entre eles, a fixación dun límite de espera en operacións cirúrxicas e probas diagnósticas.



iniciativa pública e privada, a súa execución por un concesionario, con dereito a peaxe, e unha subvención da Comunidade Autónoma de 12.000 millóns de pesetas mailos terreos, que poden valorarse en 1.500 millóns máis.

Se o marco financeiro da Comunidade Autónoma non permite, como neste caso, que as obras sexan financiadas integramente con cargo ós orzamentos, o fundamental é contar con estas liñas de comunicación que constituirán a panca para o desenvolvemento destas áreas. Tódolos días vemos que moi lexitimamente os grupos, sobre todo da Galicia interior, piden vías de alta capacidade. Pois ben, non hai máis ca un xeito de facelas: o que está, por certo, previsto e autorizado na Lei de estradas, que algúns consideraban superflua.

Nunca vacilou o Goberno, e nunca lle vacilará o pulso, á hora de tomar decisións, aínda que poidan ser presentadas por algúns como impopulares, cando están en xogo os intereses de Galicia e do seu futuro.

Na área das infraestructuras portuarias, teño que salienta-las obras en curso de portos de abrigo e lonxas, e sobre todo destacarei o concurso para a construción de oito portos deportivos, que duplicarán os puntos de atracada de Galicia, e a construción de quince bases náuticas menores, actuacións que comezarán a situar a Galicia no lugar que lle corresponde respecto da potencialidade náutico-recreativa. Isto contribuirá á conxunción entre turismo e deporte como un factor de xeración de riqueza e de saúde para Galicia.

O Plan Mega, desenvolvido en estricta colaboración coas empresas eléctricas, continuou co seu ritmo de execución cun investimento previsto para este ano de 3.250 millóns de pesetas. É obxectivo do meu Goberno efectua-la súa revisión para adaptalo ós novos marcos da Lei estatal de enerxía eléctrica, en trámite no Parlamento nacional, e ó marco legal estable. O obxectivo é claro: con ou sen a axuda –á que se comprometeu o Goberno central e que aínda esperamos recibir, porque así foi acordada e firmada– completa- la electrificación rural para que poida ser viable a transformación da nosa agricultura.

Na área da gasificación, e despois do cumio da Unión Europea en Corfú, que aprobou a rede transeuropea gasística na que se inclúe o proxecto de gasificación de Galicia na súa integridade e a conexión con Portugal, e en trámite de resolución, parece ser que, dos problemas de aprovisionamento desde Nixeria, xa hoxe non existen obstáculos para que o gas natural estea dispoñible nas grandes cidades en 1997.

Ademais desta importante creación no eido enerxético, estase a poñer en marcha a planificación do sector a nivel rexional debidamente coordinada coa nacional e europea a través do Plan enerxético de Galicia.

Este plan permitirá unha análise dos recursos e necesidades enerxéticas de Galicia, identifica-las actuacións por parte da Xunta e avalía-los beneficios sociais e económicos para orientar, dar sentido e garanti-la eficacia dos obxectivos da política enerxética por mor de conseguir unha oferta axeitada, competitiva, integrada e ben cuestionada que garanta a seguridade, calidade e economía do subministro e unha demanda eficiente potenciando o aforro, todo iso inserido na filosofía da necesaria preservación do contorno.

En telecomunicacións, a acción realizada ata agora impulsárase aínda máis. Somos conscientes de que un dos eixes básicos do desenvolvemento de Galicia é dispoñer dunha infraestrutura de telecomunicacións moderna que permita a introducción dun novo nivel tecnolóxico e cultural: o que chamamos a sociedade da información.

Estando a dar pasos importantes: ampliación da rede *trunking* e a súa conexión coa rede telefónica; próxima creación da Rede Galega de Telecomunicacións, que administrará a Rede pública da Comunidade Autónoma; convenio con Telefónica, xa asinado, que permitirá a dixitalización de tódalas centraliñas rurais de Galicia e que, a través da RDSI, permitirá estender aplicacións de apoio á agricultura, á sanidade, á educación e ás industrias.

Támén citarei os estudos previos de viabilidade para a participación da Comunidade Autónoma na televisión por cable. Destacarei necesariamente a telefonía rural, na que neste ano se cumprirá o obxectivo previsto no convenio asinado con Telefónica para o primeiro semestre de 1995 e que permitiu que hoxe calquera cidadán galego poida contar co mesmo servizo telefónico ó mesmo custo, calquera que sexa o seu lugar de residencia.

Galicia deu un paso de xigante neste sentido. Non só nos teléfonos, nos que se pasou de ter case o 50 % da poboación sen acceso telefónico a garantir unha accesibilidade total, senón na rede básica e complementaria de telecomunicacións e a rede de voz e datos propia da Xunta. Todo isto sitúanos na cabeza das comunidades autónomas, neste sector tan sensible de futuro e no que Galicia, certamente, tiña dificultades especiais. Expresarei, neste sentido, publicamente o meu agradecemento á Compañía Telefónica e ó seu presidente por apostar tan claramente polas propostas galegas.

Na creación de solo empresarial, os obxectivos para este ano concrétnanse en actuar en 32 parques empresariais cun investimento previsto de 5.000 millóns de pesetas.

Estructuras agrarias e equipamento rural. Estamos a actuar en 400 km de rede viaria. Neste mes adxudicáronse os plans *leader*; estanse a desenvolver

519 accións de desenvolvemento rural e estase actuando igualmente en 30.228 ha en concentración parcelaria cun investimento de 5.450 millóns de pesetas. Así mesmo, estanse a desenvolver 69 programas de investigación agraria e dáselles formación e capacitación a 17.015 alumnos.

O ano 1994 foi, por desgracia para España, un ano trágico en materia de incendios forestais. Considerouse o peor da década e non só arrasaron centos de miles de hectáreas, senón que custou moitas e preciosas vidas humanas.

Neste horizonte tremendo e trágico para todos, Galicia segue a ser unha excepción. Unha excepción fermosa da que todos, e sobre todo o pobo galego, debemos sentirnos partícipes e coautores. Non se trata dun milagre nin, como algún dixo, da choiva. Recordemos que en gran parte de Ourense e de Lugo teñen un clima moi semellante ó mediterráneo. É o resultado dun esforzo tenaz e decidido para loitar contra o lume e, sobre todo, para mobilizar e sensibiliza-los galegos, que hoxe están convencidos de que a lacra dos incendios forestais se podería evitar, como están convencidos de que noutros eidos vale a pena loitar.

Unha organización comarcalizada (31 comarcas), profesional e estable, e un procedemento operativo, no que a prevención, a detección e a extinción constitúen accións coordinadas, constitúen a clave deste éxito que permitiu reducir ó mínimo posible as consecuencias económicas, ecolóxicas e sociais dos incendios forestais.

O esforzo está a continuar. En 1994 actuarase sobre 1.200 km de vías de penetración e pistas; abríranse 120 fontes de auga; actuarase sobre 4.000 hectáreas para rozas e queimas controladas; investiranse 2.000 ptas. por hectárea que haxa que protexer, o que supón 2.400 millóns de ptas. (2.000.000 de hectáreas); subvencionáranse 211 concellos por un importe de 561 millóns, e subvencionáranse 55 comunidades veciñais con 190 millóns de pesetas.

O balance coñecémolo todos, pero é preciso lembralo: de 93.116 hectáreas de superficie arborada queimadas en 1989 pasouse a 1.528 en 1993, e de 112.277 hectáreas de superficie rasa a 6.426, e todo iso tendo en conta que o número de incendios forestais non decreceu practicamente, pasando de 9.405 en 1989 a 7.197 en 1993.

En 1994 o panorama segue a se-lo mesmo. Dos 11.924 lumes contabilizados en España ata primeiros de setembro, aproximadamente o 50 % produciuse en Galicia; a pesar diso, a eficacia da organización manifestouse en que se queimaron 1.500 ha de arborado fronte ás máis de 230.000 no conxunto de España.

Os índices de eficacia mantéñense (0,24 hectáreas por lume) igual ca no último ano, e todo por riba de calquera consideración, repito, de tipo climático que se alega en ocasións para desprezia-lo que son feitos de eficacia.

Pero non só hai que loitar contra os incendios, hai que repoboar para recuperar a riqueza perdida no pasado. É preciso, e niso estamos, que o modelo de monte se adapte ó territorio; capitaliza-lo monte; producir planta de calidade mellorada xeneticamente, o que estamos a facer en Sergude e Lourizán, e aumentar decididamente a repoboación –en 1994 investiranse 4.443 millóns actuando sobre 10.000 ha de xestión directa e 13.000 de montes particulares–.

En caza e pesca fluvial o obxectivo inmediato é a consolidación de poboacións de caza maior en cercadas cinxéticas e continuar co plan de recuperación dos ríos. Neste sentido referireime ás minicentrais, que desenvolven unha actividade importante desde unha perspectiva económica e de xeración de enerxía mediante a utilización de recursos renovables, pero que en ningún caso deben destruí-la riqueza dos nosos ríos, para o cal témo-la lexislación pertinente.

As infraestruturas ambientais teñen para nós unha importancia singular e a elas dedicamos unha atención preferente. Referireime en primeiro lugar á planta de residuos industriais de Somozas, o remate da cal está previsto neste ano. Permitirá o tratamento, eliminación e inertización deste tipo de residuos e á que se destinarán en 1994 1.100 millóns. Tamén aquí Galicia é pioneira.

Con respecto ós residuos sólidos urbanos, neste ano adxudicaranse as obras das plantas de tratamento e eliminación de residuos cun investimento en 1994 de 2.612 millóns de pesetas, e no derradeiro trimestre presentarase ante esta Cámara o proxecto de lei reguladora dos RSU.

Tamén salientarei que, nesta materia de medio ambiente, no mes de setembro tomarán posesión os primeiros inspectores ambientais: 13 funcionarios de corpos superiores facultativos, que asumirán directamente, dentro da Secretaría Xeral de Protección Civil e Medio Ambiente, a inspección ambiental en Galicia, o que permitirá unha eficaz aplicación da Lei de protección ambiental de Galicia, a tramitación da cal, como saben, se está a ultimar neste Parlamento.

Destacaranse, igualmente, as obras hidráulicas: 144 accións de abastecemento cun investimento de 4.950 millóns; 52 accións de saneamento por 1.850 millóns e 18 accións de depuración das augas residuais por 1.400 millóns; tamén, a continuación, o Plan de saneamento das rías, con 37 obras por 3.350 millóns de pesetas.

Todo iso ten que conectarse e vertebrarse a través do Plan hidrolóxico de Galicia, en curso de elaboración, no que se está a prestar especial atención

ós déficits e falta da calidade das augas e, especialmente, ós vertidos industriais, para o tratamento dos cales será preciso un investimento de 300.000 millóns de pesetas nos próximos vinte anos e no que deberían colaborar substancialmente as propias empresas.

Pecharei esta análise da acción e situación das infraestructuras en 1994 cunha breve referencia ás sanitarias e educativas.

A Consellería de Sanidade e Servicios Sociais e o Sergas terán investido ó remate do ano en infraestructuras 1.600 millóns de pesetas para atención primaria (finalización e equipamento de 19 centros, iniciación da construción doutros 14, redacción dos proxectos para 15 máis e actualización de estruturas en 37) e 5.419 millóns de pesetas para atención especializada (continuación das obras do Hospital Clínico de Santiago, ampliación do Meixoeiro, encarga dos proxectos dos tres comarcais da Barbanza, Salnés e Costa da Morte, dos que se iniciarán os trámites de contratación este mesmo ano de estaren dispoñibles os terreos, e 58 actuacións de actualización de infraestructuras dentro dos diferentes plans de necesidades dos hospitais e de varias reparacións, adecuacións e melloras necesarias).

En infraestructura educativa, as accións máis relevantes están constituídas pola actuación en 5 centros universitarios, cun investimento de 4.385 millóns en obra e 950 millóns en equipamentos; 5 centros de educación secundaria e profesional, cun investimento de 1.499 millóns, e a construción de 16 centros de educación primaria e 50 unidades de educación infantil, cun investimento de 775 millóns de pesetas.

Todo iso configura un panorama no que se destaca o enorme esforzo que estamos a realizar na dotación e vertebración do noso sistema universitario, cun gran esforzo para recupera-lo atraso que Galicia sufría.

Apostamos, claramente, pola potenciación da educación superior, xa que nisto está o noso futuro.

Nos demais niveis educativos o ritmo de crecemento está claramente subordinado á implantación da LOXSE, e dependerá claramente da capacidade do Goberno central de subministrarlle ó sistema os recursos necesarios para esta implantación.

Creación da riqueza e do emprego

Nesta análise da situación da nosa Autonomía en 1994 quixera centrarme, especialmente, nos aspectos económicos.

Galicia está a comeza-la súa saída da crise, e pouco a pouco o esforzo que realizamos para asumir-la brutal reconversión á que foron sometidos no seu día os nosos sectores básicos industriais, ademais da paralela obsolescencia do noso tecido industrial tradicional, está a comezar a dar-llos seus froitos.

O esforzo fundamental que corresponde realizar agora, unha vez afrontado o reto da modernización das nosas infraestruturas, é a dinamización e especialización do noso sistema productivo, que debe asumir –e está asumindo, efectivamente, como demostra o dinamismo das nosas exportacións– a conquista dos mercados do exterior.

Iso esixe un impulso especial ás innovacións tecnolóxicas, á formación dos cadros de persoal, ás esixencias do proceso productivo, un apoio especial á comercialización e á promoción exterior e liñas de financiamento competitivas e que apoiem proxectos de futuro, así como un esforzo especial no deseño e na calidade dos produtos.

En todas estas liñas estamos a traballar.

Mencionarei, en primeiro lugar, os instrumentos de apoio deseñados desde a Consellería de Economía: Sociedade de Desenvolvemento Industrial de Galicia, Sociedade de Investimentos Estratéxicos de Galicia e Instituto Galego de Promoción Económica.

O Igape, como axencia de desenvolvemento, Sodiga, como empresa de capital-risco, e Inesga, como impulsora de proxectos empresariais con garantía de solvencia e de interese xeral para Galicia, constitúen as tres un conxunto articulado que, enlazado coa acción realizada a través das consellerías sectoriais, lles permitirán ás nosas empresas acadar novos mercados e asentala súa competitividade.

Como accións concretas que desenvolven estes obxectivos podemos mencionar-las liñas de apoio financeiro do Igape, con axudas previstas para 600 empresas, cun investimento de 5.400 millóns de pesetas; as accións de formación dirixidas a empresarios (33.810 horas); plans estratéxicos de mellora (50 proxectos); o Igate; o apoio á sociedades de garantía recíproca; oito convenios de I+D con universidades e centros tecnolóxicos; dous centros de investigación e servizos propios (CIS-deseño e CIS-tecnoloxía); subvencións á innovación tecnolóxica a 75 empresas por valor de 1.671 millóns de pesetas; 5 convenios con sectores prioritarios; convenios específicos de I+D máis normalización, e homologación de calidade con 35 empresas e os laboratorios de metroloxía e calibración, de inmediata posta en funcionamento.

Referireime, como feito singular, á participación da Comunidade Autónoma na investigación dos recursos petrolíferos nas nosas costas a través dos acordos subscritos con empresas petrolíferas especializadas de primeira orde.

Na área da formación destacarei accións de formación profesional ocupacional que, cun investimento de 7.300 millóns de pesetas, permiten impartir 2.180 cursos dirixidos a máis de 32.000 persoas. Neste programa formativo participan directamente 268 concellos, 160 empresas, 8 sindicatos e 117 asociacións de iniciativa social.

Mención especial merece o Plan de emprego xuvenil, con múltiples accións que se están a desenvolver ó longo deste ano: iniciativas locais de emprego, proxectos piloto de acción rural, contratos de substitución a tempo parcial, contratación de servizos públicos con empresas de economía social, contratación polas corporacións locais, xoves empresarios e axudas para contratos de aprendizaxe, etc., así como outras accións, unidas a cursos específicos que están logrando de vagar inverte-la tendencia e darlle cabida no mundo laboral á nosa xente nova, como así o demostran os máis de 2.000 contratos indefinidos derivados das axudas á contratación ata o 30 de xuño.

A agricultura, e en especial o sector lácteo, segue constituíndo e constituirá no futuro a espiña dorsal da nosa economía no sector primario, por iso seguimos centrando os nosos esforzos na industria agroalimentaria.

Mencionarei especialmente as liñas de mellora á estrutura das explotacións leiteiras, que afectará en 1994 a 4.100 explotacións cun investimento de 9.035 millóns; a liña de apoio á calidade do leite e diminución de custos de produción, que afecta a 170 agrupacións con 200 millóns de subvencións, e a mellora da competitividade das industrias agrarias, que afectará a 200 industrias cun apoio de 1.300 millóns.

Nun sector tan clave para Galicia, como o lácteo, pasamos dun enfoque de «pre-ocupación» xeral no Estado ante a problemática creada polas cotas, a un enfoque proactivo no que nos «ocupamos» directamente de resolver-lo problema.

Xa se expuxo o Plan de abandono da produción láctea elaborado polo meu Goberno coa idea de non abandonar nada, senón coa intención de captar cota para distribuíla, con criterios de eficiencia profesional, entre as explotacións galegas máis progresistas que, deste xeito, verán incrementadas as súas posibilidades productivas.

Pero a nosa formulación non remata no devandito plan nin cos proxectos da distribución da cota nacional concedida no seu momento. O Instituto Lácteo Gandeiro, presentado na Cámara, configúrase como a ferramenta máis útil

para reestructurar todo o sector e colocalo, con todo merecemento, no primeiro posto no ámbito nacional.

Ó mesmo nivel de importancia sobre as poboacións ás que afecta temos que menciona-la política pesqueira que, dentro do obxectivo xeral de mello-la-lo nivel da renda, do benestar e seguridade do sector, segue centrando a súa acción nas liñas de:

- Protección e ordenación dos recursos.
- Renovación e modernización do aparato productivo.
- Formación e investigación.
- Mellora dos procesos de produción e comercialización.

Como accións concretas que se están a desenvolver no ano 1994 mencionarei 50 proxectos de renovación da frota cunha subvención de 1.890 millóns; 30 proxectos de modernización de industrias de transformación e comercialización, cun apoio de 746 millóns; o novo sistema informatizado de vendas e xestión interna en 4 lonxas, e a conexión doutras 45 a unha rede avanzada de telecomunicacións.

O Goberno de Galicia expresa, unha vez máis, o seu total apoio ós pescadores galegos e das comunidades autónomas de Asturias, Cantabria e País Vasco, que na costeira do bonito defenderon o seu dereito a pescar e a preservar-los recursos na liña que, precisamente, marcan os regulamentos da Unión Europea, non sempre as accións.

Galicia solicita con toda firmeza o apoio decidido do Goberno central á petición dos nosos pescadores de supresión total das redes peláxicas á deriva e transmitiralle a Bruxelas, polas vías á súa disposición, esta petición absolutamente xusta, a única que permitirá a pervivencia dos recursos e o mantemento desta pesquería tradicional.

Como accións igualmente significativas destacarei o estudio de viabilidade da frota de arrastre do litoral xa realizado, do que se desprende a necesidade inmediata –que afrontaremos– de adaptación da capacidade da frota, a renovación e a modernización das unidades e a necesidade de formación especializada e de reorientación dos excedentes laborais que puidesen resultar.

Polo que respecta ó marisqueo, 1994 supuxo a culminación do esforzo emprendido en todos estes anos para profesionaliza-lo sector. O permiso de explotación constitúe o instrumento idóneo xa que permite, ó mesmo tempo, regula-lo acceso á actividade, clarifica-las artes con posibilidade de alternancia, asegura-la preservación dos recursos e dignifica-lo marisqueo a pé.

Estamos a realizar múltiples accións para o control do furtivismo; rexeneración, acondicionamento e semente de bancos marisqueiros; reordenación de viveiros flotantes e parques de cultivo; campañas experimentais sobre diversas especies; rede de control de contaminación; Plan de competitividade de cultivos en viveiros flotantes, e modernización, renovación e innovación tecnolóxica en instalacións de acuicultura e liñas crediticias para axuda ós titulares de viveiros flotantes afectados pola marea vermella. Estes e outros constitúen outros tantos exemplos.

En formación e investigación pesqueira destacarei os novos plans de estudos náutico-pesqueiros, a intensificación dos cursos de capacitación –82 cursos con 1.474 alumnos– e a realización de 17 proxectos de investigación nas distintas áreas.

Nesta análise da situación e evolución do noso sistema productivo referireime ó sector comercial.

Concentrámo-la nosa actividade tanto na potenciación de recintos feirais como na promoción exterior dos nosos produtos a través das cámaras galegas, como é moi especialmente no Plan de competitividade para o sector do comercio, de forma que poida soportar-la competencia das grandes áreas comerciais.

Polo que se refire ás actividades feirais, está a poñerse en marcha un plan de ordenación do sector nas súas diferentes vertentes de mantemento, explotación e promoción, por ser este un dos mellores instrumentos para a promoción e comercialización dos produtos galegos.

A promoción dos produtos galegos como distintivo de calidade reforzámola coa creación da empresa Galicia Calidade, S.A., para continuar-la campaña de Galicia Calidade e accións puntuais nesta materia cunha promoción a nivel mundial, como foi a participación do veleiro Galicia-93, único de España na volta ó mundo, que quedou terceiro, como se sabe.

A promoción turística potenciouse mercé á creación de Turgalicia, que integrou o sector privado, reforzou a profesionalidade nas liñas de promoción e permitiu definir novas liñas de actuacións. As accións foron múltiples: viaxes profesionais, gastronomía, campañas publicitarias, central de reservas do turismo rural, negociación con tour operadores nacionais e internacionais, novos catálogos e guías turísticas, vídeos do Camiño de Santiago, etc., etc.

Ó mesmo tempo, continuáronse as liñas tradicionais de apoio ó turismo náutico, balnearios e, moi especialmente, como dixen, ó turismo rural, que deixou de ser un proxecto para converterse nunha realidade económica con singular suceso.

Na mesma liña prestóuselle unha atención especial, que debe continuar, ó Camiño de Santiago, con accións en tódalas áreas: creación dun comité de expertos, xornadas profesionais, concursos e premios sobre o Camiño, libros e estudos, material publicitario, rexistro de asociacións, animadores culturais ou convenios con concellos.

Entre as obras postas en marcha destacarei tamén o remate do Pazo de Exposicións, de próxima inauguración, e o Estadio Multiusos do Sar, obras do Consorcio da Cidade de Santiago coa importante participación financeira da Comunidade Autónoma, así como novos albergues e o programa de rehabilitación de capelas e igrexas no Camiño.

Por último, e dentro deste apartado xeral, referireime á planificación territorial é a comarcalización, coa creación da Sociedade para o Desenvolvemento Comarcal de Galicia; á próxima constitución de fundacións para o desenvolvemento comarcal en cada unha das vinte comarcas nas que se está xa a actuar; á iniciación da construción de pavillóns de exposición comarcal nas doce primeiras comarcas, e á posta en pé de unidades técnicas comarcais nas deputacións da Coruña e Lugo como órganos de apoio e colaboración, que constitúen os fitos máis significativos.

O resultado de todo este esforzo xa está, a Deus gracias, á vista. Nun ano de depresión como o pasado, de 1993, en que o PIB de España descendeu nun 1,13 %, en Galicia creceu un 1,2 %. Galicia, en porcentaxe de crecemento de PIB en 1993, respecto a 1992, ocupou o cuarto lugar entre as dezasete comunidades autónomas. Segundo os avances do Servizo de estudos da Fundación Fies, referidos ós anos 1992 e 1993, Galicia situouse no período 1991-1993 na media da renda nacional.

Tódolos datos son coincidentes: a participación relativa de Galicia no total da renda familiar dispoñible de España pasou do 6,60 % en 1989 ó 6,72 % en 1993. En relación á renda rexional pasouse do 5,76 % en 1989 ó 5,83 % en 1993. No que atinxe á renda rexional por habitante, o incremento foi de 3,06 e de 4,27 puntos na renda familiar no que se refire ó noso achegamento ós países da Unión Europea.

Os datos de evolución do paro segundo as cifras de agosto do Inem, publicadas hai uns días, son igualmente positivas. O paro descendeu en Galicia o dobre que no resto de España: 2,22 % fronte ó 1,14 % de media estatal, e isto supón 4.278 parados menos en Galicia. Deles, ademais, 1.388 son mozos, xente nova, colectivo este que acada en Galicia o maior descenso entre tódalas comunidades españolas. Efectivamente, a diminución do paro entre a nosa xente nova foi dun 2,63 %.

Son realidades históricas que témo-la honra de lles confirmar ó Parlamento e ó pobo de Galicia.

Mellora da sociedade

Referireime nun primeiro lugar á política lingüística, que segue, nas liñas subliñadas na lexislatura anterior, ó ritmo que facilitaron os convenios co Goberno central. Isto permitiu continuar cunha intensa acción de normalización da nosa lingua, tanto dirixida ó propio ámbito educativo, primeiro elo da cadea de aprendizaxe, como á extensión e difusión do galego nos foros nacionais e internacionais.

Seguíuselle prestando unha atención especial á normalización lingüística nas administracións local e de xusticia e con subvencións a empresas privadas para fomenta-lo uso do galego. Continuouse, así mesmo, coa colaboración especial coa Real Academia Galega e co Instituto da Lingua, á parte da xa importante acción que está a desenvolve-lo Centro Ramón Piñeiro.

Na mesma liña de autoidentificación e afirmación do noso ser propio destacarei o esforzo que se está a realizar para a difusión e protección do noso patrimonio cultural: 43 intervencións no patrimonio construído e subvencións para a conservación de 45 edificios do patrimonio eclesiástico constitúen una boa mostra.

Estase a prestar atención especial á promoción da produción audiovisual galega a través do Centro Galego de Artes da Imaxe e fixéronse os criterios que permitirán desenvolve-la nosa propia política audiovisual.

Son múltiples as accións realizadas en materia de difusión e animación sociocultural e déronse os pasos previos necesarios para a posta en funcionamento inmediato do Centro Galego de Arte Contemporánea.

Na área de bibliotecas, a atención centrouse nas bibliotecas fixas nodais e na súa relación coas bibliotecas municipais, en articulación dun sistema xeral de catalogación e información bibliográficas, incluíndo as bibliotecas básicas doutras institucións. O Libro branco da cultura galega expón máis polo miúdo os importantes obxectivos en todas estas e outras materias.

Con respecto á Galicia do exterior estase a seguir cos programas xa consolidados dirixidos a afirma-lo concepto e o espírito de unidade de Galicia, sen distinción do territorio, partindo da idea de universalidade, con atención especial á terceira idade, á xuventude e ós campos social, asistencial, cultural e de formación. No ano 1994 reforzáronse os créditos destinados á mellora das infraestruturas dos centros galegos do exterior.

Teño que menciona-la dificultosa situación dos residentes galegos en Cuba e, en xeral, do pobo cubano nestes momentos. Quero expresar unha vez máis a miña solidariedade con este pobo, reafirma-la nosa firme vontade de continua-la axuda ós nosos compatriotas residentes en Cuba e o noso desexo de que Cuba consiga completa-la estabilidade na liberdade que merece, en solidariedade coas repúblicas irmás.

No ámbito educativo, a Formación Profesional segue constituíndo o noso reto principal. Constituíronse grupos de traballo para a definición das novas ensinanzas e estanse a realizar estudos sobre itinerarios ocupacionais. Na Educación Primaria seguiu-se coa implantación da LOXSE, tanto na formación do profesorado como na dotación a 52 centros de especialistas en educación musical e a 100 centros de especialistas en idioma estranxeiro, continuándose co segundo ciclo de educación infantil con 48 novas unidades. O desenvolvemento universitario impulsouse especialmente dentro do marco do Plan de financiamento. Destacarei que, a pesar das importantes restricións financeiras e das limitacións que xurdiron no orzamento de 1994, en materia universitaria cumpriuse estrictamente o Plan de financiamento. Recordareilles ás súas señorías que o Plan non ten financiamento propio, senón que se financia cos fondos propios da Comunidade.

Isto esixiu, evidentemente, que os 27.222 millóns de pesetas que dedicamos ó financiamento do sistema universitario impliquen a renuncia doutros programas. Sen embargo, entendo que os obxectivos do Plan de financiamento tendentes a conseguir un sistema universitario equilibrado, ó servizo de Galicia e do seu desenvolvemento, corrixindo os desequilibrios básicos en persoal docente e investigador, infraestrutura científica e de bibliotecas, servizos complementarios e campus universitarios, eran e son prioritarios.

As accións restantes subliñadas engadiréille-lo apoio prestado á actualización e perfeccionamento do profesorado universitario que afecta a 1.349 persoas, con bolsas por importe de 1.595 millóns de pesetas.

Durante este último exercicio avanzouse de xeito importante nas liñas estratéxicas da Consellería de Sanidade e Servizos Sociais, plasmadas nos documentos «Unha política sanitaria para Galicia» e «Plan de Saúde para Galicia 1993-1997».

No que atinxe á organización e á xestión acadouse o sistema de información máis completo do Estado, o que permitirá ó principia-lo ano 1995 coñecer os custos de tódolos procesos atendidos en cada centro e aplica-las medidas de xestión precisas para oferta-la mellor atención posible cos medios existentes.

Do primeiro coñecemento desa información xurdiron os pactos que a Consellería de Sanidade estableceu co Sergas, co obxecto de seguir, avaliar e controlar, en cantidade e calidade, os resultados asistenciais durante 1994.

Dentro dese modelo de organización proposta introducíronse novas fórmulas de xestión que permiten unha maior eficiencia, das que son claro exemplo a constitución de fundacións públicas, como a xa consolidada Fundación Hospital de Verín, co custo por actividade máis baixo dos hospitais da rede pública e un moi alto grao de satisfacción por parte dos pacientes, familiares e traballadores; a recente do Instituto Galego de Medicina Técnica, S.A., que prestará servizos de xestión, consultoría e asistencia sanitaria de alta tecnoloxía, e a inmediata do Instituto Galego de Oftalmoloxía, que acadará un lugar sobranceiro dentro desa especialidade en España.

Outros logros neste eido foron a creación do Complexo Hospitalario Universitario de Santiago de Compostela, que, preservando a autonomía de xestión dos diferentes centros de gasto que o constitúen, aproveita a complementariedade dos mesmos mediante unha fórmula realmente anovadora, moi importante tanto para a sanidade como para a educación sanitaria.

Noutra orde de cousas, avanzouse no camiño da redución dos tempos de internamento cirúrxico coa creación das unidades de cirurxía de alta precoz dos hospitais da Coruña, Santiago, Vigo e Lugo; mellorouse sensiblemente a oferta hoteleira hospitalaria co establecemento de dous hoteis de pacientes – Santiago e A Coruña– e estase a traballar no aumento de camas para doentes crónicos –Hospital Nicolás Peña, de Vigo, Marítimo de Oza, Gil Casares, Xeral-Calde– e a negociación para incorpora-lo Hospital Militar da Coruña, que tamén quixeramos ver chegar a bo termo.

Para o conxunto do Sergas a actividade rexistrada no ano 1993 superou dabondo a do ano 1992, e iso cun custo unitario inferior. O mesmo feito está a darse para o ano que corre. Este incremento da produtividade contribuirá a diminuí-lo número de pacientes en lista de espera para operarse de patoloxías cirúrxicas non urxentes, un dos problemas conxunturais máis graves e de máis difícil abordaxe nos sistemas de saúde nos países máis avanzados.

Interesa salientar, especificamente, o importante incremento no número de doazóns e transplantes de órganos, cun incremento dun 7 e un 11 %, respectivamente, como resultado da mellora organizativa neste eido, e a posta en marcha dos programas de transplante de fígado na Coruña e Santiago.

O Plan de saúde para Galicia 1993-1997 identificará como problemas de saúde relevantes as patoloxías cardiovasculares e oncolóxicas, ámbalas dúas

agravadas pola escaseza da oferta para atendelas. Pois ben, as previsións para 1995 son de triplicar a capacidade para realizar cirurxía cardíaca e duplicala para a cardioloxía intervencionista. Para iso incorporáronse dous novos equipamentos para hemodinámica e, previsiblemente, para que ó longo do vindeiro semestre se poida abrir a unidade de hemodinámica e cirurxía cardíaca do sur de Galicia. Polo que respecta á loita contra o cancro, somos conscientes do importante déficit de oferta radioterápica. Como saben, acabamos de asumir o compromiso de incorporar, por medio do Instituto Galego de Medicina Técnica, tres novos equipos aceleradores lineais este mesmo ano e outro máis para o vindeiro.

A política de concertos constituíu tamén un dos piares da política deseñada inicialmente, que establece un sistema de financiamento público coexistindo cun sistema mixto –público e privado– de prestación de servizos. Neste sentido, establecéronse concertos singulares pactando unha actividade concreta contra un presuposto máximo pechado e con garantías de pronto pago, que lle permiten á Consellería executar con precisión tanto a actividade programada como o seu custo, e presentan importantes vantaxes para as organizacións subscritoras: Povisa, hospitais da Deputación Provincial de Pontevedra, Centro Oncolóxico da Coruña e diversas clínicas privadas.

Sempre considerámo-la atención primaria coma unha das áreas básicas que había que desenvolver dentro da política sanitaria e para iso se publicou hai un ano o Decreto 200/1993, que establece o novo modelo que se vai aplicar, que ó rematar esta lexislatura abranguerá o 60 % da poboación galega, ó igual que o Plan de urxencias, vinculado a aquel e a piques de principia-la súa implantación nos vindeiros meses.

En materia lexislativa, durante o vindeiro mes será presentada ó Parlamento a Lei de drogodependencias, que dotará de apoio técnico, potenciará e coordinará o cumprimento do Plan autonómico de drogas e o Decreto regulador dos dispositivos de saúde mental. Así mesmo, manifestámo-la nosa vontade de dispoñer, antes de remata-lo ano, dun borrador da futura Lei de ordenación sanitaria de Galicia, que establecerá o marco organizativo no que, dentro do lexislativo a nivel estatal, nos moveremos no futuro.

No eido da saúde pública, destaca-la reestruturación do corpo de veterinarios, que supoñerá unha substancial mellora no control das industrias cárnicas, lácteas e dos produtos da pesca, coa creación de 357 novas prazas; o impulso dos programas de protección e promoción da saúde; a continuidade do programa de detección precoz do cancro de mama; o esforzo feito na xilancia epidemiolóxica, prevención, información e financiamento de proxectos

realizados por organizacións non gobernamentais, e o diagnóstico, seguimento e asistencia ós afectados pola infección do virus da inmunodeficiencia humana (Sida), incrementando o presuposto e reforzando a estrutura orgánica dedicados a iso.

Ó Plan autonómico de drogas, nos seus eixes fundamentais de prevención, reinserción, coordinación, asistencia e formación-investigación, dedícanse durante 1994 máis de 1.000 millóns de pesetas, o que supón un incremento dun 23 % sobre o ano anterior.

En materia de recursos humanos, durante este ano créanse 212 prazas en atención especializada, 225 en primaria e as 357 xa citadas de veterinarios.

Para remata-la exposición sobre política sanitaria, cómpre destacar que todo este enorme esforzo se levou a cabo malia os atrancos que desde a Administración central do Estado se veñen poñendo no camiño que Galicia está a andar desde as transferencias do Insalud. Exemplo deles son:

Os retrasos na transferencia do Instituto Social da Mariña e o silencio ante as reiteradas peticións para que se acurte o período de equiparación co resto das autonomías e se teñan en conta criterios de financiamento razoables e reais tales como renda, dispersión e avellentamento da poboación, non só o número de poboación –proposición de lei aprobada por esta Cámara–, que fan máis custosa a asistencia sanitaria á poboación galega, xa de seu discriminada pola ausencia de investimento e gasto anteriores ás transferencias e polos acordos de financiamento conxunto de investimentos que se manteñen con outras comunidades.

O desequilibrio financeiro, que supón o retraso da transferencia dos recursos ata a liquidación do exercicio anual por parte do Insalud, que non sempre é reflexo do gasto real e que obriga a un esforzo financeiro recorrente á nosa comunidade, que parece que agora se vai resolver.

No que se refire á política de servizos sociais, as liñas básicas de actuación son, en materia lexislativa, o desenvolvemento da Lei 4/1993, de servizos sociais, a través da promulgación de cinco decretos reguladores: da atención primaria, da especializada, do Consello Galego de Servizos Sociais, de inspección e sancións e de homologación e acreditación de centros, e a proposta de modificación da Lei 9/1991, de medidas básicas de inserción social, co fin de acadar un maior grao de implantación e adecuación á realidade social galega, que se atopa en fase de proxecto e calendario de aprobacións.

Tamén durante este ano se pretende remata-lo proceso de transferencias das residencias da terceira idade, como a do Meixoeiro en Vigo; potencia-la

rede básica de servizos sociais de atención primaria, co incremento do número de concellos e beneficiarios dos programas, prestacións dos plans concertados e co establecemento de convenios coas corporacións locais para a construción de 30 novos centros; fomenta-lo voluntariado social; dar un novo pulo cara á integración social dos discapacitados mediante o incremento do número de prazas concertadas con centros dependentes da iniciativa social e a eliminación de barreiras arquitectónicas; impulsa-os programas de atención ós maiores en acollimento familiar, centros de día, apartamentos tutelados, estancias temporais, fomento do lecer e tempo libre, turismo social e incremento de 258 prazas residenciais, coa posta en marcha de 4 residencias asistidas en Quiroga, Viana do Bolo, A Pobra de Trives e Bande; seguir na loita contra a pobreza e a exclusión social mediante a concesión de axudas económicas a 4.500 núcleos familiares, así como o desenvolvemento de programas de inserción laboral dentro dos programas de cooperación europea. Todo iso cun custo global de 5.000 millóns de pesetas.

Para remata-lo apartado de política de servizos sociais e sanitarios, estase a preparar un novo modelo de coordinación sociosanitaria que achegue ámbalas dúas xestións e axilice os procesos entrámbolos dous eidos.

En política de vivenda e solo residencial destacarei, como novidade, o impulso que se lle está a dar á política de alugueiros ante a mobilidade actual da sociedade e as demandas crecentes, especialmente, de xente nova.

Continuouse coas liñas tradicionais e estanse a reforza-os programas de mellora da vivenda rural, no que se prevé atender neste ano a 5.000 peticionarios.

A pesar das dificultades coas que nos encontramos para dispoñer de solo residencial a prezos competitivos, estanse a articular convenios cos concellos das sete grandes cidades de Galicia que permitan o cumprimento dos plans previstos.

A creación da Consellería de Familia, Muller e Xuventude deulles un protagonismo especial a estas áreas no presente ano; ano, por certo, internacional da familia.

En política de muller intensificouse a acción formativa, coa programación de 96 cursos específicos dirixidos a máis de 1.540 mulleres. Estase a promove-lo asociacionismo –430 asociacións na actualidade–, así como a mellora da integración laboral con programas novidosos como o NOW.

A atención á infancia e ós menores necesitados de protección constitúe un obxectivo prioritario da nosa acción de Goberno. Aumentáronse as prazas de garderías, 910, así como as dos centros de menores, 108, iniciándose un

proceso de racionalización e mellora destes equipamentos. A posta en marcha do teléfono do neno está a contribuír eficazmente á mellora da atención ó mundo infantil.

A celebración do ano internacional da familia serviu de pulo para a posta en marcha de programas de apoio á familia en colaboración cos concellos e outros programas innovadores: gabinetes de orientación familiar, accións de sensibilización social, etc., dirixidos fundamentalmente ás familias en situación de necesidade.

Na área da xuventude, ademais do Plan de emprego xuvenil, ó que xa se fixo referencia, reforzáronse igualmente as liñas de acción seguidas ata agora, como o incremento dos intercambios xuvenís, a creación de 14 oficinas de información xuvenil en colaboración con asociacións e concellos e a participación da Consellería na construción ou equipamento de 35 centros socio-familiares e xuvenís que xestionarán os concellos, o que supón un investimento de máis de 400 millóns de pesetas.

En materia deportiva, 1994 representa o último ano do convenio subscrito coas corporacións locais para a dotación das infraestruturas. Neste ano destinaranse 2.500 millóns á realización de 35 obras novas e á reforma de 40 instalacións deportivas. Están avanzados os estudos previos para un novo Plan director cuatrienal que consolide as melloras das instalacións deportivas galegas e que se asentará sobre as mesmas bases de obxectividade e universalidade có anterior.

O deporte constitúe un fenómeno social da maior importancia e que merece todo o noso apoio como instrumento de mellora social. Cincuenta e dúas federacións, 4.200 clubs e 178.000 deportistas federados constitúen unha realidade que merece ser estimulada e apoiada, e aí están os resultados brillantes do deporte galego nestes últimos tempos.

Como accións especiais que se deben salientar teño que sinala-lo Plan de axudas ós concellos co fin de dotalos de técnicos adecuados para a promoción de tódolos deportes, conseguindo, ó mesmo tempo, rendibiliza-las instalacións e a mellora da calidade na práctica deportiva a través do apoio ás federacións, dentro do Plan galego de tecnificación deportiva, así como a potenciación da Escola Galega do Deporte e do INEF.

No eido da protección civil destacaréi a ampliación do Cecop-Galicia; a dotación progresiva de terminais da Rede *Trunking* a voluntarios de Protección Civil, Cruz Vermella e radioaficionados; a continuación de dotacións ós concellos a través dos plans Sapruga, Mega e Protección Civil; o inicio da rede de

parques comarcais de incendios, e, sobre todo, o incremento espectacular no ano 1994 das agrupacións de Protección Civil dos concellos de Galicia. Este voluntariado representa e simboliza, unha vez máis, o mellor espírito da nosa terra e das nosas xentes.

Nesta mesma área teño que subliña-lo esforzo en materia de salvamento marítimo. Reforzáronse as medidas e dispóñense hoxe de dous helicópteros –capaces de actua-las 24 horas–, un remolcador e un buque de apoio; intensificáronse os cursos de formación en materia de salvamento para mandos e tripulación de pesca e xeneralizouse o seguro do mar que beneficia a 60.000 familias.

Como acaba de publicarse recentemente, Galicia foi a Comunidade Autónoma onde máis se reduciron os accidentes laborais. A iso contribuíron os programas desenvolvidos pola Comunidade Autónoma dirixidos á prevención, á formación e á axuda a empresas para a dotación de medidas de seguridade.

As institucións

Mencionarei, en primeiro lugar, o proceso de negociación coa Administración central co fin de lograr para Galicia as transferencias estatutarias pendentes e aqueloutras competencias que interesan especialmente á Comunidade Autónoma.

Estase a avanzar en temas importantes para a Comunidade Autónoma e esperamos concretar neste mesmo mes o acordo sobre fraudes agroalimentarias, cámaras agrarias, medios materiais e persoal laboral da Administración de xusticia, Museo das Peregrinacións, castro de Viladonga e puntos de información cultural.

Continúan as conversas sobre centros de ensinanza do Ministerio de Defensa; instalacións radioactivas de segunda e terceira categoría; Senpa; Inspección de Traballo e outros temas.

Temos máis dificultades noutras competencias de interese especial para Galicia, en particular nos portos de interese xeral e, en singular, na xestión dos portos de Vigo e A Coruña, esenciais para Galicia, polo que seguiremos reiterando a necesidade da transferencia de xestión deses portos, petición que vén respaldada por tódolos usuarios, e loitaremos, en todo caso, para conseguir unha conxestión coa Administración central.

Galicia precisa que os seus portos estean dotados dos medios e da organización necesaria para que poidan cumpri-la súa misión de instrumento fundamental do tráfico exterior e non regateará esforzos para conseguila mellora

do seu funcionamento, totalmente insatisfactoria nestes momentos, así como da política de precios. En todo caso, e como principio xeral, Galicia esixirá o mesmo trato que as demais comunidades históricas no obxectivo irrenunciable de completa-lo seu teito estatutario.

Referireime ó tema da colaboración coas corporacións locais, de singular importancia para a Comunidade Autónoma.

Ademais das múltiples relacións que manteñen as consellerías sectoriais cos concellos de Galicia, 1994 supuxo un incremento aínda modesto, pero que será potenciado en exercicios sucesivos, nos temas básicos do Fondo de Cooperación Local, apoio ás policía locais, a través da Academia Galega de Seguridade, que está a realizar un excelente traballo, e o apoio directo á construción de casas consistoriais e á informatización dos concellos.

Con respecto á Administración de xusticia, as accións realizadas en 1994 seguen a liña de anos anteriores no referente ós convenios co Ministerio de Xusticia, co Tribunal Superior de Galicia e co Consello do Poder Xudicial, lazos que permitirán e facilitarán a próxima transferencia, con efectos do 1 de xaneiro de 1995, dos medios materiais e do persoal laboral.

Referireime ó tema da Policía adscrita a Galicia, á nosa Policía autonómica. 1994 supuxo a consolidación do modelo actual coa incorporación de novos efectivos, o despregamento territorial nas catro provincias, a construción da sede da Dirección Xeral de Seguridade nas Fontiñas e a próxima contratación das obras da Academia Galega de Seguridade na Estrada.

Galicia apostou por un modelo policial que vén demostrando a súa utilidade e a súa valía, e entende que a expansión das súas competencias virá dada nun proceso no que se terá en conta tanto a evolución xeral do sistema policial como as necesidades específicas que se susciten.

Detereime na reforma administrativa que a Xunta de Galicia está a desenvolver.

Regularizada a función pública autonómica e implantada a informática a nivel global, estamos hoxe na fase de explotación e de aplicación dos medios utilizados para lograr unha efectiva mellora no funcionamento dos servizos públicos.

Galicia é a única Comunidade Autónoma que dispón hoxe dun sistema de información xeral que permite coñece-lo estado de tramitación de calquera expediente que se xestione en calquera Consellería, ó mesmo tempo que a xestión se viu por si mesma facilitada ó utilizar medios informáticos, evitando procesos manuais.

A dotación en 1994 de catro inspectores de servizos e catro subinspectores permitiu que sexa xa unha realidade o seguimento da actuación das distintas

consellerías, a análise e o impulso das áreas que presenten retardo, a existencia dun servizo de información ó administrado que permite dar información telefónica sobre calquera expediente e, en definitiva, que se poida xa falar, na realidade, dun proceso efectivo e real de mellora da eficacia da actuación da Administración, potenciada coa refundición normativa que se está a levar a cabo en tódalas consellerías e xa pública en varias.

A reforma da Lei da función pública, en tramitación ante esta Cámara, permitirá que este proceso técnico vaia acompañado do necesario axuste de medios humanos que leva consigo toda innovación tecnolóxica, ó tempo que introducirá na nosa Administración pública un novo estilo, coa avaliación do rendemento ó que serán sometidas tódalas unidades organizativas.

É preciso que non só os mandos, senón tamén tódolos integrantes da Administración, sexan conscientes do seu nivel de eficacia a través dun procedemento transparente, con intervención dos sindicatos como representantes do persoal e con garantías xurisdiccionais.

Neste proceso de reforma, a EGAP seguirá prestando un papel fundamental, tanto no que se refire á formación de directivos como á de mandos intermedios, así como á formación básica a tódolos integrantes da Administración. Os tres cursos para a obtención do Diploma de Directivos convocados en 1994 serán seis para 1995. Con iso conseguiremos un cambio efectivo no tratamento técnico e na forma de afrontar os temas polos responsables da organización.

Dentro desta visión sintética, pero necesariamente densa, sobre o estado da Autonomía procede unha breve análise sobre a proxección exterior de Galicia, en especial sobre o Comité das Rexións e sobre a Comunidade de Traballo Galicia-Norte de Portugal.

O Comité das Rexións constitúe a cúpula das múltiples organizacións europeas na que Galicia está representada (Asemblea das Rexións de Europa, Asociación de Rexións Fronteirizas Europeas, Centro Europeo de Desenvolvemento Rexional, Sur Europa Atlántica e Comité do Arco Atlántico). A nosa presenza na Comisión clave de Política Rexional, Desenvolvemento Económico e Finanzas Locais e Rexionais permitiranos facer chegar ó Comité os temas de interese especial para Galicia.

Respecto da cooperación rexional cómpre facer mención á Comunidade de Traballo Galicia-Norte de Portugal, xa plenamente consolidada. Están en curso proxectos de especial interese que facilitarán a accesibilidade entrámbalas dúas áreas: a ponte de Arbo-Melgaço; a de Vilanova da Cerveira-Goián; o ferry A Guarda-Caminha, e o cable de fibra óptica entre Porto e Vigo. A isto unirase

o convenio de colaboración xa firmado coa Compañía Telefónica para uni-las universidades do Norte de Portugal con Galicia a través dun cable de fibra óptica e a cooperación xa, a nivel local, entre as localidades limítrofes a través do programa Interreg I e II.

Como se detalla na documentación adxunta, que agora lles será remitida, o programa comunitario Interreg II vai permitir que se dea un novo pulo ás relacións entre as dúas rexións irmás, non só na área de infraestruturas, senón tamén na cooperación científica e económica, esta última de especial importancia, xa que a rexión norte de Portugal ocupa o segundo lugar en canto ás exportacións de Galicia, só superada por Francia.

Por último, referireime ós proxectos legislativos que o Goberno vai presentar con carácter inmediato, algúns de especial transcendencia, como son os de ordenación do territorio, réxime local de Galicia e Lei do plan comarcal, ós que se engadirán os da vivenda, sanidade de Galicia e drogodependencias, todos eles textos básicos que, unidos ós xa presentados durante este ano –en singular, Consello Consultivo de Galicia e protección ambiental– e unidos á proposición conxunta de tódolos partidos sobre dereito civil de Galicia, permitirán ir pechando a normativa autonómica e adaptando a lexislación ás necesidades específicas do noso pobo.

Tales son, señor presidente, señorías, as informacións e consideracións que, apoiadas nunha extensa documentación, me honro en someter neste momento ó Parlamento e ó pobo de Galicia. Confío en que sirvan de base a un bo debate e, sobre todo, a reforza-las nosas esperanzas e ilusións, cara a un ano 2000 cheo de desafíos, seguro como estou de que Galicia saberá afrontalo con decisión, confianza e con renovada ledicia de ser ela mesma, eterna e sempre renovada.

Moitas grazas.

COMPARECENCIA DO PRESIDENTE DA XUNTA PARA INFORMAR E DEBATER RESPECTO DA SITUACIÓN POLÍTICA DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA

10 de outubro de 1995

Señor presidente, señoras e señores deputados

É esta a quinta ocasión na que teño a honra de dirixirme a esta Cámara, suprema representación do pobo galego, para informar, consonte a Lei da Xunta e o seu presidente, sobre o estado da nosa Autonomía.

Ó longo de seis anos, dúas veces investido pola maioría absoluta deste Parlamento, desempeñei as miñas funcións de presidente da Xunta de Galicia con plena dedicación, tendo como obxectivo principal das miñas accións tres cuestións fundamentais.

A primeira, o desenvolvemento da autonomía galega, procurando as transferencias posibles que nos acheguen ó noso teito estatutario e mesmo intentando elevalo mediante a aplicación do artigo 150.2 da Constitución, para o cal se lle propuxo ó Goberno do Estado un proxecto de lei orgánica, xa aceptado, e que será aprobado nun vindeiro Consello de Ministros, do que se achega o texto coa documentación anexa ó presente discurso que, en catro volumes,

lles será entregado ós grupos parlamentarios ó final da miña intervención. De feito, xa se acadaron numerosas e importantes transferencias, lembrando que iso supuxo un aumento do noso orzamento nun 279 %, é dicir, case tres veces máis. Pero aquí non quedaron os nosos esforzos, posto que a través de libros, artigos, conferencias, e, finalmente, un debate no Senado, seguido de dúas comparecencias na Comisión de Autonomías, promovemos activamente temas como a reforma do Senado, en curso; a constitución do Consello Económico e Social previsto no artigo 131.2 da Constitución; a creación dunha conferencia de presidentes das comunidades autónomas e a ampliación das facultades destas nas negociacións coa Unión Europea.

En segundo lugar, procurámo-la consolidación e a racionalización da Administración pública galega. Para iso asumímo-lo reto de transformar unha Administración desartellada, que non foi quen de asumir nin sequera a regularización das súas estruturas, nunha Administración profesional, disposta a asumir os principios básicos de eficacia e eficiencia e cunha filosofía propia, en liña coas administracións públicas dos países avanzados.

Para conseguilo cumpriu abordar unha fonda regulación normativa que adaptou a Lei da función pública ás esixencias actuais. Procedeuse á informatización integral dos servizos públicos, con 71 servidores e 1.130 ordenadores persoais, cunha rede propia de comunicacións que conecta 130 oficinas e que se estenderá con carácter inmediato a tódolos concellos de Galicia, ás confrarías de pescadores e ás axencias de Extensión Agraria; cunha rede privada de voz, que permite prestar un mellor servizo e redución de custos e, en definitiva, coa asunción pola Administración pública das técnicas que utilizan as grandes organizacións públicas ou privadas do noso contorno, no noso tempo. Todo iso permitiu unha paulatina redución de custos de persoal burocrático. Así, en 1991 figuraban na relación de postos de traballo 8.884 funcionarios e 6.134 laborais con prazas dotadas orzamentariamente. Este número reduciuse en 1994 en 483 persoas, malia recibir nese período 500 funcionarios e persoal laboral como consecuencia das transferencias acordadas. Hoxe, o obxectivo é lograr un aforro de 1.600 millóns de pesetas en custo de persoal con respecto ó orzamento de 1995. É un gran esforzo que implica unha diminución do 10 % en gastos de persoal dedicado a funcións burocráticas –excluído, xa que logo, o persoal docente e sanitario–, redución que implicará axustes funcionais, sen mobilidade xeográfica, e que será posible polo incremento de produtividade que trae consigo a informatización dos servizos.

É a nosa vontade que este proceso se realice con transparencia e obxectividade, co máximo diálogo e consenso posible coas organizacións sindicais, partindo do principio de que as esixencias de contención do déficit público obrigan a reduci-los gastos de funcionamento burocrático ó mínimo posible. Pero o noso obxectivo non é pura e simplemente unha redución de custos, senón lograr de forma efectiva unha mellora da eficacia e eficiencia da Administración. Neste sentido, en 1996 implantárase en toda a Comunidade Autónoma a dirección por obxectivos e a avaliación do rendemento, ó abeiro do artigo 63 bis da Lei da función pública.

É preciso romper-la imaxe de que o traballo realizado e o esforzo non se ten en conta. Para iso, a cada unidade orgánica, a nivel de servizo ou subdivisión, asignaráselle, co máximo consenso posible obxectivos concretos por cada liña de actuación e avaliarase posteriormente o cumprimento destes obxectivos. Con iso estimularase o traballo ben feito, a produtividade e o espírito de traballo en equipo. Queremos, e imos conseguilo, unha Administración profesional e eficiente, cunha avaliación desta eficiencia transparente e obxectiva a través da comisión prevista na Lei da función pública, e da que formará parte un representante das centrais sindicais.

Todo iso implica un cambio na mentalidade e no comportamento de todo o persoal ó servizo da Administración, misión que se lle asignou á Escola Galega de Administración Pública, que puxemos en funcionamento en 1990 e que, nos seus cinco anos de actividade, impartiu 605 cursos, cun claustro docente de 1.500 profesores, a meirande parte invitados, naturalmente. Nas súas actividades participaron 35.000 funcionarios autonómicos e da Administración local, desenvolvendo a súa actuación en tódalas capitais de Galicia.

En terceiro lugar, e durante todos estes anos, realizamos un enorme esforzo para dotar a Galicia das infraestruturas necesarias, para conectala co exterior e vertebrala interiormente e para situa-la nosa economía nunha posición de competitividade, sen esquecermos das esixencias que demandan facer realmente efectiva a nosa autoidentificación –lingua, cultura e patrimonio histórico– e lograr unha seria e necesaria xusticia social.

Acadar estes obxectivos esixiu un importante investimento de recursos, que obtivemos en grande medida grazas a unha intelixente negociación no Consello de Política Fiscal e Financeira e tamén grazas a unha política de austeridade no gasto corrente, primando o investimento e o gasto social. Non vacilamos, igualmente, en acudir ó endebedamento preciso para facer efectiva a acción do Goberno nos investimentos.

Teño que lembra-lo acordo de financiamento de 1990, que permitiu un incremento do Fondo de Compensación Interterritorial de 28.714 millóns de pesetas, ou o acordo para 1992-1996, que supuxo para Galicia, dende 1992, un incremento per cápita das aportacións públicas de 13.247 pesetas.

Tamén convén lembra-la non aceptación da chamada «transferencia do 15% do IRPF», unha decisión que non incrementa a corresponsabilidade fiscal e que ten como único obxectivo dar un plus de financiamento a determinadas comunidades autónomas.

Mención á parte merece o acordo de transferencia do Insalud de 1991, completado en 1994, que permitiu que o financiamento sanitario per cápita en Galicia pase de 28.045 pesetas por galego en 1989, a 80.150 pesetas en 1995, é dicir, un 285 % máis en só cinco anos. Case tres veces máis por cada galego se inviste en saúde en Galicia.

Hoxe estamos no inicio dunha nova negociación, na que será un principio irrenunciable para o Goberno que me honro en presidir a mellora das condicións financeiras de Galicia e o avance efectivo, serio e responsable na corresponsabilidade fiscal e no incremento da autonomía financeira da Comunidade.

Referinme á austeridade no gasto. Non é unha declaración ocasional, trátase de cifras concretas e reais. Vexamos algunhas extraídas do documento 124, que se achegou como anexo a este debate.

Se comparamos 1989 e 1995, e excluímos do cómputo de 1995 o Sergas –dada a natureza do gasto sanitario–, vemos que en 1989 o gasto corrente representaba o 67,90 % do gasto total, mentres que en 1995 representa o 66,91 %, é dicir, un 0,99 % menos, case un punto de rebaixa. O gasto de capital pasou do 31,60 % ó 29,07 %, é dicir, reduciuse igualmente nun 2,53 %. Os menores importes adscribíronse á amortización da débeda. Estas cifras amósanse máis significativas se as comparamos con outras comunidades autónomas. Gasto corrente total, o Sergas: Canarias, 78,11 %; Andalucía, 77,05 %; Cataluña, 80,02 %; Valencia, 78,75 %; Galicia 74,29 %. Supoño que son cifras para rir.

De todas estas comunidades, Galicia é a que ten menos gastos correntes e as súas diferencias son case espectaculares, tratándose, ademais, en tódolos casos, de comunidades con igual nivel de competencias.

Isto revélase de forma similar se analizámo-los gastos de investimento: Canarias, 18,08 %; Andalucía, 19,98 %; Cataluña, 14,85 %; Valencia, 20,03 %; Galicia, 22,83 %.

Galicia é a Comunidade Autónoma que dedica a investimentos unha porcentaxe maior do seu orzamento, distanciándose claramente do resto das comunidades. Por outra parte, se esmiuzámo-lo gasto corrente e comparamos 1989 con 1995, vemos que mentres que o gasto sanitario creceu un 53,97 % e o gasto educativo un 21,54 %, o puro gasto de xestión ou burocrático creceu só un 4,55 %.

No que atinxe ó esforzo en investimento da Comunidade Autónoma e do seu financiamento parcial por débeda, as cifras son igualmente significativas. No período 1990-1995 dedicáronse a investimentos 945.174 millóns de pesetas, dos que se financiaron con débeda soamente o 32,3 %, é dicir, 304.950 millóns de pesetas. O investimento total medio no período 90-95 é un 260 % superior ó investimento medio do período 1986-1989, o que constitúe un dato máis que demostra, de forma clara e diáfana, o esforzo de investimento realizado e a austeridade real e efectiva do gasto.

Como último dato quero sinalar que a débeda viva en Galicia representa o 40,7 % dos ingresos totais, mentres que a media de tódalas comunidades autónomas representa o 44,3 % dos ingresos totais. É dicir, que Galicia está situada 3,6 puntos por debaixo da media.

Igape, Inesga e Sodiga

¿Que estratexia seguimos durante todo este período? En primeiro lugar, sentámo-las bases para o desenvolvemento económico e social de Galicia. Para iso creamos un conxunto de eficaces instrumentos, coordinados coas accións das consellerías sectoriais, co obxectivo específico de incrementa-lo tecido industrial de Galicia e a competitividade da nosa economía.

Igape, Inesga e Sodiga constitúen os grandes eixes desta política.

Igape, como ente específico para a promoción exterior dos produtos galegos, como instrumento para o financiamento da pequena e mediana empresa co fin de que poida ter recursos financeiros a custos competitivos cos mercados financeiros exteriores, como apoio a investimentos estratéxicos e como factor de competitividade a través da formación empresarial e das áreas de deseño.

Inesga, constituída coa participación solidaria e xenerosa —e quero salientalo— das institucións financeiras galegas e das grandes corporacións financeiras que operan en Galicia, ten como obxectivo o apoio ós grandes investimentos que sirvan de motor á nosa economía.

Sodiga, rescatada e potenciada pola Comunidade Autónoma como ente de capital-risco para os investimentos de futuro e innovadores.

Este conxunto de instrumentos horizontais coordinouse, como dicía anteriormente, coa acción das consellerías sectoriais.

Na área de sectores productivos, hei de salientar no sector primario a fonda reestructuración que está experimentando o sector lácteo, camiñando cara a unha mellora da produtividade das explotacións. Abonda con citar como exemplo que en 1994 se superou a produción de 1989, malia reducirse o número de cabezas en 126.000, e cun volume de leite por explotación que pasa de 16.453 litros a 26.470. A iso contribuíron tamén as campañas de saneamento gandeiro e a concentración parcelaria, na que chegamos en 1995 a 315.000 hectáreas. Igual poderíamos dicir do apoio á industrialización agraria, na que duplicámo-los investimentos anteriores.

No sector pesqueiro, o esforzo foi aínda máis intenso. Baste dicir que o incremento do orzamento entre 1989 e 1995 foi do 240 %.

Hei de mencionar, pola súa transcendencia no salvamento de vidas humanas no mar, o SOS pesqueiro, con máis de 2.750 misións, a Aula de Seguridade e Salvamento de Ferrol e o moi reforzado Seguro do Mar.

Preocupámonos especialmente do control de calidade do medio mariño co Centro e Redes de Control e da formación e investigación pesqueira. Baste lembrar que en 1989 tiñamos catro centros mal equipados e hoxe dispoñemos de dez dotados de medios máis avanzados. Mención especial merece tamén o Servicio de Protección de Recursos, que dotamos con modernos medios e persoal especializado.

Os nosos esforzos no sector industrial concentráronse, á parte da obriga de manter aquelas empresas que adoecen dunha crise conxuntural, en canto que poidan ser competitivas, se se apoia a súa reestructuración e modernización, en apostar polo futuro. Así, o investimento en I+D en proxectos presentados ó CDTI, ó igual que as axudas a empresas para a implantación de novas tecnoloxías, que pasaron de 200 millóns en 1989 a 4.200 millóns en 1995. Na mesma liña está a creación dos centros tecnolóxicos de cerámica e lousa e a dos de innovación tecnolóxica e de deseño.

As exportacións galegas medraron un 133 % dende 1989. A iso contribuíu o incremento dos incentivos á promoción, a campaña «Galicia Calidade» e a acción realizada polo Igape. Este crecemento é especialmente significativo se o analizamos dende a perspectiva da conexión da nosa economía co exterior.

A taxa de cobertura das exportacións sobre as importacións mellorou aceleradamente dende 1992, ano no que se situaba no 65,79 %, chegando en 1994 ó 82,03 %.

Esta mellora intensificouse neste ano de 1995. Nos cinco primeiros meses deste ano a taxa de cobertura subiu ata o 95 %, como consecuencia dun aumento das importacións do 9 %, fronte a un crecemento das exportacións do 21 %. A recente constitución do Fioga acelerará este proceso.

Esta conexión co exterior viuse reforzada pola política de potenciación de recintos feirais, como os novos de Silleda, Vigo e A Estrada, a remodelación do de Ferrol e os que están en construción en Ourense e Lugo.

Igual esforzo fixemos no sector do comercio, no que as axudas en 1995 superan case catro veces as do período anterior.

Prestamos unha atención especial ó fomento do turismo, no que o incremento do orzamento entre 1989 e 1995 foi do 254 %. Turgalicia está demostrando a súa eficacia na promoción exterior da nosa Comunidade e o Centro Superior de Hostelería converteuse en pouco máis de un ano nun dos principais centros de formación de España. Mención especial merece o turismo rural, no que, partindo de cero, dispoñemos ó remate deste ano de máis de 130 casas, ou o turismo náutico, no que están en construción máis de 2.000 postos de atraque que duplican os existentes ata agora.

En consecuencia con todo isto produciuse un aumento espectacular no número de prazas hoteleiras, que pasou de 31.433 en 1989 a 43.765 en 1994. Gran incremento tamén se produciu no número de visitantes, que pasou de 1.525.000 a 1.931.000, contando só os hoteis e hostais. Se contamos o total dos turistas en cámpings e outros medios de recepción, o ano pasado foron 2.313.000 fronte a 1.500.000 no ano 1989, o que supón un incremento do 48,57 %. Estimamos que este ano se chegará, ó final do ano, a 2.600.000.

Hei de salientar igualmente nesta promoción de Galicia o evento singular do Xacobeo 93. En 1989 percorren o camiño 5.760 peregrinos. Entre 1990 e 1995 fixérono 1.763.175. Acondicionáronse 150 km da rota xacobeá; delimitáronse os 6 camiños; construíuse unha rede de 18 albergues; construíronse en Santiago, a través do Consorcio e do Real Padroado, infraestructuras por importe de 11.256 millóns –Multiusos, Monte do Gozo, Pazo de Congressos e Pavillón galego–; asináronse 412 Convenios para a promoción; editáronse 67 libros e 58 folletos sobre o Camiño e, en definitiva, conseguíuse converte-lo Xacobeo 93 no elemento máis importante de dinamización do noso sector servicios e en panca de futuro que esperamos completar no Xacobeo 99.

Dinamismo da economía

Nesta análise da evolución da nosa economía hei de determe necesariamente nun elemento clave: a formación. O esforzo foi igualmente intenso. No Fondo Social Europeo pasamos de 200 millóns de orzamento en 1989, con 1.665 alumnos, a 1.827 millóns en 1995, con 10.380 alumnos.

Recibímo-las transferencias de formación ocupacional, nas que en 1995 investiremos 5.108 millóns para atender a máis de 19.000 alumnos. A transferencia supuxo un cambio claro de orientación, que posúe como liñas básicas: a potenciación de centros propios con equipos especializados en rigoroso seguimento da inserción laboral, a racionalización e a homologación de especialidades formativas e a informatización da xestión.

O conxunto de todas estas accións: instrumentos horizontais e accións sectoriais, apoiadas pola política de infraestruturas e por un esforzo de racionalización e coordinación concretado nos plans de desenvolvemento comarcal e pola posta en funcionamento das vinte fundacións que están actuando –como as súas homólogas europeas– como auténticas axencias de desenvolvemento local, e que conseguiron, nos oito meses percorridos dende a súa creación, promover 163 accións de desenvolvemento local, das que 18 foron xa executadas, 43 se atopan en avanzado estado de realización e o resto en fase de planificación e estudio, está empezando a da-los seus froitos.

O paro rexistrado descendeu nos últimos meses en Galicia. De xaneiro a agosto reduciuse en 1.206 persoas na agricultura e na pesca; 4.212 persoas na construción; 6.036 na industria; 9.449 en servizos e 1.723 persoas sen emprego anterior, cunha redución total de 22.626 persoas, o que permitiu pasar nos últimos oito meses de 198.949 parados rexistrados a 176.323, cunha redución global do 11,3%.

De xaneiro a agosto as colocacións e contratos rexistrados acollidos a medidas de fomento de emprego ascenderon a 43.387, o que ratifica a evolución positiva do emprego na nosa Comunidade e nas nosas accións ó respecto.

Quixera mencionar outro dato. Entre xaneiro e marzo deste ano duplicouse o número de empresarios menores de 25 anos, o que expresa un cambio de actitude da xente nova ante o desemprego e un maior dinamismo na creación de postos de traballo por vía do autoemprego. Este dato é reflexo dun feito sociolóxico incontestable: Galicia como unha terra de pequenos e medianos empresarios, como unha terra de xente emprendedora que quere goberna-lo seu futuro.

Outro dato coincidente: en 1995 estanse producindo 1.000 colocacións diarias, máis da metade menores de 30 anos e, no que vai de ano, creáronse 350 empresas para traballadores autónomos.

Este dinamismo da economía galega en 1995 parte dunha evolución igualmente positiva nos últimos anos. Así, en 1993 o PIB galego creceu un 0,3 % fronte a unha caída en España do 1,1 %. En 1994 a nosa economía medrou o 1,8 % e o conxunto da española un 2 %. Como resultado, no bienio 1993-1994, a economía española medrou un 0,88 %, mentres que a galega o fixo nun 2,11 %. Este crecemento conseguiuase malia a caída do PIB agrario nun 2,08 %, que foi compensada polo resto da economía, que medrou o 2,4 %.

Destaca pola súa intensidade o crecemento do sector servicios, que o fai nun 4,96 %.

Outro gran eixe da nosa actuación foron as infraestruturas. É evidente que a economía galega non poderá ser competitiva se non ten unhas infraestruturas axeitadas, e a iso dedicámoslle a nosa especial atención.

Así, no período 1990-1995 investimos en construción e conservación de estradas 140.641 millóns, mentres que no período anterior, 1983-1989, o investimento foi de 51.323 millóns; é dicir, pouco máis da terceira parte. En 1989 non existía ningunha vía de alta capacidade da Comunidade. E en 1995 hai 133 en servizo e 34 en execución, estando proxectadas outras 49.

Como acción directa de apoio, temos que mencionalos parques empresariais: ningún en 1989; 11 en 1995 e outros 20 en construción. Ou o Plan Mega, no que se fixo un investimento de 40.427 millóns e que nos permitirá contar, cando o concluíamos, con 10.000 km de novas liñas, 40 subestacións e 3.100 centros de transformación.

Enorme transcendencia ten a rede gasista. Xa dispoñemos de dúas plantas de aire propanado, con 5.000 clientes domésticos, na que Gas Galicia investiu 850 millóns de pesetas e Enagás 3.800 millóns. Prevemos que no ano 2005 a rede conte con 125.000 clientes domésticos e 2.500 industriais, cunha rede de 600 km e cun investimento que realizará a Xunta de 5.500 millóns, dentro dun investimento global previsto de 38.750 millóns.

Falemos da telefonía rural, na que pasamos de 19 liñas por 100 habitantes a 32, e dotamos de teléfonos ó 99,3 % das vivendas ocupadas. Hoxe calquera teléfono se obtén inmediatamente e coas mesmas tarifas humanas. Ou da rede oficial de comunicacións da Xunta, cunha cobertura do 90 % da Comunidade Autónoma; ou dos centros reemisores da RTVG, nos que pasamos dunha cobertura do 72 % ó 99,4 % –non teño que dicir que estas últimas fases

da cobertura son en zonas de montaña e as máis difíciles-, ó que contribuíron igualmente os 600 microemisores rurais. Cabería falar igualmente dos centros emisores e reemisores da Radio Galega e dos equipos instalados de transmisións de son e imaxe vía satélite.

Non quixera pecha-la miña intervención nesta área de actividade sen pasar, aínda que sexa superficialmente, sobre un dos sectores estratéxicos de futuro: as tecnoloxías de información e a comunicación. Estoume referindo ó que se coñece vulgarmente como autoestradas da información. Todo o esforzo que fixemos en infraestruturas en telecomunicación en Galicia –que é moito, como se ve– sería inútil se non tivesemos un proxecto de futuro para este sector, que ten cada día unha influencia maior en tódolos eidos da actividade humana.

O forte pulo imprimido á extensión do servizo da Radio e a Televisión galegas en todo o territorio permitiunos a implantación da rede oficial de comunicacións móbiles da Administración, rede que integra a tódolos servizos de comunicacións móbiles e que é moi superior, tanto en calidade coma en cobertura, ás redes que implantaron dúas empresas privadas no noso territorio.

Pero cumprido o obxectivo de dar cobertura universal a toda a poboación galega, sería una deslealdade cara ó noso pobo e co seu futuro non seguir traballando nas posibilidades reais que ten esta rede para incorporar a Galicia no apaixonante mundo das novas tecnoloxías da comunicación que se albisca. Por iso quero anunciar aquí que, froito dun convenio de colaboración entre a Secretaría Xeral de Comunicación e o Centro de Supercomputación de Galicia, teremos en 1996 a primeira gran autoestrada da información galega, que se converterá, sen dúbida, nun factor de gran valor estratéxico de cara ó futuro.

O proxecto, que ten un custo inicial de 400 millóns de pesetas, dos cales 245 serán aportados polo Cesga, co financiamento europeo, e 155 millóns pola Secretaría Xeral de Comunicación, ademais da súa rede de banda ancha, ten os seguintes obxectivos:

1. Uni-las tres universidades e os sete campus universitarios para a transmisión de voz e datos.
2. Unir coas universidades os centros hospitalarios para a transmisión de voz, datos e imaxes para as aplicacións médicas.
3. Á rede incorporaranse tamén os centros de investigación e parques tecnolóxicos.
4. Converterse, en fin, no embrión da primeira rede corporativa propia das administracións públicas de España para a transmisión de voz, datos e imaxes.

Para que se entenda a envergadura da operación, pode dicirse que o novo sistema, que estará operativo, en distintas fases, ó longo de 1996, permite un ancho de banda 30.000 veces superior ó que ten a tecnoloxía RDSI, que se está a implantar a nivel comercial en toda España.

O mundo que vén será mellor ou peor có actual, pero o que non debe ter nin sombra de dúbida é que será distinto. Non afronta-lo reto do que vulgarmente se coñece como «autoestradas da información» nunha comunidade como a galega, que ten un tercio da súa poboación no sector rural e unha filosofía de vida baseada no mellor individualismo, cunha tendencia ó espallamento territorial, sería tanto como condenar á escuridade as novas xeracións de galegos, do que xa está saíndo neste momento. A propia configuración xeoestratéxica de Galicia, o seu desenvolvemento económico e cultural, convértea nunha rexión non prioritaria para as grandes multinacionais da comunicación, por iso é imprescindible formular alternativas que estimulen a competencia dos futuros operadores en Galicia.

Pero non comeza nin remata aquí a nosa aposta de futuro pola sociedade da información. Queremos toma-lo tren da revolución social que vén da man das novas tecnoloxías e para iso temos que agudiza-lo enxeño cos dous instrumentos máis poderosos que temos nas nosas mans: a nosa propia rede, que temos que baixar dos montes ás cidades, e a compañía da Radio Televisión de Galicia, que ten que nucleiza-la revolución audiovisual do futuro. Porque de nada servirá te-las mellores redes se nos deixamos colonizar na explotación e nos contidos.

Solidariedade interna

Tamén fomos conscientes de que a cohesión dunha comunidade repousa tanto sobre o progreso económico dos seus habitantes coma sobre o seu nivel educativo, sanitario ou cultural e sobre a súa solidariedade interna.

Por iso dirixímo-los nosos esforzos a estas áreas. As cifras son expresivas –e sinto ter que dar moitas pero as que cantan son elas–: incremento do gasto medio en educación, no período 89/95, dun 91 %, cun incremento na normalización lingüística do 203 % e no ensino universitario do 210 %.

Estas cifras expresan unha vontade política clara de apoiar-lo noso sistema educativo. A comparación con outras comunidades autónomas reforza esta afirmación. Incremento en 1995 sobre 1989 en materia de educación: Andalucía, 65 %; Cataluña, 47 %; Valencia, 74 %; Canarias, 76 %; Galicia, 91 %.

Iso permitiu un incremento de 4.085 profesores e de 90.270 millóns en orzamento global e que na normalización lingüística se investisen 2.866 millóns en 1994 fronte a 253 en 1989.

Neste tema de política lingüística non debemos deixar de referirnos ás críticas de diverso signo –tamén apoios, ¿por que non dicilo?– sobre o chamado Decreto de ensinanzas en lingua galega nos nosos colexios e centros de ensino.

Cabe sinalar que as actuacións nesta materia se axustan ós grandes obxectivos que nós lle presentamos á cidadanía no noso programa electoral e que a Comisión Coordinadora para a Normalización Lingüística presentou e publicou. Xa que logo, como é ben coñecido –e repito aquí e agora–, a nosa tarefa lingüística resúmese en tres palabras: bilinguismo limpo e harmónico.

Ninguén hoxe dubida das posibilidades e da existencia na nosa terra dun bilingüismo social evidente. Este feito constatable a cotío practicámolo dunha maneira limpa, en canto que somos minuciosamente respectuosos coas regras de xogo establecidas; é dicir, cumprimos e esiximos que se cumpra a nosa Constitución, o noso Estatuto e a Lei de normalización lingüística. Cando se cumpren as regras de xogo, ese xogo é limpo. As regras están claras; a realidade social é o bilingüismo. A nosa angueira é a convivencia.

A harmonización acádase cumprindo o que se manda no Estatuto, que é dispoñe-los medios necesarios para facilita-lo coñecemento da nosa lingua e poñe-los medios para que –cito textualmene a Lei de normalización lingüística, artigo 14.3– «**ó remate dos ciclos en que o ensino do galego é obrigatorio, os alumnos coñezan este no seus niveis oral e escrito en igualdade co castelán**». Esta igualdade de competencia está reiterada e recollida no decreto ó que nos estamos referindo e en función de todo isto é polo que chamámo-las nosas comunidades escolares a cooperar nesta tarefa de convivencia lingüística, polo ben de Galicia, de tódolos galegos de dentro e de fóra de Galicia e, por suposto, de España.

En sanidade os esforzos foron aínda máis intensos e os resultados, se cabe, máis espectaculares.

Fronte a un gasto sanitario en Galicia de 76.000 millóns en 1989, en 1995 o orzamento é de 226.000 millóns; é dicir, un incremento do 226 %.

Así, o gasto sanitario por habitante, que en 1990 foi de 36.770 ptas, pasou en 1995 a 86.504 ptas.

En 1991 recibíuse a transferencia do Insalud, moi criticada por algúns. Esta transferencia permitiu as melloras antes sinaladas e que Galicia, entre 1990 e

1995, incrementase a súa participación no gasto sanitario total en España en 0,73 % mentres que Cataluña perdeu o 0,01 %; Valencia o 0,09 % e Andalucía o 0,27 %.

O acordo de 1994, que anticipa a 1996 o final do período transitorio, completou a mellora do soporte financeiro da sanidade galega e consolidou a situación. Así, en 1995 o incremento de persoal sanitario foi de 2.938 persoas; e creouse unha auténtica rede sanitaria, que se completará en 1996 coa transferencia do Instituto Social da Mariña, unha vella aspiración por fin lograda, e a integración do Hospital de Pontevedra.

Son innumerables as melloras introducidas: programas de cancro de mama, prevención e control de tuberculose –por desgracia, renecendo– sida, vacinación antigripal e hepatite B; vida sen tabaco; redución das listas de espera; 132 novos centros de saúde; reformas en toda a rede hospitalaria; o novo hospital de Verín e, en construción, os de Santiago –a punto de rematarse–, Cee e Ribeira; incremento de transplantes, chegando a 242 en 1995; implantación da tarxeta sanitaria, do Centro de Transfusión de Sangue e do Instituto de Oftalmoloxía; o novo sistema de urxencias 061 ou o programa de drogodependencias, no que se pasou dun presuposto de 380 millóns en 1989 a 1.207 millóns en 1995. Estes son algúns dos exemplos significativos que demostran e resaltan a mellora do nivel de asistencia sanitaria da poboación galega.

Tamén temos que salientar, pola súa incidencia directa na saúde, a reestructuración dos servizos veterinarios, cos novos plans de inspección en industrias lácteas e matadoiros, a rede de vixilancia atmosférica ou a rede de alerta alimentaria.

A defensa e promoción dos valores culturais do pobo galego constitúe unha obriga ineludible das institucións autonómicas, tal como nos lembra o artigo 32 do Estatuto de autonomía de Galicia.

Poucas cousas como a cultura amosan a sensibilidade máis profunda e verdadeira dun pobo, o seu verdadeiro ser. Polo tanto, un goberno que teña a honra de representar a ese pobo ten que ser parte activa desa sensibilidade, tal como quixo facer e vén facendo o Goberno galego, como unha das súas grandes prioridades.

Todo o anterior é, consonte a condición de Galicia como pobo con marcada personalidade histórica, que arrinca esencialmente da súa lingua e do conxunto da súa cultura, as maiores e máis orixinais creacións colectivas dos galegos, alicerce da súa autoidentificación e vencello irrompible entre as xeracións.

A política cultural do Goberno galego, que teño a honra de presidir, que se sintetiza no Libro branco da cultura en Galicia, tivo un dos seus fitos máis significativos na recente aprobación por unanimidade –como é natural e non frecuente nesta Cámara– da Lei do patrimonio cultural de Galicia. Quero agradecerlles expresamente ós grupos parlamentarios da oposición o seu voto favorable, expresión dunha importante coincidencia no que é fundamental para o noso pobo.

A realidade das cifras avala igualmente esta política. O orzamento da función cultura incrementouse en 1995 con respecto a 1989 nun 129 %.

O Centro Galego de Arte Contemporánea ou as exposicións «Galicia no Tempo», «Santiago Camiño de Europa» e «Santiago en América» constituíron auténticos fitos culturais; e en tódalas áreas, xa sexan de cultura ou de protección e promoción do patrimonio, multiplicáronse as accións e incrementáronse os orzamentos. As feiras culturais, a promoción da cultura galega no exterior, as coleccións «Guías Culturais» e «A nosa memoria», os circuitos culturais –que pensamos expansionar con acordos coas deputacións–, os congresos ou as novas bibliotecas son algúns dos exemplos máis significativos.

Unha sociedade non é xusta se non é solidaria. O esforzo foi compartido pola Comunidade Autónoma e a Administración central, e os resultados están á vista.

O orzamento de servizos sociais pasou de 14.195 millóns en 1989 a 26.457 millóns en 1995, case o dobre. Financiouse con fondos propios a Risga, á que se dedicaron 1.750 millóns; puxéronse en funcionamento novas accións, como o acollemento familiar de maiores e minusválidos; as residencias da terceira idade pasaron de 13 a 28, cun incremento de 1.299 prazas; programas diversos dirixidos á terceira idade abrangueron 6.812 persoas, fronte ás 2.900 en 1989; incrementáronse as axudas para menores necesitados de protección nun 50 %; púxose en funcionamento o teléfono do menor, que recibiu 15.292 chamadas; pasouse no orzamento doutras axudas á familia de 204 millóns en 1989 a 865 millóns en 1995, con múltiples programas novos; creouse a Rede Galega de Centros de Información Xuvenil; potenciouse o asociacionismo xuvenil, o carné xove e todo tipo de iniciativas en defensa da nosa xuventude.

Nesta liña, cómpre salienta-la área do deporte. En deporte escolar pasouse de 68.100 participantes a 92.438. Igualmente pode dicirse de deportistas federados ou das axudas a clubs, que pasou de 11 a 4.150 en 1995.

O programa de apoio ós concellos para dotalos de persoal cualificado e os convenios coas catro deputacións galegas, que permitiron multiplica-los pavillóns polideportivos cubertos, piscinas, etc, son exemplo do que representa

unha auténtica política obxectiva de promoción do deporte que se viu tamén reflectida no deporte de elite, no que se pasou de 5 equipos galegos nas máximas divisións deportivas a 16.

Dentro deste apartado de cohesión social mencionarei, aínda que sexa brevemente, a área de vivenda, na que, se en 1989 se realizaron 2.272 actuacións cun investimento de 10.569 millóns, en 1995 as actuacións pasaron a 27.361 cun investimento de 77.528 millóns; ou a vivenda rural, na que en 1989 se rehabilitaron 1.185 vivendas, e en 1995 chegarase a 23.453 actuacións.

Igualmente, gustárame destacar outros dous aspectos de interese: protección civil e a seguridade e hixiene no traballo.

Dun servizo de Protección Civil sen medios, que dispoñía en 1989 dunha dotación de 60 millóns, pasamos en 1995 a unha organización vertebrada que conseguiu dinamizar máis de 4.000 voluntarios que están facendo unha acción exemplar e desinteresada, que quero publicamente agradecer e felicitar, e que contribuíu a salvar moitas vidas humanas e moitos bens; SOS Galicia ou o Plan de salvamento en praias demostrano.

En materia de seguridade e hixiene no traballo conseguimos reduci-lo 42 % de accidentes mortais ou o 9 % de accidentes totais e temos máis que dobrado os recoñecementos médicos. A acción realizada reforzase co Plan galego de seguridade e hixiene no traballo, que aprobamos no último consello da Xunta, coas dotacións correspondentes.

Corpus lexislativo

Pero non só nos preocupamos do desenvolvemento material, senón que puxemos en pé un auténtico corpus lexislativo que disciplina e regula aspectos básicos da nosa convivencia e o noso desenvolvemento.

Foron 54 leis as aprobadas durante a III Lexislatura e o transcorrido da IV, que disciplinan, regulan ou fomentan sectores productivos (pesca; Instituto Lácteo; augas minerais e termais; artesanía; Igape; fomento, investigación e desenvolvemento tecnolóxico, etc.), que regulan a Administración e o seu funcionamento (réxime presupostario e financeiro, Administración hidráulica, etc.), que concretan a solidariedade social (Risga, servizos sociais) ou que expresan a participación da sociedade (Consello Económico e Social ou o Instituto Galego de Consumo).

No que resta da presente lexislatura queremos dar un paso decisivo na vertebración do territorio de Galicia e a coordinación das súas administracións coas leis de ordenación do territorio, solo, desenvolvemento comarcal e coa

vindeira entrada nesta Cámara dos proxectos de lei de réxime local e de coordinación de transportes. Estes textos, xunto coas leis aprobadas de delegación de competencias en materia de urbanismo, estradas e portos, policía locais e Academia Galega de Seguridade, constitúen un conxunto articulado e estruturado que adaptará o noso sistema territorial e as relacións entre as distintas administracións deste carácter ás esixencias dunha sociedade moderna.

Este panorama complétase coas leis que regulan institucións básicas da nosa Comunidade: dereito civil de Galicia, casación civil e consello consultivo, de inmediato debate final, ou os mecanismos de defensa e protección do noso patrimonio e o noso hábitat, concretadas nas leis de protección ambiental, do patrimonio cultural de Galicia e de protección do Camiño de Santiago.

Este conxunto normativo, á parte das leis básicas de presupostos, outras de carácter fiscal (taxas e xogo) e a fundamental de regulación das caixas de aforros, permítenos debuxar un futuro máis esperanzador, cunha sociedade galega máis vertebrada e cohesionada e cunha política clara de potenciación do noso sistema productivo, de mellora das nosas infraestruturas e de protección do noso medio ambiente e do noso patrimonio.

Nesta síntese e revisión xeral da acción do meu Goberno, teño que referirme a outros aspectos básicos: a política do medio ambiente e a política institucional.

Sobre medio ambiente, hai un importante anexo ó meu discurso, que poño á súa disposición, á parte de que foi publicado estes días un libro ó respecto.

Na mellora do medio ambiente realizouse unha intensa e importante acción en rexeneración de espazos naturais; en accións de apoio a concellos para rehabilitación; en residuos sólidos e equipamentos, nos que se investiron máis de 9.000 millóns de ptas.; en tratamento de augas residuais, cun investimento entre 1990 e 1995 de máis de 21.000 millóns de ptas.; 15.390 millóns en saneamento; 51.000 millóns en portos e 1.544 millóns en canalización e defensa de marxes.

Hei de facer unha mención especial á loita contra os incendios forestais. O ano 1995 foi un ano especialmente duro, no que os nosos bosques sufriron unha tremenda agresión, pero convén recordar que non cómpre falar soamente de incendios, senón de resultados. No ano 1989 o último da nosa xestión –dou datos o día 9–, Galicia tivera 85.628 hectáreas de monte arborizado destruído. Este ano foron 11.783, sete veces menos; cifra que, por certo, é inferior ó primeiro ano da nosa xestión, o 90, que foron 16.000. En superficie total neste momento ían 189.500 hectáreas en 1989 e este ano van 43.000. Quere dicir que ardeu sete veces menos en superficie arborizada e menos de catro veces en superficie total, que é un dato importante.



«Unha Galicia próspera e vertebrada é naturalmente mellor, pero é tamén un factor clave de estabilidade en España e na non rematada construción de Europa».

Quero expresa-lo meu agradecemento a todos aqueles que dende a Xunta de Galicia, dende tódalas administracións –porque temos un comité conxunto que controla, por certo, todo o que dicimos e facemos nesta materia, incluso en cifras, fronte a determinadas observacións pintorescas que se escoitaron estes días– e dende os concellos loitaron con afouteza contra esta praga e a tódolos cidadáns que colaboraron nesta loita pola propia supervivencia do noso hábitat, tal como o coñecemos, xa que isto é o que nos xogamos.

Hei de subliñar, igualmente, a colaboración institucional. O Comité Galego de Defensa Contra Incendios, que me honro en copresidir co delegado do Goberno, constitúe un exemplo de colaboración efectiva e intensa entre as administracións autonómica e central. Os servicios de Icona, a Garda Civil, o Exército e en xeral tódalas áreas que coordina a Delegación do Goberno tiveron unha actuación exemplar e a todos eles lles reitero a miña gratitude.

Se non tivesemos estes medios, Galicia sufriría unha traxedia case irreversible. Foi este ano o máis seco do século, convén recordalo, e os resultados son os que acabo de dicir.

Convido a tódalas forzas políticas representadas neste Parlamento a analizarmos, na Comisión non permanente desta Cámara, a política seguida ata o de agora en prevención e extinción e as posibles liñas de mellora. Todos debemos colaborar e todos podemos aportar algo para erradicar esta praga que ataca un dos nosos máis vitais intereses.

Polo que atinxe á política institucional, é de resaltar en primeiro lugar o apoio ás comunidades galegas do exterior, nas que incrementamos un 138 % as axudas e nas que chegamos a 15.431 beneficiarios, fronte a 2.612 no período anterior.

Debo salienta-la decidida política do noso Goberno de colaboración respectuosa coa Administración de xustiza, colaboración que se fixo máis intensa coa transferencia de medios materiais e persoal laboral e que se reforzará coa próxima asunción pola Comunidade Autónoma do persoal funcionario. Informatización e equipamento de xulgados, rehabilitación das catro audiencias e do Tribunal Superior de Xustiza, a Audiencia da Coruña e os xulgados de Pontevedra, Ordes, Ribeira, Sarria e Vilagarcía como obras de próxima execución, expresan e concretan esta colaboración.

Hei de referirme igualmente á colaboración coas corporacións locais galegas. Declarei repetidas veces a necesidade de reformulación da distribución de competencias entre o conxunto das administracións, de acordo cos principios enunciados na miña proposta de Administración única –por certo, cada vez máis aceptada por todos, pero que nós queremos practicar os primeiros–,

tomando como eixe conductor o principio de subsidiariedade e na necesidade de articular en debida forma os seus múltiples vencellos de colaboración, dentro do respecto á autonomía constitucional destas administracións, e pronto terá entrada nesta Cámara a importantísima –debo engadir– e certamente vo-luminosa Lei de rémixe local, que terá entre outras esta misión fundamental.

Señor presidente, señorías, aínda que alguén puidese soñalo, non vin a esta Cámara facer un discurso de despedida. Recibín un mandato renovado do pobo galego e cumprireino, se Deus me dá vida e forzas, esgotando esta lexislatura ó servizo do noso pobo.

Non rematámo-la angueira. Queda aínda moito por facer. Farémolo co apoio do maioritario Partido Popular que nos deu o pobo galego e coa colaboración, que solicito e reitero perante esta Cámara en todo o que crean posible, dos honorables membros da oposición parlamentaria.

Galicia precisa e esixe da Administración central un esforzo de solidariedade e non só por débedas históricas, que son certas e que todos sufrimos, senón por xustiza, equidade e por sentido do Estado. Unha Galicia próspera e vertebrada é naturalmente mellor, pero é tamén un factor clave de estabilidade en España e na non rematada construción de Europa.

Quero dicirlles con toda sinceridade ás súas señorías que estou totalmente convencido de que, unha vez que España pase esta páxina da historia que comezou con grandes arelas da maioría dos españois e que remata triste e sen ilusión, Galicia poderá darlle un novo gran pulo ó seu desenvolvemento.

O inevitable cambio de maioría será o preciso intre en que Galicia poderá formular, con seguridade de ser escoitada, as súas grandes reivindicacións perante o Goberno central, e a través deste, perante a Unión Europea. Estas reivindicacións son coñecidas polo actual Goberno de Madrid, pero rara vez foron atendidas. E quero dicir que non dubido desa capacidade que sempre practiquei en tódalas direccións: a mellor e razoable convivencia institucional.

En todo caso, quero recordar que o incremento da cota láctea ata 2.000.000 de toneladas é imprescindible e é de estricta xustiza, tendo en conta a produtividade crecente das nosas explotacións e o déficit de leite de España, que pasa de 1.000.000 de toneladas. Nós pedimos dous máis. Basta dicir que Galicia recibiu no reparto de cota da reserva nacional 136.502 toneladas, cando a petición dos gandeiros ascendía a 500.000 toneladas.

Cómpre igualmente unha aplicación xusta da política agraria común a Galicia. Mentres a renda agraria galega permaneceu constante durante o período

1992/1993, en España incrementouse nun 19 % debido ás subvencións do Feoga-Garantía. Só o 0,65 % das transferencias deste fondo foron canalizadas cara a Galicia. E fronte a isto, a produción final agraria galega é o 7,5 % da española.

Galicia precisa dunha reestruturación da política agraria común que simplifique as axudas, en especial para as pequenas explotacións, e que recolla as peculiaridades da nosa agricultura.

É preciso crear, dentro da política comunitaria, unha organización común de mercados do viño e outra da pataca. A primeira, co obxectivo fundamental de evitar, en todo caso, o arrinque obrigatorio das cepas e recolle-la reestruturación do viñado con mellora da calidade. A segunda, en especial para fixar unha superficie de base por agricultor e para prima-la diferenza entre prezo real e prezo de referencia (taxa de corresponsabilidade).

Cómpre que o Goberno central dicte unha lei básica de montes –que o comité galego, que é mixto, por certo, como digo, ten pedido xa durante tres anos consecutivos– e que a produción forestal teña o preciso e indispensable apoio comunitario.

É indispensable que o monte privado teña unha rendibilidade suficiente. Debemos lembrar que é de propiedade privada o 54 % da superficie boscosa e o 75 % da madeira.

Galicia en especial e a cornixa cantábrica en xeral son especialmente aptas para a produción forestal. A cornixa ocupa o 24 % da superficie e produce o 70 % da madeira española.

A ausencia dunha política forestal de Estado enténdese aínda menos se se ten en conta que se produce só o 50 % do consumo interno e que toda Europa é deficitaria; podería ser mesmo tema de exportación.

Os países máis ricos son os que teñen máis bosque, e os que teñen os bosques máis coidados son aqueles que, asemade, obteñen deles os maiores rendementos económicos e teñen unha propiedade privada importante. En Galicia, a función principal do monte é a económica. A nosa Comunidade ten potencialidade para promover unha produción madeirable importante e rendible, á vez que unha industria competitiva.

É preciso igualmente unha nova política pesqueira. Non temos unha política pesqueira, non temos unha coordinación, non temos unha lei nacional de pesca. As medidas adóptanse sempre como reacción serodia e parcial a problemas puntuais. É preciso unha nova política pesqueira nacional que aborde catro grandes áreas:

1. Mellora estrutural do sector con renovación da flota, especialmente baixura e litoral.

É preciso igualmente moderniza-las infraestruturas de apoio en terra.

2. Consolidación económica dos produtos.

Cómpre reforma-lo Regulamento de mercados, por mor de acadar axilidade e automatismo na aplicación das cláusulas de salvagarda contra importacións a prezos anormalmente baixos.

Introducir neste Regulamento as especies de verdadeiro interese para España, especialmente en sectores de baixura e marisqueo.

Apoio á mellora das canles de comercialización e aproveitamento de especies de baixo prezo, pero con posibilidades potenciais.

Apoio decidido ás industrias de transformación de produtos de pesca.

3. Recuperación do caladoiro nacional.

Os nosos caladoiros están en situación de sobrepesca, cun rendemento cinco veces inferior ó posible. É necesaria unha política de protección de recursos con regulamentación de ámbito nacional, cun reforzamento da inspección pesqueira, un novo marco xurídico –repito, unha lei de pesca que non temos– e cunha política comunitaria homoxénea para evitar competencia desleal.

4. Consolidación da presenza da flota española en augas internacionais e de terceiros países e, por riba de todo, defensa dos mares libres, porque os galegos, mentres os teñamos, seguiremos pescando.

As principais medidas que hai que adoptar son:

Revisión do principio de estabilidade relativa; defensa na NAFO da flota arrastreira conxeladora de longa distancia; campañas científicas e defensa do dereito en caladoiros internacionais; diversificación e novos acordos pesqueiros (Namibia, Sudáfrica, Malvinas, EE.UU., Perú, Chile, India) ou aproveitar acordos pesqueiros preexistentes (Grenlandia).

É preciso igualmente potencia-la política social pesqueira con medidas sociais de acompañamento, que se deron noutras reestruturacións e que non se dan no sector pesqueiro, con financiamento independente do IFOP, que é para investimentos, concretada en xubilacións anticipadas, se houbese que facelas, redución da idade mínima de xubilación a 50 anos e adaptación da normativa sociolaboral española para recolle-las paradas biolóxicas e o esgotamento das cotas de captura.

En materia de infraestruturas, Galicia esixe un tratamento xusto e solidario para a súa rede ferroviaria.

As nosas propostas están contidas no documento elaborado pola Xunta de Galicia e entregado ó Goberno de Madrid, e teñen como principais esixencias:

- Inicio da variante norte de superación do Guadarrama.
- Mellora-la accesibilidade de Galicia, especialmente nos eixes León-Monforte; Vigo-Porto; Ourense-Zamora.
- Modernizar internamente a rede, con velocidades comerciais ó redor de 100 Km/hora.
- Remodelación de trazados con atención ó eixe atlántico: Ferrol-A Coruña-Santiago-Pontevedra-Vigo-Porto.

En estradas cómpre acomete-las autovías do Cantábrico; Santiago-Ourense; Benavente-Palencia e a vía de alta capacidade Lugo-Ourense.

Igualmente, en materia de portos, é indispensable para Galicia a transferencia dos portos de interese xeral ou, polo menos, a coxestión destes portos, e certamente todo o que é relativo ós portos pesqueiros.

Precisámo-lo apoio sen reservas do Goberno central para o Xacobeo 99 e para a capitalidade cultural, como proxectos de Estado, e revitaliza-lo Consello Xacobeo como ente de coordinación.

É precisa a inclusión das catedrais galegas no Plan de catedrais.

Galicia reclama que no financiamento da sanidade se teña en conta a dispersión xeográfica e o avellentamento da poboación.

É necesario o incremento da participación da nosa Comunidade Autónoma na participación do 0,52 % do IRPF.

O que Galicia lle esixe a Madrid

E, por último, no sector industrial, reclamámo-la inmediata construción da terminal gasista de Ferrol, que mellorará a regulación do sistema nacional e garantirá unha dobre subministración estratéxica, ademais da que vén do sur. Reclamamos tamén que o Goberno central cumpra o seu compromiso de contribuír con 15.000 millóns ó financiamento do Plan Mega, no que a Xunta leva xa investidos 18.000 millóns de pesetas. Precisamente, na última modificación do marco legal estable aprobada en 1994, as empresas eléctricas galegas recibiron 1.000 millóns menos ca en 1993, ó restarse do investimento a subvención doutras administracións, o que produciu o efecto de que a subvención da Xunta servise para incrementa-la participación das empresas eléctricas que subministran a outras rexións.

É necesaria a participación de Galicia nos consellos de administración das empresas públicas estatais, claves para o noso desenvolvemento: Endesa,

Repsol, Astano, Bazán, Ence, Inespal. E, por último, é necesario desenvolver e facer efectivo un plan estratéxico de competitividade dos estaleiros públicos galegos con participación da Comunidade Autónoma. Como é natural, celebramos que practicamente tódalas propostas da Xunta se tivesen en conta no arranxo provisional deste momento.

Galicia esíxelle ó Goberno de Madrid, xa e agora, o cumprimento do acordo das dúas autovías galegas. Os retrasos que están experimentando as autovías pensamos que son inxustificables. O Ministerio de Obras Públicas e, en definitiva, o Goberno de Madrid, responderán perante a sociedade galega se non se corrixe esta demora, para algo asinamos un convenio, e esta resposta, desde logo, nós non a pensamos con mobilizacións nin balbordos, senón cada vez que se produce unha nova votación.

Galicia esíxelle igualmente ó Goberno central un acordo xusto con Marrocos, que defenda os dereitos dos nosos pescadores.

Como presidente do Goberno autónomo de Galicia, despois de dicir todo isto, teño que dicir no nome de Galicia que todos, e eu en particular, temos que defender como unha obriga sagrada os seus intereses vitais, e quero igualmente deixar constancia do meu agradecemento ó Ministerio para as Administracións Públicas e ó seu titular, Joan Lerma, así como ó seu antecesor, Jerónimo Saavedra, pola súa postura institucional e aberta no proceso de transferencias a Galicia.

A acción política da Xunta de Galicia non se pode limitar a reclamar dos demais o que estima xusto, senón que ten que exercita-las súas propias responsabilidades. Neste sentido, e no noso eido de responsabilidade, permítome expoñerlles a continuación ás súas señorías as liñas básicas da política económica que nos propoñemos seguir deica o final desta lexislatura, partindo do feito dende o inicio do camiño que comezamos a percorrer en 1990.

Temos que partir, por suposto, da constatación dun feito ben coñecido polos economistas. O acerto nos agoiros non é, dende logo, o forte da ciencia económica nin tampouco da ciencia política. De aí, a necesidade de controis e correccións á vista da evolución real, e moito máis no caso da galega, cada vez máis implicada para o bo e para o malo nos ámbitos máis amplos e máis internacionalizados. A xestión política, señorías, esixe ductilidade ante as cambiantes circunstancias do contorno, pero demanda tamén unha razoable afouteza para manter no tempo o que é esencial dende unha determinada sensibilidade política. Ou, se vostedes queren, saber distinguir entre as aristotélicas categorías de substancia e accidente.

Debo anunciar de inmediato, e xa mirando ó futuro, que seguirá sendo a nosa primeira prioridade a creación de emprego, dentro das limitadas marxes de acción da política autonómica nesta materia. Polo que atinxe a este importante asunto, gustaríame facer un inciso. En primeiro lugar, non é inútil lembrar que a regulación do mercado laboral reborda o noso ámbito competencial e que, precisamente, unha razoable liberación deste mercado pode resultar un requisito para a promoción do emprego, pero en ningún caso pode se-lo noso obxectivo o que vulgarmente se coñece como «contratos lixo», que desincentivan a capacidade de traballo, rompen a ilusión da xente nova e retraen, a nivel familiar, o consumo privado e o investimento.

En segundo lugar, que as taxas de evolución do número de ocupados por sectores en Galicia, fronte ó resto de España, veñen experimentando unha evolución similar, froito da apertura exterior e interpenetración de ámbalas economías.

Finalmente, convén salientar que a diminución da ocupación é un fenómeno xeneralizado en España e en Europa, e non só en Galicia. Así, por exemplo, o emprego na agricultura caeu desde 1976 un 54 % en Galicia, fronte a un 61,6 % no conxunto de España. Todas estas consideracións, xunto con outras que poderían facerse verbo do mercado exterior, lémbrennos, unha vez máis, o progreso da nosa economía na súa desexable conexión cos circuitos internacionais, caracterizados pola globalización dos mercados e o papel crucial da competitividade no desenvolvemento autosostible como o que propugnamos.

Xa que logo, e cara ó futuro –repito–, a nosa meta segue a se-la creación de emprego viable, que por certo é outro xeito máis de referirse á competitividade. Sen embargo, a nosa énfase para o período que se avexiña é que agora imos abordar áreas moi concretas. Paso a ofrecerlles algunha reflexión sobre elas.

Para comezar, e aínda que poida resultar reiterativo, debemos e queremos reforza-la participación das forzas económicas e sociais no desenvolvemento de Galicia, que é de todos. Nesta dirección, o noso vello proxecto do Consello Económico e Social é xa unha realidade e, dende agora, reclamámola súa efectividade para que, sen retóricas, sexamos capaces de precisa-la responsabilidade de cada cal no noso proxecto de desenvolvemento. Sobre esta cuestión debemos ser moi claros: se Galicia arela deixar de ser unha rexión subsidiada, é dicir, valerse por si soa, unicamente poderá alcanzalo co esforzo de todos.

Nesta liña de reflexión, desexo invoca-la necesidade dunha ordenación do espacio que concilie economía e territorio, concentrando os esforzos en investimentos alí onde resulten máis eficientes e equitativos para o noso futuro económico, sen prexuízo das debidas correccións dos nosos desequilibrios

interterritoriais. Neste concreto ámbito de interese xorde de novo a urxente tarefa, xa comezada, de coordina-las accións en investimentos públicos e privados por medio dos mecanismos precisos –xa mencionei os instrumentos– que compatibilicen e fornezan as notables cifras en investimentos de tódalas administracións públicas que actúan en Galicia. E, como caso particular, non sobra lembrar aquí o interese estratéxico dos nosos portos, das nosas áreas metropolitanas ou rexionais que se definen por momentos e que teñen por expoñente próximo Galicia e o Norte de Portugal, como polos de referencia para os novos reordenamentos poboacionais.

Non está de máis lembrar tamén a nosa preocupación para tentar mingua-la perigosa tendencia á diminución da demografía galega. Cando falei diso por primeira vez houbo risas, agora todo o mundo recoñece que aquí, e noutros eidos, ese é un problema. Velaí un exemplo máis de que o desenvolvemento é cousa que concirne tanto á economía como a toda a sociedade e, en particular ó territorio e á demografía. Só a súa consideración conxunta nos porá na vía máis xusta e realista na solución destes problemas.

Falta, sen dúbida, nesta apertada síntese, unha reflexión verbo da necesidade de afrontar aqueles problemas sectoriais máis críticos que, aquí e agora, nos afectan de maneira particular. Refírome á agricultura e á pesca, mais tamén á industria e ós servizos. Sobre estas importantes cuestións, cabe dicir tres cousas: unha, o importante esforzo feito en termos de infraestructuras económicas e técnicas ó que xa me referín antes. Outra, a nosa disposición para utilizármolos medios existentes –acción sectorial das consellerías e do conxunto dos sistemas, Igape, Sodiga, Inesga– para afondar nas políticas sectoriais xa en marcha. E unha última, que se refire ó noso apoio político ó plan de reindustrialización que agora se está xestando neste mesmo Parlamento.

En definitiva, señorías, a nosa énfase está agora máis clara ca nunca. Fixemos fronte na primeira lexislatura a un grande esforzo na preparación da base infraestructural do noso país, de tal xeito que en 1989 a aportación da Xunta á formación bruta de capital de Galicia non pasaba do 3,7 % do PIB, acadando o 4,7 % en 1994. En datos macroeconómicos un punto de crecemento é moito, como saben. Entrementres, a Administración Xeral do Estado baixaba no devandito período do 1,04 % ó 0,67 % do PIB. Repito, pásase en Galicia do 3,7 % ó 4,7 %, e na Administración xeral do Estado báixase do 1,04 % ó 0,67 %. Puxemos en marcha un ambicioso Plan de desenvolvemento rexional 1994-1999, que é o noso esquema político económico básico e un coherente

sistema promocional. Non obstante, é xusto recoñecer que as desfavorables circunstancias económicas –que ninguén pode ignorar– do período 1990-1993 dificultaron o noso despegue, e os recentes acontecementos sectoriais na pesca e na industria aumentan o noso problema. Todo iso é verdade, pero non o é menos a irreductible vontade política que mantemos de avanzar –e estamos a facelo máis lentamente do que quixeramos– cara á resolución de tantos problemas, propios ou sobrevidos.

Os retos vindeiros

Ese avance esíxenos imaxinación, fuxindo de mimetismos ou de simplismos na acción política, pero demandando tamén selección de sectores, participación empresarial responsable e implicación seria e rigorosa dos nosos sindicatos. É imposible resolvelo todo á vez, como tamén é imposible –e repíto de novo– ningún avance en profundidade sen que acordemos de boa fe a aportación de todos e cada un a un proxecto común no que, connosco, deberían esta-los empresarios, sindicatos e entidades financeiras. Non cabe dúbida de que algún camiño andamos, pero tampouco caben dúbidas de que falta moito por percorrer xuntos. Velaquí pois, señorías, o gran reto dos vindeiros anos.

A miña intervención nesta Cámara para analiza-lo estado da Autonomía sería incompleta, no ano en que falamos, se non abordase os temas ambientais como estratexia de futuro. Na documentación que se lles facilitará ás súas señorías figura un tomo específico coa estratexia ambiental da Xunta de Galicia. Esta estratexia non é senón a resposta, dentro do noso ámbito de actuación, perante unha fonda preocupación da sociedade galega, tanto nos temas xerais que nos afectan como membros da aldea global: a contaminación dos mares, o cambio climático, o esgotamento da capa de ozono ou a perda da diversidade biolóxica, nos que a nosa actuación é necesariamente contribuidora pero limitada, como naqueloutros que nos agreden máis directamente, como o ruído, a calidade das augas, os vertedoiros incontrolados e todo un conxunto de agresións ambientais para as que demanda con razón, a nosa sociedade, solucións concretas.

O Goberno galego articulou unha estratexia global cos eixes seguintes: un marco normativo integral; instrumentos eficaces de prevención e protección ambiental; xestión dos recursos, de acordo coas directrices do V programa da Unión Europea; información e participación cidadá; política ambiental concreta desenvolvida a través dos plans, programas e actuacións complementarias;

investigación ambiental, dentro do Plan galego de investigación e desenvolvemento tecnolóxico, para a mellora e conservación do medio ambiente; a coordinación, como modelo integrado de xestión.

Os obxectivos básicos da nosa política de medio ambiente son:

Facilita-lo acceso ás tecnoloxías máis modernas que lles permitan ás actividades implantadas ou que se implanten en Galicia cumprir coa normativa ambiental e coas medidas correctoras, o que se traducirá nun desenvolvemento sostido e compatible co medio.

Xestiona-la auga, sustento indispensable de vida, unha das riquezas especiais de Galicia e de toda actividade, para conserva-los seus niveis de calidade e aproveitamento óptimos.

Establece-los sistemas integrados de recollida, transporte, reciclado e tratamento dos refugалlos urbanos, industriais e clínicos.

Xestiona-los recursos naturais, de xeito que se poida impulsar de maneira simultánea e compatible o crecemento económico e a calidade de vida.

Repito que na documentación anexa atoparán as súas señorías un minucioso e extenso desenvolvemento desta estratexia e destes obxectivos, pero só quero aquí salientar algúns aspectos de carácter fundamental.

En primeiro lugar, a existencia xa no noso dereito autonómico dun extenso e completo entramado normativo que ten a súa clave de bóveda na Lei de protección ambiental e que se completa, entre outras, coas leis de pesca fluvial e patrimonio cultural de Galicia e as de próxima entrada nesta Cámara, como as de protección do ruído, residuos sólidos e caza. A posta en funcionamento do Consello Galego de Medio Ambiente como órgano asesor e de participación da sociedade na política ambiental. A existencia dun conxunto artellado de plans e programas de actuación que considero preciso enumerar, xa que a través destes instrumentos se visualiza unha política ambiental concreta, seria, rigorosa e integrada.

Nestes plans hai uns relacionados coa industria: Plan de control de contaminación atmosférica; Plan de residuos industriais de Galicia; Plan de xestión de aceites e filtros de aceites usados; Plan de xestión de pneumáticos usados; Plan de pilas usadas; Plan de recuperación e restauración de solos contaminados; Plan de residuos hospitalarios; Programa de restauración de áreas afectadas por explotacións mineiras.

Relacionados cos residuos urbanos: Plan de xestión dos residuos urbanos.

Relacionados coas augas: Plan hidrolóxico de Galicia; Plan de infraestruturas básicas de abastecemento; Plan de saneamento e depuración.

Relacionados coa protección do litoral e das augas mariñas: Plan de mellora de espazos impactados do litoral; Plan de infraestruturas e equipamentos de praias; Plan de control de calidade do medio mariño.

Relacionados coa saúde ambiental: Programa da rede nacional de vixilancia de contaminación atmosférica de Galicia; Programa de control hixiénico-sanitario dos campamentos públicos de turismo; Programa de control sanitario de piscinas de uso colectivo; Programa de control sanitario das augas de consumo público; Programa de control sanitario das zonas de baño; Programa de control sanitario de utilización de praguicidas.

Relacionados co medio natural: Plan de conservación dos ecosistemas forestais de flora e fauna; Plan de recuperación de recursos cinexéticos; Plan de recuperación de ríos.; Plan de creación e xestión da rede de espazos naturais; Plan de potenciación de xestión e vixilancia do medio natural.

Relacionados co turismo: Programa de turismo rural.

Relacionados co patrimonio cultural: Programa de protección do patrimonio cultural.

A materialización de todos estes plans e programas de actuación requirirá, certamente, tempo e un importante investimento de recursos, pero todo está en marcha. Será preciso ir avanzando de vagar, a medida que o permitan os recursos dispoñibles pero con obxectivos claros e definidos, contando non só cos nosos esforzos senón tamén coa necesaria, xusta e indispensable achega dos fondos de cohesión que administra o Goberno central, e contando tamén coa aportación tamén necesaria e obrigada, dos que contaminan o noso medio natural. Volvo dicir que o principio básico debe ser que o que contamina paga, por iso o Goberno estableceu un canon de saneamento e vai implantar, con carácter inmediato, a través da Lei de acompañamento á Lei de orzamentos para 1996, que pronto estará nesta Cámara, o canon que se lles esixirá ás grandes industrias situadas en Galicia que contaminen a nosa atmosfera e o seu produto, e que se destinará precisamente a contribuír ó financiamento destes plans e programas.

Como peche desta análise global referireime a Europa, especialmente á Unión Europea. O noso futuro está aí. Tamén o está a nosa obriga de pelexar para mellora-las nosas condicións de adhesión, para que se aproben programas que teñan en conta as nosas necesidades e, en definitiva, para que se teñan en conta os nosos intereses lexítimos. Sempre cunha real e efectiva lealdade institucional, nunca pretendendo un iluso illamento, xamais sendo insolidarios, nunca non respectando as regras do xogo.

Esta lealtade debe complementarse, e así o estamos facendo, cunha constante e importante presenza nos organismos rexionais europeos que máis nos afectan: Comité das Rexións, Arco Atlántico, ARE, CRPM, entre outros, nos que Galicia non é un simple compoñente pasivo, senón que estamos logrando que as nosas teses sexan aceptadas. Cremos na Europa das rexións dentro da Europa unida, e loitamos e loitaremos polo seu perfeccionamento.

O presente debate, señor presidente, señoras e señores deputados, non se produce nun momento de estabilidade política, nin no ámbito mundial, nin no ámbito europeo, nin no ámbito do Estado español.

No ámbito mundial, o final da guerra fría, e a súa estrutura bipolar do poder mundial, simbolizados pola caída do muro de Berlín, aínda que reduciu a tensión internacional, non deixou lugar a unha nova orde, senón a unha situación inzada de incertezas, con multiplicación dos conflitos locais, con graves preocupacións en canto ó desenvolvemento económico e con serias dúbidas sobre a configuración do próximo século. Nada de todo isto axuda a que os pobos do mundo poidan edificar os seus propios proxectos. Pero permítanme que desde aquí eu lance a nosa noraboa e gratitude á agrupación Galicia que nos está a representar nunha das consecuencias destes problemas non resolto e moi ben representados.

No ámbito europeo, a Unión Europea viuse sorprendida no seu desenvolvemento e afondamento. A ampliación de 12 a 15 membros e a longa lista de postulantes fan difícil a consolidación da unión monetaria e dunha maior unidade de acción política e estratéxica. En espera da Conferencia Intergobernamental de 1996, o certo é que nos falta claridade nos horizontes e ilusión nos cidadáns.

No ámbito español –porque somos españois, aínda que a nosa maneira de sermos españois é sermos galegos–, teño que dicir que España, ese grande e vello terreo europeo, parte activa da historia da humanidade, cabeza e berce dunha grande familia de pobos –por onde andaron e andan tantos galegos– está pasando momentos críticos da súa andaina política, o que con razón se ten chamado a súa segunda transición.

Os que non nacemos onte, senón ó remate da primeira Restauración, e vimos transcorrer as nosas vidas ó longo da época de Primo de Rivera e de Berenguer; da 2ª República; da nosa dramática Guerra Civil; da Segunda Guerra Mundial; da reconstrucción, do illamento e a apertura; da transición, na que algúns tivemos unha participación, da que estamos orgullosos; da elaboración da Constitución e do seu desenvolvemento estatutario e legal; da fundación

e desenvolvemento da nosa autonomía, e de tantas cousas, non podemos eludir pensar en voz alta sobre o momento que vive España, e que forma parte esencial do estado da Autonomía de Galicia.

España aborda, en verdade, unha segunda transición. As próximas eleccións xerais van ser algo máis ca unhas eleccións para renova-la maioría da cal sairá a lexitimidade democrática para un novo goberno.

Eu penso –e naturalmente non obrigo a ninguén a pensar coma min– que os vindeiros comicios xerais han de ser, teñen que ser, o comezo dunha nova etapa: a etapa popular. A maioría popular foise forxando de abaixo a arriba; dende os concellos, dende as deputacións, dende as autonomía; contra o vento da demagogia e a enxurrada das manipulacións. Lembrémo-lo exemplo do debate sobre as pensións, nas últimas eleccións xerais.

A etapa popular non deberá arrincar, como non o fixo en Galicia, da rixidez dunha ideoloxía, senón do pragmatismo e do sentido común, xamais de posicións de exclusións e de desquite, como o foron as baseadas na loita de clases; tampouco de manipulacións lamentables da opinión, de descualificacións persoais ou de grupo, senón da verdade na información, da seriedade nas formulacións e do rigor na Administración.

Ás veces criticóuseno-lo feito de non emprega-la forza política da nosa maioría en Galicia para vendermos ou alugármolo-nos os votos e, deste xeito, obtermos vantaxes inmediatas. Outros fixérono e así lles vai. A confianza do pobo galego para nós nin se merca nin se vende: loitamos para que se creen en Galicia e en tódalas comunidades autónomas de España as condicións nas cales poidamos todos traballar mellor; e propuxemos un modelo axeitado para isto.

Agora imos te-la grande oportunidade de realizalo. Cada un, e Galicia por suposto, poderá defende-la súa autoidentificación e o seu autogoberno, en colaboración con todos e dentro da xusta solidariedade. Pero estou certo, ademais, de que imos ver, quizais por primeira vez na nosa longa historia, recoñecidas e satisfeitas as nosas carencias históricas e recompensadas as nosas xustas demandas.

Ó longo destes anos mantivemos dende a Xunta unha liña de servizo do ben común; non casamos –como adoita dicirse– con ninguén; porque só servindo a todos e mantendo con todos a nosa autoridade que nos outorga, dentro da Constitución e do Estatuto, a confianza popular se pode servi-lo conxunto, o pobo, de quen vén todo e que todo o merece.

Seguirémolo a facer deste xeito, coas limitacións de toda obra humana, mais coa renovada conciencia do fracaso das utopías, do escándalo e dos engan

e da inutilidade das teimosías ideolóxicas e partidistas. Sobre todo, coa lexítima esperanza de que os principios de solidariedade política e de xustiza social, que Galicia foi a primeira en soster, axiña serán a orientación básica de España enteira. Folga dici-lo que todo iso supón para a maioría desta Cámara de confirmación e de esperanza.

E remato. Dende aquel, xa afastado, 5 de febreiro de 1990, no que tiveron a honra de tomar posesión como presidente da Xunta de Galicia, tiveron claras algunhas ideas básicas.

- 1ª Que era preciso un cambio sociolóxico e mesmo estético. Abonda de laios e de aldraxes. Era indispensable que Galicia recuperase o seu orgullo, que se sentise importante e mesmo en cabeza dos pobos de España.
- 2ª Que Galicia tiña que afondar no seu ser. O que denominei autoidentificación, que non é senón a súa lingua, a súa cultura e as súas tradicións.
- 3ª Que a vertebración e articulación da nosa Comunidade esixía actuar con profundidade en todo o noso sistema de infraestruturas para sacar a Galicia do seu tráxico e histórico illamento.
- 4ª Que eramos europeos, membros de pleno dereito nunha comunidade política de máis de 300 millóns de persoas, cun mercado aberto e competitivo e que tiñamos que abrímos ó exterior e revisar tódalas nosas estratexias económicas correspondentes.
- 5ª Que eramos orgullosamente galegos e españois, cunha lealdade absoluta a Galicia e a España.
- 6ª Que para que unha sociedade se modernice é preciso un profundo esforzo en formación e educación. Só unha sociedade aberta pode progresar.
- 7ª Que esta modernización esixía, igualmente, abrirse ás novas tecnoloxías e apostar claramente polo futuro.

Estas sete ideas básicas presidiron e seguen a presidi-la nosa actuación e espero e desexo que sexan compartidas, no esencial, polas súas señorías.

Señor presidente, señorías, moitas grazas pola súa atención.

COMPARENCENCIA DO PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA PARA EXPLICA-LOS MOTIVOS DAS REMODELACIONES FEITAS NO SEU GOBERNO E AS SÚAS CONSECUCIAS POLÍTICAS, A INICIATIVA DUNHA QUINTA PARTE DOS MEMBROS DA CÁMARA PERTENECENTES Ó GRUPO PARLAMENTARIO DOS SOCIALISTAS DE GALICIA

18 de xuño de 1996

Señor presidente, donas e señores deputados:

A composición da Xunta de Galicia tivo, como é notorio, cambios relevantes nas últimas semanas que, con moito gusto, veño explicar a esta Cámara; de modo breve polo demais, posto que en verdade os cambios se explican por si mesmos, como é patente e como pronto imos comentar.

En todo caso, antes que nada quero deixar perfecta constancia da plena continuidade nas liñas e nos principios da acción política e administrativa da Xunta que me honro en presidir, que manterá o seu programa electoral e canto eu dixen no discurso e debate de investidura, que, por certo, tendo en conta a solidez e homoxeneidade do noso grupo parlamentario, non necesita ser explicado. Pero é que, ademais, esa que foi unha maioría absoluta, non só nos termos desta Cámara, de acordo coa Lei D'hont, senón correspondente á maioría absoluta de votantes, vese confirmada expresamente pola confianza renovada en tódalas eleccións posteriores: europeas, municipais e xerais.

Polo tanto, hai cambios de persoas, como agora se comentará, pero non hai nada que poida ser comparable a algo chamado crise. Clara maioría absoluta, repito, na Cámara e nos votos, confirmada en cada nova xornada electoral, recórdese que nas últimas eleccións xerais pasámo-la barreira –hai pouco tempo, teño que dicir que increíble, mesmo para nós– dos 800.000 votos e que foi reforzada coa nova maioría no ámbito nacional.

Precisamente isto é importante porque a maior parte dos cambios no Goberno e nas instancias administrativas que o acompañan, débense, como é obvio, a este cambio de maioría, pero de maioría no sentido, naturalmente, que nós –probablemente outros non– desexábamos no Estado, consecuencia das últimas eleccións xerais de marzo, que alterou de modo substancial a composición das dúas cámaras que integran as Cortes Xerais e, por suposto, como consecuencia, deu lugar a un novo Goberno popular.

No Senado, o sistema maioritario, aínda que restrinxido, produciu unha maioría absoluta para o Partido Popular, e creou ademais –e quero dicilo aquí, porque viñamos hai tempo predicando esta necesidade– a razoable esperanza de que isto permita desde agora, entre outras cousas, un maior interese polos temas autonómicos. Nós fómo-los primeiros en crear na lexislatura pasada un grupo territorial e espero que moi cedo se dean os pasos necesarios para que se realice a reforma por nós proposta da propia Alta Cámara, para facer dela, como pide a propia Constitución, unha verdadeira Cámara de ordenación territorial. Así mo confirmou en recente visita o señor presidente do Senado.

No Congreso dos Deputados, previos os oportunos pactos, porque alí temos un sistema proporcional, creouse igualmente unha nova maioría, que lle permitiu ó propio Partido Popular a formación dun novo goberno, ante o cal eu comprendo que as reaccións das minorías desta Cámara sexan variadas. Como eles comprenderán, para esta maioría do Grupo Popular, que á súa vez –como digo– representa unha maioría dos galegos, este é motivo de profunda satisfacción e confianza.

Moitas son as consecuencias para toda España e para Galicia, que esperamos positivas, xa producidas e que se van continuar, sobre todo tendo en conta que a victoria electoral do 3 de marzo se produciu, como dicía, despois de sistemáticos avances do Partido Popular en eleccións municipais, autonómicas e europeas, sen que deba esquecerse que o Partido Popular de Galicia tivo niso, como é natural, unha parte importante.

Pero, en definitiva, o que a min se me pregunta e que hoxe procede recordar, polo tanto, é que despois de que nos ano 1982 e 1996, salvo una vez, e por

pucos meses, que figurou un ministro galego nos gobernos de España, agora as cousas cambiaron, con grande vantaxe –penso eu– para a nosa terra.

Como consecuencia de todo isto, tres conselleiros da Xunta de Galicia foron nomeados para postos importantes; outros, como o señor Rajoy, non o era no momento en que foi nomeado, pero fora membro moi distinguido do Goberno galego, do que fora vicepresidente.

Temos así que o señor Romay Beccaría, que foi ata hai pouco tempo conselleiro de Sanidade e Servicios Sociais, despois de selo con grande e brillantes servicios en Agricultura, Gandería e Montes, foi nomeado ministro de Sanidade e Consumo. O señor Piñeiro Permuy, conselleiro varios anos de Educación e Ordenación Universitaria, foi nomeado presidente do Consello Escolar do Estado. E o señor Diz Guedes, conselleiro de Xustiza, Interior e Relacións Laborais, foi nomeado delegado do Goberno en Galicia, cargo potenciado, non só pola nova categoría que se lle atribúe de subsecretario, senón pola directa dependencia del dos catro subdelegados, de momento substitutos dos antigos gobernadores civís.

Tres, polo tanto, son os relevos que se deben a que agora contemos con estas tres importantes promocións. Os substitutos, como é notorio, son persoas absolutamente capaces e cunha especial preparación para os seus postos.

O conselleiro de Sanidade e Servicios Sociais é o doutor Hernández Cochón, que, por certo, xa fora dúas veces titular da mencionada carteira. Foi membro deste Parlamento, do Senado e do Congreso dos Deputados, cunha brillante carreira de sanitario e de político, e del esperámo-los mellores servicios e tamén a máis estreita e eficaz conexión coa Administración central. Por certo, problemas que durante tanto tempo estiveron aí e que a Administración anterior non foi capaz de resolver, como o Hospital Militar da Coruña, xa están resoltos, gracias a Deus, neste momento.

É tal a miña confianza no señor Hernández Cochón, como é a do grupo que me honro en presidir e en representar, da que quero deixar aquí constancia, dada a importancia que atribúo ós asuntos do Senado –moi pronto, repito, Cámara potenciada de acordo co espírito e coa letra da Constitución–, que o nomei o meu representante; representación que antes tiña o señor Diz na comisión autonómica do Senado para os casos ós que eu non podía asistir, da que xa fixo uso nos últimos días.

O novo conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria, Celso Currás, é un experto profesional nas materias do seus departamento, coa precisa preparación académica, cun doutoramento sobre temas pedagóxicos, cunha



Xesús Palmou Lorenzo, conselleiro de Xustiza, Interior e Relacións Laborais, foi unha das incorporacións que Fraga fixo nunha remodelación do seu Goberno no verán de 1996, xunto a José María Hernández Cochón en Sanidade e Servizos Sociais, e Celso Currás Fernández en Educación e Ordenación Universitaria.



completa experiencia nos temas do ensino e de inspección, e cunha brillante xestión na dirección xeral que viña desempeñando na Consellería de Familia, Muller e Xuventude. Eu teño que dicir que creo moito nas tradicións familiares, como cren os galegos, unha das institucións máis tradicionais, por certo, é a *compañía familiar galega*. Coñecín o seu avó, coñecín o seu pai, grande mestre e alcalde de Trabada, coñezoo a el e teño que dicir que teño moita esperanza nunha das funcións capitais do Goberno galego. Fará unha grande xestión.

Finalmente, o novo conselleiro de Xustiza, Interior e Relacións Laborais, Xesús Palmou, ten unha longa e recoñecida experiencia na Administración municipal e unha brillante folla de servicios neste Parlamento, onde todos o coñecemos e onde lle tocou levar, ó longo de dúas lexislaturas, iso que neste momento todos loamos, que foi a pilotaxe da delegación civil do dereito galego. Ten experiencia como xurista recoñecido, traballos eficaces en cuestións como a Semana Verde de Galicia, que acaba de culminar coa inauguración pola súa Maxestade el Rei e a súa elevación ó nivel das grandes feiras españolas e europeas, e moitas outras cousas que non é necesario recordar.

Penso, pois, que nestes tres primeiros cambios, só cabe un comentario: esperar –estamos seguros diso– grandes apoios para Galicia dos que pasaron á Administración central, e non só dos citados, pois en razón deses nomeamentos naceron outros de secretarios de Estado, subsecretarios e directores xerais e outros altos cargos, cos que xa temos iniciado o máis fecundo dos diálogos.

Quero destacar entre eles –como dicía– os producidos no Ministerio das Administracións Públicas, en Sanidade, en Educación, e Agricultura, coa Secretaría Xeral de Pesca, que é fundamental para nós, e moi recentemente a designación do antigo secretario xeral de Turismo para presidir a cadea de Paradores, emblemática desa cabeceira do turismo mundial que ten España, no cal non fago falsa modestia porque, claro, eu tiveron que ver, e que nos vai axudar moito en proxectos que estaban xa moi adiantados, pero que agora, sen dúbida, se van realizar.

É de esperar –estamos igualmente certos diso– o éxito renovado desta continuidade, dos que os van substituír na Administración autonómica, desde a excelente canteira, e non é por casualidade, que tantos deles foron promovidos á Administración central.

Outra é, evidentemente, a orixe dos cambios en Cultura e Comunicación Social e a creación da Consellería sen carteira para Asuntos Parlamentarios. Vivimos unha verdadeira revolución nos medios de comunicación. Todo o mundo

di que despois da sociedade industrial, na sociedade chamada post-industrial hai que falar sobre todo da sociedade da comunicación e nesta, é evidente que os medios de comunicación se converteron nun factor fundamental da economía e das relacións internacionais. Teño que dicir que neste país que tivo que vivir tan de cerca o conflito do fletán, o embaixador Pardos no Canadá soubo, cando todo se volveu contra el na prensa anglosaxona, utiliza-la internet para demostrar que tiñamos novos instrumentos. Quero face-la súa loanza aquí, coa creación e transmisión da cultura en tódalas súas formas, desde a máis elitista á máis popular, mundo este no que, por certo, non fixemos máis que comenzar a vivir, pero que ninguén dubida de que é, e de que vai seguir sendo factor clave das sociedades do noso tempo.

Pareceu por iso conveniente a integración e a reordenación nunha nova consellería, a tradicional de Cultura, enlazándoa co novo mundo en pleno desenvolvemento da comunicación, na cal, por certo, creo que dispoñíamos da peroa adecuada. Xa tiña dado pasos importantes desde competencias e recursos moi limitados para que esta vez Galicia non quedara fóra do pelotón de cabeza no que practicamente estamos xa; pasos nos que todos intervimos: na telefonía rural, na telefonía móbil, na telemedicina, no acceso do sinal da televisión en todo o noso territorio e en tantos outros. Neste momento, son xa pasos previos que xustifican dabondo esta decisión. Xesús Pérez Varela, experto periodista, bo coñecedor da profesión e dos medios, cunha experiencia cumprida en Madrid e en Galicia. Podía engadir moitas cousas, como as creacións das orixinais e de tanto suceso como o Club de Prensa en Compostela, pero o seu prestixio nacional e internacional relévanme doutros comentarios.

Pero, ó mesmo tempo, atendendo á importancia que nós lles damos a tódalas institucións –e non son palabras vacuas, porque había moitas institucións que estaban previstas, mesmo reguladas, algunhas dúas veces, por dúas leis no Estatuto, pero que só cando nós chegamos se puxeros a marchar, sabendo de antemán que sendo institucións de control non eran precisamente institucións que fosen a afectar ós traballos do Goberno, nun sentido cómodo, como o Consello de Contas o Valedor do Pobo e tantas outras– nós, como é natural, valoramos especialmente esta casa na que hoxe estamos, suprema relación e suprema orientación do pobo galego. Tema fundamental este, posto que Montesquieu –ó que algúns queren matar e xa morreu hai tempo, pero a súa obra, como a de tódolos grandes homes, aí queda– non falou de sepración de poderes –equivocada interpretación dalgúns dos contituíntes norteamericanos– senón da súa división para mutuo control, pero desde a mellor coordinación.

Por iso, era esencial achegar neste momento unha figura do prestixio, da experiencia e da calidade do noso portavoz, Víctor Portomeñe. A súa ampla experiencia como xurista e como político, o seu paso por diversos departamentos, Educación, Cultura, ambas reunidas, e Relacións Institucionais, que fan del un profundo analizador da nosa Administración, o seu alto nivel no Partido Popular e, sobre todo, a súa longa e cumprida experiencia parlamentaria, o mesmo desde a maioría ca desde a oposición, fan que sexa o home neste momento fundamental que tiña que reforzar e establecer este diálogo que sinceramente desexamos, iso si, cada un desde o seu sitio, desde unha posición que lle foi dada, non polo noso capricho, senón pola maioría do pobo galego.

Pouco máis tiño que dicir. Todo se fixo de común acordo, todo se fixo coa planificación axeitada e houbo unha clara e cumprida preocupación por non interromper en ningún momento as funcións administrativas. Dentro da mesma semana cubríronse tódolos postos; só queda neste momento por substituí-lo gabinete de Turismo por moi poucos días. E aproveitamos ó mesmo tempo para proxectar estas non como simples e renovadas designacións, senón como parte dun programa –que temos desde o primeiro momento e que imos cumprindo– de racionalización e simplificación da nosa Administración, xa moi avanzada en tódolos termos administrativos, para ir –como digo– a un certo adelgazamento dela, como se fixo xa nunha secretaría xeral e en tres direccións xerais: unha en Política Territorial e dúas en Cultura. Por este camiño imos continuar.

Teño que dicir que calquera que observe a Administración pode observar dous niveis dentro, como é natural, da coherencia política: unha crecente profesionalización en tódalas administracións e a coordinación –que eu respondo– cada vez maior en relación coas frecuentes –que eu presido a miúdo– reunións interdepartamentais.

Teño aquí o esquema ó día consellería por consellería, pero quero dicir –porque sempre vou ter puntos de referencia– que neste momento Galicia ten 11 conselleiros mais un sen carteira; quere dicir isto sen presuposto, sen pesoal; Cataluña despois da última reforma –tiña máis antes– ten 13; Valencia, 11 e Andalucía, 12.

Andalucía ten 12 viceconselleiros; nós non temos secretarios xerais con rango orgánico superior ó director xeral e asimilados ou comisionados; Cataluña ten 21 despois da última reforma, e Valencia 11 secretarios xerais técnicos con rango orgánico de director xeral; nós temos 16, e Andalucía 17 directores

xerais; nós temos 37, Cataluña 78, Valencia 48, Andalucía 49. En total, altos cargos de director xeral para arriba, nós temos 65, Cataluña 112, Valencia 70 e Andalucía 90.

Creo que estas cifras falan por si soas, e –repito– nós temos que continuar nas nosas reformas progresiva e racionalmente.

Señor presidente, donas e señores deputados, nesta nova etapa política que nós pensamos que, por fortuna, comenza para España, na que xa pode imaxinarse a esperanza que representa para a maioría deste Parlamento –maioría querida polos galegos e, por suposto, polo presidente da Xunta que lles fala, presidente fundador do Partido Popular– imos continuar servindo a Galicia con ánimo renovado. Convencidos imos ter agora máis posibilidades de facelo, e iso por varias razóns: primeira, porque os accesos a Madrid e a Bruxelas van ser máis abertos, máis fluídos e máis cordiais e porque as ideas que, ó longo destes anos, desde Galicia, estivemos promovendo para melloralas nosa Autonomía, e con iso todo o sistema autonómico no seu conxunto, son xa doutrina e política do Goberno da nosa Administración central. A Administración única, contra a cal o Goberno anterior comprara esa expresión porque pagara moi caro un informe intentando demostralasúa inconstitucionalidade, a reforma do Senado e a presenza en Europa das comunidades autonómicas van xa por un camiño que foi o que se trazou desde esta mesma tribuna, porque sabemos que nos imos mover nun renovado ambiente de ética política e administrativa e de valentía de decisión na acción do Goberno.

Desde esta esperanza, loitaremos, señor presidente, donas e señores deputados, polo noso compromiso con Galicia, con España e con Europa. Esperamos que xuntos poidamos comprobar nos meses próximos que imos adiante cara a un terceiro milenio mellor. E teño dito.

COMPARECENCIA DO PRESIDENTE DA XUNTA PARA INFORMAR E DEBATER RESPECTO DA SITUACIÓN POLÍTICA DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA

8 de outubro de 1996

Señor presidente, señoras e señores deputados:

Comparezo unha vez máis ante esta Cámara no debate sobre o estado da Autonomía, que se consolidou como un debate xeral, no que non só estamos obrigados a reflexionar e a tomar posición sobre os temas inmediatos que afectan a nosa Comunidade, senón tamén sobre aqueles menos próximos pero que necesariamente nos afectan, reflexión que debemos estender á evolución da sociedade galega.

En 1996, séguese consolidando no mundo que vivimos unha situación monopolar do poder, como feito aparente, e unha profunda transformación consecuente das sociedades políticas mundiais.

O predominio de Estados Unidos como única gran potencia mundial, de maneira especial na orde militar, vai acompañado por dous fenómenos singulares: a forza emerxente dos países asiáticos e o rexurdir dos nacionalismos en Europa.

A desintegración da URSS e a liberalización dos mercados están fortemente presentes no programa europeo. Ante o reto da competencia dos países

emerxentes, con tecnoloxías de vangarda, con sistemas de protección social e con niveis de salarios claramente inferiores ás sociedades occidentais, Europa reaccionou intentando aumenta-la súa produtividade e axustando o seu sistema de protección social para reduci-la diferenza. Non se trata de volver a un liberalismo trasnoitado nin de rompe-la cohesión social. Trátase de sobrevivir nun mundo competitivo e aberto no que xa non é posible o illamento.

Maastricht non é o triunfo do capitalismo, senón a expresión do sentido común europeo. Europa non está disposta a perde-la batalla da competitividade nin a renunciar ó seu papel na orde mundial.

En España, marzo de 1996 significou un cambio histórico. A hexemonía socialista, que durante 14 anos marcou o rumbo da historia política no noso país, é xa un feito do pasado no que houbo luces e sombras. Foron anos intensos, e sen querer facer unha análise desta época –non é o momento nin o lugar– lamentámo-la historia dos tristes últimos anos do poder socialista.

O Partido Popular de España e o seu presidente, e hoxe presidente do Goberno, ten ante si un novo reto: ollar cara ó futuro de España e reorienta-lo noso sistema económico e social ó que queren os españois de 1996, segundo o expresaron as urnas. Nesta tarefa terán toda a nosa leal colaboración e tamén a nosa total esixencia en defensa dos intereses de Galicia, pero ningún poderá negar que a receptividade e o interese cara ós temas de Galicia e o apoio á nosa terra, que o presidente do Goberno e todos e cada un dos ministros xa demostraron e seguirán demostrando, como terei ocasión de detallar noutra parte da miña intervención, é un feito certo.

Quen nos vexa a través do prisma dos exabruptos dalgúns sectores da oposición pensará que Galicia é unha sociedade crispada e profundamente dividida. Estas imaxes prodúceas unha minoría, e non só unha minoría política, senón tamén unha minoría social.

Señorías, coido sinceramente –e estou seguro de que esta crenza é compartida por moitos dos que estamos neste hemiciclo– que a sociedade galega alcanzou un elevado grao de madurez, de cohesión social e de estabilidade.

A mellora do nivel de vida e de solidariedade social, a extensión xeral da educación e a inmediatez da información van conformando unha sociedade máis equilibrada, que non ten moito que ver cos aspectos máis negativos da Galicia histórica.

Nembargantes, algúns que poderíamos conceptuar como nostálgicos da revolución social seguen soñando cunha Galicia fóra de España –non queren «exército de ocupación», pero si fragatas e en xeral industrias militares– e fóra

de Europa. Pero fóra vai moito frío. Só se escoita o «bate-los dentes» de tódolos que queren entrar. Non hai fondos estruturais nin de cohesión, que, hoxe, por certo, estamos discutindo e intentando ampliar para Galicia. Conciben así unha Galicia autárquica, fóra do contexto europeo e maximalista, no número e velocidade dos cambios. Autárquica, non aceptando a Europa non só de Maastricht, senón a do Tratado de Roma. Galicia, como célula independente que só acepta de Europa o que lle convén e que rexeita toda carga e toda responsabilidade. Galicia, fóra do contexto europeo, propugnando a volta ó capitalismo de Estado, ó burocratismo, ó paraíso do intervencionismo estatal. Unha Galicia maximalista, rixida e –se me permiten a expresión– cun certo aroma a tardomarxismo e a un cóctel de utopías.

Debo dicirlles ás súas señorías que non é esa a nosa Galicia. Cremos nunha Galicia como sociedade europea cohesionada, disposta a loitar polo seu futuro nunha sociedade aberta. É certo que existen problemas, e algúns deles de especial gravidade. Refírome, por exemplo, á demografía.

A taxa de natalidade da sociedade galega, co índice máis baixo de España, é unha das máis baixas de Europa e é a principal ameaza para o noso futuro. Hai algúns anos xa presenteí este problema con ocasión doutro debate similar e recordo as risas dalgúns. Pois, se ben inicialmente esta mensaxe foi recibida con escepticismo e cun certo sarcasmo, hoxe é considerada por toda a sociedade galega como a nosa principal preocupación de futuro. Por suposto que unha política de natalidade é necesariamente unha política de Estado. Os seus instrumentos básicos son a política fiscal e a política de rendas.

É obvio, por outra banda, que dende a Autonomía se pode cooperar nesta política. Estámolo a facer e farémolo coa maior intensidade e, neste sentido, no presuposto de 1997 instrumentaremos novas medidas que reforcen a acción actual. Paralelamente, presentaremos propostas de ámbito estatal que aproximen a nosa política de natalidade á das nacións europeas que se enfrontaron con este problema e conseguiron superalo ou, cando menos, suavízalo.

Como terei ocasión de examinar posteriormente, o descenso crecente no nivel de paro constitúe un dos factores máis positivos da nosa economía nos últimos meses. Nos últimos doce meses, o nivel de paro rexistrado descendeu en 14.406 persoas. Se comparámo-la cifra de paro rexistrado en 1990, 185.869 persoas, coa de agosto de 1996, 161.917, a diferenza expresa sintetiza o despegue da nosa economía.

Teremos ocasión de volver sobre este tema. Quixera expresar unicamente neste pórtico da miña intervención que o camiño do rigor, do esforzo e do

traballo colectivo é o único posible e, con todo isto, Maastricht é a nosa materia obrigada.

Isto non implica rachar nin a cohesión nin a solidariedade social, senón simplemente axusta-lo noso sistema, facelo máis eficaz, prima-lo aforro, defende-la austeridade no público e no privado e saber afrontar unidos as dificultades. Só progresaron as sociedades que souberon loitar polo seu futuro e asumiron que esta loita implica sacrificios temporais e esforzo.

Dentro da filosofía estricta dun debate sobre o estado da Autonomía é obrigada a análise do feito e dos nosos obxectivos inmediatos, análise que procurei situar non só nun contexto próximo, senón tamén nunha certa perspectiva temporal.

Non é aínda hora de facer un balance de lexislatura. Aínda falta un ano para que conclúa a segunda lexislatura, na que, de novo, o pobo galego nos honrou coa súa confianza por maioría absoluta e, dende logo, fronte ós apresurados e os augures, é o meu propósito esgotala.

Procurei sintetizar e concreta-los datos de forma que esta análise nos permita un debate en profundidade sobre a realidade de Galicia, sobre o feito e o pendente de facer e sobre a solución dos problemas da que depende o noso futuro. Por certo, despois entregaráselles unha copia do discurso, unha documentación cumprida a este respecto, tema por tema.

Final do illamento de Galicia

O cambio cualitativo producido na nosa Comunidade Autónoma nos últimos anos é evidente. Isto foi debido, fundamentalmente, ó enfoque diferente que este Goberno lles deu ás súas actuacións infraestruturais.

O Goberno galego, que me honro en presidir, dende o primeiro momento asumiu o reto de desenvolver e transforma-las nosas estruturas económicas, para o que se facía imprescindible dota-la Comunidade Autónoma dunhas infraestruturas axeitadas e homologables coas do resto dos países avanzados. En consecuencia, deseñouse un programa de actuacións baseado, en primeiro lugar, no desenvolvemento das infraestruturas viarias, tanto internas como externas á Comunidade.

Esta nova visión estratéxica deu como resultado, en primeiro lugar, a sinatura dun convenio co Ministerio de Obras Públicas e Urbanismo para a execución das dúas autovías de unión coa Meseta –por certo, sen o apoio nesta Cámara do PSdeG-PSOE–, e nun segundo lugar, a redacción dun ambicioso Plan de estradas de Galicia (PEG).

A situación actual, sen falsos optimismos, podemos cualificala como satisfactoria. As autovías de conexión coa Meseta nestes momentos están en obras en tódolos seus tramos, agás os 52,5 km de Pedrafita, que teñen autorizada a súa licitación polo Consello de Ministros dende o pasado setembro, por un importe de 93.000 millóns de pesetas.

De acordo co ritmo de execución que teñen as obras na actualidade, podemos asegurar que os tramos da Coruña-Lugo e Vigo-Ourense estarán rematados en 1997. No mesmo ano tamén se rematarán case tódolos tramos entre Ourense e Benavente e moitos dos correspondentes a Lugo-Benavente.

En 1998 estará rematada integramente a autovía Vigo-Benavente e tódolos tramos da Coruña- Benavente, salvo os 52,5 km de Pedrafita, que comezarán a construírse no primeiro trimestre de 1997, cun prazo de execución de tres anos.

Fronte ós agoireiros e pesimistas, gracias a unha acción enérxica e persistente da Xunta de Galicia, a maior obra de infraestruturas de toda a historia española vai rematar nun prazo razoable. A súa execución e o seu financiamento é responsabilidade do Goberno central, pero tódolos galegos saben que nunca se farían sen a xestión e a presión do noso Goberno e –quero dicir– da maioría deste Parlamento.

Quixera, nembargantes, recoñecer e agradecer, primeiro, a decisión inicial do Goberno anterior de acomete-la obra, de acordo co citado convenio, e agora os especiais esforzos de don José María Aznar para acelerar ó máximo os traballos e asignar tódolos recursos necesarios, a pesar dos axustes orzamentarios.

Non podo dici-lo mesmo dos últimos tempos, dende 1993 ata as eleccións de marzo deste ano, período no que as vacilacións, os retrasos e as tácticas dilatorias foron constantes.

Polo que se refire ó Plan de estradas da Xunta, estanse alcanzando altos niveis de cumprimento. Así, están en servizos ou en execución 163 km de vías de alta capacidade e 567 km da rede primaria básica, o que representa respectivamente o 76 % e o 73 % do total.

Da rede primaria complementaria están en servizo ou en execución 483 km, un 35 % do total previsto.

Todo isto, a pesar das restriccións orzamentarias que obrigaron a reduci-la asignación de créditos prevista inicialmente no plan. Unha boa xestión e procesos transparentes de contratación fixeron posible este alto cumprimento.

En materia ferroviaria, loitamos contra a opinión dun Goberno central que pensaba que a única referencia española era o Mediterráneo, se ben, finalmente, se logrou que a variante do Guadarrama, o tramo Madrid-Valladolid,

como piar básico da futura vía de penetración a Galicia, ó noroeste peninsular, fose recollida no PDI e fosen feitos os estudos para a súa execución, xa posta en marcha polo actual Goberno.

Igualmente, conseguimos introducir nos plans do Ministerio unha vía de velocidade alta (200 km/h) ata Monforte e redactamos un plan de infraestructuras ferroviarias para Galicia, que, coas posteriores achegas de tódolos grupos políticos desta Cámara, que agradecemos, constitúe o eixe non só das nosas reivindicacións ferroviarias, senón tamén un exemplo e guía para tódalas comunidades do noroeste peninsular.

Outro punto importante acordado nesta materia é que se considere seriamente a posibilidade de unir Vigo e O Porto cun tren de alta velocidade, conectado nun futuro co resto da rede de alta velocidade europea.

Quixera subliñar diante desta Cámara, ó igual que o fixemos coas autovías, que loitaremos coa mesma enerxía co Goberno central para logra-la accesibilidade de Galicia na materia ferroviaria. Sobre isto somos razoablemente optimistas, porque en Madrid temos hoxe un goberno amigo que quere a Galicia e entende as súas lexitimas reivindicacións. O que non faremos é apoiar no Congreso dos Deputados iniciativas illadas formuladas por grupos minoritarios que pretenden actuar como francotiradores, utilizando para isto iniciativas consensuadas por tódolos grupos. Dende esta mañá –e non figura no texto escrito– podo confirmar que o Ministerio de Fomento me autorizou para informar á Cámara de que a Comisión Mixta prevista para estudia-los temas ferroviarios de Galicia se reunirá por primeira vez neste mesmo mes de outubro.

As nosas reivindicacións de futuro, á parte das xa expostas en canto ó ferrocarril, concréntanse na construción inmediata da autoestrada Santiago-Ourense –os seus estudos previos comezarán en 1997, segundo anunciou recentemente o ministro de Fomento– e na autovía do Cantábrico, así como en completa-la rede arterial das grandes cidades.

Os camiños das telecomunicacións

As telecomunicacións son os camiños sobre os que se asentará o desenvolvemento dos pobos e de tódalas nacións deste final de século. Todos vostedes coñecen, señorías, o esforzo que se está facendo neste campo na nosa Comunidade. As tecnoloxías de información e de comunicación son un universo ó que Galicia se soubo, por unha vez, incorporar nos últimos anos, polo cal navega con firmeza e ideas claras e constitúe un exemplo que está a ser imitado por outras comunidades.

A extensión da telefonía rural permitiu dotar de teléfonos a calquera habitante de Galicia, aínda que vivise na última parroquia, ó mesmo custo có servizo urbano e con máis de 107.000 instalacións de teléfonos. Escoito falar doutro plan, polo visto moi serio, pero que non puxo nin un só teléfono. O plan para transformar toda a rede telefónica galega en Rede Dixital de Servizos Integrados estará culminado no ano 1997. Son dous avances substanciais e, neste sentido, teño que agradecerlle a Telefónica de España a súa aposta por Galicia, xa que gracias ó seu esforzo e á colaboración financeira da Xunta de Galicia, que achegou máis de 13.000 millóns de pesetas, Galicia está hoxe á cabeza das comunidades autónomas nesta materia. Isto permitiu a implantación da rede informática da Xunta para usos administrativos; rede privativa que enlaza tódalas oficinas públicas da Xunta, hospitais e outros servizos, e que se estenderá con carácter inmediato a tódolos concellos.

A globalización da Rede Dixital de Servizos Integrados (RDSI) abre a vía para aplicacións informáticas que poden cambiar radicalmente o noso futuro: apoio a centros docentes, a agricultores, ás pemes, ós servizos sanitarios e outros moitos exemplos que abren novas vías para situar a Galicia nun nivel distinto, indispensable no século XXI.

Neste mesmo sentido, teño que sinalar que temos asentada a Rede Oficial de Comunicacións da Xunta e a Rede de emisores, reemisores e microrreemisores da Radio e Televisión de Galicia, e agora xa estamos traballando de cheo nun dos retos que caracterizarán a Galicia e ó mundo do século XXI: as autoestradas da información.

Hai un ano anunciáballes ás súas señorías a creación da primeira grande autoestrada de información de Galicia. Pois ben, hoxe aquel proxecto é toda unha realidade. Campus universitarios, centros sanitarios, parque tecnolóxico e centros de investigación están xa conectados a través de catro centros nodais.

As posibilidades de crecemento da autoestrada da información galega son inmensas, e xa estamos afrontando novos obxectivos, como o «teleensino», o funcionamento en rede das nosas bibliotecas e museos ou a incorporación a este espazo do Centro Superior de Documentación de Galicia.

Como poden comprobar, señorías, Galicia «navega» con soltura e seguridade polo ciberespacio e está en condicións de afronta-los desafíos que presenta a sociedade da información.

Medio ambiente, preocupación troncal

A preservación, restauración e mellora do medio ambiente constitúen unha preocupación troncal do meu Goberno. A Xunta optou por un modelo de

coordinación no que se conxuga a acción das consellerías sectoriais con instrumentos de coordinación: Comisión Delegada, Comisión Galega e comisións provinciais de medio ambiente.

A nosa acción ten como obxectivo a mellora integral das nosas infraestruturas de saneamento e abastecemento, o tratamento de refugallos, a rexeneración de solos e a redución da contaminación industrial.

No primeiro aspecto, e en cumprimento da Directiva 91/271, a Xunta redactou o Plan de saneamento de Galicia, que abrangue toda a Comunidade Autónoma, e non só a zona das rías, como se recollía anteriormente. Isto supón a realización de investimentos de saneamento e depuración por importe de 163.814 millóns de pesetas no período 1994/2005. O referido importe de 163.814 millóns inclúe actuacións de redes de sumidoiros, saneamentos e depuracións.

O esforzo realizado dende 1990 permitiu que a maior parte das depuradoras e saneamentos dos grandes núcleos costeiros estean en funcionamento ou en construción nestes momentos.

No tratamento global da auga como recurso, teño que destaca-lo Plan hidrolóxico das cuncas intracomunitarias de Galicia (Galicia-Costa), o cal está xa rematado e pendente unicamente da súa aprobación polos órganos competentes do organismo autónomo Augas de Galicia, aprobación que se producirá antes da fin do presente ano.

Coa inmediata adxudicación da planta de tratamento de refugallos sólidos de Cerceda, da que espero pronta tramitación, e coa aprobación da proposición de lei de refugallos, por iniciativa de tódolos grupos desta Cámara, daranse os pasos definitivos para a resolución global do tratamento dos refugallos sólidos en Galicia.

Foi un proceso laborioso e difícil, pero tamén é o reto que asumimos: un plan integral para Galicia que evite no futuro situacións tan angustiosas e difíciles como as que está pasando A Coruña co vertedoiro de Bens. E teño que dicir que, por esta razón, espero que ninguén queira facer deste tema pequena política e se considere por tódolos cidadáns como un plan realmente importante para todos nós.

En materia de contaminación atmosférica, e a través da Comisión Galega de Medio Ambiente, estanse negociando coas grandes empresas galegas pactos ambientais que reduzan sensiblemente as emisións á atmosfera, non só respectando os mínimos legais establecidos, senón reducíndoos considerablemente.

O conxunto destas accións, unido ó funcionamento eficaz da planta de refugallos industriais das Somozas, xa en funcionamento, que vai ser completada

inmediatamente cunha planta especial para pilas, permite que, paso a paso, e de maneira constante, vaíamos logrando unha melloría substancial no medio ambiente da nosa Comunidade.

A seriedade da nosa política demóstrase igualmente co feito de que estean implantados en Galicia dous tributos que concretan o principio de que «quen contamina paga»: o canon de saneamento e o canon de contaminación atmosférica, aplicables exclusivamente a empresas industriais. E xa se produciu non só unha interesante recadación, senón unha efectiva redución desas contaminacións.

Agricultura, gandería e montes

O que entendiamos tradicionalmente por agricultura transformouse na actualidade en conxuntos de actividades ben diferenciadas, cada unha con características e lóxicas específicas. De ser unha actividade con certa homoxeneidade e semellanza en tódolos esquemas productivos, destinada a asegurar sustento ó grupo familiar e despois a vende-los escasos excedentes, pasouse, nunha etapa intermedia, a definir agrupacións con actividades especializadas para a produción de materias primas, agrícolas e forestais.

Nos nosos tempos, o campo ofrece un panorama moi diversificado, que podemos sintetizar nos sistemas alimentario, forestal e rural.

En canto á agricultura, cremos moi notable a evolución que experimentaron os sectores máis activos. Así, as explotacións con producións orientadas ó mercado medraron de maneira importante tanto en termos relativos coma absolutos. A marxe bruta total medio por explotación, entre 1989 e 1993, segundo as contas máis fiables, creceu nun 9,24 % por ano.

Pero, sen dúbida, a evolución da gandería de vacún de leite é a máis significativa, ó representar en 1993 o 39 % do número total de explotacións agrícolas e o 59 % de marxe bruta total da agricultura.

Pois ben, se comparámo-las enquisas de 1992 e 1994, vemos como o crecemento do leite producido por explotación foi dun 9,18 % anual, mentres que o crecemento da cantidade de leite producido por vaca foi dun 4,5 % tamén anual.

En todo caso, o conxunto da nosa agricultura está experimentando uns cambios estruturais extraordinariamente notables e positivos en tódolos grupos, incluso tamén nos de autoconsumo. Esta reforma reflíctese nunha mellora da productividade por persoa ocupada na agricultura, que foi do 54,63 % do valor actual bruto (VAB) en pesetas correntes de cada ano entre 1990 e 1994.

En canto ó grao transformador, a industria alimentaria galega experimentou cambios dignos de mención. Así, entre os aspectos máis positivos, é oportuno mencionala importante reforma estrutural da industria leiteira. Isto permitiu unha ampliación das producións de máis valor engadido, así como amplía-la cantidade de leite transformado en Galicia, que chega a ser agora do 75 %. Aínda que certamente con outras dimensións, os matadoiros de abastos experimentaron reformas de importancia, co fin de adaptarse ás esixencias das directivas europeas relativas ás condicións sanitarias, e creáronse sete de carácter comarcal.

As importantes melloras do viñedo foron parellas coas melloras das adegas de base cooperativa, industrial e de colleiteiro. Supuxeron a creación de máis de 50 novas adegas e a oferta dunha variada gama de viños con garantía de denominación de orixe e de marca.

Creo que hoxe se recoñece en moitos mercados –por suposto en tódolos ibéricos, pero pouco a pouco irá recoñecéndose noutros países europeos, en América e mesmo no Xapón– a calidade de moitos produtos alimentarios galegos, froito da promoción dunha nova cultura empresarial, da promoción da imaxe e calidade de Galicia e do apoio constante da Administración e de tantas institucións galegas. Viño, queixo, carne, mel ou castañas da nosa terra son algúns exemplos de produtos de calidade.

A evolución do sistema forestal vén nucleado por catro aspectos basicamente: o control dos incendios forestais, a reestruturación e mellora de toda a industria da madeira e da pasta de papel, a actividade emprendida polos particulares e a Administración para a mellora e a capitalización dos montes e un esperanzador interese das comunidades de veciños pola xestión dos seus montes en man común. Sen dúbida, a evolución e especialización da agricultura, unha maior seguridade para os investimentos no monte, a definición dun horizonte estable para este sistema a través da aprobación do Plan forestal de Galicia e un financiamento aceptable pola Unión Europea foron factores que incidiron á vez para provocar esta transformación.

Resultado desta actividade é a repoboación ou a transformación de máis de 100.000 hectáreas de monte, unha industria de taboleiros con significado mundial nos mercados, un incremento substancial no valor engadido pola industria de segunda transformación e unha fábrica de pasta de papel en primeira liña de tecnoloxía industrial e ambiental.

No sistema rural interésanos subliñar especialmente dous aspectos: o de equipamento e o desenvolvemento socioeconómico que, se ben están conceptualmente diferenciados, gardan entre si unha mutua e útil influencia.

En síntese, Galicia fixo no último quinquenio un importante esforzo de modernización das súas explotacións, con accións sobre mínimos de tamaño ou complexidade, equipamento, especialización profesional e concentración comarcal. Ademais, incrementáronse os procesos de integración das explotacións familiares en mesorredes para dispoñer de servizos especializados e garantías de negociacións e de peso nos mercados.

Neste esforzo pola transformación do sector primario non podemos esquecer a concentración parcelaria. O programa aprobado no ano 1990 –concentrar 600.000 hectáreas– significou entre os anos 1990 e 1996, ámbolos dous incluídos, un investimento de 36.000 millóns de pesetas, aproximadamente o 68 % do previsto. As realizacións tradúcense na terminación ata o momento actual de 109.861 hectáreas, que afectan a 100.014 propietarios. Tales cifras representan aproximadamente unha porcentaxe anual do 300 % do ritmo rexistrado no período 1954-1989. No actual ano 1996, estase actuando sobre 200.128 hectáreas, que afectan a uns 210.800 propietarios.

As cifras dos parágrafos anteriores representan unha actuación total do proceso concentrador en 504.941 ha –incluíndo as concentradas en períodos anteriores–, cifra próxima ó obxectivo total do plan elaborado no ano 1990 para o período 1990-2000.

Pesca, marisqueo e acuicultura

A situación actual da pesca, o marisqueo e a acuicultura, afortunadamente, pouco ten que ver coa que se rexistraba a principios de 1990.

Desde entón, o Goberno que me honro en presidir veu dando os pasos precisos para acadalo incremento da renda e benestar do sector, poñendo todo o seu empeño na protección e ordenación dos recursos, na renovación e modernización do aparello productivo, na mellora dos procesos de produción e comercialización, no incremento da formación e a investigación e na seguridade e salvamento no mar.

O labor lexislativo foi especialmente intenso, e hoxe Galicia conta cun corpo lexislativo completo e homoxéneo, perfectamente adaptado á normativa comunitaria, que marca unha abismal diferenza coa situación existente hai tan só sete anos.

A renovación e modernización do aparello productivo, tanto polo que se refire ás empresas pesqueiras coma ás industrias de transformación dos produtos da pesca, foron apoiadas de modo firme, e a mesma atención recibiron as

instalacións de acuicultura, tanto nas granxas mariñas coma nas bateas. Isto propiciou un investimento no sector de máis de 60.000 millóns de pesetas.

Polo que se refire á protección de recursos, Galicia fixo un esforzo que mereceu o recoñecemento expreso da Comisión Europea. Sen dúbida, influíu moito neste proceso o reequipamento e a mellora do Servizo de Inspección, que hoxe conta con 24 embarcacións e 50 vehículos, que levan incorporados tódolos medios necesarios para o desemprego do seu labor; unha situación que contrasta vivamente coa precariedade na que se movía este servizo en 1989.

A profesionalización do marisqueo a pé é algo do que se viña falando dende había tempo pero que ninguén se atreveu antes a afrontar coa debida decisión. Despois dun grande esforzo, hoxe estamos moito máis preto de acadar este obxectivo.

Para velar e estar advertido en todo momento da calidade das nosas augas, establecéronse tres redes de control, e creouse tamén para a xestión destas redes o Centro de Control do Medio Mariño de Vilaxoán, modelo no mundo no seu xénero que hoxe en día constitúe xa un referente neste campo.

En materia de ensino e investigación remodeláronse integralmente tódolos centros de ensino náutico-pesqueiro e de investigación existentes, creándose ademais o Instituto Galego de Formación en Acuicultura da Illa de Arousa, o Centro de Experimentación en Acuicultura de Couso e a Escola Náutico-Pesqueira de Ribeira. Todos estes centros, tanto os remodelados coma os de nova creación, foron dotados do mellor equipamento técnico existente e constitúen un novo recurso pesqueiro para Galicia: a oferta de formación a outros países, que máis de un é posuidor interesante de recursos pesqueiros.

E falando doutros países, non podemos esquecer que a pesca galega segue tendo gran dependencia dos recursos externos, recursos que se atopan en augas internacionais ou de terceiros países, onde a Xunta de Galicia carece por completo de competencias e onde a súa capacidade de actuar é certamente moi limitada.

Pero a pesca de altura e de grande altura sempre foi motivo de gran preocupación para o Goberno galego, que, con tódolos medios ó seu alcance, tratou sempre de influír preto das autoridades competentes, co fin de defende-los lexítimos intereses do sector pesqueiro galego.

Hoxe, témo-la satisfacción de comprobar que as relacións e o entendemento co Goberno central cambiaron diametralmente, que as nosas teses prosperan e que as solicitudes e suxestións feitas hai moito tempo teñen por fin resposta. Cuestións de tanta importancia como a xestión do IFOP –o instrumento

européu para a pesca— ou a participación dos representantes autonómicos en foros internacionais están definitivamente resoltas, e outras, de índole distinta, como a necesidade dunha lei básica estatal, que tanto tempo levamos reclamando, xa están en marcha e a curto prazo.

Industria, tecnoloxía e naval

Na área da enerxía é un obxectivo prioritario da Xunta de Galicia acadar a gasificación íntegra da Comunidade Autónoma mediante un sistema de distribución estendido xeograficamente, de forma que permita a súa utilización en tódolos segmentos do mercado: doméstico, comercial, institucional, industrial, coxeración e produción de enerxía eléctrica.

O pasado mes de xuño iniciouse a obra do gasoducto Vilalba-Tui e, ó longo deste ano, está previsto o comezo das obras nas principais redes e ramais que permitan dispoñer no ano 1997 de gas natural nas principais cidades de Galicia.

O Plan Mega supuxo un salto cuantitativo sobre plans anteriores nun reto sen precedentes na electrificación rural de Galicia. O esforzo realizado plasmasse nunha notable mellora da calidade da distribución eléctrica en Galicia. A finais de 1996, o Plan Mega estará executado nunha porcentaxe superior ó 75 %.

Co convenio asinado entre a Xunta de Galicia e o Ministerio de Industria e Enerxía o pasado 10 de abril dispónse para os próximos tres anos de 18.000 millóns de pesetas, que permitirán a execución das obras de electrificación en media e baixa tensión necesarias para finalizar o Plan Mega.

Mentres que no resto de España a minería se reduce, en Galicia o valor da produción mineira aumenta cada ano, e así a porcentaxe de participación da minería no PIB galego incrementouse no período 1989-1994 nun 20 %.

A punta de lanza do sector mineiro son as rochas ornamentais —granitos e lousa—, nos que Galicia é líder destacado en España, cunha presenza no exterior que se incrementa cada ano (no ano 1995 a exportación de lousa incrementouse nun 7,5 %).

Nestes momentos, como accións máis importantes, estase desenvolvendo o clúster do granito, que permitirá articular unha política de axudas para adaptar a dimensión das empresas e abrir mercados.

Neste sentido, destácase o Plan enerxético de Galicia (Plenga). Coa aplicación do Plenga durante os seus 15 anos de vixencia incrementárase o grao de autoabastecemento enerxético do 40 ó 54 %; producírase un aforro enerxético equivalente a 4.250.000 tm de petróleo e a explotación de gas natural

e o crecemento de produción mediante enerxías renovables que cubrirá o 15% da enerxía producida permitirá acadar unha produción equivalente a 2.700.000 tm de petróleo ó ano. Dende o punto de vista medioambiental, as emisións de CO₂ á atmosfera reduciranse en 5.000.000 tm ó ano e as de xofre en 500.000 tm.

A Consellería de Industria ten aprobados nove plans eólicos estratéxicos na Comunidade Autónoma, que permitirán a implantación duns 150 parques eólicos.

O investimento total para o desenvolvemento do Plan eólico cífrase en 300.000 millóns de pesetas, coa creación de 5.000 empregos directos.

O Parque Tecnolóxico de Galicia e o Centro de Empresas e Innovación (CEI), nel situado, veñen funcionando con normalidade dende a súa posta en funcionamento no ano 1992, e neles a Xunta de Galicia fixo un esforzo investidor ata o presente duns 5.420 millóns de pesetas.

O devandito edificio do CEI acolle 67 «niños» –ou locais de incubación de empresas–, que na actualidade, e froito dos labores sinalados no parágrafo anterior, están ó 100 % de ocupación. Empresas como Uma Ibérica ou Coren e laboratorios como o de Metroloxía e o Centro de Innovación e Servicios Tecnolóxicos da Madeira completan a ocupación do parque.

Fronte á brutal e inxusta reconversión naval, que afectou especialmente a Galicia, e de maneira singular a Ferrol, a Xunta instrumentou un conxunto de medidas para a defensa do sector e para asegura-lo seu futuro: dende a promoción e financiamento ó 100 % da Asociación de Asteleiros Privados de Galicia (Asega) ata o convenio Xunta-Pymar, actualizado en 1995, que prevé unha achega de 1.550 millóns no cuadrenio 1995/1998, e do que derivou o acordo marco para o financiamento da construción naval en estaleiros galegos entre ICO-Xunta-Pymar e entidades financeiras.

A incorporación da Xunta de Galicia, dende o novo Goberno, ó Consello de Administración de Astano e Barreras permitirá reforza-la acción xa emprendida de potencia-lo seu futuro.

A Xunta non renuncia á súa petición de que o Goberno central lle solicite á Unión Europea a reapertura de Astano á construción naval e xulga prioritaria a realización dos investimentos programados de innovación tecnolóxica para o rexuvenecemento do seu cadro de persoal.

Igualmente, e froito das xestións feitas, acadouse o encargo das catro fragatas F-100 a Bazán. Este encargo garante a ocupación da factoría nos próximos anos e constitúe unha das novas máis importantes do presente ano.

Entre todos imos lograr que Ferrol volva mira-lo seu futuro con optimismo.

Baseado na realidade do conseguido, fago un chamamento a tódolos ferroláns, especialmente ós sindicalistas de Ferrol, para que utilicen as vías de diálogo e do consenso, ó que sempre estamos abertos, e para que reflexionen sobre os importantes efectos negativos que para o desenvolvemento empresarial de Ferrol ten a política de mobilizacións inxustificadas. As empresas precisan estabilidade social e os investimentos nunca se concentran en áreas de sistemática conflictividade social.

Fomento da artesanía e o turismo

Conscientes da importancia que o sector artesanal ten en Galicia, tanto polo seu volume de emprego coma pola súa tipoloxía, ó constituír unha alternativa de fixación de emprego en zonas rurais –todo isto sen esquece- la súa relevancia dende a perspectiva histórico-cultural–, a Xunta concentrou os seus esforzos nos diferentes ámbitos de regulación e promoción desta actividade económica.

Na actualidade, e no Rexistro Xeral de Artesanía, están inscritos 697 artesáns, 39 mestres e 160 talleres. Salientarase o proxecto «Artesanía», en colaboración coa rexión norte de Portugal, acollido ó Programa Interreg II e, dentro da iniciativa comunitaria Adapt, o proxecto «Senda», xa aprobado.

Dende 1990, na evolución da oferta turística podemos sinalar dous aspectos claves: a modernización e ampliación da oferta hoteleira, cun incremento do 86 %, e a profundación nas áreas de futuro: turismo rural, cultural, de deportes náuticos e golf.

Galicia está especialmente dotada e é claramente competitiva nestes novos sectores turísticos, e neles estamos concentrando os nosos esforzos, sen abandonar, por suposto, o turismo tradicional.

Hoxe, 149 establecementos dedicados ó turismo rural esténdense por toda a xeografía galega, cuns niveis de ocupación totalmente satisfactorios, que se manteñen en cifras importantes en calquera época do ano. As axudas a este tipo de establecementos, o labor de rehabilitación das edificacións tradicionais, unha óptima relación calidade-prezo e a potenciación do contorno natural autóctono están configurando un futuro moi prometedor.

Nunha liña paralela á anterior, a estreita vinculación entre medio ambiente e turismo levou consigo a aparición dunha maneira de gozar da nosa paisaxe, da nosa riqueza botánica e xeolóxica a través dun turismo activo, que vai dende o sendeirismo ata o cicloturismo, incluíndo parapente, paseos, cabalos,

montañismo, rafting e outros. Os nosos antigos sendeiros e camiños rurais, a protección e coidado de parques naturais como a serra do Xurés, o monte Aloia, as illas Cíes e outros espazos, como Os Ancares, O Courel, as lagoas de Cospeito, as ribeiras do Navia, os bosques da Marronda e outros, son un marco de indiscutible atractivo para este novo tipo de turismo.

Máis de 1.500 km de costa son outro recurso de primeira magnitude, tanto pola súa extensión como pola súa beleza e condicións xeográficas, que permiten a instalación de refuxios para as embarcacións e unha actividade deportiva que pode desenvolverse en calquera época do ano. Os 23 portos deportivos, perfectamente equipados e con excelente servizo ó cliente, son xa unha base máis que esperanzadora.

A nosa riqueza histórico-artística está permitindo que, mediante labores de rehabilitación e difusión, o turismo cultural sexa un elemento definitorio da nosa oferta. Só nesta acción investíranse máis de 700 millóns en 1996.

Galicia ten que aproveitar ó máximo o tirón que representa, despois de 1993, o próximo Xacobeo 1999. Por isto, e xa no orzamento de 1997, ampliaremos substancialmente as dotacións para promoción do turismo e coordinaremos co Goberno central axudas para a mellora da oferta turística, e especialmente no importante sector de balnearios.

Identidade propia e cohesión social

A cultura, expresión de sensibilidade e de autoidentificación do noso pobo, sempre foi, e segue a ser, unha das prioridades do Goberno galego. Se ben é certo que aínda é moito o que nos queda por facer, podo afirmar que, despois de sete anos de intenso traballo, hoxe temos postas as bases que posibilitan o desenvolvemento e a proxección universal da nosa creatividade.

Esta afirmación acredítase con feitos. Aí está o proceso de incorporación da nosa cultura ás grandes redes mundiais de información e de comunicación. Ademais, aí témo-lo esforzo que estamos desenvolvendo para crear infraestructura cultural minimamente axustada nas nosas cidades, vilas e aldeas.

No ano 1989, dos 313 concellos galegos, só 55, é dicir, un 16 %, tiñan unha casa de cultura e gozaban dunha dotación cultural básica. Hoxe, sete anos despois, 135 concellos teñen casa da cultura, o que supón que case triplicámo-lo equipamento cultural básico dos concellos galegos. No ano 1989, había en Galicia 136 bibliotecas públicas municipais. Hoxe, acadamos xa as 307 bibliotecas, que supoñen un incremento do 250 %. Hai sete anos, tan só 135 núcleos de poboación galegos dispoñían do servizo básico dunha biblioteca

pública. Hoxe 296 localidades teñen biblioteca pública municipal, o que representa un incremento do 210 %.

Aínda queda moito por facer, pero o que estamos a conseguir co esforzo e coa colaboración de todos permítenos ter xa á disposición da maioría dos galegos, e especialmente dos máis novos, uns medios mínimos que lles permitan acceder ó mundo da lectura, potencia-la súa creatividade e engrandece-lo noso acervo cultural.

A equiparación que conseguimos de Galicia a Cataluña na asignación de fondos do Goberno central para a normalización lingüística permitiu acadar avances substanciais:

- Aprecio pola nosa lingua e as súas manifestacións literarias.
- Convivencia limpa e harmónica das dúas linguas oficiais.
- Prestixio e presenza da nosa lingua en calquera actividade da nosa sociedade.
- Creación e apoio a centros de investigación nos que se desenvolven proxectos que consolidan e dan altura científica á nosa lingua, permitindo, ó mesmo tempo, que a difundamos por todo o mundo.

Neste contexto de potenciación da nosa identidade como pobo hai que situar un gran proxecto cultural no que estamos a traballar. Este proxecto, que se coñecerá co lema «Galicia, terra única», terá como obxectivo sumarnos o vindeiro ano ás actividades organizadas dende o Museo do Pobo Galego logo do descubrimento dunha inscrición de hai dous mil anos na que aparece por primeira vez o nome de *Gallaecia*.

O noso patrimonio histórico-artístico é a testemuña dos nosos 2.000 anos de historia, e Galicia pode presumir de ter un dos patrimonios mellor conservados e coidados de España. Isto non é froito da casualidade, senón, en primeiro lugar, do traballo, da colaboración e do esforzo de todos aqueles organismos, institucións, colectivos e persoas que están vinculadas, dunha ou doutra maneira, co noso patrimonio histórico-artístico.

Un exemplo de traballo desenvolvido témolo nas nosas catedrais. Namentres que noutras comunidades autónomas teñen serios problemas cos seus conxuntos catedralicios, as marabillosas catedrais galegas gozan –permítanmo dicir– de boa saúde, e á súa restauración destinaremos no trienio 1996-1998 máis de 1.100 millóns de pesetas.

Tamén aquí o que queda por facer é moito, pero imos mante-lo ritmo e o esforzo. Fago un chamamento á sociedade civil para que sexa consciente de que o patrimonio cultural é responsabilidade de todos e non só do Goberno galego.

O Xacobeo 99

O ano 1999 é o noso ano de referencia para situar definitivamente a Galicia entre as comunidades autónomas máis desenvolvidas. O traballo levado a cabo durante todos estes anos comezará a da-los seus froitos.

Na Exposición Universal de Lisboa de 1998 Galicia terá unha presenza importante e farase escoitar. Ó ano seguinte, no Ano Santo de 1999, Galicia pechará o milenio e abrirá as portas ó século XXI como comunidade punteira da Unión Europea. A capitalidade cultural europea de Santiago converterá o ano 2000 no faro que irradiará a todo o mundo a nosa potencialidade.

Cara a ese trienio 1998-2000 estamos dirixindo xa esforzos e ideas, nas que o Camiño de Santiago terá un papel determinante e vertebrador. Así, estamos a traballar en proxectos encamiñados a dinamiza-lo Camiño e todo o que significa, nos que tamén participarán o Goberno central e as comunidades polas que pasa o Camiño de Santiago.

Non podo remata-la miña análise no eido da cultura sen facer referencia ó sector do audiovisual. Destacarei, en primeiro lugar, o proceso de saneamento que está a experimenta-la Televisión pública galega. Isto permite enfrontarse ó seu futuro con optimismo, como instrumento básico para a potenciación e para a difusión da nosa lingua e da nosa cultura. A Televisión de Galicia ten por diante a tarefa de dinamiza-lo sector audiovisual galego, xunto coas empresas da industria audiovisual.

O cine está a celebra-lo seu centenario. Este é o momento para o despegue definitivo do cine galego. As institucións debemos achega-lo noso impulso e apoio, pero son as propias empresas e os profesionais os que teñen a responsabilidade de asumi-los retos dun mercado tan competitivo. Entre todos podemos facer que a presenza dunha Galicia moderna no mundo do audiovisual traspase as nosas fronteiras e se asente na nosa Comunidade unha industria que está chamada a ser determinante na sociedade de ocio que se avexia. E quero facer unha referencia exemplar ó mestre Domínguez, que vai estrear dentro de pouco unha película importante.

Os problemas da educación

No período que vai dende 1989 a 1996 mellorámo-la situación do ensino non universitario en tódolos aspectos. Construímos uns 100 centros novos e ampliamos 26. Investíronse no pasado curso académico 1995-1996 máis de 1.416 millóns de pesetas no equipamento dos centros de secundaria.

Dende que entrou en vigor a LOXSE, aplicámola de acordo co calendario establecido polo Real decreto 1487/1994, do 1 de xullo, malia os importantes problemas de financiamento que temos.

Camiñamos cara a unha maior cualificación profesional que posibilita que as empresas galegas sexan máis eficaces e competitivas. Neste sentido, a Xunta de Galicia vén implantando, con carácter anticipado, as novas ensinanzas de formación profesional. Uns 4.650 alumnos van cursar ensinanzas recollidas no novo catálogo de títulos de FP, o que supón un grande adianto na implantación destas ensinanzas con respecto a outras administracións educativas.

No programa de prácticas en alternancia, que levaron a cabo uns 38.000 alumnos no período comprendido entre o ano 1989 e 1996, participaron unha media de 2.000 empresas de Galicia e uns 120 centros docentes por curso, cun investimento de 1.098 millóns de pesetas.

Púxose en marcha un programa de orientación profesional e de inserción laboral dirixido ós alumnos que están no derradeiro curso dos seus estudos de formación profesional co obxectivo de informar das vantaxes que teñen ó predetermina-lo futuro profesional e evita-lo desemprego e a espera da incorporación ó primeiro traballo, así como potenciar e estimula-la creación de asociacións, cooperativas e o exercicio de traballos autónomos.

Polo que respecta á formación do profesorado, púxose en marcha un Plan galego de formación continuada, anos 1990-1996, participando nas actividades de formación programadas un total de 130.140 profesores, o que supuxo un investimento de 5.538 millóns de pesetas.

Salientarei, así mesmo, o acordo do Consello da Xunta de Galicia de 1992, polo que se incrementaron substancialmente as retribucións dos funcionarios públicos docentes que prestan servizos nos centros públicos de niveis non universitarios.

En servizos complementarios, fundamentalmente comedores e transporte escolar, pasouse de 7.290 millóns de pesetas no ano 1989 a 10.143 millóns no presente ano 1996, o que representa un incremento ó redor dun 40 %, malia, por desgracia, o considerable descenso da natalidade.

Dende o ano 1989 o sistema universitario de Galicia expandiuse, pasando de 46 titulacións universitarias a 148 titulacións completas no ano 1996. Estas titulacións corresponden a 85 títulos distintos. A escolarización universitaria elevouse, neste período, de 22 alumnos por 1.000 habitantes a 32 alumnos na matrícula do curso 1993-1994. Pasouse de 2.591 profesores en 1990 a 4.000 en 1996, e de 52.000 alumnos a 85.000.

O Plan de financiamento permitiu corrixir os desequilibrios de partida e dota-las universidades de nova creación das infraestruturas básicas.

Hoxe, cumprido este plan, e sendo necesario recupera-lo principio de unidade do presuposto, o noso obxectivo será consolidar as cifras de partida. Neste sentido, manteremos en 1997 as dotacións de 1996 incrementadas na porcentaxe global que medre o orzamento de educación en tódolos niveis educativos.

A familia, o núcleo básico

Un dos nosos obxectivos prioritarios é elaborar as normas legais que reforcen o protagonismo que a familia ten na sociedade e establecer unha rede de apoio que permita cumprir axeitadamente co seu papel solidario de protección e de promoción da infancia e da xuventude.

Está no Parlamento o Proxecto de lei de protección á familia e á infancia, pioneira como norma autonómica de protección á familia na súa globalidade, como marco protector á vez da infancia, sen limitarse a un determinado modelo familiar.

Elaborouse e aprobouse o Plan integral de apoio á familia –recordo que se creou unha Consellería especial para o tema–, que, cun orzamento para a lexislatura por riba dos vinte mil millóns de pesetas, ten consolidados xa programas, servizos e medidas innovadoras –recibirán sobre estes temas documentación complementaria– nos ámbitos de prevención e apoio ás familias, servizos de garda e axuda, escolas de familia, gabinetes de orientación e apoio familiar, teléfono do neno e un longo etcétera.

Os menores, tanto en situación de desprotección social coma de conflito social, son o elemento máis feble e máis importante de toda a sociedade, e, polo tanto, é un obxectivo prioritario para a Xunta de Galicia, que pasou de atender 3.500 nenos no ano 1989 a 8.300 en xullo do presente ano.

O tratamento dos menores en conflito social, a través das medidas educativas da liberdade vixiada e a prestación de servizos á comunidade, estase a desenvolver en estreita colaboración con xuíces e fiscais, destacándose a colaboración de moitos concellos que se sumaron a este esforzo de solidariedade a través de convenios de colaboración coa Consellería de Familia, que nos gustaría moito aumentar.

A xuventude galega representa hoxe unha realidade extraordinariamente dinámica, rica e plural que vén xogando un rol fundamental no dinamismo e na evolución da sociedade de Galicia.

A Rede Galega de Información Xuvenil, como servizo novo, e a potenciación do Carné Xove, das escolas de tempo libre e dos campamentos de verán do turismo xuvenil constitúen un exemplo claro dunha política de apoio ás iniciativas xuvenís.

Por último, convén salienta-lo esforzo sen precedentes feito para apoiar a construción e equipamentos de centros socioxuvénis de carácter interxeracional en toda a Comunidade Autónoma, que se materializou na sinatura de 100 convenios con concellos e cunha achega da Xunta superior ós 1.000 millóns de pesetas.

O Goberno da Xunta de Galicia amosa unha especial preocupación por promover a igualdade efectiva entrámbolos dous sexos e a plena integración da muller na sociedade, poñendo en marcha estratexias precisas para compensar os desequilibrios existentes.

No apartado de sensibilización, información e fomento, convén salienta-la creación, en colaboración cos concellos, de 13 centros de carácter comarcal que, xunto co Teléfono da Muller, integran a Rede de Información e Asesoramento á Muller.

Na área de promoción e inserción laboral impartíronse nos últimos tres anos 280 cursos de formación ocupacional específicos, ós que asistiron 4.500 mulleres, e desenvolvéronse programas dirixidos á reinserción laboral, a través das iniciativas comunitarias NOW.


O Programa de mulleres emprendedoras, que ten por obxecto estimular e apoiar a creación de empresas, beneficiou máis de 150 mulleres, cun orzamento superior ós 135 millóns de pesetas. Debo dicir que estes programas impresionaron profundamente –así o dixo onte publicamente– a comisaria Wulf-Mathies, que nestes días nos honra coa súa visita.

Servicios sociais e atencións especiais

Os servizos sociais son considerados por este Goberno un elemento básico do benestar social e un instrumento necesario para a cohesión social e para mellorar a calidade e as condicións de vida das persoas e das familias.

Debe salientarse a Lei 4/1993, de servizos sociais, e as súas normas de desenvolvemento, que crearon un marco estable e moderno para a acción dos distintos axentes sociais, tanto públicos coma privados, así como para os usuarios e beneficiarios dos servizos e prestacións.

Os servizos sociais de atención primaria, de competencia municipal, son a porta de entrada do sistema, e constitúen a primeira rede de loita contra da



O acceso de José María Aznar á presidencia do Goberno central en 1996 foi moi celebrada polo presidente da Xunta no último debate do estado da Autonomía da cuarta lexislatura.



Manuel Fraga reclamou financiamento para a conexión por autovía de Galicia coa Meseta.

exclusión. A Xunta de Galicia prestou unha especial atención ó longo destes anos, garantindo un financiamento crecente a través do Plan concertado, mesmo nos anos de maiores dificultades orzamentarias. No período 1990-1995 este incremento foi dun 70 %, ó pasar de 1.015 millóns de pesetas a máis de 1.700 millóns a achega da Comunidade.

A garantía nos próximos exercicios de financiamento desta rede seguirá a ser un obxectivo prioritario do Goberno, así como a transferencia ós concellos dos centros de servizos sociais da Xunta de Galicia, sempre no principio do consenso.

O envellecemento progresivo da poboación que se está a producir en todos os países occidentais é tamén un fenómeno propio da nosa Comunidade Autónoma, na que se dá un dos índices máis elevados de envellecemento do Estado español. Así mesmo, vai aumentando progresivamente o número de persoas que conforman o que se deu en chamar «cuarta idade», é dicir, os maiores de 85. E mesmo nos honramos en ter vivos máis de 400 centenarios na nosa Galicia.

O Goberno galego é especialmente sensible ós problemas e necesidades destas persoas e ós das familias que teñen que atenderlos maiores con necesidades de asistencia especial.

A política seguida orientouse, por unha banda, á mellora da calidade de vida do propio contorno dos maiores, potenciando aquelas situacións que posibiliten unha vida máis independente e máis autónoma. Por outra banda, fomentouse a creación de prazas residenciais para dar resposta á demanda representada polos anciáns incapacitados.

As persoas con discapacidade e as súas familias teñen dereito a un apoio especial dos poderes públicos para remove-los atrancos cara á súa plena integración social. A mellor expresión desa integración é un posto de traballo, sempre que isto sexa posible. Para este obxectivo traballouse, e seguirase traballando, en dúas liñas principais:

- Consolidación da rede de centros ocupacionais. A sinatura de convenios con máis de 40 asociacións xestoras destes centros en Galicia permitiu unha maior estabilidade financeira e unha mellor calidade dos servizos.
- Programas de integración e emprego. En 1993 xestionábase un só proxecto cofinanciado polo Fondo Social Europeo, cun orzamento de 49 millóns de pesetas. En 1996 hai cinco proxectos, cun orzamento de 845 millóns e 150 beneficiarios.

Existen, ademais, outros programas e accións de integración social e sociosanitaria.

En 1992 comezaron a articularse as accións previstas na Lei de medidas básicas de inserción social. En 1996 haberá 3.500 familias beneficiarias da Renda de Integración Social de Galicia, cun orzamento de 1.385 millóns de pesetas. Iniciouse en 1995 un proxecto pioneiro para apoiar a inserción sociolaboral destas persoas cofinanciado polo Fondo Social Europeo cunha dotación de 400 millóns de pesetas e que se vai desenvolver nos concellos de Vigo e Ourense e nas comarcas de Ferrolterra e Val de Lemos.

Deporte e saúde

A nosa Comunidade Autónoma carecía por completo dunha política deportiva adaptada á realidade de Galicia e que marcasse as prioridades e os plans de desenvolvemento para intentar paliar o desequilibrio histórico no que se atopaba o noso deporte respecto doutras comunidades do resto do Estado.

Agora xa podemos presentar balances do resultado destes anos de xestión –os números van cantar dentro dun momento, non se preocupen–, cunha volta total do mapa deportivo galego, tanto no que se refire ás infraestructuras como á implantación de tódolos deportes. Sabemos perfectamente cara a onde imos, porque o camiño está definido, e –o que é máis importante– os axentes deportivos tamén o coñecen e o valoran na súa xusta medida.

Existe unha programación –e debo dicir que é exemplar– de infraestructuras deportivas, que evita as desigualdades entre a Galicia rural e a urbana –que actuou obxectivamente en virtude dos convenios coas deputacións provinciais– ó deixar perfectamente establecidos cales son os criterios de actuación, as prioridades, os baremos e os graos de solidariedade das distintas administracións. O acordo coas deputacións, vixente ata 1997 –que penso que será renovado–, implica un mecanismo corrector que respecta a configuración de cada provincia en función da conformación dos núcleos de poboación, coa correspondente ponderación do fenómeno comarcal.

A fidelidade ó programa establecido permitiunos supera-los seus límites e sitúa-lo horizonte do noso desenvolvemento deportivo nas cotas máis altas, demostrando, cunha política de feitos, ser unha das comunidades autónomas que maior sensibilidade demostrou cara ó mundo do deporte. Gracias ó rigor e seriedade da nosa planificación deportiva e á coordinación do esforzo

investidor de tódalas institucións, puidemos superar en solitario –teño que dicir que sen a solidariedade do anterior Goberno central– o atraso deportivo ó que Galicia fora relegada.

En 1989, tódalas comunidades autónomas, agás Ceuta e Melilla, nos superaban en dotación de infraestructuras deportivas. Hoxe, atopámonos nos postos de cabeza no nivel nacional. A case totalidade dos concellos galegos contan cun pavillón polideportivo cuberto. Existen piscinas climatizadas cubertas executadas, en fase de finalización ou proxectadas en tódolos municipios de máis de 16.000 habitantes. Construíronse multitude de campos de fútbol, pistas de atletismo, etc. Catro de cada cinco galegos dispoñen no seu municipio de instalacións deportivas cubertas. Como poderán observar, señorías, a volta que se produciu no mapa deportivo de infraestructuras é, sen ningunha dúbida, espectacular. Tamén hai que dicir que o orzamento para deportes é dun 400 % máis que o que existía no ano 1989.

No apartado de actividade deportiva debo salienta-lo crecemento que dende 1989 con ritmo constante experimentaron os parámetros que indican o nivel de integración da sociedade galega no fenómeno deportivo. O continuo incremento do número de licencias deportivas, do número de clubs, entidades e asociacións, do número de profesionais da educación física, do número de técnicos deportivos e do número de participantes en competicións en idade escolar son fiel reflexo do estado do noso deporte.

O sistema de axudas a través de baremos obxectivos, pioneiro no ámbito do Estado español e consensuado coas respectivas federacións, conseguiu que a estrutura asociativa do deporte galego se asentase, aumentase e obtivese éxitos nacionais e internacionais que propagan e expanden o nome de Galicia a toda España e a todo o mundo.

Case 300.000 deportistas e máis de 4.000 clubs e agrupacións deportivas escolares estanse beneficiando dos sistemas de axudas establecidos a través das federacións, sen necesidade de clientelismo político, sen necesidade de solicitalo. Os nosos deportistas e os nosos dirixentes deportivos sábeno, e coñecen e respectan o sistema.

Todo iso impúlsanos a observa-lo presente e o futuro con pleno optimismo, considerando que o fenómeno deportivo callou con forza na sociedade galega, que fixo del unha das súas bandeiras de progreso.

A saúde dos galegos constitúe inevitablemente unha das preocupacións principais do Goberno. Co fin de mellorala leváronse a cabo importantes accións nos nosos servizos sanitarios, incrementando substancialmente o seu

financiamento, procurando melloras organizativas e de actividades, de xeito que a situación actual se diferencia significativamente da existente nos anos 1989 e 1990.

Entre os aspectos máis positivos, creo oportuno mencionala creación dun sistema de información hospitalaria que é unha referencia en todo o Estado, co que é posible segui-la actividade dos centros do Sergas e non soamente do gasto acadado. Estes proxectos vanse beneficiar da implantación das tarxetas sanitarias individuais, que substituirán as clásicas cartillas da Seguridade Social, das que xa se levan emitidas 400.000, e, antes de finais deste ano, outros 500.000 galegos disporán delas, co que se chegará a unha cobertura do 33 % da poboación.

En materia de recursos económicos fóronse paliando as graves carencias do pasado; lembremos que en todo o período 1982-1990 Galicia dispoñía dun gasto sanitario público per cápita moi inferior á media estatal. En concreto era do 70 % no ano 1990. Cabe salientar que, trala transferencia do Insalud –tan criticada por algúns– e cos novos acordos de financiamento, o noso gasto duplicará en 1996 o acadado en 1990, pasando de 46.043 pesetas a 94.270 pesetas per cápita. Estas son cifras indiscutibles, co que se iguala por vez primeira o financiamento da nosa Comunidade Autónoma co doutras comunidades autónomas como Cataluña e coa media do Estado.

O esforzo realizado para aumenta-lo número de recursos hospitalarios do Sergas foi extraordinario. De 1990 a 1996 o número de camas instaladas incrementouse en 2.100, un 39,5 % máis, como consecuencia das transferencias e da asunción polo Sergas dos hospitais das corporacións locais e da apertura do Hospital de Verín.

A ampliación vai proseguir coas obras de adecuación do Hospital Militar da Coruña, tralo seu traspaso, e coa construción dos hospitais comarcais –tres en marcha–, o que permitirá acerca-la atención especializada a áreas afastadas, como a Costa da Morte, A Barbanza e tamén O Salnés. Tamén se proseguirá coa nova construción do Hospital de Santiago, malia as dificultades sufridas, que, como todos vostedes saben, non son responsabilidade nosa, pero que nós xa resolvemos definitivamente na última semana.

Noutra orde de cousas, é a nosa intención modificar aquelas instalacións hospitalarias que na actualidade quedaron obsoletas. Neste sentido, na actualidade xa se están rematando os traballos para realiza-los plans funcionais de adecuación dos complexos hospitalarios Xeral-Calde e Hospital da Costa, de Lugo; Complexo Hospitalario Cristal-Piñor e Comarcal de Valdeorras, en

Ourense; Complexo Hospitalario Arquitecto Marcide-Novoa Santos, en Ferrol; e Hospital Montecelo, en Pontevedra.

Paralelamente, durante estes anos, elevouse considerablemente a actividade dos centros do Sergas, o que contribuíu á diminución considerable das listas de espera de hospitalización cirúrxica, malia o incremento da demanda asistencial, que pasou de 28.286 persoas en 1993 a 17.932 a finais de 1995, descendendo tamén a demora media nese período de 253 a 85 días. Os obxectivos para finais deste ano son igualmente ambiciosos: que ninguén espere máis de seis meses para ser intervido cirurxicamente, cunha demora media de 85 días, e a espera para as primeiras consultas non deberá ser maior de 30 días, igual que para as probas complementarias.

Un ano máis, cábeno-la satisfacción de lembra-la actividade relacionada con esas ramas privilexiadas, punteiras e de futuro da medicina, como son os transplantes de órganos. A tendencia ascendente das doazóns -53 en 1990 e 92 en 1995- sitúanos cunha das taxas de doazóns máis altas do mundo, o que honra á sociedade galega.

Durante esta lexislatura comezáronse a dar os pasos para a integración da atención psiquiátrica e de saúde mental no sistema de atención xeral do Sergas, creando o marco normativo axeitado coa promulgación do Decreto 389/1994, do 15 de decembro, e posteriormente, e de xeito gradual, creando novos dispositivos asistenciais ou remodelando os existentes; obxectivos nos que faremos especial fincapé no que queda de lexislatura.

Polo que se refire ás urxencias extrahospitalarias, déronse importantes pasos co funcionamento do Centro de Coordinación de Urxencias «061», estando previsto tamén que, a finais de 1996, estean operativos 37 puntos de atención continuada (PAC). Había dous en 1995 e serán 37 a finais deste ano.

Polo que respecta a infraestruturas, continuouse a traballar para melloralas e amplialas. No período que vai de 1989 ata o día de hoxe leváronse a cabo as seguintes accións:

Construcións: 196 actuacións en centros de saúde en 184 concellos.

Reparacións, ampliacións ou melloras: 175 en 165 concellos.

Coa apertura do Centro de Transfusións de Galicia en 1994 superouse o índice de 30 doazóns por 1.000 habitantes, con previsións de 32 para 1996, todas elas de doadores altruístas.

Finalmente, non podemos esquecer-lo labor que realiza a fundación Instituto Galego de Oftalmoloxía, constituída en xaneiro de 1995, cunha ampla carteira de servizos de cirurxía oftalmolóxica que está na cabeza do noso país.

Este Goberno é partidario da planificación e ordenación deste sector, de xeito que sempre poidamos garanti-la debida accesibilidade ás prestacións farmacéuticas, con independencia do lugar onde vivamos. Así, no pasado mes de xuño, reguláronse os horarios mínimos de apertura das oficinas de farmacia –que inclúen un mínimo de catro horas os sábados laborables– e as urxencias. A promulgación do Decreto 288/1996, sobre competencias e procedementos de autorización de novas farmacias, inclúe tamén aspectos innovadores sobre a situación anterior. E cando se coñeza a nova lexislación preparada a nivel nacional, Galicia elaborará a súa propia lei de ordenación desta materia.

O consumo de drogas e as drogodependencias continúan –por desgracia– sendo un dos problemas que máis preocupan a tódolos galegos e, por suposto, ó seu Goberno.

Trala creación en 1993 do Comisionado do Plan Autonómico de Drogodependencias (PAD), desenvóléronse as súas funcións en consonancia coas recomendacións do Dictame da Comisión non permanente do Parlamento para o estudo da repercusión socioeconómica e sanitaria do narcotráfico en Galicia. Igualmente, o dito criterio levou á elaboración e aprobación da Lei 2/1996 de Galicia, sobre drogas. No seu desenvolvemento xa se elaborou o Plan de Galicia sobre drogas, que será remitido moi pronto a este.

A política de promoción da saúde e a da prevención das enfermidades tiveron e terán especial relevancia nesta lexislatura, na que se levaron a cabo programas de actuación sobre factores de risco relacionados coas enfermidades transmisibles e sobre factores medioambientais, programas de educación para a saúde, de prevención das minusvalías psíquicas e de diagnóstico precoz do cancro de mama, e a reestructuración do corpo de veterinarios, co fin de dispor de persoal dedicado a tarefas de saúde pública que nos permitan adaptarnos ás directivas da Unión Europea, entre outros.

Vivenda e solo

En materia de vivenda, a Xunta continuou aplicando as diversas liñas de axudas existentes para a mellora das condicións de vida dos galegos, incrementando o parque de vivendas dirixidas ás familias menos favorecidas da nosa sociedade, sen esquecer accións reguladoras do mercado e a mellora das condicións do medio rural.

No ano 1996 marcouse o comezo dun novo ciclo, co remate do Plan cuatrienal de vivenda 1992-1995 e co comezo da aplicación do Plan 1996-1999.

O Plan 1992-1995 pechouse en Galicia con éxito, superándose os obxectivos totais en máis do 120 %.

O novo Plan cuadrienal 1996-1999 establece para Galicia o obxectivo de máis de 26.000 actuacións, centradas principalmente nas modalidades máis demandadas pola sociedade galega, como son o réxime xeral e o prezo taxado. Así mesmo, por primeira vez o Goberno central, por medio do Plan cuadrienal, cofinanciará vivendas de promoción pública, correspondendo a Galicia preto do 50 % dos obxectivos nesta modalidade, o que deixa ben patente a importancia da promoción pública de vivendas da Xunta de Galicia, un dos poucos gobernos autonómicos que continúa promovendo vivendas con cargo ós seus propios orzamentos, xa que outras comunidades se limitan soamente ó plan do Estado.

En 1996 o Instituto Galego da Vivenda e Solo entregou ós seus adxudicatarios preto de 1.200 vivendas. Ó mesmo tempo, en 1996 licitáronse 581 novas vivendas, o que supón un investimento de máis de 5.200 millóns de pesetas.

Doutra banda, dedicouse un especial esforzo á mellora do parque de vivendas transferido polo Goberno central, vivendas dunha notable antigüidade e construídas con materiais e técnicas moi distantes dos empregados na actualidade.

A problemática da vivenda no medio rural reúne unhas características peculiares que obrigan a afronta-lo problema con solucións axeitadas a cada caso e deseñadas especificamente para a nosa Comunidade Autónoma, e mesmo para as súas importantes diferencias comarcais.

Nos oito primeiros meses de 1996 recibiron a aprobación provisional preto de 2.000 expedientes de rehabilitación e reconstrucción rural, cun importe de axudas que supera os 773 millóns de pesetas e cun investimento inducido próximo ós 2.500 millóns. Así mesmo, recibiron a aprobación definitiva preto de 3.000 expedientes, con axudas que superaron os 1.163 millóns de pesetas e cun investimento inducido superior ós 3.500 millóns.

En materia de solo residencial, os esforzos da Xunta céntranse nas sete grandes cidades. En 1996 estase a dar un importante impulso ás actuacións en Santiago de Compostela, coa sinatura dun convenio co Concello, que permitirá, en varias etapas, o desenvolvemento de sete unidades de solo urbanizable non programado (SUNP), co obxectivo de crear solo para a construción de 1.700 vivendas de protección oficial. Unha parte delas será de promoción pública. Estas actuacións completaranse con outras en Ferrol, A Coruña, Vigo, Lugo e Ourense.

As administracións públicas

A persistencia nunha política coherente de reforma e modernización da Administración pública comezou a dar-las seus froitos.

O modelo galego é recoñecido por tódalas comunidades autónomas como un dos máis avanzados nos dous aspectos clave: a informatización da Administración, co conseguinte incremento de produtividade, e a introducción da dirección por obxectivos e a avaliación do rendemento, como instrumento básico de mellora da eficacia e da distribución do persoal.

Todo isto permitiu, e seguirá permitindo no futuro, unha redución no número de funcionarios, coa conseguinte diminución dos custos: 1.500 millóns de pesetas en 1996.

Seguiremos na mesma liña: eliminación de trámites innecesarios, máis facilidades para o cidadán para relacionarse coa Administración, menores tempos de tramitación e limitación do número de funcionarios.

Polo que se refire a esa peza clave da vida pública que é a Administración de xustiza, a política é igualmente clara: apoio institucional e incondicional ós órganos xurisdiccionais, convenios con universidades e co Tribunal Superior de Xustiza para a publicación de sentencias e xurisprudencia, apoios en materia penitenciaria, colaboración financeira no sostemento dos xulgados de paz, colaboración na formación continua de xuíces e axudas ás institucións xurídico-administrativas galegas e ás escolas de práctica xurídica.

A Xunta de Galicia asumiu importantes competencias nestes últimos anos. Iso permitiu non só continuar e potencia-lo proceso de informatización xudicial –xa chega a tódolos xulgados–, senón dar, logo de moitos anos de abandono, un importante impulso á construción e renovación dos órganos xudiciais: a Audiencia Provincial da Coruña, os xulgados de Pontevedra e os xulgados de Ribeira, Ortigueira, Sada e Ribadavia constitúen exemplos significativos.

A Administración dende 1990 foi constante nunha mesma liña de actuación: apoio ós concellos en materia de renovación ou de nova construción de casas do concello; normalización lingüística; apoio ás policía locais, tanto no que se refire á formación e perfeccionamento do persoal coma en equipamento e na profundación na coordinación –hoxe lexislada por este Parlamento–: uniforme, armamento, transmisións, mobilidade e normas de actuación.

A consolidación da Policía Autonómica, os magníficos resultados que está a obter, especialmente en materia de investigación de incendios forestais, e a eficacia coa que está a cumprí-las súas funcións ordinarias fan necesaria a ampliación dos seus efectivos. Como obxectivo para os próximos tres anos

propoñémonos ampliar a 500 o número de axentes –vaise asina- lo convenio dentro de poucos días–, o que permitirá unha ampliación gradual das súas funcións dentro do marco da axeitada coordinación coas forzas de seguridade do Estado.

A imaxe de Galicia no mundo

Estase a consolida-lo principio dunha Galicia universal apoiado na idea de unidade de Galicia máis aló das limitacións territoriais.

A galeguidade, en canto concepto integrador e moderno, supera o tradicional e temporal de emigración, por canto posúe unha vixencia duradeira e permanente no tempo e vincula as xeracións presentes e futuras nesa identidade e solidariedade que nos caracterizan ó longo da historia.

Nestes últimos anos, uns vintecinco mil dos nosos galegos de maior idade e con menos recursos económicos beneficiáronse dos programas de axudas individuais, viaxes de reencontro coa Galicia de hoxe e coas súas familias, e tamén dos recursos específicos de terapia ocupacional e doutras actividades que tenden a mellora-la calidade de vida deste colectivo noso en América, Europa e nas distintas comunidades de España.

No que atinxe ás accións dedicadas ós mozos descendentes de galegos no exterior, sinalaremos que se favoreceu a súa incorporación ás universidades galegas para realizaren estudos superiores nelas mediante bolsas de residencia, e, así mesmo, beneficiáronse de actividades formativas e culturais. Foron preto de vintecatro mil os que asistiron ós 1.050 cursos realizados de formación ocupacional e empresarial, de lingua e cultura galega, de música e de baile, de informadores turísticos e de animación xuvenil. Nos programas campamentais desenvolvidos en Galicia, máis de dous mil seiscientos mozos, fillos e netos de galegos, asistiron ás diversas quendas e deste xeito puideron coñece-las súas raíces familiares, paisaxísticas e culturais, atopando un coñecemento real da Galicia dos seus ascendentes e da súa realidade actual.

Neste período dos últimos seis anos, creáronse máis de vinte novos centros naquelas comunidades –o que nalgúns casos parece increíble vista a redución das colonias– con presenza galega naqueles países e lugares, principalmente no continente americano e noutras comunidades de España. Ó mesmo tempo, xurdiron novos proxectos interesantes de carácter asistencial, creándose residencias e fogares en países hispanoamericanos, xa que polo incremento de galegos da terceira idade fíxose necesaria a prestación dos devanditos servizos para eles pola súa carencia ou deficiencia nas respectivas sociedades.

Non podemos esquecer-lo apoio ó investimento para tódolos centros. Máis de 250 centros percibiron subvencións para dotación e melloras na moblaxe, equipos de comunicación –antenas parabólicas, fax, equipos de informática–, equipamentos deportivos e envíos de fondos editoriais para a dotación das súas bibliotecas e de revistas e boletíns para manter unha permanente e actualizada información, así como para rehabilitación das súas sedes sociais.

A acción informativa no exterior a través das nosas comunidades, a mesma presenza delas e o desenvolvemento de tódalas súas actividades conseguen unha proxección internacional de Galicia en máis de trinta países de catro continentes, converténdose en verdadeiras embaixadas naturais da nosa terra. Constitúen por iso un importante medio para reafirmar a nosa presenza internacional e para o perfeccionamento da imaxe de Galicia no mundo, polo que contribúen decisivamente na difusión da nosa cultura, dos nosos proxectos e da nosa realidade no momento actual. Están xurdindo colexios como o de Bos Aires, coa recompilación da documentación que podería perderse e moitas outras iniciativas que eu creo que son de verdadeira importancia para o futuro dese ente eterno que é a Galicia universal.

Os retos económicos

Polo 1990 os retos da economía española eran a inflación, o déficit e a desaceleración do crecemento. Hoxe, seis anos despois, a aposta de Maastricht segue tendo que ver con esas preocupacións. A diferenza é que agora, despois de moitos anos de dúbidas de gobernos anteriores, as cousas están máis claras ca nunca, e a decisión política para abordar aquelas grandes cuestións é tamén máis firme ca nunca. Por fin, estamos tomando en serio o noso definitivo encadramento en Europa, que, por outra parte, non pide cousas diferentes das que pediría o máis elemental sentido común.

Aló polo 1990, cando o Partido Popular de Galicia se fai cargo da gobernanza da nosa Comunidade, enfrontámonos co gran problema de impulsar a nosa terra cara á súa definitiva modernización. Daquela, como agora, a política económica española atopábase fronte a serios problemas de axuste, tanto en termos de converxencia nominal –é dicir, o que hoxe chamariamos cumprimento das condicións de Maastricht– coma de converxencia real, que é importante; é dicir, o proceso de achegamento paulatino entre os niveis de desenvolvemento dos diferentes países en canto a renda per cápita e taxas de paro.

Pasaron seis longos anos e aqueles problemas seguen polarizando a atención de todos, políticos e cidadáns, empresarios e traballadores, Estados e rexións, dentro dunha Europa que se debate entre ciclos de eurooptimismo, euroescepticismo e verdadeiro europeísmo.

Dicía o laborista D. Healey, Chancellor of the Exchequer entre 1974 e 1979 – que tiveron a honra de o coñecer e tratar no tempo de embaixador en Londres–, que «o manexo da economía se parece máis a coidar un xardín que a operar cun ordenador». E é que así como en tempos de Keynes o Estado soberano dispoñía de instrumentos autónomos para unha política efectiva na área de demanda sobre todo, pouco queda hoxe para que o Estado reaccione ante o contorno que non sexa unha aposta seria pola competitividade. E isto é hoxe a nivel mundial. Ese é o sentido profundo e posto ó día daquela frase de A. Smith, cando dicía, aló por 1776, que «case os únicos requisitos para levar un Estado dende a máis baixa barbarie ata o máis alto grao de opulencia son: paz, impostos soportables e unha administración de xustiza tolerable».

En efecto, se agora non existise Maastricht, a propia globalización dos mercados e a internacionalización da economía imporían as súas leis de ferro esixindo unha administración pública e privada do gasto rigorosas e coherentes cos novos equilibrios cuantitativos e cualitativos entre o público e o privado que xa se albiscan. E esixiría, sobre todo, unha revisión e posta ó día cunha cultura política do gasto conciliadora da racionalidade política coa económica. En definitiva, unha nova cultura de corresponsabilidade entre o Estado e o cidadán; nese camiño penso que estamos, por fin.

Tódolos poderes públicos, tódalas administracións públicas teñen o dereito e o deber de exercer as súas competencias, que sempre se deberían plasmar en accións de gasto responsable; é dicir –repito–, en corresponsabilidade. Tódalas administracións públicas poden e deben, polo tanto, facer política económica: cada unha na súa esfera de competencia e, sobre todo, de eficiencia. Así, o Goberno da nación, dentro da Constitución –que supoño que todos respectamos–, establece os grandes marcos instrumentais, que son, entre outros, a política monetaria, fiscal e orzamentaria, os controis directos sobre prezos e sectores e os cambios institucionais e de ordenación previstos, entre eles o laboral. Ás administracións autonómicas cumpreno-lo congruente desenvolvemento das políticas microeconómicas e a gran baza de economía que supón a cercanía ós problemas do cidadán, que é, á fin, a substancia última do principio tantas veces por min defendido, de subsidiariedade, antes de que fose doutrina oficial da Comunidade Europea.

Pois ben, a Xunta de Galicia arrincou –aló polo 1990– coas ideas moi claras. É certo que partiamos cos pés forzados por un cadro macroeconómico problemático: paro, axustes e reaxustes timoratos e inacabables, sen decisión. Unha adhesión ás entón Comunidades Europeas difícil para nós: sector lácteo, pesca, e unha apertura súbita á competencia internacional. Pero non é menos certo que soubemos organizar –con medios limitados– un bo programa de actuación na nosa específica parcela da política microeconómica: a das infraestruturas de calidade e da promoción económica. Estas foron as bases no noso Plan económico social (PES), agora prolongado no Plan de desenvolvemento rexional (PDR) 1994-1999, aprobado por Bruxelas.

Dende esa presentación xeral, que vén dicir que tódalas políticas económicas terminan por ter efectos territoriais, procuramos ensamblar tódolos instrumentos posibles de orixe comunitaria, nacional, rexional e local para optimizar sobre Galicia os seus efectos conxuntos. Resultado diso foi, por unha parte, o establecemento dunha permanente presión política sobre Madrid e sobre Bruxelas, que supuxo logros concretos xa coñecidos, e o deseño dunha concreta política investidora á que faciamos referencia noutras partes do meu discurso, cunha lonxitude pola que pido licencia á Cámara.

O resultado é avaliable en termos económicos na medida en que o crecemento da economía galega mellorou claramente entre 1991-1995, período do que xa dispoñemos de cifras solventes.

En efecto, a economía galega tivo un comportamento positivo no período 1991-1995, cun crecemento acumulado do valor engadido bruto (VEB) total do 8,76 %, superior ó do conxunto da economía española, que no mesmo período foi do 7,36 %; 8,7 % fronte ó 7,3 %. Tamén é superior a taxa media anual acumulativa de Galicia, 1,69 %, respecto da do conxunto de España, 1,43 %. En concreto, Galicia pasou do 2,3 % do crecemento real do produto interior bruto (PIB) en 1991 ó 3,4 % en 1995. Estas son cifras oficiais e que cantan.

Tamén o crecemento do valor engadido bruto (VEB) agrario presentou resultados positivos durante o dito período, sendo o sector máis delicado, e son maiores os incrementos en Galicia que no total español, con excepción dos anos 1994 e 1995. O crecemento acumulado no período foi do 10,92 % en Galicia, superior en case dous puntos ó do conxunto da economía española, 9,08 %; e a taxa media anual acumulativa é do 2,09 %, fronte ó 1,75 % de España. Repito: cifras que cantan e oficiais.

En congruencia co anterior, a converxencia de Galicia respecto de España e Europa mellorou no período 1990-1993, de cando son os últimos datos

publicados. En efecto, considerando o PIB de España igual a 100, Galicia mellorou a súa posición pasando do 82,14 en 1990 ó 83,36 en 1993, e en relación con Europa cun PIB medio igual a 100, Galicia aumentou a súa participación do 57 ó 60 %. Datos oficiais estatais europeos.

Respecto do mercado de traballo, hai que partir dun feito. Galicia está hoxe entre as seis comunidades autónomas cunha taxa de paro máis baixa. Repito: Galicia está hoxe entre as seis comunidades autónomas coa taxa de paro máis baixa. Iso a pesar da superación de cambios moi importantes na súa estrutura productiva, particularmente co paso de boa parte da poboación ocupada no sector primario ó sector industrial e ó sector servizos. A pesar tamén das crises reiteradas en sectores básicos como a pesca ou a construción naval. Con todo, mantémonos no grupo de comunidades coa taxa de paro máis baixa: catro puntos por debaixo da media do Estado.

Neste sentido cómpre salientar dous feitos indiscutibles:

Primeiro. Que a nosa Autonomía padeceu os efectos de parálise económica dos gobernos dos últimos anos –eran socialistas–, especialmente no último lustro, 1991/1995, período que se caracterizou pola economía especulativa e a falta de confianza de investidores e que se traduciu na perda de emprego en toda España.

Segundo. Que aínda coa falta de crecemento económico e a desprotección dende o Goberno central dos nosos sectores tradicionais, Galicia foi capaz de soste-los seus niveis de emprego por riba da media do Estado gracias ás políticas impulsadas polo Goberno da Xunta e o esforzo da sociedade galega no seu propio desenvolvemento e modernización.

Se algún quere rir sobre este tema, remítoe ó discurso que pronunciou onte precisamente, en circunstancias semellantes, o lehendakari vasco, onde sinala a necesidade de recuperar aqueles anos difíciles. Eles van moito por detrás desta recuperación.

No momento máis débil da economía, no ano 1993, a Xunta apostou polo impulso do emprego nun colectivo especialmente prexudicado pola parálise do crecemento do Estado: os mozos menores de trinta anos. Quero salientar –non me deu tempo a recollelo no texto escrito– que hoxe chegamos á conclusión, coa comisaria Wulf-Mathies, de que debemos entrar no pacto de emprego que ela propón, que suporá novos avances neste terreo.

A posta en marcha do Plan de emprego xuvenil (PEX), innovador en moitas das súas medidas, supuxo un esforzo de coordinación das medidas de fomento do emprego dirixidas ós máis novos, sen precedentes en ningunha

Comunidade Autónoma. Os seus resultados máis destacados fan de 140.000 mozos que participaron en actividades de formación de emprego, dos que 48.000 atoparon un posto de traballo; un de cada tres.

En formación profesional ocupacional, unha transferencia que conquerimos recentemente, a transferencia do Plan FIP –Fondo de Inserción Profesional– permitiu pasar dos 200 millóns destinados no ano 1989 á formación ós cerca de 7.200 millóns do ano 1996, o que posibilitou a posta en marcha de medidas encamiñadas a mellorar substancialmente a calidade da formación e a avaliación dos resultados en termos de inserción laboral e de competencia profesional.

Neste sentido, teño que destaca-la posta en marcha definitiva, no próximo mes de xaneiro, do Servicio Galego de Colocación –quero felicitar por isto, polo moito que traballou, a conselleira de Familia e Xuventude–, para o que xa están asinados os convenios con máis de 150 empresas e centros colaboradores. O Servicio –do que non hai máis que catro equivalentes noutras comunidades, comezou por Cataluña, onde estudiamos abondo o seu modelo–, como axencia pública de colocación, garantirá a transparencia do mercado laboral, evitando a súa atomización, e permitirá o mantemento dos criterios de gratuidade e universalidade, permitindo unha intermediación laboral áxil e eficaz para as empresas e para os traballadores.

A inmediata –e saliento que xa está convocada a primeira Comisión Mixta en relación co Inem– transferencia á Comunidade Autónoma do resto das políticas activas de emprego –intermediación, escolas taller e casa de oficios, políticas de apoio á contratación–, repito o de inmediata, vai permitir que se faga efectiva a Administración única nesta importante área, poñendo en marcha un Plan integrado de formación e emprego xa definido, no que se redistribuirán os importantes efectivos humanos e materiais nunha liña continua de formación, orientación, colocación, promoción de emprego e autoemprego e prospectiva laboral.

Mirando para adiante

Faise agora preciso, mirando para adiante, unha reflexión sobre o que queda por facer, que certamente é moito, e, sobre todo, as bases estratéxicas dese quefacer. A esta reflexión dedicarei os próximos minutos.

En primeiro lugar, Galicia aborda un novo período no que as esixencias de competitividade a escala planetaria deben se-lo fío conductor da nosa política económica. Mais, por outra banda, a prioridade do emprego será

un ingrediente substancial da nosa política económica. O concilia-las dúas esixencias será un gran exercicio de equidade política, mentres o mercado deberá encargarse –dentro da ordenación pública xeral da economía– de impulsar-las novas esixencias de globalización e internacionalización da economía. Por certo, chamo a atención dos que se apresuraron a dicir que o novo Goberno de España, en parte pola nosa filosofía, ía favorecer só uns sectores. Vexan quen está a asina-los convenios e quen os rexeita.

De aí que o novo período –iso é verdade e a quen lle doa que ría–, no que ademais se revisarán os fundamentos da política rexional comunitaria, deberá caracterizarse polo aproveitamento máximo de tódalas nosas potencialidades aínda inexploradas. Refírome –falei disto esta mañá– a un importante coloquio que coroa tódolos celebrados pola Comisaría de Política Rexional, que tivo lugar en Santiago, para todo o arco atlántico. Refírome, moi en particular, ó aproveitamento da fachada e hinterland marítimo-portuario e ás opcións investidoras do comercio con Portugal. A transferencia dos portos de interese xeral e as novas opcións que ofrecerá a ordenación do espacio europeo atlántico serán, en consecuencia, novos retos para abordar dende a nosa Autonomía.

Será, polo tanto, un futuro no que, tras consolida-las accións infraestructurais xa iniciadas –en gran parte consolidadas–, se avance a maior velocidade nunha política industrial activa –¿quen podía investir sen gas, sen comunicacións?–, dedicando os recursos financeiros posibles e cunha mellor coordinación coa Administración xeral do Estado, comprensiva e amiga. A quen lle doa, el saberá por que.

En relación con esta nova política industrial, e sen prexuízo das conclusións da Comisión parlamentaria nestas materias, a Xunta ten pensado afondar nunha política industrial activa axeitada á nosa realidade e ás nosas potencialidades, unha política industrial que terá como obxectivo a eficacia productiva. Investir alí onde –e só onde– se espere unha resposta solvente en termos de creación de empresas viables e outras veces de mantemento do tecido productivo existente, aínda co risco de incorrer en custos sociais e políticos ó ter que desistir doutras propostas de atención á crise.

En canto ó ámbito sectorial das actuacións, xerarquízanse os apoios en función do grao de vinculación/integración das actividades productivas dentro da economía rexional.

Optaremos por concreta-las accións en programas clave, sabendo os sacrificios que iso comporta en termos de votos –pero nós non estamos aquí para

iso senón para servir a Galicia–, tendo claro que é fundamental reforza-los sectores competitivos.

Como se ve, considerámo-la empresa industrial como clave de desenvolvemento nos próximos anos. Sen crecemento industrial non pode producirse un crecemento equilibrado dos servizos, hoxe en pleno auxe, especialmente o dos denominados «avanzados», aínda que tampouco o de boa parte dos tradicionais.

En canto a ámbitos empresariais susceptibles de admitir apoio público, imos apoiar-los sectores modernos ben desenvolvidos, con industrias de dimensión conveniente e capacidade para competir nos mercados internacionais. A título de exemplo: industria do taboleiro, industria agroalimentaria, elaborados da pesca, precociñados e industrias do conxelado, confección masiva, automoción e industria auxiliar. E non excluímos a ninguén. Poño exemplos.

Dixen en varias intervencións públicas que se a primeira lexislatura foi a das infraestruturas, a segunda ía se-la da promoción económica. E é certo que se deron pasos importantes na concreción desa vontade, tanto na área da promoción horizontal (Igabe, Sodiga, Inesga, BIC) –artellamento, por certo, que algúns non acreditaban e que agora outros toman como modelo– como no ámbito sectorial, se ben coas limitacións orzamentarias de rigor.

Ás dificultades intrínsecas de perfecciona-lo que hai engádense agora as restricións dun escenario económico imposto pola necesidade de converxencia coa UE –e pensen nos problemas que hai en Alemaña e en Francia, pero nós ímolos desafiar–, que impedirá calquera mellora na actuación pública pola vía do incrementalismo no gasto sen discriminación.

Camiño difícil, camiño longo, dende logo, pero que merece a pena profundar con ilusión renovada, como nós temos.

Estes últimos meses, como era lóxico, este foi un dos grandes factores do debate político, levado dun modo particularmente contradictorio, como era inevitable, dadas as posicións previas.

O Partido Socialista nunca foi, nin será, un partido comprometido de verdade coa Autonomía. Non pode selo, porque os seus mesmos principios o levan ó centralismo, ó intervencionismo, a poñer-la clase por riba da pertenza e da tradición –xa responderán, señores, esta tarde, teñen un brillante expositor para isto–, e, en último extremo, ó internacionalismo abstracto, por riba das realidades sociais e da lealdade á propia tradición: ¿ou non foron eles os que inventaron «a Internacional»?

Pero, ó mesmo tempo, como o seu oportunismo os levou a intentalo todo para se manteren no poder, cando perderon a maioría absoluta e con ela a súa prepotencia sen límites –que non usaron para ben gobernar senón para cometer toda clase de abusos, de agravios comparativos e para incorreren en toda clase de corrupcións–, eles foron os que abriron o queixo dos pactos con partidos nacionalistas –cos que non compartían ningunha idea, nin sobre a sociedade nin sobre o Estado– para inicia-la atribución do famoso 15 % do IRPF, que ningunha comunidade socialista impugnou; Galicia foi a única que si o fixo.

Agora queren dictárno-lo que temos que dicir e recorrer, e, por suposto, encantaríalles que, dun xeito ou doutro, fose imposible establecer un pacto de gobernabilidade que dese estabilidade ó país e a posibilidade de aborda-los múltiples problemas pendentes.

A xestión socialista do financiamento autonómico foi un desastre, en particular para Galicia a distribución dos fondos europeos, e non digámo-los fondos de compensación interterritorial, institución creada pola Constitución, que leva cinco anos bloqueada e nunca cumpriu a súa función de nivelar dalgún modo os ingresos das rexións máis desenvolvidas coas que o están menos. E agora queren que nós, que imos recibir máis diñeiro, moito máis, e imos dar pasos –agradezo a coincidencia, algunha vez tiña que ser– cara a unha verdadeira Autonomía, con responsabilidade, lles fagamos caso na súa desesperada e derrotista actitude.

En canto ó BNG, era hora de que se decatase de que os seus xogos de palabras sobre a forma de Estado nada teñen que ver coa realidade. Galicia necesita tanto da participación xeral nos ingresos do Estado coma dunha caixa única da Seguridade Social, e o demais son contos. O que lles pode convir ás comunidades máis ricas é unha cousa, pero as vellas paparruchas sobre a explotación financeira de Galicia non resisten hoxe a menor análise. Por iso, votamos favorablemente no Consello de Política Fiscal e Financeira o novo modelo de financiamento para o próximo quinquenio, xa que o novo sistema avanza simultaneamente nos principios de corresponsabilidade e de solidariedade, pezas clave das demandas defendidas pola Xunta de Galicia, non só na negociación deste novo modelo, que cambiou dende que nós intervimos sobre os primeiros acordos, senón dende o ano 1986.

Non cabe dúbida de que calquera modelo de financiamento que se aprobase, incluído este, pode ser mellorado, e neste caso en concreto creáronse dous grupos de traballo que van seguir afrontando unha cuestión tan fundamental para as autonomías, como é o seu modelo de financiamento.

Aínda conscientes –repito– de que o modelo é perfectible, insisto na valoración positiva do mesmo. O sistema para o próximo quinquenio supón a introducción, por primeira vez, da corresponsabilidade fiscal das comunidades autónomas, mediante a cesión dun 30% do imposto sobre a renda das persoas físicas (IRPF), con capacidade normativa sobre el. Ó tempo atribúese capacidade normativa sobre os impostos cedidos, completando desta maneira as competencias de xestión que xa se viñan exercendo.

Cando afirmo que é a primeira vez que se introduce o principio de corresponsabilidade no modelo de financiamento, dígoo conscientemente, porque seguimos mantendo que a participación do 15% do IRPF, acordado en 1993, non supoñía ningún avance na corresponsabilidade, xa que o modelo naquel momento non lles outorgaba ás comunidades autónomas capacidade normativa nin de xestión sobre o dito tramo do IRPF. Era sinxelamente outra forma de distribuí-los recursos. Ese modelo foi recorrido no seu momento pola Xunta de Galicia, e só pola Xunta de Galicia –algúns agora berran, entón non recorron–, que entendía que non se profundaba na corresponsabilidade nin se establecían mecanismos de solidariedade nin se utilizaban os procedementos adecuados pola lei de presupostos, non como agora, cunha reforma da LOFCA. Este recurso foi retirado posteriormente, ó entender que o modelo que se estaba presentando para o próximo quinquenio nada tiña que ver co 15%, e, por outra parte, porque era un modelo esgotado, xa que a súa aprobación en 1993 se fixo de forma experimental para dous anos, prorrogándose despois un ano máis. Pero deixando á marxe o 15%, e volvendo ó novo modelo aprobado o 23 de setembro, entendemos que supón un cambio cualitativo moi importante, pois, como xa dixeran, a corresponsabilidade e a solidariedade avanzan simultaneamente.

Polo que se refire a outro gran principio que debe presidir un sistema de financiamento, a suficiencia, a Xunta entendía que mentres non existía un estudo sobre o custo de prestar servizos, debía manterse inalterable o actual patrón distributivo, como finalmente ocorreu, ó manterse as mesmas variables e as ponderacións destas existentes no modelo que agora termina.

Sen embargo, e para que ese patrón distributivo non se deteriore, aprobouse, de acordo coas suxestións presentadas dende a Xunta de Galicia, que o ritmo de evolución no tramo procedente da participación nos ingresos do Estado (PIE) medrase, tendo como índice os ingresos tributarios do Estado axustados estruturalmente (ITAE). Pero o modelo vai máis aló e introduce determinadas garantías para que este patrón distributivo non se altere pola

aplicación da corresponsabilidade. Así, entre outras cuestións, garáteselle a cada Comunidade Autónoma que o crecemento dos seus recursos non será inferior ó 90 % do incremento medio que experimenten os recursos do conxunto das comunidades autónomas. Este é un modelo non só aceptable, senón que vai dar nos próximos cinco anos, segundo os nosos cálculos, 50.000 millóns máis de pesetas para Galicia.

Ó comezo da miña intervención sinalaba que o modelo avanzaba simultaneamente na corresponsabilidade, á que xa me referín, e na solidariedade. En relación con este tema, cabe destacar que a nivelación de servizos, pendente dende hai anos, seguirase analizando no seo dun grupo de traballo creado para este fin. Sen embargo, o acordo prevé xa un fondo de 10.000 millóns de pesetas que se consignarán nos orzamentos xerais do Estado para o próximo ano. Ademais, e atendendo xa á solidariedade interrexional e non á persoal, existe un compromiso do Goberno de desconxela-lo Fondo de Compensación Interterritorial, que ten a súa contía inalterada dende hai cinco anos.

Señorías, o novo modelo supón avances importantes. Ábrese o camiño da autonomía financeira, sen a que non existe autonomía política. A entrega da capacidade recadatoria sobre un 30 % da tarifa do IRPF, outorgando competencia normativa sobre o citado tramo, ó tempo que se profunda na presenza na Axencia Estatal Tributaria para garantir unha participación adecuada na xestión dos tributos e a capacidade normativa que se outorga sobre os tributos cedidos, supoñen dar un paso importante. A miña insistencia nas competencias normativas responde ó convencemento de que son estas competencias as verdadeiramente definitorias da Autonomía, porque só dispoñen de corresponsabilidade os que poden incidir sobre os cidadáns fisicamente como expresión dunha política determinada de distribuí-las cargas tributarias. Pero –o que é máis importante– este avance deuse sen deixar de lado a necesaria solidariedade que todo modelo debe conter.

Durante a III e a IV lexislatura, ata este momento, foron aprobadas por esta Cámara 63 leis e encóntranse en tramitación nove proxectos de lei máis, que previsiblemente serán aprobados antes de que remate esta lexislatura. Están a punto de chegar algúns tan importantes como a Lei de Administración local e outras.

Incidimos xa sobre tódolos campos. O obxectivo foi crear un corpus xurídico que guíase a transformación da sociedade, a articulación do territorio, o desenvolvemento económico, a protección do medio ambiente e outras cuestións fundamentais. Leis básicas para o noso futuro, como a ordenación

do territorio, estradas ou a de próxima aprobación sobre o solo, no ámbito da vertebración e articulación de Galicia. As de investigación científica e técnica, desenvolvemento comarcal, Igape, Consello Económico e Social, artesanía, actividades feirais e caixas de aforro, na área de desenvolvemento económico. As do Instituto Lácteo, pesca fluvial, cámaras agrarias, na agricultura. A Lei básica de pesca, a de confrarías ou a de infraccións, no sector pesqueiro. A Lei de drogas e saúde mental, na área sanitaria. As leis de servizos sociais e de integración social como instrumentos de solidariedade, e a de protección da familia e da infancia, en defensa da nosa sociedade. A defensa da nosa cultura e da nosa lingua a través das leis do patrimonio cultural, Lei do audiovisual, de protección do Camiño de Santiago e coñecemento do noso idioma para o acceso á función pública. As leis de protección ambiental ou a do imposto de contaminación atmosférica, en defensa do noso hábitat. A mellora da nosa Administración: Consello Consultivo, adaptación da Lei da función pública, réxime financeiro e orzamentario; incompatibilidades; a especialización da nosa Administración institucional: portos, Administración hidráulica. E as normas relativas á Administración local: coordinación de policía locais, Academia Galega de Seguridade. E o proxecto aprobado polo Consello, de inmediata entrada nesta Cámara, como dicía, como a Lei da Administración local de Galicia –que é un verdadeiro monumento xurídico–, constitúen exemplos concretos dunha intensa acción lexislativa.

Recentemente tiveron a honra de visitar nun espazo curto de tempo o presidente do Goberno e tódolos ministros. Algún fixo comentarios irónicos sobre isto, a ver se é capaz de facelo cando chegue, se chega, ó Goberno. Nasas entrevistas presenteilles polo miúdo os temas de especial interese para Galicia que esixen a intervención do Goberno central, ben a través de actuacións directas, ben como intermediario ante o Executivo comunitario de Bruxelas ou ben para concretar áreas de colaboración mutua. Nestas entrevistas, así como na documentación voluminosa que se lle entregou a cada ministro, están tódolos temas que interesan a Galicia: autovías, ferrocarril, financiamento, cota láctea, fragatas, medio ambiente, transferencias, e decenas e decenas de asuntos concretos que, ó resolverse, mellorarán a nosa autonomía, a nosa competitividade, a nosa suficiencia financeira ou os mecanismos de solidariedade.

Fronte a aqueles que cualificaron a nosa viaxe de gratuíta ou inútil, non quero responder nos mesmos termos. Abóndame cos feitos. Despois da miña viaxe, saíron a licitación os 52,5 km de Pedrafita, que esixiron –en momentos de

crise orzamentaria– o compromiso de investimento inmediato de case 100.000 millóns de pesetas; a inclusión das famosas catro fragatas nos orzamentos do Ministerio de Defensa e Industria, que foi a fórmula estudada; un bo acordo de financiamento para Galicia; unha vontade política do Ministerio de Agricultura –e quero dicir iso hoxe con especial simpatía para os que se desprazan a Madrid– de loitar pola ampliación da cota láctea de España e, en concreto, da de Galicia. É un obxectivo irrenunciable para o Goberno galego lograla ampliación a 2.000.000 de tm e conseguir que se minimicen ó máximo as sancións por exceso de cota láctea na última campaña, pero teño na miña man o estudio do Consello Europeo para suprimir as cotas que supoñerá poñernos a nivel dos prezos internacionais, moito máis baixos. Son feitos e non palabras.

A reunión, durante o mes de outubro, da Ponencia técnica da Comisión Mixta de Transferencias para facer efectivo o traspaso das políticas activas de emprego. A consignación no Proxecto de orzamentos de 1997 de 72.257 millóns para as autovías como anualidade deste ano, dentro do custo total de 304.4000 millóns de pesetas. A consignación de anualidade en 1997 da conexión do porto da Coruña, a ronda norte de Lugo, cun investimento conxunto de 3.812 millóns de pesetas; as redes arteriais da Coruña, Santiago, Ferrol, Vigo e a variante da Estrada, cun investimento total de 22.488 millóns e unha anualidade en 1997 de 6.593 millóns; o encargo dos estudos previos para a conclusión en Galicia da autovía do Cantábrico, un dos nosos obxectivos prioritarios –en concreto os tramos Otur-Vegadeo-conexión autovía Noroeste–, así como o da autoestrada Santiago-Ourense, a variante norte de Ourense, a conexión Fene-Neda-Ferrol e o acceso centro de Ourense, constitúen outros tantos exemplos de que a actitude do Goberno central para con Galicia cambiou. Hoxe podemos dicir, respaldados polos orzamentos xerais do Estado, nos que somos de tódalas comunidades do Estado a cuarta en investimentos, que en Madrid temos un Goberno amigo que quere a Galicia e que está disposto a corrixir máis dunha inxustiza histórica coa nosa terra.

E remato, señor presidente, señorías. Pido de novo desculpas pola inevitable lonxitude do meu discurso.

As miñas conclusións

Chega o momento de pecha-la miña intervención. Foi extensa e intensa, e a través dela intentei visualizar e facer presente un labor de Goberno que se desenvolveu ó longo de case sete anos, sen esquecer-lo pasado inmediato e o próximo presente.

Contribuímos con tódalas nosas forzas e enerxías ó que é, indubidablemente, un cambio sociolóxico, cultural e económico da nosa terra. A Galicia actual xa non ten complexos e vai superando as súas contradicións.

Xa non somos un país de emigración. Existe un futuro en Galicia para os nosos fillos.

A nosa lingua é entendida polo 96 % da poboación e falada polo 90 %, porcentaxes superiores ás de Cataluña e o País Vasco. Só nos supera Cataluña no índice de lectura e escritura, cun 49 % fronte ó 35 %. Sómo-la comunidade histórica que máis incrementou a produción bibliográfica en lingua propia.

As nosas teses, xa expostas neste Parlamento, están contribuíndo decisivamente á consolidación do Estado das autonomías. O Goberno anterior encargara –e pagara bastante caro– o estudio demostrando a súa inconstitucionalidade. A Administración única non só está aceptada intelectualmente como un instrumento eficaz de mellora do Estado autonómico senón que recibiu o respaldo lexislativo no Proxecto de lei de organización e funcionamento da Administración do Estado que se debate actualmente nas Cortes Xerais.

As liñas básicas sobre a reforma do Senado que debatemos e aprobamos nesta Cámara, nun debate similar a este, constitúen xa un punto de encontro entre as distintas forzas políticas.

A presenza das comunidades autónomas en Bruxelas foi reforzada e estamos loitando nas organizacións rexionais europeas, e singularmente no Comité das Rexións –hoxe mesmo téde-lo exemplo de Santiago–, para ir asentando paso a paso a Europa das rexións, especialmente con aquelas rexións que lle interesan especialmente a Galicia: o arco atlántico e a comunidade de rexións periféricas e marítimas.

Galicia é coñecida e respectada no exterior. Logramos un alto grao de entendemento e colaboración coa rexión norte de Portugal. Elimináronse moitas barreiras físicas, abríronse novas vías de comunicación e estase colaborando en tódolos terreos, especialmente no económico, medioambiental e cultural.

No plano interior temos ante nós un reto histórico: completa-la transformación da nosa terra, facendo dela ela mesma. Pero debemos facelo cumprindo asemade as esixencias de Europa, non porque sexan imposicións externas senón porque son precisas e necesarias para lograr un progreso sólido e estable. Desgraciadamente, este é un paso que ten que darse coa velocidade que é posible historicamente. A riqueza pública, como a privada, é limitada; imprimir billetes non a crea, senón que produce inflación, na cal, como é sabido, os prezos soben polo ascensor mentres que os salarios só ascenden

pola escaleira. O diñeiro mal administrado non aparece para o investimento e a creación de capital e de postos de traballo.

Non se trata, pois, de imposicións europeas, senón de recoñecemento de que todos temos que volver ó sentido común e á boa administración. Esta esixe a fixación de prioridades, porque non se pode facer todo ó mesmo tempo, como tamén unha selección de obxectivos, porque non se pode facer unha pista asfaltada a cada casa, nin, por certo, sería bo. A chamada civilización de consumo, apoiada en xigantescos métodos publicitarios, pode facernos crer que podemos telo todo agora e que xa pagaremos máis adiante. Nada máis alleo á realidade; e nas familias que saen adiante ben sabedes que se aplican os principios contrarios.

Hoxe non falamos de palabras contra palabras; véxase en que remataron os soños da vella URSS e de toda a Europa Oriental; en todos eles o sistema de levalo todo o sector público produciu menos riqueza, máis desigualdade e a destrución dramática das liberdades. As sociedades que se basearon nos principios que propugnamos foron, en cambio, non perfectas, pero si máis ricas, máis humanas, máis libres, máis eficientes.

Isto é perfectamente compatible cunha política social que busque a igualdade de oportunidades, pero facendo ben as contas. Unha matrícula nun centro de ensino superior debe custalo que realmente supón de gasto unha praza de estudante; ó mesmo tempo pódense arbitrar bolsas para os estudantes de familias que non poidan pagar esa matrícula; o que non se pode dicir é que as matrículas sexan gratuítas ou por debaixo do seu custo real.

Se falamos de sanidade, é claro que debe existir un sistema de servicios capaz de atender toda a poboación; o problema non está aí, senón no mellor método para xestionalo. Os investimentos nun material cada vez máis custoso deben xestionarse como os de calquera empresa; o consumo de medicamentos debe ser estipulado nos casos nos que están indicados, e, polo contrario, restrinxilo nos que non o están, polos que os deben prescribir. Coñezo un gran médico que di que o que non está indicado está contraindicado. As camas hospitalarias deben ser utilizadas sen espera por aqueles que as necesitan, e non para resolver os problemas dunha familia que desexa facer unha viaxe, ingresando un membro de idade avanzada, o que é unha vergoña. E así sucesivamente.

Trátase, en definitiva, de asentármonos firmemente no sentido común, na austeridade, na loita para evitar que os impostos leven a maior parte do noso diñeiro sen que saibamos para que serve o noso esforzo.

Durante moito tempo, certos políticos, autoproclamándose progresistas, presentáronse baixo o lema do bandido xeneroso, que lles quitaba ós ricos para dállelo ós pobres; hoxe xa ninguén pode crer esta paparrucha e todos pagamos impostos para soste enormes sistemas que, en moitos casos, non están sometidos, como os grupos privados, a presentar contas de perdas e ganancias. Os buracos demostrados –saliéntoo, demostrados– na liquidación dos orzamentos dos últimos anos revélannos onde poden chega-los abusos. Cada vez que alguén pide unha solución política, é dicir, que algo sexa pagado por unha Administración pública, está pedindo que a súa débeda sexa paga-da polos demais; o cal só pode estar xustificado en situacións excepcionais, como as catástrofes naturais.

En resumo, señor presidente, señorías, solidariedade, equidade e desenvolvemento económico e cultural son posibles, e por logralos imos loitar sen desmaio. Precisamos enerxía, sentido común, asentar fortemente os pés sobre a terra e traballar todos, na medida do posible e dende as nosas posicións, nun obxectivo común.

Neste sentido, ante esta Cámara reitero de novo a nosa vontade de diálogo. Sempre atoparemos un punto de encontro, e Galicia, a nosa Galicia, agradeceránolo. A ela llo ofrecemos.

Moitas gracias.

Títulos da colección
**DISCURSOS
PARLAMENTARIOS**

Xerardo Fernández Albor

Primeira e segunda lexislatura
(1982-1987)

Fernando González Laxe

Segunda lexislatura
(1987-1989)

Manuel Fraga Iribarne

Terceira lexislatura
(1990-1993)

Manuel Fraga Iribarne

Cuarta lexislatura
(1993-1997)

Manuel Fraga Iribarne

Quinta lexislatura
(1997-2001)

Manuel Fraga Iribarne

Sexta lexislatura
(2001-2005)

Emilio Pérez Touriño

Sétima lexislatura
(2005-2009)

Alberto Núñez Feijóo

Oitava lexislatura
(2009-2012)

En preparación

Alberto Núñez Feijóo

Novena lexislatura
(2012-2016)



PARLAMENTO
DE GALICIA

